

PLENO DO PARLAMENTO

9 de xuño de 2015
10.00 horas



ÍNDICE

	<u><i>Páx.</i></u>
Convocatoria do Pleno	<u>1</u>
Relación de membros da Cámara	<u>7</u>
Listado para votación	<u>9</u>
 1 Informe do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2014 (doc. núm. 35330, IVAL-000004)	<u>13</u>
<i>Publicación do Informe anual, BOPG n.º 438, do 27.03.2015</i>	
 2. Textos lexislativos	<u>16</u>
 2.1 Debate e votación do Ditame sobre o proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (30881, 09/PL-000023)	<u>17</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 472, do 02.06.2015</i>	
 Vid separata núm. 1	
 2.2 Debate e votación do Ditame sobre o proxecto de lei de creación do Colexio de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (34012, 09/PL-000025)	<u>18</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 471, do 01.06.2015</i>	
 Vid separata núm. 2	
 2.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia (33374, 09/PL-000035)	<u>19</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 413, do 10.02.2015</i>	
 3. Comparecencias en Pleno	<u>33</u>
 (09/CPP-000311) 37585	
Do Sr. Conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para dar conta do balance da RIS3	

..... [34](#)



4. Mocións [36](#)

4.1 (09/MOC-000129) 37480

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de parques naturais (Moción a consecuencia da Interpelación, publicada no BOPG nº 460 do 06.05.2015 e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015) [37](#)

4.2 (09/MOC-000130) 37507

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, coñecido como real decreto de reválidas (Moción a consecuencia da Interpelación nº 36653, publicada no BOPG nº 460 do 06.05.2015 e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015) [40](#)

4.3 (09/MOC-000131) 37521

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xuventude (Moción a consecuencia da Interpelación nº 32756, publicada no BOPG nº 411 do 06.02.2015 e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015) [43](#)

5. Proposicións non de lei ante o Pleno [48](#)

5.1 (09/PNP-001835) 25572

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para estender os programas de mediación familiar intraxudicial [49](#)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 335, do 05.09.2014

5.2 (09/PNP-002369) 32486

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Santalices Vieira, Miguel Angel e 7 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co programa conecta 72	53
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 410, do 05.02.2015</i>	
5.3 (09/PNP-002541) 34683 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa profesión de enfermaría	57
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 432, do 18.03.2015</i>	
5.4 (09/PNP-002597) 35568 Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda Sánchez García, Antón Sobre a implementación polo Goberno galego dun plan de emprego en materia de investigación, formación e transferencia do coñecemento rural e as medidas que debe recoller	62
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 442, do 06.04.2015</i>	
5.5 (09/PNP-002603) 35686 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Val Alonso, José Ramón e 2 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade no mar	68
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 442, do 06.04.2015</i>	
5.6 (09/PNP-002635) 36025 Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda Fajardo Recousó, Juan Manuel e Sánchez García, Antón Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en funcionamento do eixe atlántico, no tramo A Coruña-Vigo, co sistema de seguridade ERTMS comprometido	72
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 448, do 15.04.2015</i>	
5.7 (09/PNP-002688) 36791 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Pontón Mondelo, Ana Belén e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa avaliación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, prevista na súa disposición adicional quinta	76
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 460, do 06.05.2015</i>	
5.8 (09/PNP-002700) 36913 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	



Prado Cores, María Montserrat e Jorquera Caselas, Francisco Xesús Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Proxecto de lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social que se está a tramitar no Congreso dos Deputados	<u>80</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 462, do 13.05.2015</i>	
6. Interpelacións	<u>85</u>
6.1 (09/INT-001015) 27455 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Sobre o cumprimento dos protocolos de violencia de xénero (procedemento de urxencia)	<u>86</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 346, do 24.09.2014</i>	
6.2 (09/INT-001150) 31740 Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda Sánchez García, Antón Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do sector lácteo galego	<u>90</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 404, do 22.01.2015</i>	
6.3 (09/INT-001317) 35443 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Paz Franco, María Tereixa Sobre a licitación da contratación dos medios aéreos para o dispositivo de loita contra os incendios forestais	<u>94</u>
<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 360, do 25.03.2015</i>	
7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia	<u>97</u>
7.1 (09/POPX-000137) 37536 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Méndez Romeu, José Luis Sobre a incidencia do novo escenario político na estabilidade institucional necesaria para gobernar a Xunta de Galicia	<u>98</u>
7.2 (09/POPX-000138) 37554 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Jorquera Caselas, Francisco Xesús Sobre a valoración do Goberno galego do crecemento da fenda entre Galicia, o Estado español e Europa	<u>100</u>
7.3 (09/POPX-000139) 37571 Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda	



Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a situación de desprotección das familias galegas [102](#)

8. Preguntas ao Goberno..... [104](#)

8.1 (09/POP-003396) 37001
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as razóns da demora do Goberno galego en facer público o coantrato privado asinado pola Axencia de Turismo coa produtora de videoclip de Enrique Iglesias para a promoción do turismo de Galicia..... [105](#)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 462, do 13.05.2015

8.2 (09/POP-003212) 35002
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis
Sobre o número de sancións impostas polo instituto galego de consumo ás entidades financeiras que persisten no uso das denominadas cláusulas chan, en aplicación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias [108](#)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 436, do 25.03.2015

8.3 (09/POP-003343) 36400
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da estratexia de fomento do emprendemento entre as persoas mozas galegas desenvolvida desde o ámbito educativo [111](#)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 456, do 29.04.2015

8.4 (09/PUP-000205) 37570
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel e 6 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do actual sistema para que as familias dispoñan de libros de texto no ensino obrigatorio [114](#)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 456, do 29.04.2015

8.5 (09/POP-003365) 36554
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre o número de camas que se van pechar en cada un dos hospitais públicos de Galicia nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2015 [118](#)



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 456, do 29.04.2015

8.6 (09/PUP-000203) 37561

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, maría Montserrat

Sobre a modificación do calendario de vacinación infantil levada a cabo pola Consellería de Sanidade no mes de maio de 2015 [121](#)

8.7 (09/PUP-000202) 37551

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carme

Sobre as previsións do Goberno galego para afrontar a fenda social que se está a producir en Galicia [124](#)

8.8 (09/POP-002852) 31920

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José manuel e 7 máis

Sobre a situación na que se atopa o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño para a aplicación do novo método químico establecido pola Unión Europea como procedemento de referencia no control das toxinas lipofílicas no mar [126](#)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 404, do 22.01.2015

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 9 de xuño de 2015, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 2 de xuño de 2015, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Informe do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2014 (doc. núm. 35330, 09/IVAL-000004).

Publicación do Informe anual, BOPG n.º 438, do 27.03.2015

Punto 2. Textos lexislativos

- 2.1 Debate e votación do ditame da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (doc. núm. 30881, 09/PL-000023)

Publicación do informe de Ponencia, BOPG n.º 466, do 22.05.2015

- 2.2 Debate e votación do ditame da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (doc. núm. 34012, 09/PL-000025)

Publicación ditame da Comisión, BOPG n.º 471, do 01.06.2015

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG n.º 471, do 01.06.2015

- 2.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia (doc. núm. 33374, 09/PPL-000035)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 413, do 10.02.2015

Publicación de correccións de erros, BOPG n.º 420, do 20.02.2015

Punto 3. Comparecencias en pleno

37585 (09/CPP-000311)

Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para dar conta do balance da RIS3

Punto 4. Mocións

4.1

37480 (09/MOC-000129)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de parques naturais. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 36800, publicada no BOPG nº 460, do 06.05.2015, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015)

4.2

37507 (09/MOC-000130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, coñecido como real decreto de reválidas (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 36653, publicada no BOPG nº 460, do 06.05.2015, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015)

4.3

37521 (09/MOC-000131)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xuventude (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 32756, publicada no BOPG nº 411, do 06.02.2015, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015)

Punto 5. Propositions non de lei en Pleno

5.1

25572 (09/PNP-001835)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para estender os programas de mediación familiar intraxudicial

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 335, do 05.09.2014

- 5.2 32486 (09/PNP-002369)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co programa Conecta 72
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 410, do 05.02.2015
- 5.3 34683 (09/PNP-002541)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa profesión de enfermaría
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 432, do 18.03.2015
- 5.4 35568 (09/PNP-002597)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a implementación polo Goberno galego dun plan de emprego en materia de investigación, formación e transferencia do coñecemento rural e as medidas que debe recoller
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 442, do 06.04.2015
- 5.5 35686 (09/PNP-002603)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade no mar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 442, do 06.04.2015
- 5.6 36025 (09/PNP-002635)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recousó, Juan Manuel e Sánchez García, Antón
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en funcionamento do eixe atlántico, no tramo A Coruña-Vigo, co sistema de seguridade ERTMS comprometido
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 448, do 15.04.2015
- 5.7 36791 (09/PNP-002688)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación coa avaliación anual dos resultados prácticos da aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, prevista na súa disposición adicional quinta
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 460, do 06.05.2015

- 5.8 36913 (09/PNP-002700)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co
Proxecto de lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social
que se está a tramitar no Congreso dos Deputados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 462, do 13.05.2015


Punto 6. Interpelacións

- 6.1 27455 (09/INT-001015)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre o cumprimento dos protocolos de violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 346, do 24.09.2014
- 6.2 31740 (09/INT-001150)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do sector lácteo
galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 404, do 22.01.2015
- 6.3 35443 (09/INT-001317)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a licitación da contratación dos medios aéreos para o dispositivo de
loita contra os incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 436, do 25.03.2015

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 7.1 37536 (09/POPX-000137)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a incidencia do novo escenario político na estabilidade institucional
necesaria para gobernar a Xunta de Galicia
- 7.2 37554 (09/POPX-000138)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración do Goberno galego do crecemento da fenda entre
Galicia, o Estado español e Europa

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia




- 7.3 37571 (09/POPX-000139)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a situación de desprotección das familias galegas

Punto 8. Preguntas ao Goberno

- 8.1 37001 (09/POP-003396)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as razóns da demora do Goberno galego en facer público o contrato privado asinado pola Axencia de Turismo coa produtora do videoclip de Enrique Iglesias para a promoción do turismo de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 462, do 13.05.2015
- 8.2 35002 (09/POP-003212)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis
Sobre o número de sancións impostas polo Instituto Galego de Consumo ás entidades financeiras que persisten no uso das denominadas cláusulas chan, en aplicación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 436, do 25.03.2015
- 8.3 36400 (09/POP-003343)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da estratexia de fomento do emprendemento entre as persoas mozas galegas desenvolvida desde o ámbito educativo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 456, do 29.04.2015
- 8.4 37570 (09/PUP-000205)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel e 6 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do actual sistema para que as familias dispoñan de libros de texto no ensino obrigatorio
- 8.5 36554 (09/POP-003365)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre o número de camas que se van pechar en cada un dos hospitais públicos de Galicia nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2015

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 456, do 29.04.2015

- 8.6 37561 (09/PUP-000203)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a modificación do calendario de vacinación infantil levada a cabo pola Consellería de Sanidade no mes de maio de 2015
- 8.7 37551 (09/PUP-000202)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen
Sobre as previsións do Goberno galego para afrontar a fenda social que se está a producir en Galicia
- 8.8 31920 (09/POP-002852)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis
Sobre a situación na que se atopa o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño para a aplicación do novo método químico establecido pola Unión Europea como procedemento de referencia no control das toxinas lipofílicas no mar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 404, do 22.01.2015

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2015

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Asinado dixitalmente por:

Pilar Rojo Noguera, Presidenta na data 02/06/2015 14:40:00

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

María Carmen Acuña do Campo	S
María do Carme Adán Villamarín	BNG
Pedro Manuel Arias Veira	P
Agustín Baamonde Díaz	P
José Manuel Balseiro Orol	P
Xosé Manuel Beiras Torrado	AGE
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Concepción Burgo López	S
Angel Camino Copa	P
Jaime Castiñeira Broz	P
Yolanda Díaz Pérez	AGE
Ricardo Vicente Docasar Docasar	S
Javier Dorado Soto	P
Juan Manuel Fajardo Recousó	AGE
Hipólito Fariñas Sobrino	P
Raúl Fernández Fernández	S
José Santiago Freire Abeijón	P
María Carmen Gallego Calvar	S
José Manuel Gallego Lomba	S
Pablo García García	S
María Isabel García Pacín	P
Jesús Antonio Goldar Güimil	P
Alejandro Gómez Alonso	P
Juan Carlos González Santín	S
Javier Jorge Guerra Fernández	P
Carmen Iglesias Sueiro	M
Jaime Íñiguez Martínez	P
Francisco Xesús Jorquera Caselas	BNG
Abel Fermín Losada Álvarez	S
María Consuelo Martínez García	M
Vidal Martínez-Sierra López	P
José Luis Méndez Romeu	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
Enrique Nóvoa López	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Rosa Oubiña Solla	P
María del Carmen Pardo López	P
María Tereixa Paz Franco	BNG
Berta Pérez Hernández	P
María Soledad Piñeiro Martínez	P
Cosme Eladio Pombo Rodríguez	BNG
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG

María Herminia Pouso Maneiro	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Pedro Puy Fraga	P
María Remedios Quintas Álvarez	S
Daniel Rodas Chapela	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Pilar Rojo Noguera	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
José Javier Ron Fernández	AGE
Alfonso Rueda Valenzuela	P
José Antonio Sánchez Bugallo	S
Antón Sánchez García	AGE
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Ramón Santos Pérez	P
José Francisco Santos Regueiro	P
Beatriz Sestayo Doce	S
Eva Solla Fernández	AGE
María Soledad Soneira Tajés	S
Miguel Angel Tellado Filgueira	P
Gonzalo Trenor López	P
José Ramón Val Alonso	S
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Jesús Vázquez Abad	P
Emilio Vázquez Blanco	S
Ramón Vázquez Díaz	AGE
Patricia Vilán Lorenzo	S



Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia

IX Lexislatura

(Actualizada a 12 de maio de 2015)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST.
1. Acuña do Campo, María Carmen	S			
2. Adán Villamarín, María do Carme	BNG			
3. Arias Veira, Pedro Manuel	P			
4. Baamonde Díaz, Agustín	P			
5. Beiras Torrado, Xosé Manuel	AGE			
6. Blanco Paradelo, Moisés	P			
7. Blanco Rodríguez, Noela	S			
8. Camino Copa, Ángel	P			
9. Castiñeira Broz, Jaime	P			
10. Díaz Pérez, Yolanda	AGE			
11. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	S			
12. Dorado Souto, Javier	P			
13. Fajardo Recousó, Juan Manuel	AGE			
14. Fariñas Sobrino, Hipólito	P			
15. Fernández Fernández, Raúl	S			
16. Freire Abeijón, José Santiago	P			
17. Gallego Calvar, María Carmen	S			
18. Gallego Lomba, José Manuel	S			
19. García García, Pablo	S			
20. García Pacín, María Isabel	P			
21. Goldar Güimil, Jesús Antonio	P			
22. Gómez Alonso, Alejandro	P			
23. González Santín, Juan Carlos	S			
24. Guerra Fernández, Javier Jorge	P			
25. Iglesias Sueiro, Carmen	M			
26. Íñiguez Martínez, Jaime	P			
27. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	BNG			
28. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
29. Martínez García, María Consuelo	M			
30. Martínez Sierra López, Vidal	P			
31. Méndez Romeu, José Luis	S			



32. Moreira Ferro, Jacobo	P			
33. Mouriño Villar, Antonio	P			
34. Nóvoa López, Enrique	P			
35. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
36. Oubiña Solla, Rosa	P			
37. Pardo López, María del Carmen	P			
38. Paz Franco, María Tereixa	BNG			
39. Pérez Hernández, Berta	P			
40. Piñeiro Martínez, María Soledad	P			
41. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	BNG			
42. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
43. Pouso Maneiro, María Herminia	P			
44. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
45. Prado del Río, Paula	P			
46. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
47. Puy Fraga, Pedro	P			
48. Quintas Álvarez, María Remedios	S			
49. Rodas Chapela, Daniel	BNG			
50. Rodríguez Arias, Marta	P			
51. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
52. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
53. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
54. Ron Fernández, José Javier	AGE			
55. Sánchez Bugallo, José Antonio	S			
56. Sánchez García, Antón	AGE			
57. Santos Pérez, Ramón	P			
58. Santos Regueiro, José Francisco	P			
59. Sestayo Doce, Beatriz	S			
60. Solla Fernández, Eva	AGE			
61. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
62. Trenor López, Gonzalo	P			
63. Val Alonso, José Ramón	S			
64. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	P			
65. Vázquez Abad, Jesús	P			
66. Vázquez Blanco, Emilio	PSOE			
67. Vázquez Díaz, Ramón	AGE			
68. Vilán Lorenzo, Patricia	S			



DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijóo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, Concepción	S			
72. Balseiro Orol, José Manuel	P			
73. Soneira Tajés, María Soledad	S			
74. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			
75. Rojo Noguera, Pilar	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

- 1 Informe do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2014 (doc.núm. 35330,

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

1 35330(09/IVAL-000004)

Valedor do Pobo

Informe anual correspondente ao ano 2014

Publicación do Informe anual, 438, 27.03.2015

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 18/03/2015 9:01:36
SAIDA 2849/15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

18 MAR. 2015


Núm. 35330

**Valedor
do Pobo**
Galicia

EXCMA SRA.:

En cumprimento do disposto no artigo 36.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, teño o pracer de lle remitir a V.E. o Informe Anual correspondente ao ano 2014.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2015



José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (en funcións)

EXCMA. SRA. PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Rúa do Hórreo 65, 15700 Santiago de Compostela · Tel.: [0034] 981 569 740 · Fax: [0034] 981 572 335
www.valedordopobo.com

Documento asinado dixitalmente por José Julio Fernández Rodríguez,
valador do pobo en funcións



INFORME DO VALEDOR DO POBO AO PARLAMENTO DE GALICIA

ANO 2014

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

2. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

- 2.1 Debate e votación do Ditame sobre o Proxecto de Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (doc. n.º 30881, 09/PL-000023)

Vid. Separata n.º 1

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

- 2.2 Debate e votación do Ditame sobre o proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (doc. n.º 34012, 09/PL-000025)

Vid. Separata n.º 2

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

- 2.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia (doc. n.ºm. 33374, 09/PPL-000035)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

2.3 33374(09/PPL-000035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para a reforma do Regulamento do
Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, 413, 10.02.2015

Publicación de correccións de erros, 420, 20.02.2015

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

As disfuncións do actual Regulamento da Cámara galega son coñecidas e veñen provocando continuos problemas que dificultan o tratamento áxil dos problemas da sociedade galega.

A proposta cursada no actual período de sesións para a constitución dunha ponencia conxunta co obxecto de acordar por parte de todos os grupos da Cámara unha Proposición de lei conxunta para a reforma do Regulamento, non mereceu o apoio por parte do grupo maioritario na actualidade.

Pero cómpre sen máis dilación abordar unha modificación que modérnice o texto actualmente en vigor e supere os atrancos actuais, ao tempo que garanta ao máximo a formulación práctica dos dereitos de todos os grupos representados e das persoas que forman parte dos mesmos, afonde na transparencia da Institución parlamentaria e posibilite a participación máis efectiva e directa por parte do conxunto da cidadanía.

Para elo a proposición que se presenta aborda cuestións tales como promover a comparecencia das persoas titulares das consellerías no caso de non facilitar a información requirida; a posibilidade de constitución de comisións de investigación cun número de votos favorables dunha terceira parte do total; o aumento substancial dos períodos de sesións ordinarias; a posibilidade para que na labor lexislativa, se poida requirir da Xunta de Galicia os antecedentes ou documentación necesaria, así como a presenza de altos cargos ou daqueles colectivos sociais que poidan resultar especialmente afectados pola norma que se propón; garantir unha presenza equilibrada e non exclusivamente en función da maioría, das comparecencias solicitadas polos grupos parlamentarios; introducir a figura do deputado ou deputada non adscrito e posibilitar unha formulación de iniciativas máis axustada e dilixente por parte dos grupos parlamentarios.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á vez obriga ao deseño e formulación dun portal de transparencia onde deberán publicarse unha completa información ao respecto da xestión, gastos e actuacións do Parlamento, tales como o coñecemento sobre a asistencia das persoas membros do Parlamento ás sesións, a publicación das súas declaracións tributarias, a información das subvencións recibidas polos grupos parlamentarios ou a información sobre a execución orzamentaria da Cámara.

Igualmente se posibilita unha maior participación por parte da cidadanía, tanto a través do reforzamento do papel da Comisión de Peticións para propiciar un maior grado de intervención e implicación cidadá, como mediante a posibilidade de presentación directa de emendas ás iniciativas lexislativas que se aborden pola Cámara galega.

Son cuestións importantes que suporían un funcionamento máis eficiente, transparente e cun maior grado de participación do Parlamento galego, á vez que podería propiciar na súa tramitación parlamentaria a formulación doutras visións ou alternativas a presentar por parte da totalidade dos grupos parlamentarios.

Artigo único.- Modificación do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Se modifica o Regulamento do Parlamento de Galicia nos seguintes termos:

Un.- Se engade un novo punto 4 ao **artigo 9**, redactado da seguinte forma:

“4.- No caso de non facilitar pola Administración autonómica a información requirida e de non mediar comunicación xustificativa ao efecto, o Parlamento de Galicia dará traslado de tal incumprimento á persoa titular da consellería competente na materia requirida, a cal deberá comparecer na Cámara galega no prazo máximo de trinta días para dar conta das xustificacións ou explicacións precisas ao efecto.”

 Grupo Parlamentario

Dous.- Se engade un novo punto 2 bis ao **artigo 10**, redactado da seguinte forma:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

“2 bis.- A totalidade das percepcións dos deputados e deputadas estarán suxeitas ás normas de carácter xeral. Igualmente a información tributaria facilitada será sometida ás normas de transparencia que resulten de aplicación.”

Tres.- Se modifica o **artigo 12**, quedando redactado da seguinte forma:

“ 1.- Os deputados e as deputadas terán o deber de asistir ás sesións do Pleno do Parlamento e das comisións das que formen parte.

2.- A Mesa da Cámara ordenará a detracción automática e proporcional das retribucións dos deputados e deputadas, así como as indemnizacións correspondentes, cando de modo inxustificado se quebrante dito deber.

3.- Se publicarán no portal de transparencia do Parlamento ao final de cara período de sesións, as asistencia dos deputados e deputadas ás diferentes sesións parlamentarias.”

Catro.- Se engaden dous novos puntos 4 e 5 ao **artigo 15**, redactados da seguinte forma:

“ 4.- Os deputados e deputadas deberán formular declaracións de todas as actividades que poidan constituír causa de incompatibilidade de acordo ao establecido na lexislación vixente e de calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como dos seus bens patrimoniais, tanto ao adquirir como ao perder a súa condición de parlamentario ou parlamentaria, así cando modifiquen as súas circunstancias.

As declaracións sobre actividades e bens se formulará por separado de acordo ao modelo que aprobe a Mesa do Parlamento e se inscribirá nun Rexistro de actividades, bens, dereitos e intereses, que estará baixo a dependencia da Presidencia da Cámara.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O contido do Rexistro de intereses terá carácter público a través do portal de transparencia do Parlamento de Galicia, salvo aqueles extremos determinados pola Mesa que se consideren afectan ao dereito de intimidade das persoas”.

“ 5.- Antes do 1 de agosto de cada ano natural os deputados e deputadas deberán achegar copia das últimas declaracións tributarias do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio no caso de que a persoa declarante teña a obriga de presentalo ante a Administración tributaria. Tales declaracións deberán ser obxecto de publicidade a través do portal de transparencia do Parlamento de Galicia, salvo aqueles extremos determinados pola Mesa que se consideren afectan ao dereito de intimidade das persoas que figuren nas mesmas.

A estas declaracións se poderán achegar ás relativas ao ou á cónxuxe ou persoa vinculada por análoga relación, logo do consentimento por escrito da mesma e a súa publicidade só poderá realizarse si se conta co seu consentimento expreso.

No caso de declaracións conxuntas tributarias do imposto sobre a renda das persoas físicas e non consentimento do ou da cónxuxe ou persoa vinculada por análoga relación, a Mesa do Parlamento levará a cabo as actuacións necesarias para ofrecer os datos que correspondan á información análoga do deputado ou deputada en cuestión.”

Cinco.- Se engade un novo **artigo 26 bis**, redactado da seguinte forma:

“ Artigo 26 bis

1.- Os deputados ou deputadas que abandonen por vontade propia o seu grupo ou foxen expulsados do mesmo, pasarán a ter a condición de membros non adscritos durante o tempo que reste de Lexislatura, previa declaración formal da Mesa do Parlamento, salvo que se reincorporen ao grupo parlamentario de orixe co consentimento previo e expreso do portavoz ou a portavoz correspondente.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.- Os deputados ou deputadas non adscritos/as, gozarán unicamente dos dereitos individuais recoñecidos regulamentariamente. Cada deputado ou deputada non adscrito/a ten dereito a formar parte dunha Comisión. A Mesa, escoitada a Xunta de Portavoces, debe decidir en cada caso a Comisión á cal se incorporan.

3.- A Mesa, escoitada a Xunta de Portavoces, decidirá o procedemento para a intervención no Pleno e nas comisións dos deputados ou deputadas non adscritos/as.

4.- O disposto no apartado 1 non será de aplicación en caso de expulsión do grupo parlamentario de todos os deputados ou deputadas dunha formación política integrada no seo dunha coalición ou federación.”

Seis.- Se modifica o punto 2 do **artigo 27**, quedando redactado da seguinte forma:

“2.- Os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica da subvención á que se refire o apartado anterior que poñerá á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia sempre que este o pida e, en todo caso, anualmente antes do 1 de xuño do ano seguinte ao que ao da declaración se refira. Tal información se publicará no portal de transparencia do Parlamento de Galicia.”

Sete.- Se modifica o punto 1. 3.^a do **artigo 30**, quedando redactado da seguinte forma:

“ 3.^a Elaborar o proxecto de orzamentos de Parlamento de Galicia, proceder a súa execución unha vez aprobado e presentar ante o Pleno da Cámara, ao final de cada exercicio, un informe sobre a súa execución, que se publicará no portal de transparencia.”

Oito.- Se engade un novo punto 5 ao **artigo 48**, redactado da seguinte forma:

“5.- A Comisión de Peticións será o órgano da Cámara competente para recibir as demandas da cidadanía e para elo deberá promover a máxima participación cidadá nos diversos trámites e accións que



 Grupo Parlamentario

realice o Parlamento de Galicia, incluídos os procedementos lexislativos. Igualmente se facilitará que nesta Comisión, as entidades representativas da cidadanía poidan realizar preguntas á Xunta, que contarán coa intervención dos diferentes grupos parlamentarios.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nove.- Se modifica o punto 1do **artigo 52**, quedando redactado da seguinte forma:

“1.- O Pleno do Parlamento de Galicia, por proposta da Xunta, da Mesa, de dous grupos parlamentarios ou dun número de deputados ou deputadas non inferior ao dez por cento do total, poderá acordar a creación dunha Comisión de investigación sobre calquera asunto de interese público, sendo suficiente un número de votos favorables que alcance unha terceira parte do total da Cámara.”

Dez.- Se engade un novo **artigo 66 bis**, redactado da seguinte forma:

“ Artigo 66 bis

1.- No portal de transparencia do Parlamento de Galicia estará dispoñible toda a información que veña imposta pola lexislación básica do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de transparencia pública, así como a establecida no presente Regulamento.

2.- Corresponde á Mesa aprobar as normas e adoptar as medidas que resulten precisas para garantir a máxima transparencia da actividade da Cámara e o dereito á información pública do Parlamento de Galicia.”

Once.- Se modifica o punto 1 do **artigo 67**, quedando redactado da seguinte forma:

“1.- O Parlamento de Galicia reunirase anualmente en dous períodos de sesións, de setembro a decembro e do 10 de xaneiro a xullo.”

Doce.- Se modifica o punto 1 do **artigo 95**, quedando redactado da seguinte forma:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

“1.- Os prazos sinalados por días deste Regulamento computaranse en días hábiles, e os sinalados por meses de data a data na forma que determine a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, excepto para o cómputo das iniciativas presentadas polos grupos parlamentarios que se computará en días naturais.”

Trece.- Se engade un novo punto 6 ao **artigo 112**, redactado da seguinte forma:

“6.- Previamente á presentación das emendas por parte dos grupos parlamentarios, estes poderán requirir á Xunta de Galicia os antecedentes ou documentación necesaria, interrompéndose neste caso o prazo que establece o punto 1 deste artigo.”

Catorce.- Se engade un novo punto 7 ao **artigo 112**, redactado da seguinte forma:

“7.- Igualmente os grupos parlamentarios poderán solicitar a comparecencia de altos cargos da Xunta de Galicia, así como establecer un trámite de audiencia para aqueles colectivos sociais que poidan resultar especialmente afectados pola materia que verse o proxecto de lei, interrompéndose neste caso o prazo que establece o punto 1 deste artigo.”

Quince.- Se engade un novo **artigo 114 bis**, redactado da seguinte forma:

“ Artigo 114 bis

1.- A cidadanía galega , a través de asociacións representativas dos seus intereses e debidamente inscritas, poderán presentar por escrito no Rexistro xeral do Parlamento emendas ao articulado ás proposicións e proxectos de lei, salvo aqueles que versen sobre materias excluídas da iniciativa lexislativa popular.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O escrito de presentación das emendas, que non poderán ser de exclusivo interese persoal de quen as formula ou de calquera outra persoa singularizada, deberá conter os requisitos de identificación previstos no artigo 70 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e se formularán dentro dun prazo de tres días hábiles, unha vez concluídas no seu caso as comparecencias informativas en Comisión.

2.- Tras o seu exame pola Mesa da Comisión respectiva, e sempre que cumpran os requisitos de admisibilidade previstos neste Regulamento para igual tipo de iniciativas, se remitirán aos grupos parlamentarios no mesmo día da entrada no Rexistro da comunicación do acordo da Mesa da Comisión.

3.- Para que estas emendas poidan tramitarse, deberán ser asumidas por algún grupo parlamentario mediante a presentación dun escrito no Rexistro do Parlamento. No prazo para asumilas coincidirá co día fixado para rexistrar as emendas ao articulado por parte dos grupos parlamentarios. As emendas poderán ser asumidas por máis dun grupo parlamentario.

4.- No trámite de defensa en Comisión ou en Pleno, no seu caso, de ditas emendas, se fará constar a autoría destas. O grupo parlamentario que as asuma no poderá modificar o contido orixinario das mesmas.”

Dezaseis.- Se engade un novo punto 5 ao **artigo 129**, redactado da seguinte forma:

“5.- Previamente á presentación das emendas, se levarán a cabo na Comisión 3.^a, as comparecencias de xeito específico que foran solicitadas polos grupos parlamentarios, tanto dos e das responsables de cada unha das seccións como de cada unha das entidades instrumentais que conforman o sector público galego.”

 Grupo Parlamentario

Dezasete.- Se modifica o punto 4 do **artigo 130**, quedando redactado da seguinte forma:

“4.- O debate final dos orzamentos no Pleno da Cámara se desenvolverá diferenciando o conxunto do articulado da lei e das súas seccións, as cales poderán ser obxecto dun debate conxunto.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dezaioito.- Se engade un novo **artigo 141 bis**, que quedará integrado dentro dun novo Capítulo II bis “*Do debate anual sobre política xeral da Comunidade Autónoma*”, redactado da seguinte forma:

“ 1.- Con carácter anual o Pleno celebrará un debate sobre política xeral. Non haberá lugar a celebrar este debate cando no mesmo ano a Cámara investira ao presidente ou presidenta da Xunta de Galicia.

2.- O debate se iniciará coa intervención do presidente ou presidenta da Xunta de Galicia. A continuación a Presidencia do Parlamento procederá a interromper a sesión durante un prazo non superior a vinte catro horas.

3.- Transcorrido dito prazo continuarase a sesión coa intervención dos grupos parlamentarios, ordenados de maior a menor.

4.- O presidente ou presidenta da Xunta de Galicia poderá facer uso da palabra tantas veces o solicite e poderán contestar ás intervencións de forma illada, conxunta ou agrupada por razón da materia.

5.- Os grupos parlamentarios terán dereito de réplica polo mesmo tempo que consumira o presidente ou presidenta do Goberno.

6.- Terminado o debate se suspenderá a sesión e a Presidencia abrirá un prazo máximo de trinta minutos, durante o cal os grupos parlamentarios poderán presentar á Mesa propostas de resolución congruentes coa materia obxecto do debate e que non signifiquen moción de censura ao Consello de Goberno. A Mesa cualificará as propostas e admitirá as que se atean ao punto anterior.



 Grupo Parlamentario

7.- Continuada a sesión, os grupos parlamentarios farán a presentación das súas propostas de resolución por tempo non superior a trinta minutos, sen reabrir debate. A presentación e votación das citadas propostas se realizarán no mesmo orden de intervención seguido polos grupos no debate precedente.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dezanove.- Se engade un novo punto 4 ao **artigo 144**, redactado da seguinte forma:

“4.- En todo caso se garantirá a inclusión da Orde do día, das comparecencias ante o Pleno das persoas do Goberno solicitadas no seu caso polos distintos grupos parlamentarios, cun criterio proporcional ao respecto.”

Vinte.- Se modifica o punto 1 do **artigo 149**, quedando redactado da seguinte forma:

“1.- Transcorridos dous días dende a publicación da interpelación, esta estará en condicións de ser incluída na orde do día do Pleno.”

Vinte un.- Se modifica o punto 2 do **artigo 149**, quedando redactado da seguinte forma:

“2.- As interpelacións incluíranse na orde do día, dándolles prioridade ás dos e das deputadas de grupos parlamentarios ou ás dos propios grupos parlamentarios que no correspondente período de sesión non consumisen a cota resultante de asignar unha interpelación por cada tres deputados ou deputadas ou fracción pertencentes a el. Sen prexuízo do mencionado criterio, aplicárase o da prioridade na presentación.”

Vinte dous.- Se modifica o **artigo 152**, quedando redactado da seguinte forma:

“ Os deputados e as deputadas poderán formularlles preguntas á Xunta e a cada un das persoas membros. En todo caso as sesións plenarias ordinarias incluírán preguntas á Presidencia da Xunta de Galicia por parte dos grupos parlamentarios.”

 Grupo Parlamentario

Vinte tres.- Se modifica punto 2 do **artigo 155**, quedando redactado da forma seguinte:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

“2.- As preguntas estarán en condicións de ser incluídas na orde do día unha vez transcorridos dous días da súa publicación, dándolles prioridade ás presentadas polos deputados e deputadas que aínda non formulasen preguntas no Pleno no mesmo período de sesións. Sen prexuízo deste criterio, a Presidencia, de acordo coa Xunta de Portavoces, sinalará o número de preguntas que se van incluír na orde do día de cada sesión plenaria e o criterio de distribución entre deputados e deputadas correspondentes a cada grupo parlamentario.”

Vinte catro.- Se modifica o punto do **artigo 156**, quedando redactado da forma seguinte:

“1.- As preguntas respecto das que se pretenda resposta oral en Comisión estarán en condicións de ser incluídas na orde do día unha vez transcorridos dous días desde a súa publicación”.

Disposición derogatoria. Derogación dos preceptos contrarios.

Quedan derogadas as disposicións contrarias ao aprobado na presente lei.

Disposición derradeira. Entrada en vigor.

As modificacións ao Regulamento do Parlamento de Galicia se publicarán no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia* e entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación neste último.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2015

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas

ANTECEDENTES

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978.
- Estatuto de Autonomía para Galicia. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.
- Regulamento do Parlamento de Galicia. Texto refundido.
- Acordos interpretativos e normas complementarias ao Regulamento do Parlamento de Galicia.
- Regulamentos de Asembleas legislativas autonómicas.

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 09/02/2015 10:38:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

3. Comparecencias en pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 37585(09/CPP-000311)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para dar conta do balance da RIS3



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 2 XUN. 2015

Núm. 37585



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro de Economía e Industria, a petición propia, para dar conta **“do balance da RIS3”**

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

4. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 37480(09/MOC-000129)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de parques naturais. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 36800, publicada no BOPG nº 460, do 06.05.2015, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015)

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Mixto, a iniciativa da súa deputada **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación 09/INT-001364) debatida no Pleno celebrado os días 26 e 27 de maio, sobre a política de parques naturais da Xunta de Galicia (documento nº 36800).

MOCION

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Iniciar os trámites pertinentes para que o Courel sexa declarado Parque Natural.
2. Paralizar, de forma inmediata, a concesión de novas explotacións mineiras e eólicas. No tocante ás mineiras deben iniciarse os expedientes de caducidade das minas que por prazo xa tiñan que estar caducadas. No tocante as eólicas deben ser anuladas as concesión dos parques no espazo da Rede Natura aínda sen construír.
3. Prohibir inversións forestais de piñeiros, plantas pirófilas ou calquera outra allea ao espazo natural e fomentar inversións acordes coa protección e a conservación da masa forestal propia con especial énfase nos soutos de castiñeiros.
4. Dar cumprimento á proposición non de lei aprobada por unanimidade en comisión e publicada no BOPG nº Número 93 de 26 de abril de 2013 onde *“o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear un plan*



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2015 10:22
Nº Rexistro: 37480
Data envío: 28/05/2015 10:22:48.569

de valorización económica do Courel baseado na sustentabilidade ecolóxica e agraria”.

5. Levar a cabo un plan de mellora dos servizos básicos da poboación do Courel e das infraestruturas da zona.
6. Levar a cabo un plan de emprego baseado na conservación e posta en valor do Patrimonio Natural e Cultural que inclúa a recuperación de todas as aldeas.

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2015

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro

Deputada e Vicevoceira do G.P.Mixto do Parlamento de Galiza.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 28/05/2015 10:16:26



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 37507(09/MOC-000130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, coñecido como real decreto de reválidas (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 36653, publicada no BOPG nº 460, do 06.05.2015, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 27 de maio de 2015, sobre o proxecto de real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, coñecido como "real decreto de reválidas" (doc. núm. **36653**).

Moción

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1º.- Adiar a aplicación da LOMCE na Galiza.

2º.- Reclamar do Goberno do Estado a retirada do proxecto de real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato.

2º.- En todo caso, non aplicar as reválidas de primaria secundaria e Bacharelato na Galiza.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2015 12:29
Nº Rexistro: 37507
Data envío: 29/05/2015 12:29:45.695

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2015

Asdo. Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 29/05/2015 12:28:03

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 29/05/2015 12:28:09

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 37521(09/MOC-000131)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xuventude (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 32756, publicada no BOPG nº 411, do 06.02.2015, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015)

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **Carmen Gallego Calvar**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 26 de maio de 2015, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da política seguida en materia de xuventude (09/INT-001224, doc. núm. 32756)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Poñer en marcha unha política de xuventude que conteña accións transversais, dotada orzamentariamente, dialogada coas organizacións xuvenís, axentes sociais e económicos e negociada coas demais administracións públicas, que incida prioritariamente nos principais problemas dos mozos e mozas: emprego, educación e vivenda. Para elo cando menos deberá:

- Recuperar o investimento en I+D+i, aos niveis do 2009 e priorizar os programas de investigación dedicados á recuperar talentos de mozas e mozos investigadores para que retornen os que se foron e evitar máis saídas.
- Rebaixar as taxas universitarias nas segundas, terceiras ou cuartas matrículas, as condicións das becas e de acceso á universidade, evitando exclusións e abandono dos estudos e establecer exencións en función da renda nas taxas e nas probas de acceso á universidade.
- Acometer plans de "volta o estudo" da xuventude que deixou os estudos moi cedo para dedicarse a traballar ou cuxa formación non se adapta ás demandas do mercado de traballo.
- Implantar de novo a cotización das persoas bolseiras coa mellora das súas condicións, entre outras: recoñecemento do dereito a ser dados de alta na Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación remunerados vinculados a estudos universitarios ou de formación profesional.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Deseñar unha formación para o emprego que acompañe ao necesario cambio do modelo produtivo, creando módulos - pasarela nos sectores considerados de futuro (actividades eco, enerxías renovables, biotecnoloxía, servizos sociais, etc),.
- Crear iniciativas locais de emprego, para proxectos de emprendemento individual ou colectivo para mozos e mozas, por medio de empresas cooperativas ou sociedades laborais, co apoio de fondos do Igape, ICO, etc., que avalen o capital preciso para a súa posta en marcha.
- Participar nas iniciativas de emprendemento durante os primeiros dous anos, por medio da participación de capital público ata o máximo que permite a lexislación vixente, incluíndo a utilización de contratos de colaboración social no caso de perceptores que non poidan capitalizar.
- Impulsar os viveiros de empresa individuais e colectivos nos municipios que incidan en todas as profesións de futuro e na diversificación e transformación das actividades e produtos tradicionais.
- Elaborar un paquete de beneficios fiscais para financiar proxectos e para axudar ás empresas que empreguen a mozos e mozas, con bonificacións do 100 % das cotizacións á Seguridade Social no primeiro ano de contrato en prácticas para licenciaturas e FP e unha bonificación do 75 % no segundo ano sempre que as empresas beneficiarias non aplicasen nos dous últimos anos despedimentos obxectivos ou ERE extintivos.
- Establecer unha liña de axudas para o apoio da mocidade que desexe emanciparse e acceder á vivenda, especialmente fomentado o aluguer e creando unha bolsa ao respecto, á vez que apoiando á rehabilitación de inmobles.

2) Desenvolver un plan de retorno para as persoas mozas emigradas con dous obxectivos: que namentres permanezan nos países aos que foron a traballar teñan os seus dereitos laborais, sanitarios, etc., garantidos e que poidan regresar e integrarse laboralmente canto antes, para elo:



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Participar na creación dun Observatorio de Xoves e Emigración que estableza mecanismos de investigación, seguimento e avaliación dos fluxos migratorios.
- Demandar a mellora dos recursos informativos da Administración estatal para que os que emigraron coñezan ben os seus dereitos relacionados con situacións de desemprego, cotizacións á Seguridade Social ou outras prestacións que puideran estar percibindo.
- A atención aos novos emigrantes como prioridade política nas relacións do goberno con outros países a onde se desprazaran maioritariamente, especialmente a través dos Ministerios de Asuntos Exteriores e Cooperación e de Emprego e Seguridade Social, elaborando unha axenda de xuntanzas para abordar a situación laboral e social dos expatriados, favorecendo a súa inclusión en programas de apoio xa existentes ou instando aquelas actuacións que poidan favorecerlos como colectivo.
- Impulsar convenios de reciprocidade para a homologación de títulos, tomando as medidas pertinentes para axilizar a tramitación de convalidacións e favorecer a extensión dos servizos da UNED nas sedes da administración exterior (exames, probas de selectividade, acceso universidade para maiores de 25 anos, etc.) como oferta de formación en niveis educativos superiores para as persoas desprazadas.
- Promover as necesarias modificacións da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, que permita facilitar o acceso ao dereito ao voto da cidadanía no exterior.

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2015

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2015 16:50
Nº Rexistro: 37521
Data envío: 29/05/2015 16:50:41.204



 Grupo Parlamentario

~~Asinado dixitalmente por:~~

~~Carmen Gallego Calvar na data 29/05/2015 16:49:49~~

~~Jose Luis Méndez Romeu na data 29/05/2015 16:49:58~~

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

5. Propositions non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 25572(09/PPN-001835)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para estender os
programas de mediación familiar intraxudicial

Publicación da iniciativa, 335, 05.09.2014

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, en por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino, Jacobo Moreira Ferro, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O instrumento de mediación familiar intraxudicial ten unha efectividade real contrastada, mostrándose como un instrumento eficaz de solución de discordias entre os membros de unha parella e, ao mesmo tempo, como un dispositivo idóneo para resolver con solucións axeitadas a problemática que -no ámbito particular das relacións paterno-materno-filiais-, xorde co gallo deses conflitos familiares.

Entendemos, por tanto, que esta institución baseada no entendemento das partes procesuais debe ser promovida, dada a utilidade pública que representa para todas aquelas familias e unidades de convivencia estable con residencia en territorio galego, con especial consideración para os nenos e as nenas, que, en situación de conflito familiar, requiren de solucións de consenso axeitadas aos problemas que xorden da crise da parella.

Considérase necesario difundir a mediación familiar intraxudicial como unha técnica de resolución de conflitos, como un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dun mediador ou mediadora familiar que trata que atopen por si mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptable considerando as necesidades de cada membro da familia e especialmente as dos nenos e nenas, asegura o éxito da medida, e contribúe a solucionar os problemas de carga de traballo co que se encontran os nosos xulgados.

No ano 2009 a Xunta de Galicia iniciou un proxecto de mediación intraxudicial, na ámbito de familia, mediante a sinatura dun acordo de colaboración, no partido xudicial de Santiago. Posteriormente dito proxecto foi estendido ao partido xudicial de Ourense, a partires do ano 2011 e a Vigo en decembro de 2012. No ano 2013 asinouuse un convenio para poñer en marcha o programa de mediación en Lugo. E ven de asinarse o correspondente convenio para o impulso desta experiencia na cidade de Pontevedra.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“ O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia no exercicio das súas competencias en materia de impulso, implantación e desenvolvemento de actuacións en materia de desxudicialización de conflitos, a estender os programas de mediación familiar intraxudicial”.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2014

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/08/2014 09:13:33

Paula Prado del Río na data 01/08/2014 09:13:41

Agustín Baamonde Díaz na data 01/08/2014 09:13:48

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com



Hipólito Fariñas Sobrino na data 01/08/2014 09:13:56

Jacobo Moreira Ferro na data 01/08/2014 09:14:05

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 01/08/2014 09:14:13

María Carmen Pardo López na data 01/08/2014 09:14:20

María Julia Rodríguez Barreira na data 01/08/2014 09:14:27

Cristina Isabel Romero Fernández na data 01/08/2014 09:14:35

Moisés Blanco Paradelo na data 01/08/2014 09:14:41

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 32486(09/PNP-002369)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación co programa Conecta 72

Publicación da iniciativa, 410, 05.02.2015

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Íñiguez Martínez, Javier Dorado Soto e Miguel Ángel Tellado Filgueira ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

A estratexia SERGAS 2014 fai referencia a potenciación dos coidados domiciliarios de forma equitativa, facilitando aos pacientes unha atención integral no lugar axeitado, atendendo as súas necesidades, evitando estancias e visitas innecesarias aos centros hospitalarios e reforzando o papel do domicilio do paciente como lugar de atención.

O programa CONECTA 72 fai un seguimento dos pacientes tras a alta hospitalaria, tendo como obxectivo ofertar á cidadanía unha continuidade de coidados eficiente como elemento de mellora e de calidade asistencial.

Este tipo de atención non existía de forma organizada, senón que dependía da vontade dos profesionais.

Por todo isto propoñemos:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Informar no Parlamento dos resultados do estudo piloto do Programa CONECTA 72.
2. Valorar a posibilidade de facer un cronograma de implantación do programa no conxunto do Servizo Galego de Saúde.”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2015 12:48:37

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 22/01/2015 12:48:49

Marta Rodríguez Arias na data 22/01/2015 12:48:55

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/01/2015 12:49:11

Rosa Oubiña Solla na data 22/01/2015 12:49:15

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 22/01/2015 12:49:19

Jaime Iñíguez Martínez na data 22/01/2015 12:49:24

Javier Dorado Soto na data 22/01/2015 12:49:30

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdgalicia.com



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/01/2015 12:49:37

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 34683(09/PNP-002541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa profesión de enfermaría

Publicación da iniciativa, 432, 18.03.2015

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Enfermería é a profesión sanitaria que fai a continuidade e o seguimento dos coidados cunha proxección integral das necesidades dos e das pacientes, que axuda nas técnicas diagnósticas e que aplica os tratamentos e os coidados ás persoas doentes con maior continuidade e proximidade polo que resulta unha peza clave para o noso sistema público de saúde.

Pero as políticas sanitarias aplicadas polos gobernos populares que teñen tan ameazado o noso sistema, están repercutindo tamén moi negativamente na Enfermería e Galicia, co Goberno do Sr. Feijoo, non é unha excepción.

Durante estes últimos anos con Feijoo, na Xunta de Galicia, a **Enfermería galega** non só veu como se paralizaban os avances que tiñan comprometidos, senón que se ten iniciado unha importante regresión no desenrolo destes profesionais. E tanto na Enfermería de Atención Primaria como na Hospitalaria e mesmo na formación e nas especialidades que se estaban a desenrolar.

A xestión sanitaria do Sr. Feijoo empeñada en privatizalo todo prefire gastar os recursos económicos en mercar “maquinitas” para o coidado das e dos doentes crónicos que en manter adecuadamente dotados os cadros de persoal de enfermería para que, coa dedicación deste persoal e coa proximidade que estes coidados requiren, se poidan mellorar as expectativas e a calidade de vida destes doentes.

Ademais como seguen sen catalogar as distintas especialidades, non existen nin son tidas en conta no momento de contratar. Aínda que a verdade é que contratar case que non contratan nada. Sendo en Enfermería moi exacerbada a eventualidade. A estes profesionais se lle fan a diario contratos, xa non por garda senón ata por medias xornadas e, incluso, en distintos servizos na mesma quenda, rompendo o principio disciplinar sobre a continuidade e a seguridade dos coidados que se ofrecen ás e aos cidadáns.

Nin que dicir que a carreira profesional, os días de libre disposición e mesmo os salarios se teñen reducido significativamente para estes profesionais.

Os recortes aplicados nos recursos humanos polo Goberno do Sr. Feijoo ten en Enfermería unha enorme repercusión na calidade dos coidados das persoas ingresadas. Cada vez hai menos presenza de profesionais de enfermmería por cama e ademais este ratio é moi variable segundo a área e a xerencia de que se trate.

Ante estes feitos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que de forma inmediata:

1. Defina as presenza de enfermmería, por paciente e quenda, máis adecuadas para cada especialidade hospitalaria.
2. Recupere a carreira profesional e o servizo para os e as profesionais de Enfermería.

 Grupo Parlamentario

3. Elimine a taxa de reposición e a eventualidade na contratación de Enfermería, e recupere os días de libre disposición.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Recupere o Plan de mellora da Atención Primaria e o Plan de saúde mental.

5. Que se respecten as listas de contratación e a xestión dos contratos a cada un polas súas características, eventualidade, interinidade, propiedade tal e como contempla o Estatuto Marco.

6. Que sexa a Enfermería quen asuma o coidado e o seguimento das e dos doentes crónicos e das demais doenzas contempladas nas súas especialidades, coa plena competencia que lle permite a súa formación.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2015 09:30
Nº Rexistro: 34683
Data envío: 10/03/2015 19:00:43.705



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 10/03/2015 18:57:46

Manuel Vázquez Fernández na data 10/03/2015 18:57:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar na data 10/03/2015 18:57:57

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 10/03/2015 18:58:04

Jose Luis Méndez Romeu na data 10/03/2015 18:58:11

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 35568(09/PNP-002597)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a implementación polo Goberno galego dun plan de
emprego en materia de investigación, formación e
transferencia do coñecemento rural e as medidas que debe
recoller

Publicación da iniciativa, 442, 06.04.2015

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En maio de 2013 aprobábase no Pleno do Parlamento un acordo para a creación dun grupo de traballo para implementar un plan de medidas para a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria.

Unha vez máis o Goberno galego incumpriu un acordo unánime do Parlamento e non fixo máis que dúas xuntanzas preliminares sen continuidade posterior.

O primeiro punto dese acordo era:

1) Dotación de recursos técnicos e humanos ás Oficinas Agrarias Comarcais especializados para os servizo de fomento da incorporación de mozos e mozas á actividade agraria, coa funcións de estudo, titorización e seguimento de proxectos de incorporación e asesoramento técnico e de xestión ás explotacións agrarias.

O sentido deste punto é que é condición indispensable para asegurar o éxito de moitas iniciativas de incorporación á actividade agraria onde a transferencia de coñecemento e a innovación son indispensables, así coma a titorización e seguimento constante dos proxectos.

A pesares de dito acordo, a liña da Consellería de Medio Rural e do Mar foi a de continuar co progresivo deterioro das Oficinas Agrarias Comarcais, aplicando o sinxelo sistema de, sistematicamente, non cubrir as vacantes que se producen.

Recentemente vimos de coñecer a intención de amortizar 130 prazas da Consellería, das cales o 60 % corresponden a prazas das OACs.

Outro dos factores fundamentais para o futuro agrario do país é a investigación pública, onde deben estudarse entre outros aspectos chave:

- 1) Cultivos forraxeiros e técnicas de cultivo para a transición cara unha gandería menos dependente da compra de pensos, e a consecuente redución de custes.
- 2) Estudo de variedades hortícolas , frutícolas de calidade adaptadas ás nosas condicións e atractivas para a venta.
- 3) Técnicas ecolóxicas de protección de cultivos.
- 4) Mellora da eficiencia da alimentación animal.
- 5) Eficiencia dos sistemas de produción.
- 6) Técnicas de cultivo en sectores con potencial para a diversificación agraria.

O centro máis importante de investigación de Galiza, o CIAM, ven de sufrir nos últimos anos drásticos recortes en persoal que poñen en perigo o seu futuro.

A situación de falta de expectativas dos licenciados das ramas agrarias da Universidade galega, fai que estas estean a baleirarse de alumnos, e que estean sumidas nunha forte crise.

Na formación agraria os recortes nos últimos 4 anos foron drásticos, recortando medios humanos e materiais nos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal.

Por outra banda, a finais de 2014, publicouse a enquisa do INE sobre a estrutura das explotacións agrarias de Galiza, onde se reflexa a diminución do número de explotacións e

o preocupante envellecemento da poboación agraria. O 60% dela é maior de 60 anos e só un 5% ten menos de 40.

Pese a esta grave situación, existen no rural galego condicións e potencial para revertela.

Como se expoñía no acordo aprobado, en maio de 2013 no Parlamento galego, existe un parque de vivendas baleiras, terra, sectores con saída no mercado, e só falta unha política coordinada en prol deste obxectivo de crear riqueza a partir da actividade agraria.

É necesario para elo un plan integral, o que non é obxecto desta iniciativa, que só se centra co campo da investigación, formación e transferencia do coñecemento.

Cuns cálculos conservadores, e cun obxectivo único de manter a poboación agraria actual sería posible crear máis de 6.000 empregos na agricultura e gandería nos próximos 5 anos.

Creemos ademais que o obxectivo debe de ser máis ambicioso, xa que existen moitos sectores subdesenvolvidos e moitos recursos abandonados e ociosos, que poderían valer para desenvolver produtos alimentarios cun gran recoñecemento interior e exterior.

Existe unha gran marxe e necesidade de desenvolver un sector da transformación, enfocado cara os alimentos de calidade que xeren valor engadido e emprego.

É evidente que o rural é moito máis que a actividade agroforestal, e que pode ser un lugar onde poidan convivir o sector primario co turismo, o sector servizos, actividades de ocio e natureza e pode ser un lugar para vivir mentres se traballa na cidade; pero tamén é certo que sen unha actividade agraria e de aproveitamento do monte vitais, o resto é moito máis difícil.

A falla dunha política capaz de reverter a tendencia ao abandono e envellecemento do rural, é unha das explicacións tamén da emigración, do desemprego e da falta de expectativas da mocidade galega.

O cambio terá que vir a través dos novos paradigmas da sostenibilidade, a agroecoloxía, a diversificación, a aplicación de enerxías renovables, e priorizando a investigación e innovación para a creación de produtos e servizos diferenciados e de calidade.

Para elo, é indispensable a existencia dun sistema público de investigación, innovación e apoio técnico, como xa comprenderon en países como Noruega, Dinamarca, ou Estados Unidos, que están a potenciar o sistema de extensión agraria nos últimos anos como xeito de transmitir os avances en innovación ao sector primario.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implementar un Plan de emprego de investigación, formación e transferencia do coñecemento do rural, consistente en:

- 1) Retirada da proposta de RPT da Consellería de Medio Rural que reduce 130 prazas, que afectan as oficinas agrarias comarcais e ao centro de investigacións agrarias, e proceder a cubrir as 130 vacantes.
- 2) Contratación de 150 técnicos que cubran as áreas de produción agroforestal, procesos de transformación de alimentos, comercialización, financiamento e titotización de proxectos, plans de mellora para o Plan de Incorporación á Actividade Agraria do período 2016-2021.
- 3) Reforzamento do persoal do CIAM para voltar aos niveis de persoal de 2011.
- 4) Cubrir as vacantes que existen na actualidade nos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal.
- 5) Plan especial para a Escola Politécnica Superior de Lugo, coa definición de obxectivos e medios necesarios na investigación e na docencia.

6) Modificación do PDR 2014-2020 introducindo un novo modelo de asesoramento e investigación baseado na potenciación e racionalización do sistema público.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García

Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 23/03/2015 14:37:50

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

5.5 35686(09/PNP-002603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
materia de seguridade no mar

Publicación da iniciativa, 442, 06.04.2015

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez e José Manuel Gallego Lomba, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate Pleno.

Aínda que este tema xa foi debatido con anterioridade nesta cámara, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que non se ten avanzado para mellorar a seguridade dos nosos homes e mulleres do mar.

Desgraciadamente, desde a chegada ao Goberno de Galicia do Partido Popular e do señor Núñez Feijoo, o sector ten retrocedido dunha forma alarmante perdéndose desde o ano 2009 preto de 5.000 cotizantes ao Réxime especial do Mar.

Téñense precarizado as condicións laborais dos traballadores, eliminadas todas as medidas de carácter social, como podían ser a póliza colectiva de seguros de accidentes no mar, ou mesmo as axudas para as cotizacións das mariscadoras, non se artellan políticas que axuden a paliar as perdas de ingresos dos traballadores do mar, etc....

Pero o que é moito máis grave, téñense dado xa moitos pasos que non axudan para nada a aumentar a seguridade dos nosos barcos e das tripulacións que neles realizan a súa actividade laboral.

Así se teñen eliminado cuestións fundamentais como o seguro do mal tempo, que ben utilizado sería unha ferramenta fundamental para a prevención de accidentes, publicouse por parte do Goberno central un decreto que diminúe as tripulacións mínimas necesarias para realizar a actividade pesqueira, decreto que afecta directamente á seguridade real das embarcacións e dos seus tripulantes, e mesmo se ten aprobado un decreto en Galicia, o 130/2012, que abre as portas para á autoridade competente a poder cobrar taxas polos servizos de rescate.

 Grupo Parlamentario

Estas medidas non fan máis ca confirmar que nos atopamos diante dun Goberno que non considera a prevención de accidentes nin a seguridade marítima coma unha prioridade, e desgraciadamente a día de hoxe Galicia segue a ser a comunidade cunha maior taxa de sinistralidade no mar, tres accidentes en menos dun mes non fai máis que confirmalo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Hoxe en día, existen moitas posibilidades para mellorar a seguridade das nosas embarcacións, sistemas patentados e testados que serven para manter as embarcacións a flote en caso de accidentes marítimos, sistemas individuais de localización homologados e que poderían ser perfectamente implantados pero para todo isto é preciso vontade política e traballo.

O novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca vai poñer unha importante cantidade de fondos destinados á nosa comunidade, por todo isto o grupo parlamentario socialista presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1º) Realice un plan específico para a mellora da seguridade no mar dotado a través do novo FEMP que inclúa, entre outras, as seguintes medidas:

a)) Promover proxectos colectivos nos portos para instalar dispositivos de localización individual para os mariñeiros e de flotabilidade para os buques, sistemas todos eles homologados polas autoridades competentes.

b)) Recuperar o seguro colectivo de accidentes no mar que permitía axudar ás familias dos accidentados no mar, e o seguro do mal tempo como medida de prevención de accidentes.

2º) Revise o cumprimento da normativa en materia de seguridade marítima.



 Grupo Parlamentario

3º). Se dirixa ao Goberno do Estado para solicitar a derogación do Real Decreto 963/2013, do 5 de decembre, polo que se fixan as tripulacións mínimas de seguridade dos buques de pesca e auxiliares de pesca e se regula o procedemento para a súa asignación, e elabore un novo que non comprometa a seguridade das tripulacións.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4º) Derroque o Decreto 130/2012 polo que se establecen os prezos públicos polos servizos de rescate prestados pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

Pazo do Parlamento, 25 de marzo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 25/03/2015 13:38:17

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 25/03/2015 13:38:36

José Manuel Gallego Lomba na data 25/03/2015 13:38:45

Jose Luis Méndez Romeu na data 25/03/2015 13:39:19

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

5.6 36025(09/PNP-002635)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da
posta en funcionamento do eixe atlántico, no tramo A Coruña-
Vigo, co sistema de seguridade ERTMS comprometido

Publicación da iniciativa, 448, 15.04.2015



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa dos seus deputados **Juan M. Fajardo Recouso** e **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos

No día de hoxe asistimos á confirmación de que o Eixo Atlántico de “velocidade alta” será posto en funcionamento sen os necesarios sistemas de seguridade que garantan a eliminación de riscos para os seus usuarios.

Dende o ministerio anuncian que ata finais do presente ano non terá o coñecido sistema de seguridade ERTMS, cuxa licitación se publica nestes días.

Parece que a traxedia de ANGROIS non serviu para que se aprenda de ilícitos do pasado que supuxeron a morte de demasiados cidadáns; unha vez máis os calendarios partidistas electorais se antepoñen á seguridade das persoas, polo que cremos necesario recordar a necesidade de garantir a vida das persoas antes de calquera outra premisa.

Repetir decisións “posiblemente ilícitas” do pasado, que tiveron un enorme custe humano, non parece un modelo de exercer o poder racional, senón unha demostración de que a cidadanía impórtalle pouco aos gobernos de turno soamente interesados en utilizar os recursos públicos de xeito propagandístico sen importar as consecuencias que os actos poidan ter.

A esta aberración únese a mentira como xeito de facer política. Na hemeroteca podemos recoller como o 4 de outubro de 2013 aparecía publicada a seguinte noticia:

“El secretario de Estado de Infraestructuras, Transporte y Vivienda, Rafael Catalá, admitió ayer que habrá un antes y un después tras el accidente de Angrois y confirmó que parte de los 50 millones de euros de una partida de 110 destinada a seguridad se utilizará para instalar ERTMS en el tramo en servicio de velocidad alta entre Santiago y A Coruña. A finales del 2014, cuando se ponga en marcha el resto del trazado hasta Vigo, se da por hecho que los nuevos tramos contarán con el sistema que monitoriza totalmente la conducción de los trenes. Esto supone un adelanto sobre las previsiones iniciales del ADIF, que planeaba instalar el ERTMS en el eje atlántico una vez terminado todo el acceso ferroviario a Galicia a finales del 2018. “

A realidade é teimuda e hoxe podemos observar como, ademais de non garantir a seguridade do tramo, utilizouse a mentira ante a inmediatez do accidente de Angrois, para anos despois esquecer os compromisos e poñer en risco a vida das persoas por intereses partidarios e electorais.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Goberno central que o Eixo Atlántico, no seu tramo A Coruña –Vigo, se poña en funcionamento coas medidas de seguridade oportunas e comprometidas. (sistema ERTMS).

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2015.

Asdo.: Juan Manuel Fajardo Recouso

Antón Sánchez García

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 07/04/2015 12:47:49

Anton Sánchez García na data 07/04/2015 12:48:00

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

5.7 36791(09/PNP-002688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación coa avaliación anual dos resultados prácticos da aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, prevista na súa disposición adicional quinta

Publicación da iniciativa, 460, 06.05.2015



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á avaliación do *Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza*.

A Disposición adicional quinta do *Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza*, establece que, con periodicidade anual, a Consellaría de Educación avaliará os resultados prácticos da aplicación deste Decreto.

O G. P. do Bloque Nacionalista Galego solicitou en sede Parlamentaria información sobre o cumprimento desta Disposición adicional, pois consideramos de grande relevancia coñecer os datos reais sobre a presenza do galego nas aulas da Galiza, así como o efecto que este decreto ten na adquisición de competencias plenas en lingua galega do alumnado. Porén, estes datos non foron nunca trasladados ao Parlamento, nin coñecemos os informes e estudos que a Xunta de Galiza manexa en relación con este tema. De feito, ás respostas remitidas pola Xunta afirman que o decreto se cumpre, mais non facilita datos concretos, nin avalía cal é a competencia do alumnado nas dúas linguas oficiais.

A última enquisa do IGE avanza o desastre que se está producindo en relación co coñecemento e uso do galego. Un dos datos máis significativos é o que nos díx que entre a poboación menor de 15 anos, a porcentaxe dos que sabe falar pouco ou nada o galego increméntase ata o 22,70%.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2015 09:30
Nº Rexistro: 36791
Data envío: 28/04/2015 18:39:48.215

Van xa cinco cursos escolares en que se aplica o *Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza*, e temos xa unha primeira promoción de alumnado de infantil (na etapa de 3 a 6 anos) que enfrontou este novo sistema. É unha obriga, recoñecida legalmente, realizar unha avaliación científica sobre o impacto que este decreto está a ter no obxectivo de que o alumnado acadе competencia plena en lingua galega, sobre todo coñecendo que mesmo investigacións anteriores demostraban que a competencia en lingua galega na ESO era inferior á competencia en lingua castelá. De feito, resúltanos alarmente que a Xunta se esconde en problemas de índole económica para poder realizar esta avaliación e comete o atrevemento de rexeitar o ofrecemento das universidades para realizalo.

Desde o BNG entendemos que a negativa responde a estratexia da mentira e a manipulación que reina en San Caetano. Estratexia fundamental para esconder a grande estafa que supón o decreto do plurilingüismo. Estafa en primeiro lugar, porque esconde unha política de devaluación e marxinação da lingua propia da Galiza. Mais estafa tamén, porque non hai un cambio de modelo de aprendizaxe doutras linguas.

Así os datos desvelan a grande mentira do ensino plurilingüe. Segundo os datos publicados no ensino público hai unha parte moi cativa de centros incorporados, mentres se privilexia aos centros privados de xeito descarado. Segundo os nosos datos só 44% dos centros plurilingües son públicos, mentres o 56% son centros privados. Isto significa que o 39,5% dos centros privados están incorporados a rede de centros plurilingües, mentres no ensino público só están incorporados o 8,2%. No ensino público a incorporación do plurilingüismo supón que na inmensa maioría só se oferta en inglés nunha asignatura, educación artística-plástica. Nos centros privados o número de materias oscila entre unha e tres. Resulta descarada a discriminación do público e como se está privilexiando o ensino privado. Unha política necia que nin avanza na ensinanza de linguas estranxeiras, nin garante unha política amábel e de normalización da nosa lingua propia.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2015 09:30
Nº Rexistro: 36791
Data envío: 28/04/2015 18:39:48.215

Por todo o dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a cumprir a Disposición adicional quinta do Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, no que se establece que, con periodicidade anual, a Consellaría de Educación avaliará os resultados prácticos da aplicación deste Decreto. En consonancia -no prazo dun mes- iniciárase, en colaboración coas universidades galegas, estudos científicos para avaliar as competencias lingüísticas do alumnado galego de ensino non universitario.”

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2015

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/04/2015 18:39:09

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 28/04/2015 18:39:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

5.8 36913(09/PNP-002700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Proxecto de lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social que se está a tramitar no Congreso dos Deputados

Publicación da iniciativa, 462, 13.05.2015

Publicación corrección de erros, 474, 04.06.2015



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante da tramitación no Congreso do Proxecto de lei Ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Acaba de entrar en tramitación no Congreso dos Deputados o Proxecto de lei Ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Estamos diante dun exemplo máis da vontade recentralizadora do Goberno español, xa que este non establece mecanismo nin procedemento algún para futuros procesos de transferencia da Inspección de Traballo. Mediante este proxecto de lei, esta vía queda pechada. Parece clara a vontade do Goberno español de pechar tanto o proceso de transferencias a outras comunidades como a mellora das existentes.

Esta intención queda clara cando a exposición de motivos afirma que “a lei establece un modelo de inspección baseado nunha serie de principios ordenadores comúns, entre os que cabe destacar a procura da calidade e a eficiencia na prestación do servizo aos cidadáns, a concepción única e integral de Sistema e o principio de unidade de función e actuación inspectora.” É dicir, “común”, “concepción integral única” e principio de unidade” como eixos vertebradores da lei.

O proxecto de lei parte de que existen solapamentos, duplicidades e mesmo diferenzas retributivas inxustificadas, e, por suposto, achaca estas ineficiencias e duplicidades ás Comunidades Autónomas. Porén, o verdadeiro problema radica no afán da Administración Xeral do Estado por reservarse amplas estruturas con dependencia orgánica e funcional directa, sen querer avanzar cara a administración única nas materias



transferidas.

O feito que condiciona este proxecto de lei son as transferencias a Cataluña e ao País Vasco da inspección de traballo e Seguridade Social, levadas a cabo nos anos 2010 e 2012 respectivamente. Temos que destacar que mentres neste lustro se crearon o Consorcio da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Cataluña e o Consello Vasco de Inspección de Traballo e Seguridade Social, Galiza é a única comunidade das constitucionalmente recoñecidas como históricas na que non se efectuou o traspaso de competencias nesta materia.

O BNG ten reclamado en numerosas ocasións a transferencia da Inspección de Traballo e a Xestión da Seguridade Social a Galiza. De feito durante a segunda metade da década pasada, o Goberno galego solicitara esta transferencia, chegando a existir negociacións co Goberno do Estado para avaliar este traspaso.

Tamén resulta moi cuestionábel a representación institucional das organizacións empresariais que propón o anteproxecto, xa que adopta o criterio de representación tripartita: Administración, sindicatos e organización empresariais, do mesmo xeito que se fai noutros ámbitos de carácter máis xeral como a Seguridade Social, os Servizos Públicos de Emprego ou de Saúde, porén, é un criterio que consideramos que non é trasladábel a este caso concreto. A primeira e principal función do Consello Xeral é a de aprobar os plans e programas da Inspección, e non é de recibo que unha das tres partes deste organismo condicione os mesmos en función de intereses como a competencia empresarial, a defensa dunha posición de dominio no mercado ou calquera outro. É difícil entender que a representación do principal suxeito pasivo da Inspección poida ter intereses obxectivos en que esta función mellore, sexa máis eficaz e eficiente e conte cos medios necesarios para elo.

Tamén é cuestionábel o procedemento seguido, xa que o anteproxecto de lei foi contrastado previamente con organizacións sindicais de ámbito estatal, porén non coas



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2015 11:41
Nº Rexistro: 36913
Data envío: 04/05/2015 11:41:36.875

máis representativas do ámbito autonómico, vulnerando deste xeito a lei orgánica 11/1985 de 2 de agosto, de Liberdade Sindical.

Por todas estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno español a:

Que retire o proxecto de lei Ordenadora da Inspección de Traballo e a Seguridade Social, por crear un marco que vai imposibilitar as transferencias a Galiza das competencias de Inspección de Traballo e Seguridade Social.

O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a iniciar un proceso de diálogo e negociación co Goberno do Estado conducente a transferir as competencias de inspección de traballo e Seguridade Social.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2015

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 04/05/2015 11:40:21



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR


Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2015 11:41
Nº Rexistro: 36913
Data envío: 04/05/2015 11:41:36.875

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 04/05/2015 11:40:30



Corrección de erros na execución do acordo da Mesa do Parlamento do 12 de maio de 2015 relativo á admisión a trámite e publicación da Proposición non de lei en Pleno núm. 36913 (09/PNP-002700), publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 462, do 13 de maio de 2015

Advertido un erro material na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do 12 de maio de 2015, relativo á admisión a trámite e publicación da proposición non de lei en pleno núm. 36913 (09/PNP-002700)

Onde di:

“Admisión a trámite e publicación

- 36913 (09/PNP-002700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Proxecto de lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social que se está a tramitar no Congreso dos Deputados”

Debe dicir:

“Admisión a trámite e publicación

- 36913 (09/PNP-002700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Proxecto de lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social que se está a tramitar no Congreso dos Deputados

A Mesa admítea a trámite coa seguinte modificación:

Onde di: “O Parlamento de Galicia insta ao Goberno español a:”

Debe dicir: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que solicite ao Goberno español:”

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2015

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1.º

Asinado dixitalmente por:

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Vicepresidente 1º na data 03/06/2015
13:53:30**

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

6. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 27455(09/INT-001015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre o cumprimento dos protocolos de violencia de xénero
(Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa, 346, 24.09.2014

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación con trámite de urxencia**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola preocupación social ante o incremento sufrido no número de casos de violencia de xénero en Galicia.

Analizando os datos das vítimas da violencia machista podemos comprobar que unha porcentaxe moi elevada delas non tiñan denunciado. Pero tamén que algunhas foron asasinadas despois de ter denunciado, o que evidencia o fracaso das medidas de protección.

Existen uns protocolos que recollen e detallan a maneira de actuar, ante un caso de violencia, nos distintos eidos.

Protocolos que definen os pasos a seguir ante un caso no que se sospeite ou se confirme a violencia machista. Tanto dende o punto de vista sanitario como xudicial e mesmo no que atinxe o proceder das forzas de orden.

Pero a pesar de elo, as vítimas se producen incluso despois de estar detectadas, por iso é que debemos de preguntar que pode estar fallando neses casos.

Polo que dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia interpela ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora o Goberno da Xunta de Galicia o seguimento dos protocolos de violencia de xénero no eido da sanidade? E da xustiza? E como cree que se está a seguir, estes protocolos polos diferentes corpos e forzas de seguridade?
2. Cree o Goberno que se cumpren igual nos servizos de urxencias dun centro hospitalario grande, case sempre colapsado, que nun centro de saúde do rural?



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. E por igual nos xulgados de violencia que nos chamados compatibles?
4. Recibe a mesma formación a Guarda Civil que a policía nacional a autonómica ou a local?
5. Se teñen evidenciado disfuncións na aplicación dos mesmos de ser así en que? E como se teñen corrixido?
6. Considera o Goberno que os teléfonos habilitados para a atención das vítimas están funcionando adecuadamente?
7. Se conta cos recursos suficientes e adecuados para atender os casos que se producen os fins de semana?
8. Cree o Goberno que calquera persoa que detecte un caso de violencia e queira denuncialo pode facelo con facilidade e obter resultados de maneira inmediata?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 18/09/2014 10:48:21

María Carmen Gallego Calvar na data 18/09/2014 10:48:29

Juán Carlos González Santín na data 18/09/2014 10:48:32

Pablo García García na data 18/09/2014 10:48:39

María Soledad Soneira Tajés na data 18/09/2014 10:48:47

María Concepción Burgo López na data 18/09/2014 10:48:54

María Remedios Quintas Álvarez na data 18/09/2014 10:49:04

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/09/2014 10:49:10

Raúl Fernández Fernández na data 18/09/2014 10:49:16

Manuel Vázquez Fernández na data 18/09/2014 10:49:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2014 10:51
Nº Rexistro: 27455
Data envío: 18/09/2014 10:51:00.244



 Grupo Parlamentario

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 18/09/2014 10:49:32

Beatriz Sestayo Doce na data 18/09/2014 10:49:39

José Manuel Gallego Lomba na data 18/09/2014 10:49:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Carmen Acuña do Campo na data 18/09/2014 10:49:59

José Antonio Sánchez Bugallo na data 18/09/2014 10:50:05

José Ramón Val Alonso na data 18/09/2014 10:50:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/09/2014 10:50:16

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 18/09/2014 10:50:18

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 31740(09/INT-001150)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do
sector lácteo galego

Publicación da iniciativa, 404, 22.01.2015

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **Interpelación** en relación coa situación do sector lácteo galego.

O sector lácteo galego volta a estar nunha situación complicada polo forte descenso dos prezos do leite producido durante 2014.

Actualmente os prezos que perciben os gandeiros galegos son os máis baixos do Estado español e dos máis baixos de Europa, xa que actualmente se atopa nuns 32 céntimos, moi por baixo dos custes de produción en Galiza.

Neste contexto a industria trata de que asinen contratos lixo que aten aos gandeiros a unhas condicións inaceptables durante meses, mentras se está a elaborar o novo decreto do paquete lácteo.

O ano 2015 é o do fin do sistema de cotas o que terá un impacto impredecible sobre a situación do sector en Galiza, mentras as solucións aos problemas estruturais seguen sen estar encamiñadas.

A falla de base territorial das explotacións para ir cara un modelo de produción en base á terra e menos dependente da importación de pensos, e a creación dun complexo transformador galego, así coma a existencia de garantías para evitar que se venda por menos dos custes de produción, seguen a ser hoxe en días cuestións irresoltas.

No acordo asinado polo Presidente da Xunta de Galicia coas organizacións agrarias en 2012 falábase de medidas para o incremento da base territorial das explotacións, e polo que dín os datos recentemente publicados polo INE, ou ben non se tomaron medidas ou o seu éxito foi escaso.

Nin o paquete lácteo nin a Lei de calidade da cadea alimentaria conseguiron modificar a realidade de que a industria segue a impoñer as condicións na compra do leite e na sinatura dos contratos, sen que se avanzara nada no poder de negociación dos gandeiros.

Compre afrontar os problemas de fondo do sector para ofrecer estabilidade aos gandeiros, si queremos que non pechen máis explotacións, tan necesarias para manter un rural vivo.

Por todo isto Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Interpelación:


- 1) Cómo valora a Xunta de Galicia a situación do sector lácteo en Galiza?
- 2) Cómo valora o grao de cumprimento dos acordos asinados coas organizacións agrarias en decembro de 2012?
- 3) Cáles son os resultados derivados da aplicación do Decreto do paquete lácteo e da Lei da calidade da cadea alimentaria, sobre todo no que ten que ver nun maior poder de negociación dos gandeiros con respecto á Industria?
- 4) Cómo valoran os datos publicados polo INE da estrutura da explotacións agrarias galegas?
- 5) Por qué no documento do PDR galego enviado a Bruxelas non se incluía unha análise do impacto do fin das cotas no sector?
- 5) Qué medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia ante esta situación?
- 6) Cáles son as propostas da Xunta de Galicia para introducir no novo Decreto do paquete lácteo?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 07/01/2015 13:27:21



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 35443(09/INT-001317)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a licitación da contratación dos medios aéreos para o
dispositivo de loita contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, 436, 25.03.2015



Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Interpelación**, relativa á licitación para a contratación dos medios aéreos para o dispositivo de loita contra incendios forestais.

Recentemente a Consellaría do Medio Rural e Mar ven de publicar a licitación do contrato para a prestación de servizos de diversos medios aéreos para as campañas de loita contra incendios forestais 2015, 2016 e 2017, por un importe de algo máis de 3 millóns de euros.

Tendo en conta que as prácticas da Consellaría en relación coa contratación dos medios aéreos foron postos en cuestión polo informe do Consello de Contas correspondente aos exercicios 2010 e 2011, e á vista do contido dos pregos desta licitación, e o elevado custe que ten para as arcas públicas consideramos necesarias algunhas explicacións.

Estas son as razóns polas que se formula a seguinte Interpelación:

- 1.- Tivéronse en conta as consideracións do Consello de Contas á hora de elaborar os pregos e cláusulas deste novo proceso de contratación?
- 2.- De ser así, en que consisten os cambios introducidos?
- 3.- Que necesidades concretas do servizo de loita contra incendios forestais se pretenden cubrir a través desta licitación?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2015 16:30
Nº Rexistro: 35443
Data envío: 19/03/2015 16:30:05.855

4.- En función desas necesidade, tivéronse en conta os datos históricos á hora de establecer as condicións temporais de dita contratación?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2015

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 19/03/2015 16:28:40

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 37536(09/POPX-000137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a incidencia do novo escenario político na estabilidade
institucional necesaria para gobernar a Xunta de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2015 11:21
Nº Rexistro: 37536
Data envío: 01/06/2015 11:21:25.598



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luís Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e normas complementarias do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, considera Vde. que o novo escenario político favorece á estabilidade institucional necesaria para gobernar a Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 01 de xuño de 2015

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 01/06/2015 11:20:41

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 37554(09/POPX-000138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a valoración do Goberno galego do crecemento da fenda
entre Galicia, o Estado español e Europa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2015 13:02
Nº Rexistro: 37554
Data envío: 01/06/2015 13:02:35.387

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

“Como valora que se siga agrandando a fenda entre Galiza e o Estado e Europa?”

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2015

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 01/06/2015 13:00:26

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 37571(09/POPX-000139)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a situación de desprotección das familias galegas

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Vicevoceira do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, Voceira aos efectos da formulación da pregunta ao Presidente, ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias de 3 de febreiro do 2015, presenta a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**, para a súa resposta oral no Pleno.

- Ata cando vai permitir a súa acción de goberno que milleiros de familias galegas queden na máis absoluta desprotección sen ingreso ou axuda pública algunha?

En Compostela, a 1 de xuño do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 01/06/2015 14:26:14

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

8. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 37001(09/POP-003396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as razóns da demora do Goberno galego en facer público
o contrato privado asinado pola Axencia de Turismo coa
produtora do videoclip de Enrique Iglesias para a promoción
do turismo de Galicia

Publicación da iniciativa, 462, 13.05.2015



Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Parlamento galego aprobou na Comisión 6ª que: “O Parlamento galego insta ao goberno galego a facer público o contrato privado asinado coa produtora do videoclip de Enrique Iglesias no prazo de sete días. Neste proceso de transparencia o goberno publicará os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que fundamentan a sinatura do contrato privado por parte da Axencia de Turismo.”

Ao non ter recibido dito contrato nin encontrar tal publicación na páxina oficial da Xunta de Galicia, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a razón para que o Goberno galego non faga público o contrato privado asinado coa produtora do videoclip de Enrique Iglesias?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2015 13:53
Nº Rexistro: 37001
Data envío: 05/05/2015 13:53:59.612

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adón Villamarín na data 05/05/2015 13:51:28

María Tereixa Paz Franco na data 05/05/2015 13:51:43

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 35002(09/POP-003212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos e 2 máis

Sobre o número de sancións impostas polo Instituto Galego de Consumo ás entidades financeiras que persisten no uso das denominadas cláusulas chan, en aplicación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias

Publicación da iniciativa, 436, 25.03.2015

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos González Santín, José Luis Méndez Romeu e José Antonio Sánchez Bugallo, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O mes de outubro do pasado ano 2014 o Parlamento galego, a instancia dunha proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas, aprobou una iniciativa na que insta á Xunta de Galicia a que habilítase os mecanismos necesarios para que o Instituto Galego de Consumo adoptase as medidas sancionadoras oportunas contra as entidades financeiras que persistan no abuso de non retirar as “cláusulas solo” dos contratos bancarios con particulares, ao tempo que se acordou darlle a máxima cobertura os consumidores, poñendo todos os medios necesarios a dispor dos afectados polas “cláusulas solo”.

No mes de febreiro deste ano, a Sala Primeira do Tribunal Supremo, reunida en Pleno, reafirmaba a doutrina pola que se declaraba a nulidade das denominadas “cláusulas solo”. Unha sentenza do Tribunal Supremo do 9 de maio de 2013, un Auto de aclaración do 3 de xuño de 2013, unha nova sentenza do 8 de setembro de 2014 e este mes de febreiro, outra máis. Pronunciamentos todos do Tribunal Supremo nos que se incide no carácter abusivo das “cláusulas solo” e se declara a súa nulidade.

Un recente informe, coñecido este mesmo ano e elaborado pola entidade francesa *Société Générale*, cifra en 780 millóns de euros os beneficios que os bancos están a gañar grazas ás “cláusula solo”. Ese mesmo informe revela que estas cláusulas abusivas supoñen ata o 18 % da marxe de interese que pode gañar un banco ao longo do ano. En total, a eliminación das “cláusulas solo” suporía preto do 7 % do conxunto dos ingresos procedentes das hipotecas e o 2,4 % da marxe de interese que obteñen os bancos.

Estas cifras establecen un paralelismo claro entre o beneficio das entidades financeiras e o abuso aos consumidores e así, canto máis se atrase a eliminación das “cláusulas solo”, máis ganancias reportarán estas os bancos. Por iso, a inacción e a pasividade das administracións competentes supón tomar parte en beneficio dos bancos e en prexuízo dos consumidores afectados.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Administración autonómica dispón das ferramentas para protexer aos consumidores e así a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias reconece, no artigo 11, entre os dereitos básicos dos consumidores: b) A protección dos seus lexítimos intereses económicos e sociais, en particular fronte [...] a introdución de cláusulas abusivas nos contratos”. A mesma lei cualifica, como infracción grave, no seu artigo 82 punto 29: “A introdución de cláusulas abusivas.” e sanciona as infraccións graves entre 3.001 € e 15.000 €

Por todo o exposto e logo do aprobado no Parlamento de Galicia, os deputados que asinan preguntan o Goberno galego:

Cantas sancións, en aplicación da Lei 2/2012, leva imposto o Instituto Galego de Consumo ás entidades financeiras que persisten no uso das “cláusulas solo”?

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos González Santín na data 13/03/2015 13:33:35

Jose Luis Méndez Romeu na data 13/03/2015 13:33:47

José Antonio Sánchez Bugallo na data 13/03/2015 13:33:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

8.3 36400(09/POP-003343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da estratexia de fomento do emprendemento entre as persoas mozas galegas desenvolvida desde o ámbito educativo

Publicación da iniciativa, 456, 29.04.2015

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Agustín Baamonde Díaz, Moisés Blanco Paradelo, Javier Dorado Soto, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez e Ramón Santos Pérez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

É coñecido que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten desenvolvido unha estratexia de fomento do espírito emprendedor co obxectivo de mellorar a posibilidade de crear novas empresas que amplíen as posibilidades de emprego das persoas que obtiveron algunha titulación de bacharelato, FP, artes plásticas e deseño, deportivas, educación secundaria para persoas adultas, ensinanzas superiores de deseño, conservación e restauración de bens culturais, ou de arte dramática, música ou danza nos últimos 4 anos.

O Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia (Eduemprende) agrupa esta estratexia e a organiza en torno a distintos programas, entre eles, o FP Emprende ten como obxectivo facilitar ao alumnado galego espazos e asesoramento axeitados para a posta en marcha dun negocio ou de proxectos empresariais viables en centros educativos que conforman a Rede galega de viveiros de empresa en centros educativos.

Esta estratexia de apoio aos viveiros de empresa pretende que estes espazos cumpran co obxectivo de servir de ferramenta de titoría, asesoramento e orientación daqueles mozos e mozas procedentes de ensinanzas de niveis non universitarios.

Pero o Eduemprende abrangue tamén diversas áreas e liñas de actuación.

Todas elas, coa finalidade de incorporar como habilidades e competencias do alumnado tanto a idea de empresa e a iniciativa empresarial, como as formas de concretar modelos de negocio ou posta en marcha de proxectos e o seu posicionamento no mercado, combinadas coa simulación nas aulas de situacións reais nos campos laboral, financeiro ou comercial dunha empresa.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da estratexia de fomento do emprendemento entre os mozos e as mozas galegas desde o ámbito educativo?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2015

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 17/04/2015 12:39:28

Agustín Baamonde Díaz na data 17/04/2015 12:39:39

Moisés Blanco Paradelo na data 17/04/2015 12:39:47

Javier Dorado Soto na data 17/04/2015 12:39:56

Jesus Goldar Guimil na data 17/04/2015 12:40:06

Antonio Mouriño Villar na data 17/04/2015 12:40:15

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 17/04/2015 12:40:22

Ramón Santos Pérez na data 17/04/2015 12:40:25

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

8.4 37570(09/PUP-000205)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel e 6 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do actual sistema para que as familias dispoñan de libros de texto no ensino obrigatorio



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Xosé Manuel Beiras Torrado, Yolanda Díaz Pérez, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez García, Eva Solla Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso e Ramón Vázquez Díaz, integrantes do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente**, relativa ao sistema de axudas para os libros de texto no ensino obrigatorio e gratuito.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Cando o curso escolar 2014-15 está a piques de rematar a publicación no DOG do luns, 1 de xuño, da orde do 22 de maio pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria, 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o seu uso no curso escolar 2015/16, así como da Orde do 21 de maio de 2015 pola que se regula o fondo solidario de libros de texto, amosan con clareza a insuficiencia e inxustiza do actual sistema de axudas para o material escolar cuxa causalidade é a de provocar dificultades para que estuden as fillas e os fillos de moitas familias traballadoras.

A insuficiencia das axudas é manifesta cando como máximo pódense recibir en axudas 180 euros e a media de gasto escolar por familia elévase a uns 700 euros. Ademais, o goberno galego exclúe destas axudas todo o relativo a material escolar, didáctico e complementario nunha lectura curta e economicista do dereito á educación, lectura que falsea o consignado carácter gratuito do ensino obrigatorio.

O chamado fondo solidario non garante que todas aquelas familias que o soliciten e cumpran os requisitos para elo vaian dispor dos libros de texto. De feito de non conseguilos no fondo tampouco poderán acceder as insuficientes axudas dispoñibles para a adquisición dos libros, o cal supón un recorte encuberto por parte da Xunta nun

servizo público básico.

En resumo, insuficiencia e inxustiza dun sistema que necesita ser modificado para irmos a un sistema de préstamo universal para as familias galegas. Insuficiencia e inxustiza promovida por un goberno que da razón a aquela consideración enunciada por Jean Jaurés, acerca de que o seguinte combate das forzas conservadoras sería contra a escola pública; escola pública laica sen a cal non hai democracia posible.

Xa que logo, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Considera a Xunta que o actual sistema para que as familias dispoñan dos libros de texto no ensino obrigatorio galego pode ser cualificado como solidario sen incorrer no sarcasmo?

Compostela, a 1 de xuño do 2015.

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado
Asdo. Yolanda Díaz Pérez
Asdo. Xabier Ron Fernández
Asdo. Antón Sánchez García
Asdo. Eva Solla Fernández
Asdo. Juan Manuel Fajardo Recousó
Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 01/06/2015 14:27:34

Yolanda Díaz Pérez na data 01/06/2015 14:27:45

Jose Javier Ron Fernandez na data 01/06/2015 14:27:50

Ramón Vázquez Díaz na data 01/06/2015 14:27:56

Anton Sánchez García na data 01/06/2015 14:28:01

Juan Manuel Fajardo Recousó na data 01/06/2015 14:28:03

Eva Solla Fernández na data 01/06/2015 14:28:05

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

8.5 36554(09/POP-003365)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre o número de camas que se van pechar en cada un dos
hospitais públicos de Galicia nos meses de xuño, xullo,
agosto e setembro de 2015

Publicación da iniciativa, 456, 29.04.2015

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Pleno, **relacionada coa cobertura de vacacións do persoal do SERGAS durante os meses de verán, así coma, do peche de camas nos centros hospitalarios.**

No verán é xa unha costume que a Consellería de Sanidade leve a cabo peches de camas nos hospitais da rede pública; algo realmente incomprensible cando non se están a tomar medidas para atallar as listas de espera cirúrxicas ou cando existen antecedentes abondo de colapsos nas urxencias por falla de camas dispoñibles. Son moitas tamén as consultas que pechan durante o tempo que os/as profesionais responsables disfrutan das súas vacacións, incluídas en atención primaria, o que se traduce nunha lista de espera non declarada.

No caso dos servizos hospitalarios, tampouco queda claro o criterio seguido para os peches, que semella máis ben aleatorio ou alomenos non dependente de criterio clínico, social e sanitario.

Estes peches, coma AGE xa ten denunciado, teñen coma finalidade a non cobertura dos permisos vacacionais de grande parte do persoal, aforrándose a Xunta de Galicia o custe das substitucións. Polo tanto, inciden no paro que xa sofren de base as e os profesionais sanitarios eventuais e na perda de dereitos laborais de aquelas e aqueles con praza en propiedade, ao seren obrigadas e obrigados, en moitos casos, a cubrir ausencias de outras persoas.

Esta situación agrávase cada ano, xa que dende a entrada do Partido popular na xestión do Goberno, vénse producindo un incremento anual do número de camas pechadas nos meses de verán. Por outra banda, resulta inadmisíbel a negativa por parte do goberno a

facilitar datos relativos a esta situación ás deputadas e deputados da Cámara. O pasado ano AGE xa solicitou, sen éxito, os datos sobre os permisos cubertos con persoal eventual. O ocultamento destes datos por parte da Xunta ao Parlamento galego e secundariamente ás galegas e galegos resulta un asunto moi grave incompatible coa defensa da democracia.

Dados estes antecedentes, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, presenta a seguinte pregunta:

Cantas camas van ser pechadas en xuño, xullo, agoso e setembro en cada hospital da rede pública?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2015.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do GP. da AGE

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/04/2015 18:00:25

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

8.6 37561(09/PUP-000203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a modificación do calendario de vacinación infantil
levada a cabo pola Consellería de Sanidade no mes de maio de
2015



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2015 13:43
Nº Rexistro: 37561
Data envío: 01/06/2015 13:43:51.371

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa ao desabastecemento de vacinas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA:

Está sendo habitual que o Ministerio de Sanidade se vexa obrigado a actualizar constantemente o listado de medicamentos dos que dispón subministro, xa que o desabastecemento por parte das multinacionais farmacéuticas estase convertendo en norma, nunca como ata agora o número de medicamentos sen subministro fora tan alto, cuantificándose os mesmos a día de hoxe en 175.

O 13 de maio a Consellaría de Sanidade mandou unha comunicación @s profesionais sanitari@s modificando o calendario vacinal dos nenos e nenas en Galiza.

Esta modificación consiste na substitución da dose de vacina pentavalente (Difteria, Tétanos, Tos Ferina, Polio, Haemophilus e Meningococo) que se administraba aos 4 e 18 meses, pola hexavalente que inclúe a Hepatite B, e retrasando a trivalente que se administra aos 6 anos ata que se dispoña de existencias.

A Consellaría de Sanidade xustifica a medida na dificultade de subministro das vacinas por parte das multinacionais GlaxoSmithkline e Safoni Pasteur MSD.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2015 13:43
Nº Rexistro: 37561
Data envío: 01/06/2015 13:43:51.371

Esta modificación do calendario, pon de manifesto que mais unha vez priman os intereses das multinacionais farmacéuticas e o seu negocio, diante da saúde dos galegos e galegas,

Ao Bloque Nacionalista Galego parécelle gravísimo que sexa a industria farmacéutica a que impoña o calendario de vacinas e non sexa o calendario establecido por profesionais e que mais unha vez a Consellaría se pregue aos seus ditados.

Por estas razóns fórmulase a seguinte pregunta urxente para a súa contestación en pleno:

Que aval científico ten a modificación do calendario de vacinas dos nenos e nenas en Galiza, determinado pola Consellaría de Sanidade e comunicado aos profesionais da sanidade mediante unha circular do 13 de maio?

Santiago de Compostela, 1 de xuño 2015

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 01/06/2015 13:43:33

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

8.7 37551(09/PUP-000202)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as previsións do Goberno galego para afrontar a fenda social que se está a producir en Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2015 12:54
Nº Rexistro: 37551
Data envío: 01/06/2015 12:54:39.406



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola alarmante situación de pobreza que se esta a xerar na poboación galega.

Como vai a afrontar o Goberno galego a crecente fenda social que se está a producir na Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 1 de xuño de 2015

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 01/06/2015 12:53:24

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 09.06.2015 Hora: 10:00
Orde do día

8.8 31920(09/POP-002852)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre a situación na que se atopa o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño para a aplicación do novo método químico establecido pola Unión Europea como procedemento de referencia no control das toxinas lipofílicas no mar

Publicación da iniciativa, 404, 22.01.2015

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Unión Europea estableceu o método químico como procedemento de referencia no control das toxinas lipofílicas no mar. Un método que consiste en aplicar a cromatografía de líquidos con detector de espectrometría de masas-LC-MS/MS para realizar estas análises.

Ata o 31 de decembro de 2014 este método conviviu en Galicia e en Europa co do bioensaio, pero co novo ano -2015- o método químico é de aplicación única e exclusiva, con efectos legais.

Na nosa Comunidade o organismo encargado de realizar estas operacións é o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) que leva anos adaptándose e preparándose no desenvolvemento e implantación deste novo método analítico.

O Intecmar, creado por Lei no ano 2004 como Ente Público, constitúe o instrumento oficial da comunidade autónoma de Galicia, para o control da calidade do medio mariño e a aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar.

Nos Regulamentos CE Nº 853/2004 e UE Nº 786/2013 establécense as biotoxinas mariñas que deben ser controladas nos moluscos bivalvos e os límites legais que non deben exceder.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:



Está o INTECMAR preparado para aplicar, con plenas garantías para as analíticas, o novo sistema de control?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2015 13:42:32

María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 13/01/2015 13:42:42

Rosa Oubiña Solla na data 13/01/2015 13:42:44

Javier Jorge Guerra Fernández na data 13/01/2015 13:42:51

Vidal Martínez-Sierra López na data 13/01/2015 13:42:59

Berta Pérez Hernández na data 13/01/2015 13:43:04

María Herminia Pouso Maneiro na data 13/01/2015 13:43:15

Gonzalo Trenor Lopez na data 13/01/2015 13:43:23

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

PLENO DO PARLAMENTO

9 de xuño de 2015

10.00 horas

- 2.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 7^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial de Galicia (doc. núm. 30881, 09/PL-000023).
Publicación ditame da Comisión, BOPG n.º 472, do 02.06.2015
Publicación de emendas e votos particulares, BOPG n.º 472, do 02.06.2015

Separata núm. 1

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 472

IX lexislatura

2 de xuño de 2015

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes sobre o Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (09/PL-000023; doc. núm. 30881) [113730](#)

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

- G.P. dos Socialistas de Galicia (Doc. núm. 37509) [113782](#)
- G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (Doc. núm. 37515) [113784](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego (Doc. núm. 37528) [113785](#)
- G.P. Mixto (Doc. núm. 37520) [113786](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes sobre o Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (09/PL-000023; doc. núm. 30881)

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 29 de maio de 2015, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 30881 (09/PL-000023)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

BOPG nº 388, do 10.12.2014

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2015

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Ditame emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes sobre o Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (09/PL-000023; doc. núm. 30881)

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na sesión do día 29 de maio de 2015, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (09/PL-000023; doc. núm. 30881), de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Exposición de motivos

O concepto de reforma das estruturas agrarias, que historicamente se recolle na lexislación como un fin en si mesmo e como un conxunto de actuacións independentes do contorno económico e social, serviu para dotar de

infraestruturas e, en certa medida, para facilitar a transformación do sector agrario español cara ao que hoxe é. Porén, trátase dun concepto claramente esgotado e que non responde aos modelos de desenvolvemento rural vixentes en Europa, que pasan por concibir o medio rural como un todo no cal, sen dúbida, a actividade agraria debe ocupar un lugar principal, pero non único nin independente. O espazo rural enténdese, desde ese novo enfoque, como un conxunto de actividades relacionadas e equilibradas, no que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa do contorno, da paisaxe e do patrimonio cara a un obxectivo único: a mellora de calidade de vida da poboación no seu medio e, como corolarios, a loita contra o abandono, a mitigación dos efectos do cambio climático, alimentación sa e de calidade, a fixación da poboación no territorio rural e a mellora dos servizos postos á súa disposición.

Noutra orde de cousas, a diferenza de situacións entre o campo galego dos anos 70 do pasado século e a actual resulta case abismal, pasando dunha gran cantidade de poboación dedicada á actividade agraria (...) a unha perda de explotacións e traballo non absorbidas por outras actividades no rural e a unha drástica redución no número de persoas traballadoras e de explotacións, sen dúbida hoxe moito máis produtivas e profesionalizadas, pero que non foron quen de absorber o excedente de terras derivado da substitución da actividade agraria, asistíndose a un proceso de abandono de terras agrarias, moitas delas con enorme potencial produtivo.

A modificación da estrutura territorial é a resultante de todo o anterior, que se manifesta, entre outros trazos, pola mudanza da paisaxe antropoxénica tradicional e polo agravamento de fenómenos negativos como os lumes ou a transmisión de pragas. Galicia atópase pois diante dunha encrucillada, na que cómpre aplicar medidas políticas e lexislativas para combater os desequilibrios resultantes.

No eido da modificación da estrutura das explotacións, os instrumentos cos que ata hoxe se contaba eran, por unha banda, o texto da Lei de reforma e desenvolvemento agrario, do 12 de xaneiro de 1973, que resulta ser en realidade —e tal como se expresa no seu limiar— unha recompilación de todas as normas ata entón vixentes sobre estruturas agrarias, algunhas delas promulgadas en plena posguerra civil. Trátase pois dunha norma claramente preconstitucional e basi-

camente deseñada para sistemas agrarios moi diferentes do galego, que, nin por espírito nin por contido, non é capaz de responder adecuadamente á realidade política e económica nin aos desafíos do século XXI en Galicia.

Pola outra banda, a asunción estatutaria das competencias plenas en materia de desenvolvemento rural por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, nun intento de adaptación da norma estatal sobre reforma das estruturas agrarias ás especificidades da situación galega, fixo xurdir primeiro a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, e máis tarde a Lei 12/2001, do 10 de setembro, que a modificaba parcialmente.

Aínda sen negar o considerable esforzo de adaptación e os indubidables avances que supuxeron ambas as dúas leis, partíase –tanto no caso galego como na maioría das normas legais das restantes comunidades autónomas– dun instrumento de difícil translación á nosa realidade, polo que o seu alcance como motor de transformación das estruturas agrarias tiña por forza que resultar limitado.

A Comunidade Autónoma de Galicia, consciente da necesidade de implementar instrumentos capaces de garantir o cumprimento do obxectivo de mellora da calidade de vida no medio rural, estase a dotar dun conxunto de normas xurídicas propias, como a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, ou a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que, xunto coa presente lei e con iniciativas futuras, como a normativa sobre o solo, pretenden constituír un corpo xurídico coherente e eficaz cara á contribución do espazo agrario e dos seus sistemas produtivos a ese obxectivo.

Da mesma forma, o Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio en Galicia, establece, no seu artigo 3.3.12, que a Xunta de Galicia e o conxunto de administracións públicas, no marco das súas competencias, desenvolverán accións destinadas a superar a elevada fragmentación da propiedade, a reducir e reverter o abandono das terras, a mellorar as condicións de desenvolvemento sustentable de actividades agrícolas, gandeiras e forestais e á mitigación e adaptación aos riscos ambientais, en especial aos incendios forestais, e tamén aquelas tendentes á mellora e protección ambiental e paisaxística. Así mesmo, as determinacións

3.3.1, 3.3.8 e 3.3.11 inciden na integración e coordinación territorial destas actuacións, na identificación e actuacións sobre as zonas de actividade agraria preferente e nas actuacións en materia de xestión de terras. Con estes obxectivos trátase de mellorar ou habilitar instrumentos en materia de xestión de terras ou reforma das estruturas que posibiliten a súa agrupación e xestión conxunta, como pode ser o Banco de Terras ou outros baseados no fomento da agrupación ou asociación de persoas propietarias particulares ou dos montes veciñais en man común para a constitución de mancomunidades.

A Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia estrutúrase así nun total de 98 artigos, distribuídos en dez títulos. O título I recolle as disposicións xerais e define as diversas figuras que se tratan no texto legal. O título II está dedicado á regulación dos procesos de reestruturación parcelaria de carácter público, cando o impulso é por parte da Administración. O III, á reestruturación polas persoas particulares, cando o impulso o fai unha agrupación xerada expresamente para levala a cabo. O IV, á reestruturación mediante permutas, cos supostos de cambio ou non na forma das parcelas permutadas. O título V recolle dous casos sobre procesos especiais para obras públicas e coutos de explotación mineira, cuxa execución condiciona a viabilidade das explotacións agrarias. Os títulos VI a VIII conteñen, respectivamente, as disposicións relativas ás obras inherentes aos procesos de reestruturación parcelaria, así como os efectos destes e o réxime de financiamento e axudas públicas. O título IX establece as zonas de actuación intensiva co obxectivo de incrementar a súa sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento rural integral. E o título X, o réxime sancionador.

Como novidades máis salientables deste novo texto legal, cómpre destacar primeiramente o propio concepto de reestruturación parcelaria, que substitúe o xa superado de concentración parcelaria, que tiña como obxectivo a agregación das achegas de cada persoa propietaria nun único predio, o denominado couto redondo, ou no menor número deles. Pola contra, a reestruturación parcelaria incide no obxectivo de mellora da estrutura territorial das explotacións, estudando para cada suposto as solucións que favorecen a súa rendibilidade e que resultarán, segundo os casos, nun único predio uniforme ou en varios ben diferenciados. Aínda así, os procedementos de reestruturación parcelaria

resultan herdeiros do seu correspondente histórico de concentración parcelaria, mantendo o carácter de procedemento administrativo especial.

En segundo lugar, o novo texto introduce esforzos cara á simplificación do procedemento, tanto no que atinxe ás súas fases como no sistema de entrega e tramitación de documentación, sen que se vexan afectadas as garantías legais das persoas titulares, no convencemento de que a excesiva duración do procedemento lles supón un grave prexuízo e un notable incremento dos custos do proceso.

En terceiro lugar, a lei fai unha clara aposta polo apoio ás explotacións e ás agrupacións de carácter agrario, tendo en conta que os procesos de mellora da estrutura territorial supoñen considerables investimentos que só teñen sentido garantindo un retorno adecuado destes, non só en termos económicos e produtivos, senón tamén sociais. Semella claro que a rendibilidade da reestruturación virá dada entón por un incremento do valor da produción e do emprego na zona de actuación. E iso só é posible a través do fomento das iniciativas enfocadas á mellora produtiva das explotacións agrarias e, no caso de que estas non acaden a dimensión suficiente, das iniciativas de agrupación e aproveitamento en común das terras e do traballo. Neste sentido, a lei introduce como obxectivos prioritarios a mellora das condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias galegas, quer respecto das xa existentes, quer co apoio á formación de novas explotacións e agrupacións, ou, na súa falta, a posibilidade de mobilizacións das terras improdutivas.

Un cuarto aspecto das novidades introducidas por este texto legal é, por un lado, a introdución da figura do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, recollido no título II, e que pretende que o resultado da reestruturación supoña non só unha mellora dimensional das explotacións, senón unha auténtica ordenación dos usos agrarios, de forma que se mellore a súa viabilidade técnica, económica e social. E, por outra banda, e no mesmo título, é importante a inclusión nas actuacións de reestruturación parcelaria dos terreos integrados no perímetro, especialmente os solos de núcleo rural, dado que na gran maioría das parroquias rurais galegas —e na práctica totalidade daquelas con marcada vocación agraria— os solos clasificados como de núcleo rural van manter, a medio e longo prazo, a súa vocación ligada á produción agrícola ou gandeira. A lei propón

unhas particularidades no proceso de reestruturación respecto deste tipo de solos, que permiten a súa ordenación sen afectar unha eventual e posterior posta en marcha de procesos de ordenación urbanística.

Como quinto punto novidoso, cómpre facer referencia á introdución de novas formas de participación dos afectados pola reestruturación da propiedade nas súas diversas formas, ao xurdir, vinculada á xunta local da zona e ao grupo auxiliar de traballo, a figura da xunta de titulares, así como novos mecanismos de consulta directa aos afectados nos casos da avaliación de prioridades mediante un procedemento obxectivo de avaliación previa das zonas, o estudo previo de iniciación e o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

Cómpre destacar, así mesmo, que o presente texto legal fomenta, por unha banda, a coordinación das actuacións públicas por medio da creación da figura do comité técnico asesor de reestruturación parcelaria, encargado da coordinación entre os diferentes órganos administrativos afectados en todos aqueles temas relativos ás actuacións de reestruturación, e a creación do comité de asesoramento nas zonas de actuación intensiva. Por outra banda, establece un control económico dos investimentos a través de mecanismos de estimación previa dos custos do proceso e de avaliación posterior do custo directo e indirecto unha vez finalizado este.

Outra novidade salientable encóntrase na relevancia que se outorga, ao considerarse como prioritaria, á mitigación dos efectos do cambio climático e á protección do contorno e o medio ambiente, que se concreta en figuras como a execución específica de procesos de reestruturación por causas ambientais, a introdución de criterios de conservación da rede actual de camiños e a reserva de terreos para actuacións relativas á aplicación de medidas de corrección de impactos ambientais.

Ademais, o texto legal fai especial fincapé na mobilización das terras agrarias en manifesto estado de abandono mediante a declaración como perímetros abandonados dun conxunto de predios con vocación agraria, cando poidan supoñer risco de incendios forestais ou que sexan obxecto de lumes co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas ás zonas queimadas, ou cando exista demanda de terra por parte de explotacións agrarias xa existentes nesas zonas

ou para novas iniciativas de explotacións agrarias. Isto é especialmente importante nas zonas de concentración parcelaria -e nas futuras de reestruturación- cos predios de substitución en situación de abandono, para seren incorporados ás explotacións e así garantir a utilización do espazo agrario naqueles terreos onde foron investidos importantes orzamentos para facelos máis rendibles.

Así mesmo, e na procura da mellorar as condicións de incorporación á titularidade das explotacións agrarias de Galicia, modifícase o Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, reducindo a tributación pola adquisición *mortis causa* de explotacións agrarias e de elementos afectos, mediante a redución do 99 % do seu valor ou de dereitos de usufruto sobre esta, ou a redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99 % do valor de adquisición, cando esta sexa *inter vivos*, cando concorran determinadas circunstancias dispostas na disposición derradeira segunda desta norma. Tamén as transmisións en propiedade ou a cesión temporal de terreos integrantes do Banco de Terras de Galicia, a través dos mecanismos previstos nesta lei, gozarán dunha dedución na cota tributaria do 100 % no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

En prol da simplificación normativa, expresamente derrégase a Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais, sendo integrado o seu articulado, actualizándoo, ao presente texto legal, e recollendo así o disposto no artigo 3.3.9 do Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.

En suma, a nova lei pretende dar un enfoque novo e eficaz á corrección das deficiencias na estrutura territorial das explotacións galegas, caracterizadas, os máis dos casos, polo seu reducido tamaño e pola súa dispersión, que as incapacita para garantir a súa viabilidade técnica e económica, prestando especial importancia ás explotacións tanto actuais como futuras, ao apoio ás iniciativas que pretendan, a través do traballo en común das terras, o incremento da base territorial das achegas ao proceso e á posta en valor dun concepto importante como é a ordenación dos diferen-

tes cultivos e aproveitamentos agrarios dentro das zonas de actuación, de forma que o proceso de mellora dea como resultado a existencia de explotacións, non só de maior dimensión, senón, sobre todo, máis adaptadas ao potencial produtivo de cada área.

O anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social.

TÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei*

É obxecto desta lei establecer os mecanismos e recursos para a mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia, co fin de acadar os obxectivos xerais que se recollen no artigo 2.

Artigo 2. *Obxectivos xerais*

1. Son obxectivos desta lei os seguintes:

a) Mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias en Galicia, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva.

b) Establecer, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agrario, entendendo por tal a loita contra o abandono, a formación de novas explotacións ou a incorporación ás xa existentes, prestando especial atención ao apoio á constitución de iniciativas asociativas para o aproveitamento en común, conforme o disposto no número 3.3.12.a) do Decreto 19/2001, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.

c) Ordenar adecuadamente a estrutura territorial agraria e mitigar os efectos prexudiciais sobre a estrutura das explotacións por causa da execución de grandes obras públicas ou de explotación de coutos mineiros.

d) Facilitar a adecuación territorial de áreas con elevados valores medioambientais ou paisaxísticos, ou ben coa presenza dalgún elevado risco ambiental, de tal maneira que se potencie a conservación e a permanencia dos ditos valores ou se reduza a potencial incidencia do risco, a través da reorganización espacial e funcional da estrutura territorial existente.

e) Mitigar os efectos do cambio climático mediante o establecemento de medidas adecuadas e contribuír con actuacións de adaptación aos seus efectos.

f) Incrementar a sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento integral do territorio rural mediante actuacións intensivas.

g) Incrementar a superficie das explotacións mediante a mobilización de predios de vocación agraria incluídos en perímetros en estado de abandono.

h) Apoiar as explotacións agrarias mediante a redución da tributación pola adquisición de explotacións agrarias e de elementos afectos e de predios rústicos.

2. Para o cumprimento dos obxectivos sinalados no punto anterior procurárase:

a) Agrupar as terras correspondentes a cada explotación, incluíndo as integradas en propiedade ou noutras formas de tenza, de tal forma que se mellore o máis posible a súa estrutura territorial.

b) Adxudicarlle a cada titular, na medida do posible, e sen prexuízo da alínea anterior, o menor número de predios de substitución, equivalentes ao conxunto das parcelas achegadas, unha vez efectuada a dedución sinalada no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, a recollida no artigo 32 desta lei.

c) Facilitar o acceso ás explotacións, priorizando a mellora da rede viaria existente sobre a de nova traza.

d) Establecer medidas de sustentabilidade e de protección e preservación da paisaxe e do medio ambiente.

e) Regularizar a propiedade, por medio da inmatriculación rexistral dos títulos de propiedade dos predios de substitución resultantes do proceso de reestruturación

parcelaria, ademais do disposto nos artigos 56 e 57 desta lei.

f) Mobilizar para as explotacións os predios con vocación agraria en estado de abandono, facendo maior fincapé naqueles localizados nas zonas de concentración ou reestruturación parcelaria.

g) Ordenar e protexer os usos do solo con especiais aptitudes para a actividade agraria.

Artigo 3. *Tipos de procesos de mellora da estrutura territorial agraria*

Atendendo o seu carácter, os procesos de mellora da estrutura territorial agraria son:

a) Reestruturación parcelaria de carácter público.

b) Reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.

c) Reestruturación da propiedade mediante permutas.

d) Procesos especiais inherentes aos casos dos proxectos de grandes obras públicas lineais e coutos mineiros.

e) Actuacións intensivas en zonas rurais.

Artigo 4. *Definicións*

Para os efectos desta lei, entenderase por:

1. Acordo de reestruturación parcelaria: fase do procedemento de reestruturación parcelaria consistente no deseño dunha nova ordenación territorial do conxunto dos terreos incluídos na zona de reestruturación mediante a agrupación e, se for o caso, nova localización dos terreos achegados por cada persoa propietaria, agrupación de titulares, explotación agraria ou iniciativa agraria de explotación en común. Seguiranse procedementos técnicos que procuren a mellora obxectiva da súa estrutura territorial atendendo a viabilidade futura das explotacións e, na medida do posible, as peticións razoadas das persoas titulares, de tal forma que os predios de substitución resultantes manteñan no seu conxunto un valor proporcionado ao das parcelas achegadas unha vez efectuada a dedución sinalada

no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, a recollida no artigo 32 desta lei.

2. Actuación intensiva: conxunto de accións e investimentos para aplicar en cada zona rural, tendo en conta as súas peculiaridades, co obxectivo de incrementar a súa sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento integral.

3. Agrupación de titulares: conxunto de persoas físicas ou xurídicas titulares de predios que, vinculadas entre si e manifestando a súa vontade expresamente, son consideradas como unha unidade para efectos da reestruturación das súas parcelas de achega, aínda que conservando a súa individualidade respecto da titularidade dos predios de substitución que a cada partícipe lle correspondan.

4. Áreas de especial protección: aqueles terreos delimitados que posúen valores singulares de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico ou medioambiental e que están cualificados legalmente como tales.

5. Áreas de reestruturación preferente: conxunto de terreos situados dentro da zona de reestruturación que, polas súas características específicas, sexan establecidos no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria para acoller, de ser o caso, polígonos agrarios.

O destino destas áreas é a localización das explotacións, agrupacións ou iniciativas de aproveitamento en común recollidas no antedito plan para constituír unidades técnico-económicas específicas, conforme as orientacións produtivas establecidas nel.

6. Áreas sen aptitude específica: conxunto de terreos da zona de reestruturación non definidos no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria como áreas de ordenación preferente, así como as terras incluídas nestas e non utilizadas como tales despois das atribucións dos predios de substitución.

7. Bases de reestruturación parcelaria: fase do procedemento de reestruturación parcelaria consistente na execución das operacións de definición do parcelario, de investigación da propiedade e de clasificación das terras.

8. Clasificación das terras: operación incluída nas bases de reestruturación parcelaria que consiste en:

a) A determinación, en función do seu valor agronómico e produtivo, das diferentes clases de terra existentes dentro da zona de reestruturación.

b) A fixación, de ser o caso, dos factores correctores en función da localización xeográfica das parcelas de achega respecto das zonas que poidan significar incremento ou diminución do valor por razóns non agrarias.

c) A elección das parcelas tipo, que representen a súa respectiva clase de terra e sirvan de patrón de comparación.

d) A fixación dos respectivos valores de compensación ou puntuacións unitarias por clase de terra, valores relativos que servirán de base para levar a cabo as compensacións que poidan resultar necesarias.

e) A delimitación cartográfica das diferentes clases de terra en que poden estar divididas as parcelas de achega.

f) O cálculo do valor en puntuación de cada parcela de achega, obtido por produto das respectivas superficies de cada clase, os seus respectivos valores de compensación e, de ser o caso, os factores correctores.

9. Definición do parcelario: actuación incluída nas bases de reestruturación parcelaria que consiste na correcta delimitación cartográfica da totalidade das parcelas, da rede hidrográfica, das construcións, da rede viaria e dos elementos topográficos singulares incluídos na zona de reestruturación.

10. Explotación agraria: conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesmo unha unidade técnico-económica, segundo a definición dada pola Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, ou normas que a substitúan.

11. Predios de substitución: son os predios resultantes do proceso de reestruturación parcelaria, obtidos por agrupación e, se é o caso, nova localización das parcelas de achega e que, para cada titular, corresponden ao valor proporcionado ao das súas parcelas achegadas, unha vez aplicada a dedución legalmente establecida.

As estremas dos predios de substitución representan os seus límites, sen prexuízo dos recuamentos que procedan conforme o disposto na súa lexislación sectorial.

12. Grande obra pública: os traballos de construción, xa sexan infraestruturas ou edificacións, promovidos por unha administración pública tendo como obxectivo o beneficio da comunidade. Entre as principais obras públicas encóntranse as infraestruturas de transporte, como autoestradas, autovías e estradas, aeroportos, transporte ferroviario e transporte de materias por oleodutos ou gasodutos, así como as infraestruturas hidráulicas, como encoros, redes de distribución e depuradoras.

13. Iniciativa agraria de aproveitamento en común: conxunto de titulares agrupados baixo a forma xurídica de sociedade mercantil, cooperativa, sociedade de bens, sociedade de fomento forestal, sociedade agraria de transformación ou calquera outra figura de agrupación con personalidade xurídica para a xestión conxunta dos seus terreos que se estableza legalmente que achegan a esta, ben sexa como capital ou como aproveitamento, as parcelas afectadas polo proceso de reestruturación parcelaria, coas excepcións sinaladas no artigo 21, co fin de constituír unha unidade técnico-económica viable e duradeira sobre os predios de substitución atribuídos e de explotación conforme o establecido no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona de reestruturación.

14. Investigación da propiedade: operación incluída nas bases de reestruturación parcelaria que consiste en:

a) A recollida dos datos persoais das persoas propietarias e das titulares de cargas e gravames, así como, de ser o caso, dos seus representantes legais.

b) A declaración, por parte das persoas titulares ou das súas representantes legais, do dominio das parcelas de achega a favor de quen as posúa en concepto de dono e das súas cargas, gravames e demais situacións xurídicas que eventualmente as poidan afectar no referente á propiedade, posesión ou aproveitamento. A correcta localización das citadas parcelas nos planos parcelarios será responsabilidade das persoas titulares ou das súas representantes.

c) A delimitación cartográfica e a determinación da superficie real das parcelas de achega.

15. Masa común: conxunto dos predios remanentes resultantes do proceso de axuste técnico para a compensación entre achegas e atribucións, e co destino e titularidade que establece o artigo 34 desta lei.

16. Orientacións prioritarias: aqueles cultivos e aproveitamentos gandeiros ou forestais que o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria identifica como de maior idoneidade polas súas características agromómicas ou de adaptación ao tecido socioeconómico para impulsar explotacións agrarias técnica, económica e socialmente viables.

17. Parcelas de achega: son os predios obxecto do proceso de reestruturación parcelaria que, clasificados e valorados conforme os criterios legalmente establecidos, darán lugar, no seu conxunto, aos novos predios de substitución unha vez aplicado o procedemento de reestruturación e a dedución sinalada no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, a recollida no artigo 32 desta lei.

18. Parcelas reservadas: aquelas parcelas que manteñan inalterada a súa titularidade, localización e configuración, ao non ter equivalente compensatorio sen prexuízo para o seu titular, por contar con obras ou melloras excepcionais, con servidumes ou serventías, pola súa especial natureza, a súa localización privilexiada, o seu valor extraagrario ou calquera outra circunstancia que se deba ter en conta.

19. Parcela única: aquela parcela de achega que é propiedade dunha persoa titular que só posúe esa parcela no conxunto da zona de reestruturación.

20. Perímetro de reestruturación: delimitación do contorno da zona de reestruturación, determinado polo correspondente decreto de utilidade pública, ou orde no caso da reestruturación da propiedade de predios con vocación agraria polas persoas particulares, e susceptible de variación como consecuencia das rectificacións que se poidan introducir de conformidade co previsto nesta lei.

21. Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria: documento técnico que serve como instrumento aplicable para o cumprimento dos obxectivos sinalados no artigo 2, e que consiste en:

a) A identificación, segundo o especificado no estudo previo de iniciación, da situación actual dos cultivos e aproveitamentos e da estrutura das explotacións agrarias con presenza na zona de reestruturación.

b) O establecemento e a delimitación, no conxunto da zona de reestruturación, dos diferentes usos das terras incluídas, de acordo con criterios técnico-agronómicos, económicos e sociais.

c) A determinación das orientacións prioritarias, isto é, daqueles cultivos e aproveitamentos que poidan ter posibilidade potencial e real de servir de fundamento á constitución e mantemento de explotacións ou iniciativas de aproveitamento en común, técnica, social e economicamente viables na zona considerada, e a determinación da dimensión mínima en superficie e instalacións necesarias para acadar esa viabilidade para cada orientación produtiva.

d) De ser o caso, a inclusión como orientacións prioritarias daquelas iniciativas singulares, presentadas por persoas físicas ou xurídicas, relacionadas con cultivos ou aproveitamentos non incluídos na alínea c), sempre que vaian acompañadas dun plan de viabilidade técnico-económica que deberá recibir o informe favorable do servizo provincial competente.

(...) No caso de que todas ou algunhas das orientacións prioritarias sinaladas nas alíneas anteriores teñan necesidade de condicións de localización específicas, por razóns técnico-agronómicas obxectivas, identifícaranse e delimitáranse os terreos con maior aptitude, que terán a consideración de áreas de ordenación preferente.

O resto dos terreos serán considerados como áreas sen aptitude específica e poderán ser dedicados a calquera aproveitamento acorde cos usos autorizados, o mesmo que as terras das áreas de ordenación preferente non utilizadas como tales despois da atribución sinalada no artigo 29.

Aos criterios básicos para a clasificación dos terreos sinalados no número 8 deste artigo engadiránselles os derivados da vocación produtiva das orientacións integradas nas áreas de ordenación preferente.

e) A apertura dun proceso de incorporación voluntaria ao plan daquelas explotacións e iniciativas agrarias de provei-

tamento en común, existentes ou de nova creación, interesadas en formar parte activa nel. Estas entidades asumirán as obrigas específicas e, como contrapartida, gozarán das vantaxes sinaladas no artigo 21.

f) A definición das normas técnicas específicas para o deseño dos novos predios de substitución, co fin de maximizar a súa utilidade, conforme as directrices definidas polos puntos anteriores.

g) A elaboración da documentación cartográfica que plasme os resultados do plan.

h) As necesidades mínimas de terra agraria por orientación ou cultivo, dentro da zona de reestruturación, para garantir a viabilidade das explotacións agrarias resultantes.

No caso de que, na zona de reestruturación, se inclúan terreos de natureza forestal, o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria deberá ter en conta a planificación forestal establecida na lexislación de montes en vigor.

22. Polígonos agrarios: conxunto de terreos que, polas súas características edáficas, de orientación, topográficas, de posibilidade de rega ou calquera outro criterio agronómico, se utilizan para acoller os cultivos ou aproveitamentos intensivos, de horta, de viñedo, froiteiras, de agricultura ecolóxica ou forestal ou outros que se determinen no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

23. Predio con vocación agraria: todo aquel terreo, ou dereito real ou persoal sobre el, tanto cando se trate de dereitos derivados da súa titularidade patrimonial como de dereitos reais sobre predios de titularidade allea, que constitúe un eido ou unha parcela que, independentemente da súa clasificación urbanística, sexa susceptible de ter un aproveitamento agrícola, forestal, gandeiro ou mixto polas súas aptitudes agronómicas, así como os elementos vinculados ao predio, entendendo por tales a casa de labor, as edificacións e as dependencias, aínda que non sexan estremeiras.

Non perderá o seu carácter de predio con vocación agraria por tratarse do lugar acasado nos termos establecidos polo artigo 119 da Lei 1/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, ou por tratarse dun predio vinculado a explotacións agrarias nos termos establecidos na normativa

galega reguladora do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, nin tampouco por tratarse de predios vinculados a explotacións forestais ou mixtas de tipo industrial, ou locais ou terreos dedicados exclusivamente a estabulación do gando.

Para os efectos desta lei, terán a consideración de predios con vocación agraria todos aqueles que estean incluídos no perímetro de reestruturación parcelaria, sen prexuízo de que poidan ter calquera outra cualificación engadida.

24. Predios abandonados: aquelas superficies non sometidas a ningunha práctica relacionada coa custodia do territorio, nin de cultivo, nin destinadas a pastoreo, así como os terreos con plantacións forestais realizadas en terra agraria, cando a cuberta vexetal de sotobosque, de natureza herbácea ou arbustiva, presente un estado que propicie a aparición do lume, a erosión ou degradación do terreo, a invasión de malas herbas, as pragas ou as enfermidades que poidan causar danos ao propio predio ou aos predios limdeiros ou próximos a el.

25. Reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares: reordenación da propiedade da terra dentro dun perímetro predeterminado, para mellorar a estrutura territorial agraria, solicitada e xestionada por un conxunto de persoas titulares de predios de vocación agraria conforme o disposto no título III desta lei.

26. Reestruturación parcelaria de carácter público: reordenación da propiedade da terra dentro dun perímetro predeterminado, para mellorar a estrutura territorial agraria, impulsada pola Administración pública.

27. Terreos excluídos: aqueles que inicialmente formaron parte da zona de reestruturación pero que, debido a que concorren neles circunstancias conformes co artigo 24 desta lei alleas á propia natureza do proceso de reestruturación, son descartados como obxecto deste.

28. Titular do predio: a persoa física ou xurídica, pública ou privada, propietaria do predio.

29. Zona de reestruturación: conxunto dos terreos que serán obxecto dun proceso de reestruturación parcelaria.

Estará delimitado exteriormente polo perímetro de reestruturación e, no seu interior, quedarán perfectamente delimitados aqueles terreos que, por constituír áreas de especial protección ou por calquera outra causa que a lei determine, non sexan obxecto do proceso. Desta forma, procurarase que o deseño dos predios de substitución resultantes e, de ser o caso, das infraestruturas asociadas permita un óptimo aproveitamento e ordenación do conxunto do territorio incluído no devandito perímetro de reestruturación.

30. Proxecto de incorporación á actividade agraria: explotación con solicitude rexistrada de axuda para a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria segundo a orde publicada para tal efecto pola consellaría competente na materia.

Artigo 5. *Ámbito de aplicación da lei*

1. Esta lei será aplicable á totalidade dos terreos incluídos dentro do perímetro de reestruturación, independentemente da súa capacidade e situación produtiva, e calquera que sexa a súa clasificación urbanística, agás os clasificados como urbanos e urbanizables.

2. No caso das permutas voluntarias e no dos procesos especiais, o ámbito de aplicación será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Así mesmo, no caso da declaración de perímetros en estado de abandono, así como na exención de tributos nas transmisións de explotacións agrarias, o ámbito de aplicación será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. No caso de zonas de actuación intensiva, o ámbito de aplicación virá determinado no correspondente decreto; non será necesario que coincida con ningunha das divisións administrativas existentes.

Artigo 6. *Iniciativa*

A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá levar a cabo o procedemento sinalado no artigo 7, como paso previo á determinación da idoneidade dunha zona para ser obxecto de calquera das actuacións de mellora da estrutura territorial recollidas no artigo 3, conforme as seguintes iniciativas:

1. No caso de actuacións de reestruturación parcelaria de carácter público, poderán ser sometidas ao procedemento de avaliación sinalado no artigo 7:

a) De oficio, por iniciativa da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

b) Mediante solicitude debidamente motivada do concello ou concellos en que se inclúa a zona para a que se propón a avaliación.

c) Por proposta, cando menos, do 70 % das persoas titulares das explotacións agrarias inscritas nos diferentes rexistros oficiais que recollen as explotacións agrarias de Galicia e con actividade na zona para a cal se propón a avaliación.

2. As actuacións de reestruturación da propiedade de predios con vocación agraria polas persoas particulares serán solicitadas conforme o disposto no artigo 45 desta lei, sempre que cumpran os requisitos sinalados nos artigos 46 ou 47, segundo o caso.

3. A reestruturación da propiedade mediante o sistema de permutas requirirá a iniciativa das persoas titulares dos predios obxecto do proceso.

4. Os procesos especiais a que fai referencia a alínea d) do artigo 3 requirirán iniciativa conforme o establecido no artigo 58 desta lei.

5. Nas zonas de actuación intensiva, a iniciativa será da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

Artigo 7. *Avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais*

1. Para o inicio dun proceso de mellora da estrutura territorial agraria nunha zona será necesario acreditar, con carácter previo, que se cumpre algún dos requisitos necesarios para acadar os obxectivos xerais que se establecen no artigo 2 desta lei.

2. A acreditación do cumprimento deses obxectivos xerais levarase a cabo tendo en conta as seguintes circunstancias:

a) A existencia de deficiencias estruturais das explotacións agrarias situadas na zona de actuación que incidan negativamente na súa viabilidade técnico-económica e que poidan ser corrixidas mediante algún dos procesos de mellora da estrutura territorial agraria.

b) A actividade agraria da zona de actuación e a existencia de profesionais agrarios que dedican as súas producións á comercialización.

c) O interese das persoas titulares, especialmente das explotacións agrarias, por levar a cabo o proceso, constatado polas sinaturas que apoien a petición.

d) O dinamismo do territorio e a poboación, que permita a maximización do efecto do procedemento de mellora.

e) A potencialidade agraria da zona, estimada de acordo con criterios obxectivos.

f) A sensibilidade ambiental, atendendo aqueles aspectos que poden condicionar negativamente a viabilidade das actuacións e a existencia dentro do seu perímetro de áreas ambientalmente protexidas ou que, estando fóra deste, se poidan ver afectadas negativamente.

g) A posibilidade de mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución das emisións de CO₂ e do número e intensidade dos incendios forestais.

h) Outros factores que se consideren adecuados para acreditar o cumprimento dos obxectivos xerais.

3. Establecerase regulamentariamente un procedemento de valoración das zonas solicitadas de acordo cos criterios expostos no punto anterior, para poder avaliar así a súa viabilidade de partida. Especificamente, nese procedemento incluírase unha consulta aberta a todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas que permita coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e as propostas de mellora.

4. Á vista dos resultados do procedemento de valoración, o servizo provincial elaborará un informe razoado de avaliación que será publicado na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

5. No caso dunha actuación de reestruturación parcelaria de carácter público, de se obter unha avaliación positiva, isto é, que supere o valor mínimo sinalado no número 3, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá someter a zona ao procedemento de estudo previo de iniciación sinalado no artigo 9.

6. Nas actuacións de reestruturación de predios de vocación agraria polas persoas particulares, de obterse unha avaliación positiva, isto é, que supere o valor mínimo sinalado no número 3, poderase proceder directamente conforme o disposto no artigo 48.

7. Pola súa propia natureza, os restantes tipos de procesos de reestruturación parcelaria non serán obxecto de avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais, agás a reestruturación das zonas de actuación intensiva, que se fará conforme o disposto no artigo 80 desta lei.

TÍTULO II

A reestruturación parcelaria de carácter público

CAPÍTULO I

O estudo previo de iniciación e o decreto de reestruturación parcelaria

Artigo 8. *Ámbito de actuación*

1. O proceso de reestruturación parcelaria afectará a totalidade dos terreos a que fai referencia o número 1 do artigo 5 e incluídos dentro do perímetro de reestruturación.

2. Considérase incluída no ámbito do proceso de reestruturación parcelaria de carácter público a execución daquelas infraestruturas rurais que se consideren indispensables para a reestruturación predial ou que, realizadas simultaneamente con esta, contribúan a acadar os obxectivos desta lei.

Artigo 9. *O estudo previo de iniciación*

1. Superado favorablemente o proceso de avaliación a que fai referencia o artigo 7, o servizo provincial correspondente poderá comezar a elaboración do estudo previo de iniciación da zona de reestruturación, logo do mandato da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

2. O servizo provincial solicitará ao concello ou concellos afectados e ao comité técnico asesor definido no artigo 14, así como a calquera outro organismo ou entidade que xulgue conveniente, informes non vinculantes co fin de coñecer o seu criterio respecto das posibles actuacións na zona.

3. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural dirixirase aos departamentos tanto da Administración central como da autonómica e local que se poidan ver afectados polo proceso para que, nun prazo de tres meses, remitan a información necesaria que poida influír na redacción e contido do estudo previo de iniciación.

Igualmente, requirirá informe daquelas notaría actúantes na zona de reestruturación e dos rexistros públicos cuxa consulta sexa preceptiva conforme a lei.

Transcorrido o dito prazo sen recibir contestación, entenderase que non existen plans, proxectos ou actuacións por parte dos ditos organismos que deban ser tidos en conta para o futuro desenvolvemento da reestruturación parcelaria da zona da que se trate, e aplicarase o disposto no número 3 do artigo 11.

4. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá subscribir convenios de colaboración con aquelas administracións públicas susceptibles de achegar datos cartográficos ou censuais de titulares, parcelas ou explotacións que sexan obxecto do proceso de reestruturación parcelaria, co obxectivo de facilitar os traballos relativos ao proceso, garantindo o debido respecto á protección de datos de carácter persoal.

5. O estudo previo de iniciación estará coordinado na súa redacción polo persoal técnico designado pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e constará, como mínimo, de:

a) Un estudo de caracterización, que recollerá a información dispoñible necesaria para avaliar as posibilidades de mellora estrutural e socioeconómica da zona considerada, así como os datos necesarios para determinar a viabilidade económica e financeira da actuación.

b) Un estudo de determinación do perímetro de reestruturación da zona, que conterá información cartográfica pre-

cisa sobre o seu deslindamento perimetral e a delimitación da zona de reestruturación, incluíndo a delimitación precisa dos elementos de especial protección de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico, forestal, mineiro, ecolóxico, ambiental e calquera outro que a normativa sectorial vixente determine.

c) Unha delimitación, o máis pormenorizada posible, do perímetro do solo de núcleo rural, solo urbano e solo urbanizable dentro do perímetro de reestruturación parcelaria.

d) Unha avaliación das fontes cartográficas existentes e a súa posibilidade de emprego no proceso. No caso de non existir unha fonte adecuada, procederase ao levantamento cartográfico do parcelario.

e) Unha análise das explotacións agrarias e proxectos agrarios con compromiso asinado, a súa superficie actual, os réximes de tenza, a posibilidade de expansión, a posibilidade de novas incorporacións á actividade agraria e a mellora na viabilidade das explotacións como resultado do proceso, así como calquera outra que teña interese en relación con elas.

f) A resolución favorable do órgano ambiental respecto da avaliación de impacto ambiental da zona de reestruturación parcelaria. Para iso, procederase previamente segundo o establecido na normativa de avaliación de impacto ambiental.

g) Unha prospección arqueolóxica de carácter extensivo, identificando os bens de interese histórico-cultural, arqueolóxico, etc., que a lexislación determine como obrigatoria.

h) Unha relación de entidades e actores de relevancia para a execución do proceso, así como actuacións, plans ou programas que se deben ter en conta.

i) Calquera outro estudo que se considere relevante ou que a lexislación sectorial determine.

j) Conclusións e avaliación global da viabilidade da zona que se vai reestruturar.

6. O contido do estudo será dado a coñecer á xeneralidade das persoas interesadas no proceso mediante aviso

inserido no *Diario Oficial de Galicia* e poderá ser consultado, durante o prazo dun mes, no concello ou concellos afectados, na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e, adicionalmente, por calquera outro medio que se determine regulamentariamente. Durante este prazo poderanse realizar achegas ao estudo, que serán analizadas polo servizo provincial competente e, de ser o caso, incorporadas para a súa redacción final.

7. Naquelas zonas cuxo estudo previo de iniciación indique a non viabilidade da reestruturación parcelaria para ela, poderase realizar unha valoración de actuacións alternativas para a consecución dos obxectivos desta lei.

Artigo 10. *Inicio do proceso*

1. De acadar un resultado positivo o estudo previo de iniciación da zona, por proposta da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural declararase, mediante decreto do Consello da Xunta, a utilidade pública da súa reestruturación parcelaria.

2. O decreto conterá os seguintes pronunciamentos:

a) A declaración de utilidade pública da reestruturación parcelaria da zona de que se trate.

b) A delimitación do perímetro da zona de reestruturación parcelaria segundo se determina no estudo previo de iniciación, sen prexuízo das rectificacións deste que procedan conforme o disposto no artigo 23.

c) A declaración da zona de reestruturación parcelaria como zona de actuación agraria prioritaria, nas condicións establecidas pola normativa en materia de mobilidade de terras.

3. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, publicado o decreto, comunicará este dato ás notarías actuantes na zona, ao rexistro da propiedade que corresponda, así como a todos aqueles departamentos das administracións públicas que poidan resultar afectados polo proceso de reestruturación, e ás persoas interesadas en xeral, a través da sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

Artigo 11. *Efectos do proceso de reestruturación parcelaria*

1. Declarada de utilidade pública a reestruturación parcelaria dunha zona, esta será obrigatoria para todas as persoas propietarias e titulares de dereitos e situacións xurídicas sobre terreos comprendidos dentro do perímetro de reestruturación, así como para os operadores públicos e privados de redes de subministración, infraestruturas e aproveitamentos.

2. Desde a entrada en vigor do decreto de declaración da utilidade pública da reestruturación parcelaria, todo adquirente a título oneroso ou lucrativo de terreos afectados polo proceso quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas do transmitente que deriven do devandito proceso.

3. Así mesmo, publicado o decreto de declaración de utilidade pública da reestruturación parcelaria, calquera actuación que leven a cabo outros órganos de calquera outra administración pública deberá adaptar as súas actuacións, agás declaración de prevalencia, á fase do proceso de reestruturación que se estea levando a cabo.

Artigo 12. *Obrigas das persoas titulares*

1. A persoa titular dun dereito de propiedade ou de uso e gozo naquelas zonas en que se realice un proceso de reestruturación parcelaria cualificada de utilidade pública quedará obrigada a:

a) Coidar as parcelas de achega mentres non se produza a toma de posesión dos novos predios de substitución, sen que poida cortar ou derrubar arboredo, suprimir plantacións permanentes ou realizar actos que poidan diminuír o valor da parcela de achega sen a autorización previa do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

b) Impedir o estado de abandono dos predios de substitución atribuídos, mantendo as terras cultivadas conforme a súa capacidade agronómica e o aproveitamento adecuado dos seus recursos, respectando os seus valores medioambientais, facendo fronte, por si mesma ou por cesión a terceira persoa, aos compromisos adquiridos durante un período mínimo de dez anos a partir de que o acordo de reestruturación parcelaria sexa firme ou, na súa falta e polo mesmo período de tempo, incorporar ao Banco de Terras os predios de substitución atribuídos en que non se poida garantir o compromiso.

O incumprimento desta obriga será sancionado conforme o artigo 37.3.f) da vixente Lei de mobilidade de terras.

c) Nos casos sinalados no artigo 21, manter os predios de substitución atribuídos en explotación conforme o determinado para elas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona, durante un período de quince anos desde que o acordo de reestruturación parcelaria sexa firme.

d) Manter indivisos os predios de substitución nas condicións legalmente establecidas, agás nos casos recollidos no artigo 72.

e) Consentir o acceso ás súas terras cando sexa necesario para a correcta execución dos traballos técnicos relacionados coa reestruturación parcelaria e proceder á roza e limpeza de malezas total ou parcial dos terreos, cando sexa necesario para os ditos traballos.

f) Colaborar no proceso coa consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, achegando canta información sexa necesaria para a súa execución.

2. O incumprimento das anteriores obrigas dará lugar á imposición das sancións que se determinan no título X desta lei, coa excepción do sinalado na alínea b), todo iso sen prexuízo de que, no caso do incumprimento dos supostos recollidos nas alíneas b) e c) do punto anterior, o causante deba aboar os custos da reestruturación segundo se estableza regulamentariamente.

3. As persoas titulares de predios de substitución, unha vez outorgada a toma de posesión provisional ou definitiva, serán responsables dos danos causados nos predios dos estremeiros que non sexan consecuencia do uso normal do inmovible, por incumprimento das obrigas recollidas no número 1 deste artigo.

CAPÍTULO II

Órganos competentes en materia de reestruturación parcelariaArtigo 13. *Órganos competentes en reestruturación parcelaria*

A execución do proceso de reestruturación parcelaria levaraa a cabo a consellaría competente en desenvolvemento

rural, a través da dirección xeral que corresponda por razón da materia, que actuará a nivel provincial a través do servizo competente en materia de reestruturación parcelaria, auxiliado por:

- a) O comité técnico asesor de reestruturación parcelaria.
- b) A xunta de titulares.
- c) A xunta local de zona.
- d) O grupo auxiliar de traballo.

Artigo 14. *O comité técnico asesor de reestruturación parcelaria*

1. O comité técnico asesor de reestruturación parcelaria, órgano de asesoramento de carácter provincial, ten como función principal a coordinación entre as diferentes actuacións de mellora da estrutura territorial agraria levadas a cabo na provincia e entre os diferentes organismos que teñen relación cunha actuación concreta para cada zona de reestruturación parcelaria. O comité emitirá informes non vinculantes naqueles temas especificamente sinalados nesta lei.

2. O comité técnico asesor estará presidido pola persoa titular da delegación territorial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente por razón de localización da zona, ou persoa que a represente, e estará formado, como membros natos, por unha persoa representante por cada un dos departamentos e entidades competentes en materia de:

- a) Desenvolvemento rural.
- b) Xestión do Banco de Terras.
- c) Produción agropecuaria.
- d) Montes.
- e) Conservación da natureza.
- f) Xestión de augas.
- g) Urbanismo.
- h) Patrimonio cultural.
- i) Organizacións profesionais agrarias.
- j) Administración local.

Así mesmo, e por razón das súas competencias, será citada ás reunións do comité técnico asesor unha persoa representante de cada un dos seguintes departamentos e entidades:

a) Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Estradas do Estado.

c) Xestión da calidade agroalimentaria, denominacións de orixe protexidas e indicacións xeográficas protexidas.

d) Infraestruturas enerxéticas e minas.

e) Xerencia territorial do catastro.

f) Deputación provincial.

g) Calquera outro departamento, organización ambiental, monte veciñal en man común ou asociación en defensa do patrimonio e aquelas outras entidades ou persoas que por razón da materia teñan incidencia na actuación de mellora da estrutura agraria que se leve a cabo.

Exercerá a secretaría unha persoa funcionaria da xefatura territorial da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural da provincia correspondente, coa condición de licenciada en dereito.

3. A forma de designación dos membros deste comité e o seu funcionamento serán determinados regulamentariamente.

Artigo 15. *A xunta de titulares*

1. Son membros da xunta de titulares:

a) A totalidade das persoas titulares dun dereito de propiedade ou de uso e gozo de carácter agrario de terras afectadas polo proceso de reestruturación.

b) As persoas titulares de explotacións agrarias con terras afectadas polo proceso de reestruturación.

2. No prazo non superior a un mes a partir do asinamento da acta de inicio dos traballos a que fai referencia o artigo 19, a persoa que exerza a alcaldía do concello, ou, de afectar varios concellos, o de maior superficie incluída na zona, convocará mediante edicto a xunta de titulares.

3. A convocatoria a que se refire o punto anterior levarase a cabo polo menos con quince días de antelación á data da

celebración da xunta de titulares. Indicarase o lugar, o día e a hora da reunión e será obxecto de anuncio nos lugares de costume da parroquia ou parroquias, segundo o caso, e no taboleiro de anuncios do concello ou concellos afectados polo proceso.

Así mesmo, a xunta de titulares poderase reunir de forma extraordinaria por solicitude de polo menos o 20 % das persoas integradas na listaxe que se recolle no número 1, seguindo o procedemento do número 3, cando se dean circunstancias excepcionais que fagan necesaria tal convocatoria, ou ben por solicitude da xunta local.

4. Son funcións da xunta de titulares, que exercerá ata o momento da aprobación do acordo de reestruturación parcelaria:

a) Elixir os seus representantes e suplentes na xunta local de zona e no grupo auxiliar de traballo.

b) Proponer á xunta local de zona a substitución dunha ou varias das persoas que a representan nela, ou no grupo auxiliar de traballo, polas seguintes causas:

1º Por morte da persoa titular.

2º Por enfermidade grave que imposibilite permanentemente a súa asistencia.

3º Por renuncia expresa.

4º Cando deixen de concorrer nelas os requisitos establecidos no punto 1 deste artigo.

5º Por decisión da propia xunta de titulares na convocatoria extraordinaria regulada no número 4, en función de circunstancias excepcionais.

Neste último caso, a decisión deberá ser ratificada pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do informe do servizo provincial correspondente.

Artigo 16. *A xunta local*

1. A xunta local de zona é un órgano colexiado formado por:

a) Presidencia, con voto de calidade: a persoa que exerza a xefatura do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

b) Secretaría: una persoa funcionaria da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural coa condición de licenciada en dereito, designada pola persoa titular da delegación territorial que corresponda, que actuará con voz pero sen voto.

c) Asesoría: unha persoa do equipo técnico agronómico da empresa contratada para a realización material dos traballos de reestruturación parcelaria, que actuará, de ser o caso, como asesora con voz pero sen voto.

d) Vogalías:

1º. A persoa que exerza a alcaldía do concello ou concellos en que se sitúa a zona de reestruturación, ou quen esta designe.

2º. Catro persoas representantes da xunta de titulares, elixidas conforme se estableza regulamentariamente.

3º. A persoa técnica do servizo provincial encargado da zona, designada pola persoa que exerza a xefatura do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

4º. A persoa técnica da oficina agraria comarcal correspondente á zona, designada pola persoa titular da xefatura territorial.

5º. A persoa que exerza a xefatura do servizo provincial competente en materia de montes ou persoa en quen delegue.

6º. Unha persoa representante da entidade xestora do Banco de Terras.

No caso de que a zona de reestruturación abranca máis dun concello, formarán parte da xunta local as persoas representantes de todos os concellos afectados e as vogalías incrementaranse no número correspondente.

2. As funcións da xunta local son:

a) Colaborar co servizo provincial competente na materia en todo aquilo para o que sexa requirida, cooperando nos

traballos técnicos e en cantas cuestións de orde práctica contribúan ao mellor coñecemento e concreción das situacións de feito na zona en que se vai actuar, e especificamente no estudo das propostas de exclusións, reservas e modificacións do perímetro.

b) Emitir informe sobre as bases de reestruturación parcelaria e o acordo de reestruturación parcelaria.

c) Substituír calquera das persoas que exerzan as vogalías representantes da xunta de titulares por calquera das causas recollidas na alínea b) do número 5 do artigo 15.

d) Emitir, por propia iniciativa, informes sobre cuestións relacionadas coa reestruturación parcelaria ante o servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

3. A xunta local constituirase nun prazo non superior a un mes, contado a partir do día seguinte ao da elección das persoas representantes da xunta de titulares e quedará disolta, xunto con esta, unha vez aprobado o acordo de reestruturación parcelaria.

4. O funcionamento da xunta local determinarase regulamentariamente.

Artigo 17. *O grupo auxiliar de traballo*

1. O grupo auxiliar de traballo é un órgano formado polas persoas titulares de dereitos de propiedade ou de uso e gozo de carácter agrario residentes dentro da parroquia ou parroquias onde radique a zona de reestruturación, que ten como función asesorar e colaborar coa xunta local e co equipo técnico actuante no proceso, especialmente nos traballos de clasificación de terras.

2. É competencia do conxunto das persoas representantes da xunta de titulares na xunta local e do grupo auxiliar de traballo colaborar co equipo técnico do servizo provincial encargado da zona e, de ser o caso, coa empresa contratada, para a fixación das clases de terra, a determinación das parcelas tipo, os coeficientes de compensación e o estudo das reclamacións de clasificación na fase de enquisa das bases, se é o caso.

3. O grupo auxiliar de traballo estará constituído por un mínimo de catro persoas e un máximo do 3 % das persoas

integradas na listaxe total sinalada no número 2 do artigo 15, tendo en conta que, no caso de ser este inferior ao mínimo, se nomearán sempre catro membros, e os seus suplentes en igual número.

Os seus membros, titulares e suplentes, será elixidos pola xunta de titulares na mesma asemblea convocada para a elección das persoas representantes das persoas titulares na xunta local de zona, procurando que nela estean representadas todas as entidades de poboación incluídas dentro do perímetro de reestruturación.

CAPÍTULO III

O procedemento de reestruturación parcelaria

Artigo 18. *Fases e actuacións complementarias da reestruturación parcelaria*

1. O proceso de reestruturación parcelaria comprenderá as seguintes fases:

a) Bases de reestruturación parcelaria.

b) Acordo de reestruturación parcelaria.

c) Acta de reorganización da propiedade.

2. No procedemento de reestruturación parcelaria inclúense as seguintes actuacións complementarias e necesarias para o seu desenvolvemento:

a) A preparación dos planos parcelarios cartográficos.

b) A elaboración do documento ambiental previo e do estudo de impacto ambiental, se é o caso.

c) A elaboración do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

d) A elaboración do plan de obras.

e) A implantación dos predios de substitución.

f) A inmatriculación rexistral destes.

3. Así mesmo, forman parte do procedemento de reestruturación parcelaria o conxunto das actuacións sobre as

infraestruturas sinaladas no número 2 do artigo 8, e que se desenvolven no título VI.

4. Determinaranse regulamentariamente os procedementos técnicos de execución das diferentes operacións que forman parte das devanditas actuacións.

Artigo 19. *Bases de reestruturación parcelaria*

1. A acta de inicio dos traballos, documento que determina a data de comezo da execución das bases de reestruturación parcelaria, será asinada pola persoa titular da xefatura do servizo provincial competente na materia, a persoa que exerza a dirección dos traballos, nomeado por aquela, e, se é o caso, unha persoa representante da empresa contratada para a execución dos traballos. Esta acta será comunicada ás persoas titulares das alcaldías do concello ou concellos afectados e publicada na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

2. Para a realización dos traballos que forman parte das bases de reestruturación parcelaria farase necesario proceder á execución das operacións de definición do parcelario, investigación da propiedade e clasificación de terras e á redacción do correspondente Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, tal e como se recollen no artigo 4 desta lei.

3. Recollidos, como consecuencia das operacións indicadas no punto anterior, todos os datos necesarios para a redacción das bases, o servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria poderá proceder a inserir os avisos de exposición e enquisa pública a que fai referencia o artigo 42.1, determinando que, durante o período dun mes, se fará entrega ás persoas titulares de dereitos de propiedade ou de uso e gozo de carácter agrario, ou ás súas representantes que así o soliciten, do correspondente documento resumo en que se relacionan os datos que as afecten e cuxo contido será determinado regulamentariamente.

4. Durante o prazo establecido no punto anterior, as persoas afectadas pola reestruturación parcelaria poderán formular, por escrito, as alegacións que consideren oportunas, presentando os documentos en que as fundamenten.

5. As alegacións presentadas, se for o caso, como resultado da enquisa serán obxecto de estudo de forma individual polo servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria, que introducirá, na documentación integrante das bases, aquelas que motivadamente se consideren e arquivará as desestimadas ou as presentadas fóra do prazo establecido.

6. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá, de ser o caso, ordenar a repetición das actuacións de exposición e enquisa recollidas no número 3 deste artigo.

Artigo 20. *O Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria*

1. Para cada zona de reestruturación parcelaria redactase e aprobase, previamente á aprobación das bases, un Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, de acordo co definido no artigo 4.

2. Neste plan serán tidos en conta os instrumentos de ordenación urbanística e as Directrices de ordenación do territorio de Galicia, así como as limitacións legais que eventualmente poidan afectar os diferentes cultivos e aproveitamentos en áreas específicas. Así mesmo, poderase ter en conta calquera iniciativa que incida na mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático.

3. O Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria será sometido ao informe do comité técnico asesor e a un procedemento de exposición pública na forma sinalada no número 1 do artigo 42, por un período dun mes, durante o cal se poderán presentar alegacións a el, que serán estudadas e resoltas polo servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

4. Unha vez finalizado ese proceso e, se é o caso, incorporadas a este as modificacións pertinentes, o plan será aprobado pola dirección xeral competente, logo da solicitude do servizo provincial, e pasará a ter carácter vinculante para todos aqueles aspectos relativos á ordenación de usos agrarios.

5. O plan aprobado será comunicado ao concello ou concellos afectados (...).

6. Aprobado o plan, calquera cambio nos usos das terras afectadas por este deberá ser resolto pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do informe do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

7. Unha vez aprobado e durante a súa vixencia, cando as circunstancias así o demanden, o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria poderá ser modificado mediante un procedemento que se determinará regulamentariamente.

Artigo 21. Integración no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria

1. Durante a elaboración dos documentos que compoñen as bases de reestruturación parcelaria, abrírase un prazo para a inscrición provisional das explotacións agrarias, as agrupacións de titulares, as iniciativas singulares e as iniciativas de aproveitamento en común interesadas en integrarse no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

2. As condicións para a integración no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria das inscricións sinaladas no punto anterior serán as seguintes:

a) A incorporación voluntaria, debidamente acreditada, de todos os partícipes e o compromiso de integrar no plan a totalidade das súas parcelas de achega, con excepción, se é o caso, da casa de labor e os seus terreos circundantes e daquelas parcelas que, por circunstancias especiais debidamente xustificadas, o servizo provincial competente así o autorice.

O conxunto de terreos achegados debe ser suficiente para acadar o tamaño mínimo determinado no plan para a orientación prioritaria proposta. No caso de non acadar ese tamaño mínimo, poderase complementar co compromiso de incremento deste.

b) O cultivo ou aproveitamento a que se van dedicar as terras debe formar parte das orientacións prioritarias sinaladas no plan.

c) O compromiso de manter o conxunto das terras en explotación conforme o Plan de ordenación de predios de

especial vocación agraria, durante un período mínimo de quince anos desde que o acordo de reestruturación sexa firme, ou, no caso de cesamento de actividade, en arrendamento coas mesmas condicións polo prazo que reste ata completar o citado período mínimo. No caso de aproveitamentos forestais, o prazo mínimo será de vinte e cinco anos ou o prazo establecido no plan de ordenación aprobado pola autoridade forestal.

3. A inscrición e o compromiso deberán ser confirmados unha vez aprobadas as bases de reestruturación, segundo o sinalado no número 2 do artigo 26, e pasará entón a ter carácter definitivo.

4. Poderán formar parte da petición de integración no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria aqueles solicitantes, persoas físicas ou xurídicas non titulares de bens ou dereitos na zona, sempre e cando se incorporen como socios de figuras asociativas de que formen parte titulares e se cumpran os restantes requisitos sinalados neste artigo.

5. As agrupacións, explotacións ou iniciativas incorporadas de maneira activa ao plan terán prioridade na localización dos predios de substitución en áreas de ordenación preferente, de ser o caso, e os criterios de atribución serán os de mellorar a súa estrutura territorial para incrementar a súa competitividade en termos técnicos, económicos e sociais. Así mesmo, gozarán dos beneficios sinalados no artigo 31.

Artigo 22. Contido das bases de reestruturación parcelaria

A documentación que forma parte das bases de reestruturación parcelaria estará constituída por:

1. Un conxunto de planos parcelarios, que conterán:

a) A delimitación do perímetro e da zona de reestruturación modificados, se é o caso, segundo o disposto nos artigos 23 e 24.

b) A localización e cartografado da rede hidrográfica, construcións, muros, valados, ribazos e, en xeral, calquera outro elemento do terreo que, polo seu interese no procedemento, deba ser fielmente reflectido na cartografía.

- c) A rede de infraestruturas existentes.
- d) A delimitación da totalidade das parcelas de achega.
- e) A delimitación das liñas divisorias entre as diferentes clases de terras obtidas no procedemento de clasificación.
- f) De ser o caso, a delimitación das áreas con circunstancias especiais atendendo os seus valores extraagrarios, especialmente o perímetro do solo de núcleo rural, solo urbano e urbanizable.
- g) A delimitación de cultivos con dereitos de plantación, de ser o caso.
- h) Un plano de aproveitamento de augas, con expresión de mananciais e canles sobre os que opere o aproveitamento e dos seus respectivos coeficientes.
- i) Un plano cos montes veciñais en man común, os montes de utilidade pública e os montes de xestión pública.
- j) Unha relación de parcelas de achega sobre as cales se concedese calquera subvención que exixa un compromiso de mantemento no tempo.

2. Unha relación de datos persoais das persoas titulares e, se for o caso, dos seus representantes legais.

3. Unha relación das parcelas de achega coas súas características de superficie, perímetro e clasificación por clases de terra, así como das situacións xurídicas que afecten a propiedade, a posesión ou o aproveitamento destas.

4. Unha relación das diferentes clases de terra existentes na zona, das parcelas tipo elixidas, dos seus respectivos coeficientes de compensación e, se é o caso, dos factores de corrección aplicados.

5. A declaración de dominio das parcelas de achega a favor de quen as posúa en concepto de dono e a relación individualizada de cada unha delas, coa súa superficie total e por clases de terra.

6. Unha relación individualizada por parcela de achega dos gravames, arrendamentos e demais titularidades e situa-

cións xurídicas que afecten a propiedade, posesión ou gozo determinadas no proceso de investigación.

7. De ser o caso, unha relación de dereitos de plantación de viñedos ou outros cultivos, individualizada por parcelas de achega e agrupada por titulares, unha relación de parcelas de achega excluídas segundo o establecido no artigo 24 e a modificación do perímetro de reestruturación segundo o establecido no artigo 23.

8. Unha relación de explotacións agrarias incluídas na zona de reestruturación, en que consten os nomes das persoas titulares e a relación de parcelas de achega, referindo superficies, titularidade individual e modos de tenza.

9. Unha relación de agrupacións de titulares, na que consten os seus nomes e a relación de parcelas de achega, referindo superficies, titularidade individual e modos de tenza.

10. Unha relación das solicitudes de inscrición no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria segundo o sinalado no artigo 21, debidamente asinadas pola totalidade de titulares ou os seus representantes legais. A estas solicitudes achegarase o compromiso provisional de mantemento da iniciativa por un período mínimo de quince anos a partir de que o acordo sexa firme.

11. Unha relación dos montes veciñais en man común clasificados coa súa delimitación, así como dos que estean en trámite de clasificación, incluídos total ou parcialmente na zona de reestruturación, e os montes de utilidade pública e os de xestión pública.

12. Unha relación de bens e dereitos das administracións afectadas polo proceso, indicando a súa natureza dominical.

13. Unha relación das parcelas de achega reservadas que, por razón de melloras excepcionais, polo seu valor extraagrario ou por algunha outra circunstancia motivada, non teñan equivalente compensatorio sen prexuízo para a persoa titular. Estas parcelas non serán excluídas das bases, pero serán adxudicadas ás mesmas persoas titulares que as achegaron, aínda que estarán suxeitas, en todo caso, ás deducións sinaladas no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, ás reco-llidas no artigo 32 desta lei.

13 bis. De ser o caso, unha relación de parcelas de achega excluídas segundo o establecido no artigo 24 e a modificación do perímetro de reestruturación segundo o establecido no artigo 23.

14. Un estudo de impacto e integración paisaxística que conteña o catálogo de elementos estruturais e funcionais, naturais ou artificiais, para conservar durante o proceso, co fin de manter, na medida do posible, as características paisaxísticas máis relevantes e valiosas.

15. Unha relación de compromisos asinados para novos proxectos agrarios no perímetro de reestruturación parcelaria.

Artigo 23. *Modificación do perímetro de reestruturación*

1. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá, durante a fase de elaboración das bases, rectificar o perímetro de reestruturación cando sexa necesario, entre outras razóns, por exixencias técnicas, de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico, mineiro ou medioambiental, ou para adaptalo aos límites das unidades xeográficas, administrativas ou naturais, cando estas servisen de base de partida para a delimitación inicial do perímetro, logo do informe do servizo provincial correspondente.

2. A rectificación do perímetro afectará sempre parcelas enteiras, sen que poida existir segregación, aínda que esta sexa legalmente posible, agás coa autorización do seu titular.

3. A rectificación do perímetro será comunicada ás persoas interesadas na forma en que se prevexa regulamentariamente.

Artigo 24. *Modificación da zona de reestruturación*

1. A zona de reestruturación pode ser modificada:

a) Por delimitación de novas áreas susceptibles de ser excluídas do proceso a partir da comunicación aos organismos sinalada no número 3 do artigo 9.

b) Por exclusión de parcelas pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do

informe do servizo provincial correspondente e oída a xunta local, por concorreren nelas circunstancias que económica e agrariamente así o determinen e cos seguintes condicionantes:

1º. A condición de bens comunais, montes veciñais en man común, montes de utilidade pública ou montes consorciados non será causa de exclusión do proceso de reestruturación parcelaria.

2º. Os bens destinados a un servizo público poderán ser excluídos se as entidades titulares así o solicitan.

c) Por inclusión de parcelas que inicialmente non formaban parte da zona de reestruturación, ben por mor da ampliación do perímetro á que fai referencia o artigo 23 ou ben por variación das causas que motivaban a súa non inclusión inicial.

d) Por segregación dunha zona en dous ou varios sectores, logo do informe favorable da xunta local.

(...) En todos os casos, a modificación da zona de reestruturación deberá ser aprobada pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do informe do servizo provincial.

2. A declaración de parcelas reservadas, por parte da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do informe do servizo provincial correspondente e oída a xunta local, non supoñerá modificación da zona.

Artigo 25. *Montes veciñais en man común*

A cualificación como monte veciñal en man común non impedirá a súa inclusión no proceso de reestruturación parcelaria, que se levará a cabo tendo en conta as seguintes particularidades:

1. As parcelas de monte veciñal en man común, cualificado como tal, con superficies superiores a quince hectáreas serán incluídas no proceso de reestruturación parcelaria para os únicos efectos da regularización do seu perímetro, sen aplicárselles o réxime de deducións establecido nesta lei, agás o relativo, de ser o caso, á dedución consecuencia da documentación de autorización ambiental.

Malia o disposto no parágrafo anterior, a asemblea xeral do monte veciñal en man común poderá solicitar, achegando autorización do órgano competente en materia de montes, a agrupación das parcelas dispersas coas parcelas de superficie superior a quince hectáreas; neste caso, seranlles aplicables, ás primeiras, as normas xerais sobre deducións establecidas nesta lei.

2. Con carácter xeral, ás parcelas dun monte veciñal en man común, cualificado como tal, con superficies inferiores a quince hectáreas seranlles aplicable o recollido nesta lei.

3. Aos terreos en trámites de cualificación como montes veciñais en man común, unha vez resolto o correspondente expediente, seranlles aplicables, segundo o caso, os puntos anteriores, sempre e cando a resolución de cualificación se produza con anterioridade á aprobación das bases de reestruturación parcelaria. No caso contrario, aplicaránelles as normas xerais sobre deducións establecidas nesta lei.

4. Aos montes que carezan da cualificación de montes veciñais en man común ou que, tramitada esta, resultase denegada seranlles aplicables as normas xerais sobre deducións establecidas nesta lei.

5. No caso de discrepancias sobre o deslindamento das parcelas de monte veciñal en man común cualificado como tal ou en trámites de cualificación, reflectirase na documentación do proceso de reestruturación parcelaria a determinación que das extremas faga o órgano competente en materia de montes, mediante a solicitude de informe, que deberá ser emitido no prazo dun mes desde a recepción da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se emitise o mencionado informe, continuarase o procedemento.

Artigo 26. *Aprobación e comunicación das bases de reestruturación parcelaria*

1. Á vista do resultado do procedemento de elaboración das bases de reestruturación parcelaria e da viabilidade da continuación deste, o comité técnico asesor emitirá informe non vinculante dirixido á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, no que reco-

mende a continuación do proceso ou, no caso contrario, a súa suspensión ou o seu arquivamento. Este informe deberá ser emitido con anterioridade dun mínimo dun mes previo á convocatoria da xunta local de zona a que fai referencia o punto seguinte.

2. Logo do informe a que fai referencia o punto anterior e do informe favorable do servizo provincial competente, oída a xunta local, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural acordará aprobar as bases de reestruturación parcelaria ou, no caso contrario, a súa revisión, suspensión temporal ou arquivamento do expediente.

3. Aprobadas as bases de reestruturación parcelaria, o servizo provincial competente procederá á súa exposición pública e á notificación individual do boletín individual de propiedade, que contén o resumo dos datos relativos a cada titular e ás súas achegas, con determinación das súas superficies e clasificacións, todo iso conforme determina o artigo 42 desta lei.

Artigo 27. *Recursos e firmeza das bases de reestruturación parcelaria*

1. No prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da data de recepción da notificación do boletín individual da propiedade, quen teña un dereito subxectivo ou un interese directo, persoal e lexítimo no asunto que o motive poderá interpoñer recurso de alzada contra as bases de reestruturación parcelaria ante a persoa titular da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

2. Constitúen exclusivamente materia de recurso de alzada contra as bases de reestruturación parcelaria as reclamacións en materia de clasificación, superficie ou titularidade das parcelas de achega.

3. As reclamacións relacionadas coa superficie das parcelas achegadas deberán ir acompañadas de medición pericial, asinada por persoa técnica competente, sobre diferenzas de superficie superiores a unha marxe de tolerancia variable entre a medición *in situ* da parcela de achega sobre a que se reclame e a que conste no boletín individual da propiedade.

A marxe de tolerancia, expresada en tanto por cento, a que se refire o parágrafo anterior será en cada caso a que reflicte a seguinte táboa:

Superficie da parcela en m ² (S)	Marxe de tolerancia en %
$S < 500$	$10 \times P / S$
$500 \leq S < 5.000$	$0,02 \times P$
$S \geq 5.000$	$100 \times P / S$

sendo P o perímetro do recinto expresado en metros lineais, e S, a superficie da parcela expresada en metros cadrados.

Cando a marxe calculada pola táboa anterior amose un valor superior ao 10 %, adoptárase como marxe de tolerancia un 10 %.

4. Unha vez resoltos os recursos presentados en prazo e as reclamacións de falta de superficie a que fai referencia o punto anterior, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural declarará a firmeza das bases de reestruturación parcelaria, logo da solicitude do servizo provincial competente na materia.

Transcorridos tres meses desde a interposición dun recurso de alzada sen que recaese resolución expresa, este entenderase desestimado por silencio administrativo.

5. Esgotada a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, que só será admisible polas causas estipuladas no número 2 deste artigo.

6. A resolución do recurso contencioso-administrativo executarase, no posible, de maneira que non implique prexuízo para a reestruturación parcelaria.

7. As lexítimas persoas titulares dos terreos obxecto de reestruturación parcelaria, ou os seus representantes, poderán presentar mediante escrito, dentro dos tres meses seguintes á aprobación das bases de reestruturación parcelaria, as solicitudes que consideren oportunas, sempre que non versen sobre materias propias de recurso de alzada e non afecten terceiras persoas.

O servizo provincial incorporará as modificacións que motivadamente se consideren e arquivará, sen máis trámite, as desestimadas ou presentadas fóra do prazo. Estas actuacións non son susceptibles de recurso.

8. Unha vez declaradas firmes as bases, non se poderán levar a cabo modificacións delas, agás o recoñecemento de titularidade de parcelas sen dono coñecido ou o disposto no artigo 41.3. Estas modificacións serán, en calquera caso, notificadas ás persoas titulares afectadas, e, no caso das parcelas sen dono coñecido, ao Ministerio Fiscal.

Así mesmo, poderán modificarse as bases firmes conforme a ratificación do compromiso de integración no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria que resulte conforme o punto 2.b) do artigo 28.

Artigo 28. *Actuacións previas ao acordo de reestruturación parcelaria*

1. Os traballos de elaboración do acordo de reestruturación parcelaria poderán ser iniciados, por parte da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, a partir da aprobación das bases de reestruturación parcelaria, agás o deseño do trazado da rede viaria, que se poderá iniciar con anterioridade.

2. Na execución dos traballos técnicos inherentes á elaboración do acordo, tendo como base o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria que se recolle no artigo 20, procederase a:

a) A revisión do dito plan de acordo cos datos obtidos nas bases de reestruturación parcelaria.

b) A ratificación do compromiso de integración no plan por parte das explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común e, de ser o caso, e a modificación dos seus datos, segundo o sinalado no artigo 21, elaborándose unha relación definitiva destas.

c) A determinación, a partir da antedita relación definitiva de agrupacións, explotacións e iniciativas de aproveitamento en común, do número de explotacións e da superficie mínima necesaria para a aplicación do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, tanto nas áreas de ordenación preferente como no resto da zona de reestruturación.

d) A elaboración, pola entidade xestora do Banco de Terras, dun estudo de mobilidade de terras, que determine as superficies susceptibles de seren incorporadas ás explotacións en réxime de arrendamento, así como os seus custos.

(...) O deseño do trazado da rede viaria (...) será sometido a exposición pública durante un período de trinta días naturais, no cal, mediante escrito, se poderán presentar cantas alegacións se coiden oportunas.

As anteditas alegacións serán obxecto de estudo polo servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria, que, motivadamente, introducirá as modificacións que tecnicamente se consideren pertinentes e arquivará as desestimadas ou presentadas fóra do prazo establecido.

Artigo 29. *Predios de substitución*

1. O acordo de reestruturación parcelaria reflectirase na documentación cartográfica en que se plasme a distribución da nova rede viaria e os predios de substitución. Estes deberán ser equivalentes en valor, para cada persoa titular, ás parcelas achegadas por esta, unha vez efectuadas as deducións xerais sinaladas no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, as recollidas no artigo 32 desta lei.

2. Para efectos do deseño dos novos predios de substitución, serán consideradas como un único titular cada unha das explotacións, das agrupacións de titulares e das iniciativas agrarias de explotación en común.

As atribucións totais das agrupacións de titulares ou das iniciativas agrarias de explotación en común corresponderanse coa suma das achegas individuais de cada unha das persoas titulares integrantes delas, feitas as deducións legalmente establecidas. Serán determinados xuridicamente e delimitados cartograficamente os predios de substitución que individualmente lle correspondan a cada partícipe e as servidumes prediais e as restantes cargas que, se é o caso, se establezan.

3. Trasladaranse aos predios de substitución respectivos aqueles dereitos de plantación de viñado ou outros cultivos sobre parcelas achegadas á reestruturación parcelaria recoñecidos conforme a normativa vixente.

4. Para a preparación do acordo de reestruturación parcelaria, as persoas titulares poderán poñer de manifesto, por escrito e de xeito razoado, as súas preferencias sobre a localización dos futuros predios de substitución, durante o prazo sinalado polo servizo provincial e determinado regulamentariamente. En ningún caso estas preferencias terán carácter vinculante nin condicionarán os resultados técnicos do proceso.

5. Localizaranse nas áreas de ordenación preferente, de existiren, os predios de substitución correspondentes ás persoas titulares, explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común que cumpran os requisitos sinalados no artigo 21 desta lei e que ratificasen o compromiso de integración no plan a que fai referencia o artigo 28.

No caso daquelas orientacións prioritarias que non ocupen áreas de ordenación preferente, o criterio de localización para as ditas explotacións, agrupacións e iniciativas será o de mellora obxectiva da viabilidade da unidade técnico-económica resultante.

6. Nas zonas cualificadas como áreas sen aptitude específica, adoptaranse como criterios non vinculantes para a distribución dos novos predios de substitución a localización das parcelas achegadas e as melloras existentes nelas.

7. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá destinar, para fins de interese xeral, predios de substitución con cargo á masa común ata un máximo do 0,3 % da puntuación total das achegas da zona, por petición debidamente motivada da xunta local, logo do informe favorable do concello ou concellos, do servizo provincial competente e da entidade xestora do Banco de Terras. A persoa titular destes predios de substitución será o concello ou concellos onde se localicen.

8. Por petición motivada do concello ou concellos afectados polo proceso e para destinalos a equipamentos colectivos, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá atribuír, con cargo á masa común, ata un máximo do 0,3 % –deducidos os valores dos bens patrimoniais que o citado concello ou concellos teñan na zona– da puntuación total das achegas, todo isto sen prexuízo do disposto polo artigo 34 respecto do destino da masa común, unha vez declarado firme o acordo de reestruturación parcelaria.

A solicitude será sometida a informe do servizo provincial competente e da entidade xestora do Banco de Terras. A persoa titular de cada predio de substitución será o concello en que se localice o antedito predio.

Artigo 30. Enquisa previa ao acordo de reestruturación parcelaria

1. Unha vez executadas as operacións técnicas de desño dos novos predios de substitución, o servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria poderá proceder a inserir os avisos de exposición e enquisa pública a que fai referencia o artigo 42.1, determinando que durante o período dun mes se fará entrega ás persoas titulares ou ás súas representantes que así o soliciten do correspondente documento resumo en que se relacionan os predios de substitución que se lles asignarán e os datos que as afecten. O contido dese documento resumo e o procedemento de entrega desenvolveranse regulamentariamente.

2. Durante o prazo establecido no punto anterior, as persoas afectadas pola reestruturación parcelaria poderán formular, por escrito, as alegacións que consideren oportunas, presentando os documentos en que as fundamenten.

3. As alegacións que se formulen no prazo de enquisa serán obxecto de estudo por parte do servizo provincial competente, incorporando á documentación do proceso aquelas que motivadamente se consideren e arquivando, sen máis trámite, as desestimadas ou as presentadas fóra do prazo establecido.

4. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá ordenar, se é o caso, a repetición da exposición e da enquisa sinaladas nos números 1 e 2 deste artigo.

Artigo 31. Deducións xerais

1. As achegas das persoas titulares afectadas polo proceso de reestruturación estarán sometidas a unha dedución máxima do 9 % do valor total en puntos, agás nos casos sinalados nos números 2 e 3 deste artigo, co fin de contar coa superficie de terreo necesario para a execución das infraestruturas rurais a que fai referencia o número 2 do artigo 8

desta lei, e para a compensación derivada da execución técnica do proceso.

2. A dedución para infraestruturas rurais será como máximo do 6 % do valor total en puntos e afectará a totalidade das persoas titulares da zona na mesma proporción, agás nos casos de parcelas únicas, que se rexerán polas normas específicas recollidas no seguinte artigo.

Excepcionalmente, logo do estudo razoado do servizo provincial, xunto co informe do comité técnico asesor e oída a xunta local, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá incrementar esa porcentaxe ata nun punto porcentual, que se engadirá ao máximo sinalado no punto anterior.

3. A dedución para axuste técnico, que ten como destino a compensación técnica dos axustes entre achegas e atribucións e a súa eventual corrección, será como máximo do 3 % do valor total en puntos, e afectará de igual forma a totalidade das persoas titulares da zona, agás nos casos de parcelas únicas, que se rexerán polas normas específicas recollidas no seguinte artigo, e no das explotacións, agrupacións e iniciativas sinaladas no artigo 21 desta lei, que terán como máximo unha dedución do 2,5 % do valor total en puntos.

No caso das explotacións, agrupacións e iniciativas sinaladas no artigo 21 desta lei, o eventual remanente da compensación técnica do conxunto das súas achegas poderase constituír total ou parcialmente en predios da masa común especificamente dedicados á localización das infraestruturas e equipamentos comúns necesarios para o conxunto das unidades técnico-económicas integradas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria. A titularidade destes predios da masa común establecerase conforme o disposto no artigo 34 desta lei.

Excepcionalmente, se as medidas de adecuación ambiental ou as que se enfoquen á mitigación dos efectos do cambio climático das actuacións inherentes á reestruturación parcelaria implican a utilización de superficies de terreo de forma que non abonde a dedución legalmente prevista, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do estudo razoado do servizo provincial competente, xunto co informe do comité técnico asesor e oída a xunta local,

poderá incrementar esa dedución ata nun punto porcentual, que se engadirá ao máximo sinalado no número 1.

Artigo 32. *Deducións en parcelas únicas*

1. Ás parcelas únicas existentes antes da publicación do decreto de reestruturación parcelaria para a zona, ou con posterioridade a ela pero anteriormente á acta de inicio dos traballos, aplicaráselles, respecto das deducións, as seguintes normas:

a) Ás parcelas únicas en que existan construcións destinadas a vivenda, pechadas ou non sobre si, pero con acceso a camiño público, non lles serán aplicables as normas xerais sobre deducións. No caso de que carezan de acceso a camiño público, aplicaráselles o desconto correspondente ás obras de infraestruturas rurais sinalado no artigo 31.2.

b) Ás parcelas únicas nas cales non existan construcións destinadas a vivenda aplicaráselles as seguintes deducións:

1º. Parcelas non pechadas sobre si: aplicaráselles as normas xerais sobre deducións contidas no artigo anterior.

2º. Parcelas pechadas sobre si e con acceso a camiño público: non lles serán aplicables as deducións recollidas no artigo anterior.

3º. Parcelas pechadas sobre si pero sen acceso a camiño público: aplicaráselles a dedución que para infraestruturas rurais se establece no artigo anterior.

c) Para os efectos do recollido neste artigo, considérase que unha parcela está pechada sobre si cando conta con estruturas ou elementos físicos que impidan, de maneira efectiva, o acceso a pé ao seu interior.

d) Para os efectos desta lei, considérase acceso a camiño público aquel que permite a incorporación a toda vía de comunicación adecuada para o tránsito rodado de calquera tipo de vehículo de motor.

2. Ás parcelas reservadas seranlles aplicables todas as deducións establecidas no artigo anterior, agás as correspondentes aos axustes técnicos entre achegas e atribucións.

3. No caso de parcela única e reservada, a redución que se lle aplique será a que corresponda ao suposto con menor dedución.

Artigo 33. *Contido do acordo de reestruturación parcelaria*

A documentación que forma parte do acordo de reestruturación parcelaria estará constituída por:

a) A relación de persoas titulares, o número de parcelas achegadas por cada unha delas, o valor total da superficie achegada, a súa distribución por clases de terra e o seu valor total en puntuación.

b) A relación dos predios de substitución atribuídos a cada titular, numerados conforme a identificación en planos, con expresión dos valores de superficie total, superficie por clases de terra e valor equivalente, indicándose para cada predio de substitución a natureza xurídica dos bens e os gravames e situacións xurídicas derivadas das parcelas de achega, que se axustarán ao reflectido nas bases.

c) A relación das explotacións agrarias, das agrupacións e das iniciativas agrarias de traballo en común que recolla os predios de substitución atribuídos, a súa superficie total e por clases de terra e a puntuación equivalente, así como as persoas titulares que formen parte delas e os predios de substitución que lles corresponden a cada unha, así como as servidumes prediais e restantes cargas que, se é o caso, deban constar.

d) A relación de explotacións incluídas no Plan de ordeñación de predios de especial vocación agraria.

e) Unha colección da documentación cartográfica en que figurará a distribución da nova rede viaria e os predios de substitución.

Artigo 34. *Masa común*

1. A finalidade dos predios integrantes da masa común será a compensación derivada da estimación das reclamacións de superficie e das resolucións dos recursos.

2. Os predios que conforman a masa común dunha zona, unha vez declarado firme o acordo, permanecerán adscritos

á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, durante o prazo dun ano, contado a partir da citada declaración de firmeza.

3. Durante o prazo en que os predios da masa común permanezan adscritos á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, estes estarán destinados á corrección dos erros detectados no procedemento, quedando reflectida a súa adxudicación, de ser o caso, na correspondente acta complementaria á acta de reorganización da propiedade.

4. Transcorrido o prazo indicado nos puntos anteriores, os predios integrantes da masa común que a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia cualifique como de aptos para os seus fins pasarán a ser de titularidade desta, e a dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria autorizará a correspondente acta complementaria que servirá de base para a súa inscrición rexistral a favor da referida entidade xestora.

5. Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, e dentro dun período dun ano, o Banco de Terras de Galicia poñerá os predios á disposición das persoas titulares das explotacións agrarias integradas dentro do Plan especial de predios de especial vocación agraria. Durante este período de tempo, as ditas explotacións gozarán sobre elas dun dereito preferente de arrendamento ou adquisición para a incorporación ás súas explotacións, logo do cal deberán someterse aos criterios de concorrencia que delimite a normativa establecida para a xestión do Banco de Terras de Galicia.

6. A entidade xestora do Banco de Terras constituirá cos predios sinalados no número 4 e con aqueles que xa forman parte do seu patrimonio un fondo para cada zona de reestruturación parcelaria, dotado cos beneficios obtidos da súa xestión, e con destino a melloras estruturais na zona. A forma de xestión dese fondo desenvolverase regulamentariamente.

7. A titularidade do resto dos bens e dos dereitos que constitúen a masa común corresponderá ao concello ou concellos en que se levou a cabo a reestruturación parcelaria. Os beneficios xerados pola xestión ou alleamento deses predios reverterán en melloras estruturais para cada parroquia afectada pola zona de reestruturación parcelaria, proporcionalmente á superficie achegada por cada unha delas.

Artigo 35. Aprobación e comunicación do acordo de reestruturación parcelaria

1. Unha vez firmes as bases de reestruturación parcelaria, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural aprobará o acordo de reestruturación parcelaria, logo do informe non vinculante da xunta local de zona.

2. Unha vez aprobado o acordo, o servizo provincial competente procederá á súa exposición pública e notificación individual a cada titular mediante o correspondente boletín individual de predios de substitución, conforme o establecido no artigo 42.2 desta lei.

Artigo 36. Recursos contra o acordo de reestruturación parcelaria

1. No prazo dun mes contado desde o día seguinte á data de recepción da notificación, quen teña un dereito subxectivo ou un interese directo, persoal e lexítimo no asunto que o motive poderá interpoñer recurso de alzada contra o acordo de reestruturación parcelaria ante a persoa titular da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

2. Constitúen exclusivamente materia de recurso de alzada contra o acordo as reclamacións relativas ao valor, clase de terra e situación dos predios de substitución atribuídos, respecto dos terreos achegados. Expresamente, non serán motivo de recurso de alzada contra o acordo de reestruturación parcelaria os referentes á titularidade e á clasificación das parcelas de achega ou calquera outra materia que constitúa as bases de reestruturación parcelaria.

3. Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso de alzada sen que recaese resolución expresa, este entenderase desestimado por silencio administrativo.

4. Esgotada a vía administrativa, caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, que só será admisible por vicio substancial no procedemento ou por defecto na apreciación do valor dos predios de substitución, e só no caso en que a diferenza entre o valor en puntuación, segundo criterios edafolóxicos e produtivos, das parcelas achegadas pola persoa recorrente e as recibidas no acordo supoña,

cando menos, un prexuízo da sexta parte do valor das primeiras, unha vez efectuadas as deducións legalmente establecidas.

5. A resolución do recurso contencioso-administrativo executarase, no posible, de maneira que non implique prexuízo para a reestruturación parcelaria.

Artigo 37. Toma de posesión provisional e reclamacións de superficie

1. Unha vez transcorrido o prazo para a presentación de recurso de alzada contra o acordo de reestruturación parcelaria, e sempre que o número dos ditos recursos presentados e pendentes de resolución non exceda un 6 % das persoas titulares da zona, a dirección xeral competente en desenvolvemento rural dará a toma de posesión provisional dos novos predios de substitución ás persoas adxudicatarias, logo da implantación destes, sen prexuízo das rectificacións que procedan como consecuencia da estimación dos recursos de alzada ou peticións presentadas.

2. Dentro dos dous meses seguintes á data en que se notifique a posta á disposición dos predios de substitución ás persoas titulares adxudicatarias para que tomen posesión deles, poderase reclamar, xuntando unha medición pericial asinada por persoa técnica competente, sobre diferenzas de superficie superiores a unha marxe de tolerancia variable entre a medición *in situ* do predio de substitución sobre o que se reclame e a que conste no boletín de atribucións dos novos predios.

A marxe de tolerancia, expresada en tanto por cento, a que se refire o parágrafo anterior será en cada caso a que reflicte a seguinte táboa:

Superficie do predio en m ² (S)	Marxe de tolerancia en %
$S < 500$	$10 \times P / S$
$500 \leq S < 5.000$	$0,02 \times P$
$S \geq 5.000$	$100 \times P / S$

sendo P o perímetro do recinto expresado en metros lineais, e S, a superficie da parcela expresada en metros cadrados.

Cando a marxe calculada pola táboa anterior amose un valor superior ao 10 %, adoptarase como marxe de tolerancia un 10 %.

3. Se a reclamación é estimada, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá, segundo as circunstancias, rectificar o acordo ou compensar a persoa reclamante con cargo á superficie procedente da masa común, outorgándolle exactamente o valor en puntuación que resulte da resolución.

4. A falta de superficie detectada nun predio de substitución atribuído a un titular non dará lugar a compensación cando exista exceso de superficie no conxunto dos predios de substitución atribuídos a el, e esta sexa suficiente para compensar en valor de puntuación o conxunto das atribucións, todo iso sen prexuízo de que se fagan constar na documentación as superficies reais dos predios de substitución afectados.

5. Cando a falta de superficie a que fai referencia o punto anterior sexa detectada nun predio de substitución clasificado total ou parcialmente como de núcleo rural, a compensación levarase a cabo sobre predios de substitución desa mesma clasificación. No caso de non existiren predios de substitución deste tipo dispoñibles e existir exceso de superficie nos outros predios da mesma persoa propietaria, a compensación farase sobre estes últimos.

6. No caso de que un predio de substitución coincida exactamente na súa delimitación cartográfica cunha parcela achegada pola mesma persoa titular, non se admitirá ningunha reclamación por defecto de superficie nese predio de substitución, ao se entender que a dita reclamación tería que ser presentada e, de ser o caso, resolta durante a fase de bases de reestruturación parcelaria, todo iso sen prexuízo de reflectir na documentación das bases e do acordo a superficie real.

7. O acordo de reestruturación parcelaria poderá executarse, logo do apercibimento persoal por escrito, mediante compulsión directa sobre aquelas persoas que se resistan a permitir a realización das actuacións necesarias para dar a toma de posesión provisional ou definitiva dos predios de substitución, sen prexuízo das sancións que se poidan impoñer de acordo co disposto no título X desta lei.

8. Recibida a notificación da toma de posesión provisional ou definitiva dos predios de substitución, por calquera medio que faga fe, as novas persoas titulares gozarán fronte a terceiros dos medios de defensa legalmente establecidos.

Artigo 38. Firmeza do acordo de reestruturación parcelaria e toma de posesión definitiva

Unha vez resoltos os recursos de alzada interpostos, as reclamacións de superficie e as modificacións a que fai referencia o artigo 41, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural declarará a firmeza do acordo de reestruturación parcelaria e a toma de posesión definitiva, logo da solicitude do servizo provincial competente.

A data da referida firmeza será comunicada ás notarías e ao rexistro da propiedade correspondente por razón do territorio e á Dirección Xeral do Catastro, aos cales se lles remitirá copia da documentación resultante da reestruturación da propiedade.

O acordo de reestruturación parcelaria será comunicado ao concello ou concellos afectados para a incorporación ás súas normas urbanísticas.

Artigo 39. Acta de reorganización da propiedade

1. A aprobación, pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, da acta de reorganización da propiedade supoñerá o remate do proceso de reestruturación parcelaria.

Na acta de reorganización da propiedade relaciónanse e describíense os dereitos reais e as situacións xurídicas que se determinaron no período de investigación e os predios de substitución sobre os que se establecen, así como os novos dereitos reais que se constitúan.

2. A acta de reorganización da propiedade será obxecto de protocolización notarial e inmatriculación rexistral por instancia da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

Todo o anterior, sen prexuízo da aprobación, por parte da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, das modificacións da acta de reorganización da pro-

piedade que correspondan como consecuencia da rectificación de erros, execución de sentenzas ou recoñecementos de titularidade que procedan, sendo documento suficiente para a súa inscrición rexistral a acta de rectificación ou complementaria da de reorganización da propiedade, debidamente protocolizada notarialmente.

Artigo 40. Os solos de núcleo rural no proceso de reestruturación parcelaria

1. A inclusión no proceso de reestruturación parcelaria dun núcleo rural común requirirá a solicitude previa e expresa, por parte do concello afectado, á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

2. No caso de núcleos rurais clasificados urbanisticamente como de carácter histórico-tradicional ou figura análoga, a súa inclusión no proceso de reestruturación parcelaria só se poderá levar a cabo, logo da solicitude do concello correspondente, a través dun plan especial de protección redactado conforme o que a normativa urbanística determine. O devandito plan será elaborado pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e será tramitado polo concello afectado.

3. O conxunto dos solos clasificados como de núcleo rural será considerado como un subperímetro e as operacións técnicas de reestruturación serán desenvolvidas de forma independente do resto da zona, sen que poida existir intercambio de superficies entre un e outra, agás por petición expresa das persoas titulares que soliciten que as súas atribucións se produzan fóra do devandito subperímetro.

4. Os solos obxecto da reestruturación parcelaria mantendrán inalteradas as súas clasificacións e cualificacións urbanísticas.

5. No caso dos solos cualificados como rústicos poderán establecerse, durante a elaboración das bases, réximes especiais de protección segundo o ditado polo departamento sectorial competente e a normativa vixente do solo.

Artigo 41. Tramitación da documentación

1. A presentación da documentación acreditativa da titularidade de parcelas de achega admitirase a trámite antes da

aprobación das bases de reestruturación e durante as datas fixadas previamente polo servizo provincial competente, que serán notificadas ás persoas titulares con quince días naturais de antelación mediante avisos inseridos conforme o disposto no artigo 42.1. A fixación dos prazos de tramitación determinarase regulamentariamente.

2. Calquera outra reclamación relativa aos dereitos e demais situacións xurídicas sobre parcelas de achega non quedará prexudicada pola firmeza das bases de reestruturación parcelaria, pero só se poderá facer efectiva pola vía xudicial ordinaria sobre as ditas parcelas ou, no caso de estar aprobado o acordo, sobre os predios de substitución adxudicados a quen nas bases apareza como titular das parcelas de achega obxecto da reclamación.

3. Aprobadas as bases e unha vez transcorrido o período a que fai referencia o número 7 do artigo 27, só serán tramitadas solicitudes de cambio de titularidade de parcelas de achega ata o momento da aprobación do acordo e cando ese cambio afecte a totalidade das parcelas achegadas por unha persoa titular e a transmisión se faga integramente a outra, coa excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes, que serán tramitadas en calquera caso. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

No caso de falecemento dun titular e cando exista partición da herdanza, tramitarase o cambio de titularidade ata a firmeza do acordo, sempre e cando esta partición afecte predios de substitución íntegros. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

4. Aprobado o acordo de reestruturación parcelaria, só serán tramitadas as modificacións derivadas das reclamacións por falta de superficie, das resolucións de recursos de alzada, dos cambios de titularidade referidos no punto anterior e de recoñecemento de titularidade de parcelas sen dono coñecido.

5. Dentro do prazo de dous meses a partir do día seguinte da data de recepción da notificación de aprobación do acordo, poderanse solicitar permutas e modificacións voluntarias de predios de substitución atribuídos baixo os seguintes condicionantes:

a) Que o resultado da permuta ou da modificación de extremas non afecte a configuración de terceiros predios de substitución.

b) As permutas só poderán ser levadas a cabo se os predios de substitución son de similar valor, entendendo por tal diferenzas entre eles inferiores ao 10 % de valor en puntuación.

c) Unha vez solicitada a permuta ou modificación de extremas polos seus titulares e aprobada nos seus propios termos pola dirección xeral competente, esta será irrevogable e non poderá ser obxecto de reclamación nin recurso ningún.

CAPÍTULO IV

Publicacións e comunicacións

Artigo 42. *Comunicacións e avisos ás persoas interesadas*

1. Os avisos inherentes ás actuacións propias do proceso de reestruturación parcelaria serán obxecto de exposición por un período de oito días no taboleiro de anuncios do concello ou concellos afectados e nos lugares de costume da parroquia ou parroquias en que radique a zona de reestruturación, segundo o caso, para xeral coñecemento, así como na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

2. A aprobación das bases e do acordo de reestruturación parcelaria será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, por un período de oito días no taboleiro de anuncios do concello ou concellos de que se trate e nos lugares de costume da parroquia ou parroquias en que radique a zona, sen prexuízo da súa notificación individual ás persoas interesadas levada a cabo por calquera medio que deixe evidencia documental da súa realización, preferentemente de modo telemático, así como na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

3. No caso de que, intentada a notificación ao interesado, esta non sexa posible, substituirase por aviso publicado no *Diario Oficial de Galicia* no que se fará constar a vía de acceso á documentación do acto comunicado, así como a indicación do prazo para a interposición do recurso de alzada, que nestes casos comezará a contar a partir do día seguinte da data da publicación do referido aviso.

Artigo 43. *Protección de datos de carácter persoal*

1. En todos os casos, o sistema de notificación deberá ser realizado de xeito que respecte a privacidade dos datos, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ou normativa que a substitúa.

2. Nos casos relativos á información achegada polas persoas titulares ou polas súas representantes necesaria para o desenvolvemento do proceso, e especialmente na referida á investigación da propiedade e ao procedemento de petición de novos predios de substitución, os formularios para a presentación de documentación incluírán explicitamente a autorización á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, e ás persoas físicas ou xurídicas ás que esta autorice, para o manexo e publicación dos datos co fin exclusivo de servir de soporte ao procedemento.

3. Regulamentariamente desenvolveranse os protocolos de protección de datos relativos ao manexo e custodia da información por parte das empresas contratadas para a execución dos traballos de concentración, ao compromiso de confidencialidade, aos procedementos de intercambio de información segura entre estas e a Administración e á entrega da totalidade da documentación manexada unha vez finalizado o contrato obxecto de utilización desta.

Artigo 44. *Xestión electrónica*

Regulamentariamente desenvolverase un procedemento de xestión electrónica da totalidade do procedemento de reestruturación parcelaria, polo que as persoas titulares poidan realizar as achegas de documentación acreditativa, comprobar a documentación completa do expediente no que a eles lles atinxa, recibir información sobre o estado do procedemento, recibir as notificacións e presentar alegacións e recursos de alzada na fase correspondente. Este procedemento deberá garantir efectivamente o dereito á privacidade dos datos de carácter persoal.

TÍTULO III

A reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares

Artigo 45. *Iniciativa*

1. Para levar a cabo a reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares,

estas deberán constituírse nunha agrupación con personalidade xurídica que teña como finalidade a reestruturación parcelaria para a totalidade das súas parcelas incluídas na zona, co compromiso explícito da aceptación da reestruturación tal como se leve a efecto. A constitución efectiva desa agrupación poderá diferirse ata a aprobación do inicio do proceso por parte da consellaría competente na materia, e ata entón abundará co correspondente compromiso asinado por todas as persoas titulares partícipes.

2. As persoas representantes da agrupación solicitaranlle á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural a realización do procedemento de avaliación sinalado no artigo 7 desta lei, para o cal achegarán a documentación que xustifique o cumprimento dos requisitos recollidos no artigo 46.

Artigo 46. *Requisitos mínimos*

Para a solicitude de iniciación do proceso, a agrupación deberá definir a delimitación cartográfica do perímetro de reestruturación e as áreas excluídas do proceso. Dentro do perímetro será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) A agrupación deberá estar constituída por un mínimo de tres titulares de predios de vocación agraria.

b) A superficie afectada polo proceso será, como mínimo, de tres hectáreas se a totalidade das terras que se van reordenar van ser utilizadas para cultivos de horta, viñado ou cultivos intensivos, e de vinte hectáreas para todo tipo de orientacións, cun máximo de terras clasificadas como terreo forestal do 25 %.

Se a porcentaxe de terreo forestal é superior, a superficie mínima será de sesenta hectáreas. De non ser así, deberá segregarse a superficie forestal, que será sometida ao procedemento sinalado no artigo 47, no caso de cumprir cos requisitos mínimos establecidos neste.

c) Deberase acreditar na solicitude o dominio das terras correspondentes a cada partícipe da agrupación.

d) A superficie constituída polos enclaves das persoas titulares alleas á agrupación non poderá superar o 10 % do conxunto das terras incluídas no perímetro.

Artigo 47. *Reestruturación de predios de natureza forestal*

1. As agrupacións con destino ao aproveitamento forestal deberán cumprir, ademais dos requisitos recollidos no artigo anterior, os seguintes:

a) A superficie mínima será de 15 hectáreas, formada por un máximo de tres unidades de superficie en couto redondo, cada unha delas cun 25 %, como mínimo, da superficie total.

b) A superficie das parcelas propiedade de terceiros incluídas en cada unidade de superficie que se vaia reestruturar non será superior ao 25 % do total.

c) A xestión e o aproveitamento en común das parcelas de forma sustentable e viable, concretada nos aproveitamentos forestais.

2. Na realización do procedemento de avaliación da reestruturación de predios de natureza forestal contarase co preceptivo informe da dirección xeral competente en materia de montes, que deberá ser emitido no prazo dun mes desde a recepción da solicitude, co obxecto de constatar que o proxecto de reestruturación se adecúa ao documento de planificación que a dita dirección xeral establece para este tipo de terreos.

Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior sen que se emitise o citado informe, deixarase constancia deste aspecto no expediente, e continuarase, sen máis, coa tramitación.

Artigo 48. *Tramitación*

1. Comprobado o cumprimento dos obxectivos xerais conforme o disposto no artigo 7 desta lei, así como os requisitos establecidos nos artigos 46 e 47, o servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural redactará o preceptivo documento ambiental, que será remitido ao órgano competente co fin de que este realice a tramitación establecida na normativa de avaliación ambiental.

Unha vez finalizado o trámite ambiental que lle corresponda e á vista dos resultados, o antedito servizo provincial emitirá informe dirixido á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, no cal analizará a viabilidade da execución do proceso de reestruturación, propondo a aceptación ou denegación da solicitude de reestruturación.

Á vista deste, a citada dirección xeral comunicará o resultado do informe ás persoas solicitantes para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á data de recepción da notificación, de ser o caso, aleguen o que consideren oportuno.

2. No caso de que a proposta sexa de aceptación da solicitude de reestruturación e que os peticionarios manifesten a súa vontade de continuidade do proceso, a dirección xeral competente en desenvolvemento rural dirixirase aos órganos das administracións autonómica, central e local que se poidan ver afectados por razón das súas competencias polo proceso, co obxecto de recadar, nun prazo máximo de tres meses, a información necesaria, coñecer a existencia de plans ou actuacións específicas sobre a zona que poidan afectar a delimitación do perímetro ou a execución do procedemento e, en xeral, calquera outra incidencia que deba ser reflectida no expediente.

3. Completados os trámites dos puntos anteriores, por proposta da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, mediante orde da consellaría, autorizarase a execución do proceso de reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.

4. Contra esta orde, as persoas propietarias e titulares de dereitos e situacións xurídicas alleas á agrupación e afectadas polo proceso poderán presentar recurso de alzada ante a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

Artigo 49. *Efectos do proceso*

1. Unha vez publicada a orde que se sinala no número 3 do artigo 48, a reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares será obrigatoria para todas as persoas titulares afectadas, sexan persoas propietarias ou titulares de dereitos e situacións xurídicas sobre terreos comprendidos dentro do perímetro aprobado; quedarán subrogados en todos os dereitos e obrigas da persoa

transmitinte ou causante os adquirentes, a título oneroso ou lucrativo, de terras afectadas polo proceso.

2. O proceso respectará os dereitos das persoas propietarias e titulares de dereitos e situacións xurídicas alleas á agrupación. De non existir aceptación expresa dos lotes de substitución por parte destas persoas, deberase garantir que os predios de substitución resultantes da reordenación manteñan no seu conxunto, cando menos, a mesma superficie e valor que as parcelas achegadas, e na reordenación poderán ser localizadas nas áreas periféricas do perímetro.

Artigo 50. *Execución dos traballos técnicos*

1. O procedemento de execución dos traballos técnicos responderá estritamente ao exposto no título II, en todo o que lle sexa aplicable.

2. A documentación que debe entregar a agrupación será a incluída nos artigos 20, 22 e 29 desta lei, á cal se lle engadirá o borrador da acta de reorganización da propiedade e os proxectos correspondentes ao plan de obras.

Artigo 51. *Aprobación*

1. Unha vez recibida a documentación a que fai referencia o número 2 do artigo anterior, e aceptada expresamente por todos os membros da agrupación, esta será revisada polo servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria, que poderá solicitar da agrupación, por unha única vez, as modificacións da documentación que se consideren pertinentes. Á vista destas, o servizo provincial propondrá á dirección xeral competente a súa aceptación ou rexeitamento.

2. Unha vez aceptada a referida documentación polo servizo provincial, a dirección xeral competente en desenvolvemento rural, logo do informe do citado servizo, resolverá aprobando ou rexeitando a reestruturación, o que non será susceptible de recurso.

Artigo 52. *Financiamento*

1. Correspóndelle á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural o aboamento, total ou parcial, dos gastos correspondentes ao proceso de reestruturación da pro-

piedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.

2. A consellaría poderá establecer un sistema de pagamentos parciais ou anticipos dos devanditos gastos conforme co efectivamente executado, segundo o procedemento que se desenvolverá regulamentariamente.

Artigo 53. *Responsabilidades da agrupación*

1. A agrupación responderá dos danos e perdas ocasionados a terceiros como consecuencia das súas actuacións no procedemento.

2. A agrupación devolverá os pagamentos parciais ou anticipos realizados a ela nos casos seguintes:

a) Non facer entrega en tempo e forma dos documentos sinalados no artigo 50.

b) Que a documentación sexa rexeitada pola dirección xeral conforme o sinalado no artigo 51.

c) Que careza do acordo expreso dos membros da agrupación segundo o sinalado no artigo 51.1.

3. A disolución da agrupación non exime os seus membros das responsabilidades en que aquela incorrese como consecuencia do disposto neste artigo, conforme o sinalado no artigo 95.

4. As obrigas recollidas no artigo 12 desta lei seránlles aplicables aos procesos de reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares. O seu incumprimento dará lugar á imposición das sancións que se determinan no título X desta lei, todo isto sen prexuízo de que, no caso do incumprimento dos supostos recollidos nas alíneas b) e c) do número 2, a persoa causante deba aboar os custos da reestruturación segundo se estableza regulamentariamente.

Artigo 54. *Procedemento simplificado*

Para todos aqueles casos en que non se acaden os requisitos de superficie mínima establecidos nos artigos 46 e 47, a consellaría responsable en materia de desenvolvemento

rural poderá iniciar a execución dun procedemento simplificado de reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares, que se rexerá polas normas contidas neste título, agás que non se levase a cabo o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria nin se executase o plan de obras.

TÍTULO IV

Reestruturación da propiedade mediante permutas voluntarias

Artigo 55. Das permutas

Naqueles terreos non incluídos nos procesos de reestruturación sinalados nos títulos II e III, a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá incentivar a mellora da estrutura territorial agraria mediante permutas voluntarias de predios entre titulares de predios de vocación agraria.

A reestruturación mediante permutas voluntarias levase a cabo a través do seu correspondente procedemento, distinguindo se se trata de permutas que impliquen ou non modificación na xeometría dos predios resultantes.

Artigo 56. Reestruturación mediante permutas voluntarias sen modificación da xeometría dos predios resultantes

1. Por petición dun mínimo de dúas persoas titulares, o servizo provincial competente ou a entidade xestora do Banco de Terras, segundo os criterios dispostos no artigo 9.1.e) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, poderá realizar os pertinentes traballos de índole técnica, asesoramento e arbitrase nun procedemento de permutas voluntarias sen modificación xeométrica dos predios resultantes, afectando unha ou varias parcelas por cada unha das persoas peticionarias, que deberán acreditar documentalmente a súa titularidade.

2. Nun principio, as parcelas obxecto de permuta deberán estar situadas na mesma parroquia ou en parroquias estremeiras, pertencen ou non estas ao mesmo concello. De non ser así, polo menos unha das parcelas deberá estreimar con outra propiedade dunha das persoas titulares, de maneira que a permuta mellore obxectivamente a estrutura da súa explotación.

3. Cando a diferenza entre o conxunto de superficies achegadas por cada unha das persoas titulares implicadas no procedemento supere o 20 %, deberá contarse co informe da xefatura ou xefaturas territoriais correspondentes que xustifiquen a viabilidade técnico-económica da dita permuta, baixo o prisma da mellora obxectiva da estrutura da explotación.

4. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural establecerá, de ser o caso, liñas de axuda específicas de inmatriculación rexistral dos predios.

Artigo 57. Reestruturación mediante permutas voluntarias con modificación xeométrica dos predios resultantes

1. No caso de permutas voluntarias con modificación da xeometría dos predios resultantes, o servizo provincial competente, por petición de, como mínimo, dúas persoas titulares, poderá iniciar o procedemento de reestruturación, nas mesmas condicións que establece o número 1 do artigo anterior.

2. As persoas solicitantes deberán xuntar un anteproxecto de reestruturación das parcelas achegadas, que remitirán ao servizo provincial correspondente, o cal o dirixirá á dirección xeral competente xunto co informe motivado sobre a adecuación do citado anteproxecto aos obxectivos desta lei.

3. Se o anteproxecto se adecúa a estes obxectivos, as persoas solicitantes elaborarán o preceptivo proxecto técnico, para a súa tramitación pola dirección xeral competente, a cal emitirá resolución aprobatoria, se procede.

As permutas acollidas a este procedemento non precisarán de permisos nin licenzas de segregación ou agregación.

4. Se o anteproxecto non resulta conforme cos anteditos obxectivos, será devolto aos solicitantes, que, por unha soa vez, poderán introducir os cambios necesarios para que resulte adecuado. Se a pesar das modificacións introducidas persiste a súa falta de adaptación, a dirección xeral competente emitirá resolución denegatoria. Contra esta caberá interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.

5. Cando a diferenza entre o conxunto de superficies achegadas por cada unha das persoas titulares implicadas no

procedemento supere o 20 %, deberase xuntar un estudo de clasificación das terras que xustifique a equivalencia substancial, en menos dun 20 %, entre os valores agronómicos do conxunto das parcelas afectadas de cada titular.

6. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural establecerá, de ser o caso, liñas de axuda específicas para a inmatriculación rexistral dos predios.

TÍTULO V

Procesos especiais

Artigo 58. *Procesos especiais de reestruturación parcelaria*

1. Poderase promover un proceso especial de reestruturación parcelaria cando, como consecuencia da existencia dun proxecto de execución dunha grande obra pública ou de explotación dun couto mineiro, o dito proceso contribúa a mitigar os efectos prexudiciais dese proxecto sobre a estrutura das explotacións agrarias existentes na zona afectada.

2. A entidade promotora de todo proxecto de execución dunha grande obra pública ou de explotación dun couto mineiro deberá presentar ante a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural a documentación cartográfica que delimite a extensión da área afectada directamente polo dito proxecto, así como a relación das parcelas implicadas, total ou parcialmente, a súa titularidade e as súas respectivas superficies.

3. Para que se leve a cabo a reestruturación parcelaria vinculada a unha grande obra ou explotación de couto mineiro, será necesario contar coa aceptación de polo menos o 70 % das persoas titulares de explotacións agrarias inscritas nos diferentes rexistros oficiais que recollen as explotacións agrarias de Galicia e con actividade na zona afectadas por aquela.

4. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá ordenarlle ao servizo provincial a realización dun estudo de determinación do perímetro obxectivamente afectado de forma directa ou indirecta polo proxecto, de acordo coas extremas naturais, xeográficas ou administrativas do conxunto de terras afectadas pola grande obra ou explotación do couto mineiro.

5. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, á vista da repercusión do proxecto sobre a

estrutura das terras agrarias da zona definida no punto anterior, poderá ordenar, a través do servizo provincial de reestruturación parcelaria, a realización do estudo previo de iniciación sinalado no artigo 9 desta lei.

Os gastos producidos pola elaboración do citado estudo, así como os inherentes a todas as actuacións consecuencia del, serán aboados pola entidade promotora do proxecto.

6. As persoas titulares de explotacións agrarias a que fai referencia o número 3 deste artigo poderán escoller entre percibir unha compensación económica pola superficie utilizada para a construción da infraestrutura ou incluír as súas achegas no proceso de reestruturación parcelaria, isto é, recibir outra superficie equivalente en termos produtivos, coas correspondencias, valores e procedementos que se establezan regulamentariamente.

7. Logo de que se produza o compromiso financeiro por parte do promotor do proxecto de execución, o Consello da Xunta poderá decretar a reestruturación parcelaria especial da zona da que se trate conforme o sinalado no artigo 10 desta lei.

7 bis. No caso de que se promova un proceso especial de reestruturación parcelaria, como consecuencia da existencia dun proxecto de execución dunha grande obra pública ou de explotación dun couto mineiro, non se comezará a execución das obras do dito proxecto ata que non exista un compromiso financeiro por parte do promotor.

Artigo 59. *Procedemento de execución*

Para a execución do proceso especial de reestruturación parcelaria rexerá o disposto no título II desta lei, coas seguintes particularidades:

1. A clasificación das terras realizarase no conxunto da zona afectada pola reestruturación conforme o sinalado no artigo 4, incluíndo as terras afectadas directamente pola obra.

2. A dedución que se aplicará no conxunto da zona será a correspondente a engadir ás sinaladas no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, ás recollidas no artigo 32 desta lei o cómputo do valor de puntuación das terras afectadas directamente pola infraestrutura.

3. Con antelación á execución do acordo de reordenación da propiedade debe coñecerse a valoración indemnizatoria do conxunto das terras que se van expropiar de acordo coa lexislación aplicable. Á vista desta valoración, as persoas titulares das parcelas afectadas directamente poderán optar entre a aceptación desa indemnización en metálico ou a inclusión da valoración das terras no proceso.

O valor en puntuación do conxunto das parcelas para as que se optou á solución indemnizatoria será detraído da dedución sinalada no número 2.

4. No acordo de reestruturación parcelaria asignarase a cada persoa participante o valor que resulte das súas achegas, excluindo aquelas que sexan indemnizadas en metálico, aplicando a dedución global sinalada nos números 2 e 3.

5. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá subscribir acordos coa entidade promotora da obra que faciliten a distribución das indemnizacións conforme o establecido no número 7.

6. A ocupación dos terreos para a execución do proxecto levarase a efecto ao longo do acordo de reestruturación parcelaria. Non obstante, a entidade promotora poderá proceder á súa ocupación a partir do momento en que se remate o proceso de elección sinalado no número 3.

7. As indemnizacións resultantes da valoración da entidade promotora distribuiranse entre todas as persoas participantes en proporción á detracción do valor achegado á reestruturación.

8. A superficie ocupada polo proxecto de grande obra ou coto mineiro adxudicarase a nome da Administración ou entidade titular deste.

TÍTULO VI

Obras

Artigo 60. *O plan de obras*

1. Unha vez aprobadas as bases de reestruturación parcelaria, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, por proposta do servizo provincial correspondente, aprobará un plan de obras que reflectirá todas as

actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a reestruturación parcelaria.

2. Estarán incluídas no plan, de ser o caso, as seguintes obras:

a) Redes de camiños principais e secundarios, para dotar de acceso, se é o caso, os novos predios de substitución.

b) Accesos aos predios de substitución a partir da rede de camiños, se é o caso.

c) Obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios.

d) Se é o caso:

1º. Medidas correctoras determinadas no correspondente documento ambiental.

2º. Acondicionamento de regadíos xa existentes, construción de novos regadíos que se establezan como necesarios, canalización de augas e defensa de marxes.

3º. Captación e depuración de augas e redes de saneamento.

4º. Cargadoiros de madeira ou biomasa.

5º. Puntos de captación de auga.

6º. Obras inherentes á execución de polígonos agrarios para orientacións prioritarias segundo o sinalado no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

7º. Aproveitamento comunitario de enerxías alternativas e electrificación de núcleos rurais.

8º. Rede de pistas forestais, definidas así segundo a lexislación vixente en materia de montes.

e) En xeral, aquelas obras e melloras que beneficien as condicións agrarias e medioambientais da zona ou teñan por obxecto corrixir defectos nas infraestruturas agrarias.

3. As obras a que se fai referencia no punto anterior projectaranse e executaranse respectando as recomendacións

do documento ambiental de que se trate, en especial as relativas aos valores paisaxísticos, medioambientais e do patrimonio cultural das zonas. Así mesmo, o trazado da rede viaria, na medida do posible, adaptarase á existente antes de se iniciar o proceso de reestruturación parcelaria, primando en todo caso o acondicionamento e a modificación parcial sobre a execución de novos trazados.

4. Desenvolveranse regulamentariamente os procedementos técnicos para a redacción de proxectos e execución de obras de acordo co sinalado neste artigo.

5. A execución das obras a que se refire este artigo non requirirá de licenza municipal.

Artigo 61. *Obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios*

1. Durante un período de tres meses, cuxa data de inicio será establecida polo servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural, as persoas titulares interesadas poderán presentar as solicitudes de acondicionamento e mellora da estrutura dos seus predios de substitución, describindo a natureza das actuacións que se van realizar e acreditando adecuadamente a súa necesidade, sen que por iso teñan carácter vinculante para a Administración.

2. As obras de acondicionamento e mellora poderán consistir na eliminación de accidentes naturais ou artificiais que impidan ou dificulten o cultivo acaído dos predios de substitución, o saneamento de terras, a decrúa de montes para o seu destino ao cultivo, as nivelacións e outros traballos de conservación do solo e, en xeral, calquera actuación que mellore a viabilidade do predio para o seu cultivo conforme o establecido no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

3. O servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria, á vista das peticións efectuadas, procederá á súa valoración técnica e á redacción do correspondente documento, no cal se determinen aquelas actuacións que poden ser obxecto de financiamento e a súa cuantificación económica. Este documento será remitido á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, para determinar as actuacións que poden ser obxecto de execución directa, as cales se deberán acoller, de ser o caso, ás

correspondentes liñas de axuda sinaladas no artigo 75, e aquelas que non serán obxecto de financiamento público. Contra a dita decisión non caberá presentar ningún recurso.

4. No caso de que dentro da zona de reestruturación parcelaria existan terreos de natureza forestal, solicitarase informe non vinculante á dirección xeral competente en materia de montes, que deberá emitilo no prazo dun mes desde a recepción da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se emitise o mencionado informe, continuarase o procedemento.

Artigo 62. *Ocupación e expropiación*

1. A partir da entrada en vigor do decreto polo que se declare de utilidade pública a reestruturación parcelaria de carácter público dunha zona ou da orde da consellaría para a reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares, a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, en calquera momento do procedemento, poderá ocupar, temporal ou definitivamente, os terreos que sexan precisos para dotar os novos predios da adecuada rede de camiños ou para realizar os traballos relacionados coa reestruturación sinalados nos artigos 60 e 61.

2. Cando se trate de terras non incluídas na zona de reestruturación, a ocupación temporal dos devanditos terreos rexerese, en canto ás indemnizacións que se lles deban satisfacer ás persoas titulares afectadas, e agás acordo previo, polos preceptos da lexislación vixente en materia de expropiación forzosa.

3. Cando, para a realización da obra ou mellora, resulte necesaria a expropiación forzosa de terreos non suxeitos a reestruturación, a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá utilizar, para o expresado fin, o procedemento urxente que na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa se estableza, agás acordo previo coas persoas titulares afectadas.

4. Para que a consellaría competente en desenvolvemento rural poida facer uso da facultade expropiatoria que lle atribúe este artigo, será preciso que a necesidade e a urxencia da expropiación sexan expostas e razoadas no plan de obras ou que, se a necesidade xorde con posterioridade á

súa aprobación, se obteña da referida consellaría a autorización correspondente.

5. Cando se trate de terreos suxeitos a reestruturación, as persoas titulares non serán indemnizadas en metálico, senón que o valor daqueles se computará en valor de puntuación, sen prexuízo das demais indemnizacións e garantías que se establezan na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa.

Artigo 63. *Proxectos de obras*

1. Os proxectos das obras ás que se refire o artigo 60 axustaranse na súa redacción ao correspondente plan de obras e serán aprobados pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

2. Unha vez aprobados os proxectos de obras, serán comunicados ao concello ou concellos afectados, que os expoñerá ao público durante un período dun mes, ao tempo que se publicarán na sede electrónica da consellaría por ese mesmo prazo. Durante este período, poderanse presentar as alegacións que se consideren oportunas, que, no caso de seren estimadas, serán incorporadas ao referido proxecto, e as restantes arquivaranse sen máis trámite.

3. No caso de que dentro da zona de reestruturación parcelaria existan terreos de natureza forestal, solicitarase informe non vinculante á dirección xeral competente en materia de montes, que deberá emitilo no prazo dun mes desde a recepción da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se emitise o mencionado informe, continuarase o procedemento.

Artigo 64. *Entrega e recepción das obras*

1. Mediante resolución da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural acordarase a entrega ao concello ou concellos afectados das obras executadas incluídas dentro do plan de obras e destinadas a un uso ou servizo público. Con este acto entenderase transmitida á entidade local correspondente a súa titularidade. As infraestruturas entregadas estarán afectas a un uso público e polo tanto non lles será aplicable a lexislación en vigor en materia de montes.

2. No prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución de entrega, pode-

rase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, cuxa resolución esgota a vía administrativa.

3. A estimación dos recursos a que se refire o punto anterior determinará, se procede, a entrega parcial das obras ou a execución das reformas precisas a expensas da consellaría. Se os defectos das obras as fan absolutamente inadecuadas para o uso a que se destinan, acordarase, por petición do recorrente, a resolución do compromiso por el asumido, sen prexuízo da existencia de responsabilidades á empresa adxudicataria das obras.

4. Transcorrido o prazo de presentación de recurso de alzada a que se refire o número 2 deste artigo sen que este se producise, ou interposto e resolto, reputarase realizada a entrega das obras e transmitido o dominio.

5. A entidade receptora das obras estará obrigada ao seu correcto estado de conservación e, durante o prazo de cinco anos a partir da súa entrega, a manter a obra orixinal, independentemente das melloras que sobre ela poida executar.

Artigo 65. *Convenios*

1. Poderán ser incluídas no plan de obras aquelas que, sendo executadas por outras administracións, teñan previsto o seu financiamento nos seus respectivos orzamentos e afecten os terreos incluídos dentro do perímetro de reestruturación.

2. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá establecer convenios coas deputacións, concellos e organismos do Estado para incluír nos plans de obras aquelas que sexan da súa competencia ou a afecten en canto ao seu financiamento e beneficien a zona.

3. Para a execución das obras previstas neste artigo poderá establecerse un plan coordinado entre a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e as entidades que colaboren na súa execución e financiamento. Este plan sinalará no anteproxecto xeral e por sectores as obras, a súa enumeración e a relación das que lle corresponden a cada organismo ou entidade colaboradora, con anotacións axustadas á orde e ao ritmo tanto de redacción de proxectos como da súa execución. Neste suposto a aprobación do plan coordinado correspóndelle á Xunta de Galicia.

4. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá establecer convenios de colaboración coas deputacións, concellos e organismos do Estado para o financiamento e a execución total ou parcial, por parte deles, das obras a que fai referencia o artigo 60.2 nas alíneas a), b), d) e e). Estas obras executaranse conforme os proxectos técnicos a que fai referencia o artigo 63, sendo coordinadas por un técnico do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria nomeado pola persoa titular da xefatura territorial correspondente.

Artigo 66. *Mantemento e conservación*

1. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá establecer convenios coas deputacións, concellos e agrupacións de titulares co obxecto de conseguir unha adecuada conservación das obras de calquera clase incluídas nos seus plans, e neles determinará a forma de prestar o servizo e reembolsar os gastos ocasionados.

2. As persoas que impidan, destrúan, deterioreen ou fagan mal uso de calquera obra ou sinalización incluída nos plans de obras e melloras territoriais serán sancionadas, logo da instrución do oportuno expediente, conforme o disposto no título X desta lei.

Artigo 67. *Control e vixilancia*

1. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural exercerá a supervisión sobre todos os aspectos e accións do procedemento.

2. Así mesmo, a xunta local de zona poñerá en coñecemento da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural calquera anomalía que observe para que poida ser inmediatamente corrixida, de ser o caso.

TÍTULO VII

Efectos e conservación

Artigo 68. *Efectos do proceso de mellora da estrutura territorial agraria*

1. O inicio dun proceso de mellora da estrutura territorial agraria faculta a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural para levar a cabo todas as actuacións inherentes á execución dos procedementos segundo o sinalado

nesta lei e, nomeadamente, a execución daquelas obras e melloras necesarias para o proceso, incluíndo a corta e retirada de arboredo ou calquera outro obstáculo que impida a normal execución da rede de camiños para dotar os predios de substitución do acceso a que se fai referencia no artigo 60 desta lei.

2. Desde o día seguinte ao da publicación do decreto de reestruturación parcelaria de carácter público dunha zona ou da orde da consellaría para a reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares, calquera plantación arbórea ou arbustiva, obra ou mellora requirirá a autorización previa do servizo provincial competente, que ditará resolución motivada. As plantacións, obras ou melloras realizadas sen autorización non serán tidas en conta para efectos de valoración e clasificación das parcelas de achega, ou como criterio de atribución dos novos predios de substitución, sen prexuízo das sancións a que este feito poida dar lugar en aplicación do disposto no título X.

Artigo 69. *Usos do solo de reestruturación parcelaria*

Excepcionalmente, logo do informe favorable da xunta local, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá autorizar un cambio no uso dos terreos afectados pola reestruturación parcelaria para fins diferentes dos agrarios, sempre que sexa temporal e ata que remate o proceso de reestruturación parcelaria.

En todo caso, constituirase garantía financeira suficiente para asegurar que o devandito uso non comprometa o proceso de reestruturación parcelaria e que, unha vez que cese este, se recupere o uso agrario dos terreos afectados.

Artigo 70. *Accións civís*

1. A inclusión dunha parcela na zona (...) dá lugar, mentres dure o procedemento correspondente, á extinción do retracto de lindeiros, do dereito de permuta forzosa e demais de adquisición que outorguen por lei para evitar os enclavados ou a dispersión parcelaria, agás que a demanda fose interposta antes da inclusión.

2. Non obstante, se algunha parcela comprendida na zona for despois obxecto de exclusión, o prazo para interpoñer a demanda comezará novamente desde o seguinte día en que a persoa titular do dereito ten ou debeu ter coñecemento do acordo de exclusión.

Artigo 71. Cuestións xudiciais

As resolucións ditadas no expediente non quedarán en suspenso polas cuestións xudiciais que se promovan entre particulares sobre os dereitos afectados por estas.

Artigo 72. División e segregación de predios de substitución

Rematada a reestruturación, só será válida a división ou segregación de predios de substitución nos seguintes casos:

a) Se é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na lexislación especial de arrendamentos rústicos históricos.

b) Cando se produce por causa de expropiación forzosa.

c) Cando se trate de disposicións a favor de titular de predios de substitución lindeiros, sempre que, como consecuencia da división ou segregación, tanto o predio de substitución que se divide ou segrega como o lindeiro manteñan o tamaño mínimo para que a explotación sexa economicamente viable, o que se xustificará mediante o correspondente informe técnico de quen o autorice. Neste caso, a división ou segregación deberá recibir o informe favorable do servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural.

d) Nos predios de substitución clasificados urbanisticamente, total ou parcialmente, como de núcleo rural, a súa división ou segregación, unha vez rematado o proceso de reestruturación parcelaria, estará suxeita ao disposto no planeamento municipal ou na súa norma urbanística de carácter subsidiario.

e) No caso de que unha parcela estea en parte clasificada como de núcleo rural e en parte como rústica, a súa división ou segregación terá que contar coa autorización do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

TÍTULO VIII**Financiamento e axudas públicas****Artigo 73. Financiamento da reestruturación parcelaria**

A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural asumirá na súa totalidade os gastos da tramita-

ción e execución dos procesos de reestruturación parcelaria de carácter público e os de reestruturación de predios de vocación agraria polas persoas particulares, sen prexuízo do disposto no artigo 65 desta lei ou dos fondos que poidan chegar outras entidades.

Artigo 74. Financiamento do plan de obras

As obras coa tipoloxía recollida no número 2 do artigo 60 que estean incluídas no plan de obras da zona serán integramente financiadas pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, sen prexuízo do disposto no artigo 65 desta lei ou dos fondos que poidan chegar outras entidades.

Artigo 75. Financiamento das obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos predios

As actuacións sinaladas no número 2 do artigo 61 poderanse financiar por algún dos seguintes sistemas:

a) Na súa totalidade pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

b) Mediante o establecemento de liñas de axudas públicas de ata un 70 % das obras de acondicionamento e mellora dos predios das explotacións agrarias solicitadas polas explotacións, agrupacións de titulares e iniciativas de aproveitamento en común integradas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria que cumpran cos requisitos sinalados no artigo 21, e ata un 40 % as do resto das persoas titulares solicitantes.

Artigo 76. Axudas a explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común

Aquelas explotacións, agrupacións de titulares e iniciativas de aproveitamento en común integradas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria que cumpran cos requisitos sinalados no artigo 21 terán un trato preferente nas axudas da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

Artigo 77. Avaliación final de custos do proceso

Rematado o proceso de reestruturación, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural levará a

cabo un procedemento de avaliación final dos custos íntegros do proceso, que incluíra non só os custos directos derivados da contratación externa de obras e asistencias técnicas, senón os indirectos derivados da súa propia actuación no procedemento.

Esta avaliación servirá de base para o cálculo do importe da reparación dos danos recollidos no artigo 93, e será publicada na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

TÍTULO IX

Zonas de actuación intensiva

Artigo 78. *Zonas de actuación intensiva*

O Consello da Xunta, por proposta do organismo competente en materia de desenvolvemento rural, identificará e declarará as zonas de actuación agraria prioritaria, logo do informe do comité técnico asesor de reestruturación parcelaria regulado no artigo 14 desta lei. Estas serán zonas de actuacións intensivas en función dos seus especiais valores agrarios ou ambientais, onde priorizará as súas actividades, así como instará as restantes entidades con competencias en materia no ámbito rural para executaren plans integrais de xestión de terras e desenvolvemento territorial co contido, alcance e procedemento de elaboración e execución que se estableza no correspondente decreto de declaración.

Artigo 79. *Ámbito territorial*

O perímetro da zona de actuación intensiva será aquel que veña determinado no correspondente decreto, e non será necesario que coincida con ningunha das divisións administrativas existentes.

Non obstante, a determinación do antedito perímetro poderá apoiarse nos límites parroquiais, podendo incluír unha ou varias parroquias, aínda que pertencen a diferentes concellos ou provincias, dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 80. *Determinación das zonas de actuación intensiva*

A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural deberá proceder, logo do informe dos comités

técnicos asesores de reestruturación parcelaria, á selección das zonas de actuación intensiva e os seus perímetros, atendendo os seguintes criterios:

a) As zonas que inclúan terreos en fase de concentración ou reestruturación parcelaria, os que estean xa concentrados ou aqueles que teñan promovida a súa reestruturación.

b) As zonas no seu día decretadas como zonas de actuación agraria prioritaria (ZAAP), segundo a súa normativa aplicable.

c) As zonas en que existan deficiencias estruturais que incidan negativamente na súa viabilidade socioeconómica.

d) As zonas en que se promovan actuacións agrupadas ou simultáneas en varios concellos para a corrección das desigualdades máis significativas co fin de acadar unha distribución territorial equitativa.

e) As zonas cun alto grao de aceptación por parte da poboación, constatado polas sinaturas que avalan a petición.

f) As zonas cuxo dinamismo socioeconómico permita a optimización dos efectos do proceso.

g) As zonas en que a actividade económica principal sexa a agraria.

h) As zonas con potencialidade agraria estimada segundo criterios obxectivos.

i) As zonas ambientalmente sensibles, atendendo aqueles aspectos que poden condicionar negativamente a viabilidade das actuacións e a existencia dentro do seu perímetro de terreos ambientalmente protexidos ou que, estando fóra daquel, se poidan ver afectados negativamente.

j) As zonas en que sexa posible mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución das emisións de CO₂ e dos incendios forestais.

j bis) As zonas nas que se teña solicitado un número significativo de proxectos de incorporación.

k) Outros factores que sexan determinados regulamentariamente e que se consideren necesarios á hora de avaliar a viabilidade do proceso.

Artigo 81. *Plan de actuación integral*

Nas zonas de actuación intensiva desenvolverase un plan de actuación integral que establecerá as accións e asignará os medios tendentes á consecución, como mínimo, dun dos seguintes obxectivos:

a) A dotación e mellora da infraestrutura viaria, abastecemento e saneamento de auga, xestión de residuos, equipamento e servizos comunitarios, vivenda rural, electrificación rural e telecomunicacións.

b) A reestruturación parcelaria de carácter público, reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares e reestruturación da propiedade mediante permutas e procesos especiais inherentes aos casos dos proxectos de grandes obras públicas lineais e coutos mineiros.

c) A ordenación de usos e cultivos, modernización e consolidación de regadíos, construcións gandeiras, mellora da sanidade pecuaria e aproveitamento racional dos recursos forestais con criterios de sustentabilidade.

d) O impulso das industrias de elaboración, conservación, transformación e comercialización de produtos agrarios.

e) A protección da caza e pesca e da paisaxe.

f) A capacitación e promoción da formación profesional e cultural e das actividades deportivas no medio natural, recreativas e de lecer da poboación rural.

g) O estímulo e fomento das cooperativas e demais modalidades asociativas agrarias.

h) A diminución do número e da virulencia dos incendios forestais.

i) A mobilización dos predios con vocación agraria para as explotacións.

j) Calquera outro que permita o desenvolvemento rural da zona.

Artigo 82. *Inicio do procedemento*

1. O procedemento de declaración de actuación intensiva para unha zona poderase iniciar:

a) Por petición, logo do acordo corporativo, do concello ou concellos afectados.

b) De oficio pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, logo do informe do comité técnico asesor da reestruturación correspondente.

2. Será competente para o coñecemento e tramitación dos expedientes inherentes ás actuacións intensivas a delegación territorial correspondente. No caso de afectar o ámbito territorial de varias delegacións, a competencia exercerá aquela que conte cunha maior superficie afectada polo expediente.

3. Recibida a solicitude, a delegación territorial solicitará a información necesaria ao concello ou concellos afectados, así como ás xefaturas territoriais que se considere por razón das actuacións necesarias, que emitirán informe sobre a súa oportunidade.

4. O expediente farase público para efectos de audiencia ás persoas interesadas, no concello ou concellos afectados, así como na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 83. *Decreto*

1. O decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, declarará de utilidade pública e interese social a actuación intensiva da zona de que se trate.

2. O decreto conterá, como mínimo, a declaración de utilidade pública e interese social da actuación intensiva da zona, para os efectos de expropiación forzosa, así como o perímetro da zona de actuación.

Artigo 84. *O comité de asesoramento*

1. O comité de asesoramento, de carácter provincial, ten como funcións principais:

a) A coordinación entre as diferentes zonas de actuación intensiva levadas a cabo e entre os diferentes organismos que teñen relación cunha actuación concreta para cada zona.

b) O asesoramento á delegación territorial para a elaboración do informe sobre a oportunidade de declarar a actuación intensiva a que fai referencia o artigo anterior.

2. O comité de asesoramento estará formado polos seguintes membros:

a) Presidente: a persoa titular da delegación territorial competente da Xunta de Galicia.

b) Vogais: as persoas titulares das xefaturas territoriais, ou persoa en que deleguen, das consellarías competentes en materia de desenvolvemento rural, ordenación do territorio e economía, así como unha persoa representante da Fegamp.

Así mesmo, e por razón das súas competencias, poderán ser citadas ás reunións do comité de asesoramento, con voz pero sen voto, as persoas representantes dos diversos organismos que se poidan ver afectados.

c) Secretaría: será exercida por unha persoa funcionaria da delegación territorial da provincia correspondente, coa condición de licenciada en dereito.

3. A forma de designación dos membros deste comité e o seu funcionamento serán determinados regulamentariamente.

4. Co fin de facilitar a actuación coordinada para a mellora ou dotación de equipamentos e servizos comunitarios, poderá solicitarse a colaboración de empresas públicas e privadas.

Artigo 85. *A xunta de zona*

1. Para os efectos desta lei, as xuntas de zona teñen como funcións o informe, o asesoramento e a colaboración nas distintas fases e accións da actuación intensiva.

2. A xunta de zona é un órgano colexiado formado por:

a) Presidencia, con voto de calidade: a persoa que exerza a xefatura territorial competente en materia de desenvolvemento rural, ou persoa en que delegue.

b) Secretaría: unha persoa funcionaria da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, designada pola persoa titular da delegación territorial que corresponda, coa condición de licenciada en dereito, que actuará con voz pero sen voto.

c) Vogalías:

1º. A persoa que exerza a alcaldía ou alcaldías do concello ou concellos afectados pola zona de actuación intensiva, ou persoa en que delegue.

1º bis. As persoas que exerzan as xefaturas territoriais competentes en materia de ordenación do territorio, de industria e de economía, ou persoas en que deleguen.

2º. Catro representantes da veciñanza residente, dos cales polo menos dous serán titulares de explotacións agrarias, elixidos conforme se estableza regulamentariamente.

3º. Unha persoa técnica da oficina ou oficinas agrarias comarcais correspondentes á zona, designada pola persoa titular da xefatura territorial competente en materia de desenvolvemento rural.

4º. Unha persoa técnica do distrito ou distritos forestais correspondentes á zona, designada pola persoa titular da xefatura territorial competente en materia de desenvolvemento rural.

3. A xunta local constituirase nun prazo non superior aos tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación do decreto da zona e quedará disolta unha vez rematadas as funcións inherentes ao plan de actuación intensiva.

4. O funcionamento da xunta da zona determinarase regulamentariamente.

TÍTULO X Réxime sancionador

Artigo 86. *A actuación inspectora*

1. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural levará a cabo aquelas actuacións de control e de inspección que considere necesarias sobre os predios con

vocación agraria situados na zona para garantir o cumprimento do recollido nesta lei.

2. Para estes efectos, o persoal da consellaría que desenvolva estas actuacións ten a condición de axente da autoridade, e os feitos constatados e formalizados por el nas correspondentes actas de inspección e denuncia terán a presunción de certeza, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan achegar as persoas interesadas.

Artigo 87. *Réxime sancionador*

1. Son sancionables as accións e omisións que infrinxan o establecido nesta lei, sen prexuízo das responsabilidades exixibles na vía penal, civil ou doutra orde en que poidan incorrer.

2. As infraccións ao establecido nesta lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 88. *Infraccións leves*

Son infraccións leves:

1. Dificultar os traballos de investigación e clasificación de terras.

2. Realizar actos que diminúan o valor dunha parcela de achega nun valor inferior ao 10 % dela, unha vez iniciado o proceso.

3. Calquera outra acción ou omisión que supoña incumprimento de calquera dos requisitos establecidos nesta lei que non estea clasificado como falta grave ou moi grave.

Artigo 89. *Infraccións graves*

Son infraccións graves:

1. Impedir o acceso ás parcelas de achega ao persoal encargado da realización dos traballos cando sexa necesario para a súa correcta execución e non proceder, cando llo indique ese persoal, á roza e limpeza de maleza total ou parcial

dos terreos cando sexa necesario para os traballos de identificación de parcelas de achega.

2. Realizar obras ou melloras nas parcelas de achega sen a correspondente autorización.

3. Destruír obras, cortar ou derribar arboredo, extraer ou suprimir plantacións ou cultivos permanentes e derramar a terra ou, en xeral, realizar actos que diminúan o valor dunha parcela de achega nun valor superior ao 10 % dela, unha vez iniciado o proceso, sen a preceptiva autorización previa.

4. A obstrución ou a negativa a subministrar datos ou a facilitar as funcións de información, vixilancia ou inspección que practique a Administración, así como subministrar a sabendas información inexacta, con omisións, erros ou imprecisións ou documentación falsa.

Artigo 90. *Infraccións moi graves*

Son infraccións moi graves:

1. O incumprimento da obriga sinalada no número 1.c) do artigo 12, nos casos sinalados no artigo 21, de manter os predios de substitución atribuídos en explotación conforme o determinado para eles no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona durante o período sinalado no citado punto.

2. Impedir ou obstaculizar a toma de posesión dos novos predios de substitución.

3. Impedir ou obstaculizar a realización das obras sinaladas no título VI.

4. Impedir ou dificultar a sinalización ou a implantación dos novos predios de substitución, así como retirar os sinais ou os marcos cando estean colocados.

Artigo 91. *Sancións*

1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas da seguinte forma:

a) Infraccións leves: apercibimento ou multa ata 600 euros.

b) Infraccións graves: multa entre 601 e 1.500 euros.

c) Infraccións moi graves: multa entre 1.501 e 6.000 euros.

2. O apercibimento só procederá no suposto de infraccións leves, sempre e cando a persoa infractora non fose sancionada con anterioridade por calquera infracción das tipificadas nesta lei.

Artigo 92. *Graduación das sancións*

1. Para a determinación concreta da sanción que se impoña, de entre as asignadas a cada tipo de infracción, tomaranse en consideración os seguintes criterios:

a) A existencia de intencionalidade ou simple neglixencia.

b) A reiteración, entendida como a concorrencia de varias irregularidades ou infraccións que se sancionen no mesmo procedemento.

c) A natureza dos prexuízos causados.

d) A reincidencia, por comisión no prazo de dous anos doutra infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme. Este prazo comezará a contar desde que a resolución adquira firmeza na vía administrativa.

2. Malia o recollido no punto anterior, a sanción poderase minorar motivadamente, a xuízo do órgano competente para resolver segundo o tipo de infracción de que se trate, atendendo as circunstancias específicas do caso, entre elas o recoñecemento e a emenda da conduta infractora e a reparación dos danos causados, antes de que se resolva o correspondente expediente sancionador, cando a sanción resulte excesivamente onerosa.

3. Os criterios de graduación recollidos no número 1 non se poderán utilizar para agravar a infracción cando estean contidos na descrición da conduta infractora ou formen parte do propio ilícito administrativo.

4. A proposta de resolución do expediente, no caso de que sexa procedente, e a resolución administrativa que recaia deberán explicitar os criterios de graduación da san-

ción tidos en conta, de entre os sinalados no número 1 deste artigo. Cando non se considere relevante para estes efectos ningunha das circunstancias enumeradas, a sanción impoñerase na contía mínima prevista para cada tipo de infracción.

Artigo 93. *Reparación do dano ou indemnización*

1. Con independencia da sanción que lles fose imposta, as persoas infractoras deberán repoñer a situación alterada ao seu estado orixinario, así como indemnizar os danos e perdas causados. Estes danos determinaranse segundo criterio técnico debidamente motivado na resolución sancionadora, que establecerá a forma e o prazo en que a reparación se deberá levar a cabo ou, de ser o caso, a imposibilidade da reparación e o conseqüente establecemento da indemnización. En relación cos danos e perdas causados, as persoas afectadas poderán achegar en audiencia e por conta propia informe complementario de peritaxe dos danos.

2. No caso de sanción por infracción moi grave relativa ao establecido no número 1 do artigo 90, tendo en conta a imposibilidade de reposición ao estado orixinario, o infractor estará obrigado á devolución da parte proporcional ao tempo que resta para cumprir a totalidade do compromiso sinalado na alínea c) do artigo 12 dos gastos ocasionados á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural correspondentes á superficie total dos predios de substitución obxecto de infracción, valorados conforme se determina no artigo 77.

Artigo 94. *Multas coercitivas e execución subsidiaria*

1. Se as persoas responsables da infracción non proceden á reparación ou á indemnización na forma e no prazo outorgados na resolución, o órgano que ditou a resolución poderá acordar a imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria.

2. As multas coercitivas serán reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado e o seu importe non poderá ser superior a 1.000 euros.

3. A execución pola Administración da reparación ordenada será por conta do infractor.

Artigo 95. *Responsabilidade*

A responsabilidade da infracción recaerá sobre:

1. A persoa física ou xurídica que directamente leve a cabo a actividade infractora, ben sexa a propia persoa titular do dominio ou doutro dereito real de gozo sobre os predios ou unha terceira persoa que actúe por mandato daqueles.

2. De existir, a persoa física ou xurídica que sexa titular dos predios en réxime de arrendamento, parzaría ou calquera outro dereito de uso ou de aproveitamento análogo, agás que no decurso do expediente demostre que as persoas arrendadoras ou cedentes lle impiden o normal desenvolvemento dos dereitos de uso ou aproveitamento dos predios, caso en que a responsabilidade recaería sobre estas.

3. Os habentes causa das herdanzas indivisas e comunidades hereditarias, as persoas representantes das herdanzas xacentes, as persoas cotitulares das sociedades de gananciais e das comunidades de bens, os membros de sociedades civís e entidades carentes de personalidade xurídica, todas elas titulares de predios rústicos que constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, agás a existencia de calquera tipo de cesión do dereito de uso ou de aproveitamento en favor dunha terceira persoa. De ser o caso, as persoas copartícipes responderán solidariamente das sancións impostas.

(...) Se a persoa xurídica autora dunha infracción establecida nesta lei se extingue antes de ser sancionada, consideraranse autores as persoas físicas que, desde os seus órganos de dirección ou actuando ao seu servizo ou por elas mesmas, determinaron coa súa conduta a comisión da infracción. As persoas socias ou partícipes no capital responderán solidariamente, e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase, do pagamento da sanción ou, se é o caso, do custo da reparación.

Artigo 96. *Órganos sancionadores competentes*

1. O órgano con competencia para incoar o expediente sancionador será a persoa titular da xefatura territorial competente en materia de desenvolvemento rural.

2. Os órganos con competencia para a imposición das sancións previstas nesta lei serán os seguintes:

a) Para sancionar infraccións de carácter leve, a persoa titular da xefatura territorial correspondente.

b) Para sancionar infraccións de carácter grave, a persoa titular da dirección xeral competente.

c) Para sancionar infraccións de carácter moi grave, a persoa titular da consellaría competente.

Artigo 97. *Duración do procedemento sancionador*

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa que póna fin ao procedemento será dun ano, contado desde a data de inicio do procedemento administrativo sancionador.

Artigo 98. *Prescripción das infraccións e sancións*

1. As infraccións leves a que se refire esta lei prescribirán no prazo de dous anos, as graves no de tres anos e as moi graves no de catro anos.

2. O prazo da prescripción comezará a correr desde o día en que se cometa a infracción, agás no suposto de infraccións continuadas, en que o prazo de prescripción comezará a contar desde o momento de finalización da actividade, do último acto con que a infracción se consumase ou desde que se eliminou a situación ilícita.

3. Interromperá a prescripción da infracción a iniciación, co coñecemento da persoa presunta responsable, do procedemento sancionador.

4. No caso de concorrencia de infraccións leves, graves e moi graves, ou cando algunha destas infraccións sexa medio necesario para cometer outra, o prazo de prescripción é o establecido para a infracción máis grave das cometidas.

5. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos. Estes prazos comezarán a contarse a partir do día seguinte ao aquel en que adquirise firmeza en vía administrativa a resolución sancionadora.

Disposición adicional primeira. *Da normativa de aplicación supletoria*

De maneira supletoria e para aquelas materias non reguladas expresamente nesta lei e nas súas normas complemen-

tarias, aplicarase a normativa estatal vixente en materia de desenvolvemento rural.

Disposición adicional segunda. *Competencia residual*

As competencias en materia de reestruturación parcelaria que por esta lei non estean conferidas a un órgano ou servizo concreto quedaránlle atribuídas á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

Disposición adicional terceira. *Protección de datos*

Corresponderalle á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural a creación de ficheiros e o tratamento de datos de carácter persoal inherentes aos procesos de reestruturación parcelaria, así como os de concentración parcelaria en curso, que se levará a cabo con sometemento ás normas recollidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ou normativa legal que a substitúa.

Disposición transitoria primeira. *Da irretroactividade da norma*

As disposicións que introduce este texto legal aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, esta lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

Disposición transitoria segunda. *Inclusión de terreos non rústicos*

Sempre e cando, no momento da entrada en vigor desta norma, o procedemento non acadase a fase de acordo de concentración parcelaria, poderán ser incluídos aqueles terreos que, por mor da súa clasificación urbanística, non formasen parte del ou, séndoo, fosen excluídos. Nestes terreos levaranse a cabo todas as actuacións non realizadas de cada fase do procedemento ata alcanzar o punto en que se atope o resto do proceso da zona.

Disposición transitoria terceira. *Procesos de concentración parcelaria sen actuacións*

Aos procesos de concentración parcelaria decretados con anterioridade á entrada en vigor desta lei nos que non se des-

envolvesen actuacións seralles aplicable integramente o contido dela, con excepción do sinalado nos artigos 6, 7, 9 e 10, pasando a ter a consideración de procesos de reestruturación parcelaria de carácter público, ou nos artigos 45, 46 e 47 no caso de reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.

Disposición transitoria cuarta. *Das xuntas locais*

As xuntas locais de concentración parcelaria constituídas con anterioridade á entrada en vigor desta lei manterán inalterada a súa composición, agás nas zonas que non acadasen a fase de bases definitivas. Neste último suposto, incorporáranse, como membros natos pertencentes á xunta local, un técnico designado polo servizo provincial con competencias en materia de montes e unha persoa representante da entidade xestora do Banco de Terras.

Disposición transitoria quinta. *Da caducidade dos procesos de concentración parcelaria*

Ao careceren de solución de continuidade, decláranse caducados os expedientes de concentración parcelaria iniciados antes da entrada en vigor desta lei nos que non se levaron a cabo actos administrativos firmes nos últimos quince anos, e que figuran recollidos no anexo desta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei, e, de forma específica, a Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais, e a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, e as súas modificacións.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras*

Engádese un novo capítulo III, coa denominación «Dos predios abandonados», no título VI da Lei 6/2001, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, co seguinte contido:

“Artigo 34 bis. *Declaración*

O órgano superior competente en materia de agricultura poderá declarar como perímetros abandonados un conxunto de predios con vocación agraria, contiguos ou non, ou que

constitúan ou non coto redondo, situados en solo rústico, cando se dea algunha das causas seguintes:

a) Que poidan supoñer risco de incendios forestais, ben pola inaplicación ou ineficacia das medidas contidas nos correspondentes plans de xestión ou de ordenación forestal, ben pola inexistente xestión da biomasa ou ben polas reiteradas negligencias no uso do lume en prácticas de xestión agroforestal ou doutros conflitos que deviñeron na reiteración de incendios nesas zonas, co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas a esas zonas.

b) Que sexan obxecto de incendios co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas ás zonas queimadas.

c) Que exista demanda de terra por parte de explotacións agrarias xa existentes nesas zonas ou para novas iniciativas de explotacións agrarias, sempre que se manteña o seu estado de abandono, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei.

Artigo 34 ter. Procedemento

1. A incoación do procedemento de declaración de perímetro abandonado farase de oficio ou por instancia de parte pola xefatura territorial competente en materia agraria do ámbito territorial en que estea situado o predio, e, nos casos establecidos nas alíneas a) e b) do artigo anterior, requirirase ademais informe dos servizos técnicos competentes en materia de incendios forestais. No caso de que os predios que forman o perímetro abandonado estean situados en distintas provincias, iniciará o expediente a persoa titular da xefatura territorial da provincia sobre a cal se sitúe a maior superficie de terreo.

2. Os restantes trámites para a declaración de perímetro abandonado serán os establecidos no capítulo II desta lei, coa especialidade de que, nos casos establecidos nas alíneas a) e b) do artigo anterior, o informe previsto no artigo 32.1 desta lei será emitido polos servizos técnicos que correspondan da consellaría competente en materia de montes.

3. Non será obstáculo para a declaración de perímetro abandonado o feito de que algunhas das persoas titulares de predios incorporados ao dito perímetro opten por algunha das opcións a) ou b) recollidas no artigo 33 desta lei, e con-

tinuarase o procedemento para os restantes predios integrantes do perímetro.

4. Seranlles aplicables aos predios incluídos na declaración de perímetro abandonado as consecuencias establecidas no artigo 33 desta lei.

5. Aos predios incluídos dentro do perímetro declarado abandonado seralles aplicable o réxime sancionador establecido nesta lei para os predios declarados abandonados de forma individual.”

Disposición derradeira segunda. Modificación do Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado

Un. Modifícase o número cinco do artigo 7 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado da seguinte maneira:

“Cinco. Redución pola adquisición de explotacións agrarias e de elementos afectos.

1. Nos casos en que na base imponible dunha adquisición *mortis causa* estea incluído o valor dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre esta, practícase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que na data de devindicación o causante ou o seu cónxuxe teñan a condición de persoa agricultora profesional.

b) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa causante.

c) Que a persoa adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

d) Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

2. Cando na base imponible dunha adquisición *mortis causa* estea incluído o valor de elementos dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa causante.

b) Que na data da devindicación as persoas adquirentes ou os seus cónxuxes teñan a condición de persoa agricultora profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan ben titulares dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten.

c) Que a persoa adquirente manteña os elementos adquiridos afectos á explotación agraria durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do citado prazo faleza a persoa adquirente ou transmita os elementos en virtude de pacto sucesorio de acordo co previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

d) Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

3. Cando na base imponible dunha adquisición *mortis causa* estea incluído o valor de predios rústicos situados en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando estes predios sexan transmitidos no prazo de seis meses polo adquirente *mortis causa* a quen teña a condición de persoa agricultora profesional en canto á dedicación de traballo e

procedencia de rendas e sexan ben titulares dunha explotación agraria á cal queden afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria a que queden afectos os elementos que se transmiten. A transmisión poderá realizarse tamén directamente a estas últimas sociedades ou ao Banco de Terras de Galicia, cos mesmos requisitos de prazos sinalados anteriormente. O tempo de afectación dos predios ou dereitos transmitidos non poderá ser inferior a cinco anos.

Para estes efectos, equipárase a transmisión á cesión por calquera título que permita ao cesionario a ampliación da súa explotación agraria. Tamén se terá dereito á redución se os predios están xa cedidos na data de devindicación e se esta cesión se mantén nas condicións sinaladas anteriormente.

Será necesario que a explotación agraria adquirente viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

4. Para os efectos das reducións previstas nos puntos 1, 2 e 3 anteriores, os termos de «explotación agraria», «persoa agricultora profesional», «elementos dunha explotación» e «titular da explotación» son os definidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.”

Dous. Modifícase o número cinco do artigo 8 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado da seguinte maneira:

“Cinco. Redución pola adquisición de explotacións agrarias e predios rústicos.

Nos casos de transmisións de participacións *inter vivos* dunha explotación agraria ou predios rústicos situados en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, aplicarase unha redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99 % do valor de adquisición, sempre e cando concorran as seguintes condicións:

a) Que a persoa doadora teña 65 ou máis anos ou estea en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.

b) Que na data da devindicación a persoa doadora teña a condición de agricultora profesional e perdesa tal condición como consecuencia da doazón.

c) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora.

d) Que a persoa adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria ou predio rústico e a súa condición de persoa agricultora profesional durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do dito prazo falecese a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio de conformidade co previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

e) Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

Os termos de «explotación agraria», «persoa agricultora profesional», «elementos dunha explotación» e «titular da explotación» son os definidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.”

Tres. Modifícase o número tres do artigo 16 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado da seguinte maneira:

“1. As transmisións en propiedade ou a cesión temporal de terreos integrantes do Banco de Terras de Galicia, a través dos mecanismos previstos nesta lei, gozarán dunha dedución na cota tributaria do 100 % no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Este beneficio fiscal será incompatible con calquera outro que poida ser aplicable a esas adxudicacións ou ao encargo de mediación.

2. A aplicación do dito beneficio fiscal quedará condicionada ao mantemento, durante un período mínimo de cinco anos, do destino agrario do terreo, agás nos supostos de expropiación para a construción de infraestruturas públicas ou para a edificación de instalacións ou construcións asociadas á explotación agraria.

3. No caso de incumprimento da dita condición, a persoa beneficiaria deberá ingresar o importe do beneficio gozado e os xuros de demora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria, no prazo de trinta días hábiles desde o incumprimento da condición.”

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase o Consello da Xunta para ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan precisas.

Disposición derradeira cuarta. *Remisións legais*

As remisións ou referencias que nos textos legais en vigor se fan á concentración parcelaria entenderanse feitas á reestruturación parcelaria regulada por esta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días seguintes ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO

Relación de expedientes de concentración parcelaria que se declaran caducados

Provincia	Concello	Zona	Data do decreto
A Coruña	Cabana de Bergantiños	Silvarredonda	01/11/2111
A Coruña	Capela, A	Caaveiro	15/06/1964
A Coruña	Capela, A	Cabalar	15/06/1978
A Coruña	Capela, A	A Capela	17/09/1964
A Coruña	Cedeira	Cedeira	30/06/1966
A Coruña	Cerceda	Xesteda - Rodís	10/06/1975
A Coruña	Cerdido	A Barqueira - Os Casás	11/03/1977
A Coruña	Cerdido	Cerdido	09/11/1989
A Coruña	Cesuras	Taboada - Fabás - Paderne	01/11/2111
A Coruña	Coristanco	Cereo	01/12/1977
A Coruña	Coristanco	Seavia	23/02/1989
A Coruña	Coristanco	Verdes	15/06/1978
A Coruña	Melide	Baltar - Grobas	29/12/1979
A Coruña	Melide	Grobas	15/06/1979
A Coruña	Melide	Monte do Castro	13/07/1981
A Coruña	Monfero	Monfero, San Fiz e Santa Xiá	16/11/1995
A Coruña	Ordes	Poulo II	08/04/1999
A Coruña	Ordes	Poulo I	31/10/1963
A Coruña	Ordes	Ordes	19/11/1976
A Coruña	Ortigueira	San Clodio - Ermo	23/08/1975
A Coruña	Ortigueira	Loiba	10/10/1985
A Coruña	Outes	Tarás	12/04/1991
A Coruña	Paderne	Vilamourel II	10/08/1985
A Coruña	Padrón	Padrón	14/08/1965
A Coruña	San Sadurniño	San Sadurniño II	11/03/1977
A Coruña	Santa Comba	Montes de Truebe, privada	01/11/2111
A Coruña	Santa Comba	Freixeiro	17/09/1964
A Coruña	Santiso	Niñodaguia - Serantes. Sector I	17/06/1999
A Coruña	Teo	Lampai - Luou	25/06/1999
A Coruña	Teo	Lucí - Rarís	25/06/1999
A Coruña	Teo	Oza - Teo - Baamonde - Vilariño	25/06/1999
A Coruña	Toques	A Capela	15/06/1973
A Coruña	Toques	Mangoeiro - Ordes	17/08/1973
A Coruña	Tordoia	Cabaleiros	22/09/1961
A Coruña	Tordoia	Tordoia	15/06/1962
A Coruña	Val do Dubra	Buxán II	18/03/1993
A Coruña	Valdoviño	Vilaboa	15/06/1971
A Coruña	Vilasantar	Présaras	12/02/1982
A Coruña	Vilasantar	Vilasantar	15/06/1973
Lugo	Begonte	Baldomar	17/07/1974

Provincia	Concello	Zona	Data do decreto
Lugo	Begonte	Begonte	17/07/1974
Lugo	Begonte	Damil	17/07/1974
Lugo	Begonte	Illán	17/07/1974
Lugo	Begonte	Trobo	17/07/1974
Lugo	Bóveda	Remesar	15/04/1965
Lugo	Bóveda	Vilalpape	13/08/1966
Lugo	Carballedo	Lobagueiras	20/07/1989
Lugo	Corgo, O	Cela	19/08/1967
Lugo	Cospeito	Santa María de Cospeito	29/08/1980
Lugo	Cospeito	Xermar	20/09/1990
Lugo	Guitiriz	Os Vilares	19/08/1967
Lugo	Incio, O	Monte Castro de Arriba	14/04/1988
Lugo	Incio, O	Novelín - Rendar	13/07/1981
Lugo	Lugo	Lamas e Calde	19/08/1967
Lugo	Mondoñedo	Oirán	12/12/1991
Lugo	Mondoñedo	Viloñe	20/07/1989
Lugo	Monforte de Lemos	A Parte	23/07/1966
Lugo	Monforte de Lemos	Bascós	07/09/1963
Lugo	Monforte de Lemos	Distriz	11/07/1990
Lugo	Monforte de Lemos	Reigada	14/08/1965
Lugo	Monforte de Lemos	Ribas Altas	23/07/1966
Lugo	Monforte de Lemos	Sindrán	14/08/1965
Lugo	Monterroso	Vilarfonxe	10/07/1978
Lugo	Navia de Suarna	Cabanela	20/09/1990
Lugo	Pantón	Mañente	23/07/1966
Lugo	Pantón	Vilamelle	06/05/1965
Lugo	Pastoriza, A	Corvelle	13/08/1966
Lugo	Pobra do Brollón, A	Fornelas	19/08/1967
Lugo	Sarria	Arxemil	13/08/1973
Lugo	Sarria	Louseiro	12/02/1982
Lugo	Sarria	Requeixo	19/08/1975
Lugo	Sarria	San Salvador	19/08/1975
Lugo	Sarria	Ortoá	13/08/1973
Lugo	Sarria	Santa Mariña	19/08/1975
Lugo	Sarria	Farbán	19/08/1975
Lugo	Viveiro	Galdo - Landrove	07/05/1976
Ourense	Castro Caldelas	Trabazos - Folgoso - Vimieiro	20/12/1990
Ourense	Entrimo	Galez	21/06/1965
Ourense	Irixo, O	Campo	01/03/1962
Ourense	Irixo, O	Parada de Labiote	29/07/1993
Ourense	Lobios	Grou	29/03/1962
Ourense	Paderne de Allariz	Figueiroá - Mourisco	02/06/1994
Ourense	Peroxa, A	Sandamiro e Areas	privada
Ourense	Petín	Chamabritada	19/10/1981
Ourense	San Xoán de Río	San Xoán de Río	26/05/1988

Provincia	Concello	Zona	Data do decreto
Pontevedra	Agolada	Bais	02/06/1994
Pontevedra	Cambados	Vilariño - 2º sector	20/09/2001
Pontevedra	Cañiza, A	As Achas	02/06/1994
Pontevedra	Cotobade	Aguasantas- Valongo - Sector I: Aguasantas	17/06/1999
Pontevedra	Cotobade	Aguasantas- Valongo - Sector Valongo	17/06/1999
Pontevedra	Forcarei	Castrelo	14/04/1970
Pontevedra	Lalín	Filgueira	04/06/1986
Pontevedra	Lalín	Monte de Baixo	25/10/1990
Pontevedra	Lalín	Monte de Castro	13/07/1981
Pontevedra	Silleda	Refoxos	16/08/1969
Pontevedra	Valga	Os Vilarés	22/06/1990

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2015

Vidal Martínez-Sierra López
Presidente da Comisión

María Tereixa Paz Franco
Secretaria da Comisión

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

- 30881 (09/PL-000023)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

BOPG nº 388, do 10.12.2014

Ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

- G.P. dos Socialistas de Galicia (Doc. núm. 37509).
- G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (Doc. núm. 37515).
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego (Doc. núm. 37528).
- G.P. Mixto (Doc. núm. 37520)

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén, para a súa defensa en Pleno**, todas as emendas e votos particulares, presentados ao Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, agás as aprobadas ou transaccionadas (09/PL-000023, doc. núm. 30881).

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2015

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Jose Luis Méndez Romeu na data 29/05/2015 12:43:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas apresentadas ao Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, doc. núm. 30881 (09/PL-000023) que non foron incorporadas ao Dictame da Comisión.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García

Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 29/05/2015 13:53:44

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Mixto**, a través da súa voceira e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (09/PL-000023, doc. núm. 30881), que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión.


Pazo do Parlamento a 29 de maio de 2015

Asdo.: Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 29/05/2015 15:14:26





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as **emendas** presentadas ao **Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza** (09/PL-000023, doc. núm. **30881**), que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2015

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 01/06/2015 10:41:38

Texto para Pleno

**PROXECTO DE LEI DE MELLORA DA ESTRUTURA TERRITORIAL
AGRARIA DE GALICIA**

Proxecto de lei: BOPG núm. 388, do 10.12.2014
Emendas: BOPG núm. 435, do 24.03.2015
Informe da Ponencia: BOPG núm 466, do 22.05.2015
Ditame de Comisión: BOPG núm. 472, do 02.06.2015

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei*

É obxecto desta lei establecer os mecanismos **e recursos** para a mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia, co fin de acadar os obxectivos xerais que se recollen no artigo 2.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Adición.

Artigo 1. Liña 1. Adición. Engadir ao inicio do artigo o seguinte texto:

“É obxecto desta lei dispoñer a ordenación dos predios rústicos mediante procesos de reforma das estruturas agrarias, a prol de promover a constitución e o mantemento das explotacións cunhas dimensións suficientes e incrementar a capacidade produtiva do campo, ordenando axeitadamente as explotacións agrarias, respectando o medio ambiente, intentando reordenar racionalmente os cultivos baixo a perspectiva da utilidade económica e social e tendo en conta o obxectivo de fixar a poboación no medio rural, con base en facer rendible a actividade produtiva.

A reforma das estruturas agrarias afectará todos os predios rústicos, calquera que sexa o seu específico destino agrario e a titularidade do seu dominio, posesión ou gozo.

O Consello da Xunta, logo do informe preceptivo e da conseguinte proposta da consellaría competente en materia de agricultura, e tendo en conta os criterios de prioridade de actuacións previstos nesta lei, acordará mediante decreto o proceso de reforma das estruturas agrarias mediante o procedemento ordinario ou por algún dos procedementos especiais para a zona de que se trate. “

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº1, de Adición.

Débese engadir logo da expresión “...mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia” no artigo 1 o seguinte texto:

"..., priorizando as explotacións familiares, as formas cooperativas e a propiedade comunal..."

A redacción do artigo 1 quedaría como segue:

É obxecto desta lei establecer os mecanismos para a mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia, priorizando as explotacións familiares, as formas cooperativas e a propiedade comunal, co fin de acadar os obxectivos xerais que se recollen no artigo 2.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. *Obxectivos xerais*

1. Son obxectivos desta lei os seguintes:

- a) Mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias en Galicia, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva.
- b) Establecer, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agrario, entendendo por tal a loita contra o abandono, a formación de novas explotacións ou a incorporación ás xa existentes, prestando especial atención ao apoio á constitución de iniciativas asociativas para o aproveitamento en común, conforme o disposto no número 3.3.12.a) do Decreto 19/2001, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.
- c) Ordenar adecuadamente a estrutura territorial agraria e mitigar os efectos prexudiciais sobre a estrutura das explotacións por causa da execución de grandes obras públicas ou de explotación de coutos mineiros.
- d) Facilitar a adecuación territorial de áreas con elevados valores medioambientais ou paisaxísticos, ou ben coa presenza dalgún elevado risco ambiental, de tal maneira que se potencie a conservación e a permanencia dos ditos valores ou se reduza a potencial incidencia do risco, a través da reorganización espacial e funcional da estrutura territorial existente.
- e) Mitigar os efectos do cambio climático mediante o establecemento de medidas adecuadas e contribuír con actuacións de adaptación aos seus efectos.
- f) Incrementar a sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento integral do territorio rural mediante actuacións intensivas.
- g) Incrementar a superficie das explotacións mediante a mobilización de predios de vocación agraria incluídos en perímetros en estado de abandono.**
- h) Apoiar as explotacións agrarias mediante a redución da tributación pola adquisición de explotacións agrarias e de elementos afectos e de predios rústicos.**

2. Para o cumprimento dos obxectivos sinalados no punto anterior procurarase:

a) Agrupar as terras correspondentes a cada explotación, incluíndo as integradas en propiedade ou noutras formas de tenza, de tal forma que se mellore o máis posible a súa estrutura territorial.

b) Adxudicarlle a cada titular, na medida do posible, e sen prexuízo da alínea anterior, o menor número de predios de substitución, equivalentes ao conxunto das parcelas achegadas, unha vez efectuada a dedución sinalada no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, a recollida no artigo 32 desta lei.

c) Facilitar o acceso ás explotacións, priorizando a mellora da rede viaria existente sobre a de nova traza.

d) Establecer medidas de sustentabilidade e de protección e preservación da paisaxe e do medio ambiente.

e) Regularizar a propiedade, por medio da inmatriculación rexistral dos títulos de propiedade dos predios de substitución resultantes do proceso de reestruturación parcelaria, ademais do disposto nos artigos 56 e 57 desta lei.

f) Mobilizar para as explotacións os predios con vocación agraria en estado de abandono, facendo maior fincapé naqueles localizados nas zonas de concentración ou reestruturación parcelaria.

g) Ordenar e protexer os usos do solo con especiais aptitudes para a actividade agraria.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº1, ao apartado 2.a), de Adición.

Engadir in fine ao artigo 2.2.a), o seguinte contido:

Engadir in fine: "...situando os novos predios da mellor maneira tendo en conta onde radican, construcións de explotacións ou o predio máis importante."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº2, ao apartado 2.c), de Adición.

Engadir in fine ao artigo 2.2. c), o seguinte contido:

Engadir in fine: "...Dar aos novos predios acceso ás vías de comunicación, para o cal se establecerá a rede viaria necesaria, priorizando a mellora da rede viaria existente."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº3, ao apartado 2 .f) bis), de Adición.

Engadir ao artigo 2. 2. un novo apartado f) bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"f bis). Determinar un plan de explotación de orientación produtiva."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº3, ao apartado 2.f) bis), de Adición.

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"g) Definir, por parte da dirección xeral competente en desenvolvemento rural, limiares mínimos de investimento e dotación de recursos para a consecución destes obxectivos."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 3. *Tipos de procesos de mellora da estrutura territorial agraria*

Atendendo o seu carácter, os procesos de mellora da estrutura territorial agraria son:

- a) Reestruturación parcelaria de carácter público.
- b) Reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.
- c) Reestruturación da propiedade mediante permutas.
- d) Procesos especiais inherentes aos casos dos proxectos de grandes obras públicas lineais e coutos mineiros.
- e) Actuacións intensivas en zonas rurais.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, de Substitución.

Artigo 3. Substitución. Substituír o texto do artigo polo seguinte:
“Para a realización dos procesos de reforma das estruturas agrarias previstas nesta lei, poderanse utilizar os seguintes procedementos:

1. Procedemento ordinario para os casos de concentración parcelaria da zona agraria, poligonación da zona forestal ou ambas.
 2. Procedemento especial, para os casos de reconcentración, polígonos agrarios de concentración, polígonos agrarios de asociación ou procesos de reforma de estruturas agrarias a causa de proxectos de obras públicas ou coutos mineiros.
 3. Reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.
 4. Reestruturación da propiedade mediante permutas.
 5. Procedementos simplificados, para calquera dos casos relacionados nos puntos anteriores en que, mediante resolución motivada, se determine a reunificación de determinadas fases.”
-

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 4. *Definicións*

Para os efectos desta lei, entenderase por:

1. Acordo de reestruturación parcelaria: fase do procedemento de reestruturación parcelaria consistente no deseño dunha nova ordenación territorial do conxunto dos terreos incluídos na zona de reestruturación mediante a agrupación e, se for o caso, nova localización dos terreos achegados por cada persoa propietaria, agrupación de titulares, explotación agraria ou iniciativa agraria de explotación en común. Seguiranse procedementos técnicos que procuren a mellora obxectiva da súa estrutura territorial atendendo a viabilidade futura das explotacións e, na medida do posible, as peticións razoadas das persoas titulares, de tal forma que os predios de substitución resultantes manteñan no seu conxunto un valor proporcionado ao das parcelas achegadas unha vez efectuada a dedución sinalada no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, a recollida no artigo 32 desta lei.

2. Actuación intensiva: conxunto de accións e investimentos para aplicar en cada zona rural, tendo en conta as súas peculiaridades, co obxectivo de incrementar a súa sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento integral.

3. Agrupación de titulares: conxunto de persoas físicas ou xurídicas titulares de predios que, vinculadas entre si e manifestando a súa vontade expresamente, son consideradas como unha unidade para efectos da reestruturación das súas parcelas de achega, aínda que conservando a súa individualidade respecto da titularidade dos predios de substitución que a cada partícipe lle correspondan.

4. Áreas de especial protección: aqueles terreos delimitados que posúen valores singulares de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico ou medioambiental e que están cualificados legalmente como tales.

5. Áreas de reestruturación preferente: conxunto de terreos situados dentro da zona de reestruturación que, polas súas características específicas, sexan establecidos no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria para acoller, de ser o caso, polígonos agrarios.

O destino destas áreas é a localización das explotacións, agrupacións ou iniciativas de aproveitamento en común recollidas no antedito plan para constituír unidades técnico-económicas específicas, conforme as orientacións produtivas establecidas nel.

6. Áreas sen aptitude específica: conxunto de terreos da zona de reestruturación non definidos no Plan de ordenación de

predios de especial vocación agraria como áreas de ordenación preferente, así como as terras incluídas nestas e non utilizadas como tales despois das atribucións dos predios de substitución.

7. Bases de reestruturación parcelaria: fase do procedemento de reestruturación parcelaria consistente na execución das operacións de definición do parcelario, de investigación da propiedade e de clasificación das terras.

8. Clasificación das terras: operación incluída nas bases de reestruturación parcelaria que consiste en:

a) A determinación, en función do seu valor agronómico e produtivo, das diferentes clases de terra existentes dentro da zona de reestruturación.

b) A fixación, de ser o caso, dos factores correctores en función da localización xeográfica das parcelas de achega respecto das zonas que poidan significar incremento ou diminución do valor por razóns non agrarias.

c) A elección das parcelas tipo, que representen a súa respectiva clase de terra e sirvan de patrón de comparación.

d) A fixación dos respectivos valores de compensación ou puntuacións unitarias por clase de terra, valores relativos que servirán de base para levar a cabo as compensacións que poidan resultar necesarias.

e) A delimitación cartográfica das diferentes clases de terra en que poden estar divididas as parcelas de achega.

f) O cálculo do valor en puntuación de cada parcela de achega, obtido por produto das respectivas superficies de cada clase, os seus respectivos valores de compensación e, de ser o caso, os factores correctores.

9. Definición do parcelario: actuación incluída nas bases de reestruturación parcelaria que consiste na correcta delimitación cartográfica da totalidade das parcelas, da rede hidrográfica, das construcións, da rede viaria e dos elementos topográficos singulares incluídos na zona de reestruturación.

10. Explotación agraria: conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesmo unha unidade técnico-económica, segundo a definición dada pola Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, ou normas que a substitúan.

11. Predios de substitución: son os predios resultantes do proceso de reestruturación parcelaria, obtidos por agrupación e, se é o caso, nova localización das parcelas de achega e que, para cada titular, corresponden ao valor proporcionado ao das súas parcelas achegadas, unha vez aplicada a dedución legalmente establecida.

As estremas dos predios de substitución representan os seus límites, sen prexuízo dos recuamentos que procedan conforme o disposto na súa lexislación sectorial.

12. Grande obra pública: os traballos de construción, xa sexan infraestruturas ou edificacións, promovidos por unha administración pública tendo como obxectivo o beneficio da comunidade. Entre as principais obras públicas encóntranse as infraestruturas de transporte, como autoestradas, autovías e estradas, aeroportos, transporte ferroviario e transporte de materias por oleodutos ou gasodutos, así como as infraestruturas hidráulicas, como encoros, redes de distribución e depuradoras.

13. Iniciativa agraria de aproveitamento en común: conxunto de titulares agrupados baixo a forma xurídica de sociedade mercantil, cooperativa, sociedade de bens, sociedade de fomento forestal, sociedade agraria de transformación ou calquera outra figura de agrupación con personalidade xurídica para a xestión conxunta dos seus terreos que se estableza legalmente que achegan a esta, ben sexa como capital ou como aproveitamento, as parcelas afectadas polo proceso de reestruturación parcelaria, coas excepcións sinaladas no artigo 21, co fin de constituír unha unidade técnico-económica viable e duradeira sobre os predios de substitución atribuídos e de explotación conforme o establecido no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona de reestruturación.

14. Investigación da propiedade: operación incluída nas bases de reestruturación parcelaria que consiste en:

a) A recollida dos datos persoais das persoas propietarias e das titulares de cargas e gravames, así como, de ser o caso, dos seus representantes legais.

b) A declaración, por parte das persoas titulares ou das súas representantes legais, do dominio das parcelas de achega a favor de quen as posúa en concepto de dono e das súas cargas, gravames e demais situacións xurídicas que eventualmente as poidan afectar no referente á propiedade, posesión ou aproveitamento. A correcta localización das citadas parcelas nos planos parcelarios será responsabilidade das persoas titulares ou das súas representantes.

c) A delimitación cartográfica e a determinación da superficie real das parcelas de achega.

15. Masa común: conxunto dos predios remanentes resultantes do proceso de axuste técnico para a compensación entre achegas e atribucións, e co destino e titularidade que establece o artigo 34 desta lei.

16. Orientacións prioritarias: aqueles cultivos e aproveitamentos gandeiros ou forestais que o Plan de

ordenación de predios de especial vocación agraria identifica como de maior idoneidade polas súas características agronómicas ou de adaptación ao tecido socioeconómico para impulsar explotacións agrarias técnica, económica e socialmente viables.

17. Parcelas de achega: son os predios obxecto do proceso de reestruturación parcelaria que, clasificados e valorados conforme os criterios legalmente establecidos, darán lugar, no seu conxunto, aos novos predios de substitución unha vez aplicado o procedemento de reestruturación e a dedución sinalada no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, a recollida no artigo 32 desta lei.

18. Parcelas reservadas: aquelas parcelas que manterán inalterada a súa titularidade, localización e configuración, ao non ter equivalente compensatorio sen prexuízo para o seu titular, por contar con obras ou melloras excepcionais, con servidumes ou serventías, pola súa especial natureza, a súa localización privilexiada, o seu valor extraagrario ou calquera outra circunstancia que se deba ter en conta.

19. Parcela única: aquela parcela de achega que é propiedade dunha persoa titular que só posúe esa parcela no conxunto da zona de reestruturación.

20. Perímetro de reestruturación: delimitación do contorno da zona de reestruturación, determinado polo correspondente decreto de utilidade pública, ou orde no caso da reestruturación da propiedade de predios con vocación agraria polas persoas particulares, e susceptible de variación como consecuencia das rectificacións que se poidan introducir de conformidade co previsto nesta lei.

21. Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria: documento técnico que serve como instrumento aplicable para o cumprimento dos obxectivos sinalados no artigo 2, e que consiste en:

a) A identificación, segundo o especificado no estudo previo de iniciación, da situación actual dos cultivos e aproveitamentos e da estrutura das explotacións agrarias con presenza na zona de reestruturación.

b) O establecemento e a delimitación, no conxunto da zona de reestruturación, dos diferentes usos das terras incluídas, de acordo con criterios técnico-agronómicos, económicos e sociais.

c) A determinación das orientacións prioritarias, isto é, daqueles cultivos e aproveitamentos que poidan ter posibilidade potencial e real de servir de fundamento á constitución e mantemento de explotacións ou iniciativas de aproveitamento en común, técnica, social e economicamente viables na zona considerada, e a determinación da dimensión

mínima en superficie e instalacións necesarias para acadar esa viabilidade para cada orientación produtiva.

d) De ser o caso, a inclusión como orientacións prioritarias daquelas iniciativas singulares, presentadas por persoas físicas ou xurídicas, relacionadas con cultivos ou aproveitamentos non incluídos na alínea c), sempre que vaian acompañadas dun plan de viabilidade técnico-económica que deberá recibir o informe favorable do servizo provincial competente.

(...) No caso de que todas ou algunhas das orientacións prioritarias sinaladas nas alíneas anteriores teñan necesidade de condicións de localización específicas, por razóns técnico-agronómicas obxectivas, identifícaranse e delimitáranse os terreos con maior aptitude, que terán a consideración de áreas de ordenación preferente.

O resto dos terreos serán considerados como áreas sen aptitude específica e poderán ser dedicados a calquera aproveitamento acorde cos usos autorizados, o mesmo que as terras das áreas de ordenación preferente non utilizadas como tales despois da atribución sinalada no artigo 29.

Aos criterios básicos para a clasificación dos terreos sinalados no número 8 deste artigo engadiránselles os derivados da vocación produtiva das orientacións integradas nas áreas de ordenación preferente.

e) A apertura dun proceso de incorporación voluntaria ao plan daquelas explotacións e iniciativas agrarias de aproveitamento en común, existentes ou de nova creación, interesadas en formar parte activa nel. Estas entidades asumirán as obrigas específicas e, como contrapartida, gozarán das vantaxes sinaladas no artigo 21.

f) A definición das normas técnicas específicas para o deseño dos novos predios de substitución, co fin de maximizar a súa utilidade, conforme as directrices definidas polos puntos anteriores.

g) A elaboración da documentación cartográfica que plasme os resultados do plan.

h) As necesidades mínimas de terra agraria por orientación ou cultivo, dentro da zona de reestruturación, para garantir a viabilidade das explotacións agrarias resultantes.

No caso de que, na zona de reestruturación, se inclúan terreos de natureza forestal, o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria deberá ter en conta a planificación forestal establecida na lexislación de montes en vigor.

22. Polígonos agrarios: conxunto de terreos que, polas súas características edáficas, de orientación, topográficas, de posibilidade de rega ou calquera outro criterio agronómico, se utilizan para acoller os cultivos ou aproveitamentos intensivos, de horta, de viñado, froiteiras, de agricultura ecolóxica ou

forestal ou outros que se determinen no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

23. Predio con vocación agraria: todo aquel terreo, ou dereito real ou persoal sobre el, tanto cando se trate de dereitos derivados da súa titularidade patrimonial como de dereitos reais sobre predios de titularidade allea, que constitúe un eido ou unha parcela que, independentemente da súa clasificación urbanística, sexa susceptible de ter un aproveitamento agrícola, forestal, gandeiro ou mixto **polas súas aptitudes agronómicas**, así como os elementos vinculados ao predio, entendendo por tales a casa de labor, as edificacións e as dependencias, aínda que non sexan estremeiras.

Non perderá o seu carácter de predio con vocación agraria por tratarse do lugar acasado nos termos establecidos polo artigo 119 da Lei 1/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, ou por tratarse dun predio vinculado a explotacións agrarias nos termos establecidos na normativa galega reguladora do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, nin tampouco por tratarse de predios vinculados a explotacións forestais ou mixtas de tipo industrial, ou locais ou terreos dedicados exclusivamente a estabulación do gando.

Para os efectos desta lei, terán a consideración de predios con vocación agraria todos aqueles que estean incluídos no perímetro de reestruturación parcelaria, sen prexuízo de que poidan ter calquera outra cualificación engadida.

24. Predios abandonados: aquelas superficies non sometidas a ningunha práctica relacionada coa custodia do territorio, nin de cultivo, nin destinadas a pastoreo, así como os terreos con plantacións forestais realizadas en terra agraria, cando a cuberta vexetal de sotobosque, de natureza herbácea ou arbustiva, presente un estado que propicie a aparición do lume, a erosión ou degradación do terreo, a invasión de malas herbas, as pragas ou as enfermidades que poidan causar danos ao propio predio ou aos predios lindeiros ou próximos a el.

25. Reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares: reordenación da propiedade da terra dentro dun perímetro predeterminado, para mellorar a estrutura territorial agraria, solicitada e xestionada por un conxunto de persoas titulares de predios de vocación agraria conforme o disposto no título III desta lei.

26. Reestruturación parcelaria de carácter público: reordenación da propiedade da terra dentro dun perímetro predeterminado, para mellorar a estrutura territorial agraria, impulsada pola Administración pública.

27. Terreos excluídos: aqueles que inicialmente formaron parte da zona de reestruturación pero que, debido a que

concorren neles circunstancias conformes co artigo 24 desta lei alleas á propia natureza do proceso de reestruturación, son descartados como obxecto deste.

28. Titular do predio: a persoa física ou xurídica, pública ou privada, propietaria do predio.

29. Zona de reestruturación: conxunto dos terreos que serán obxecto dun proceso de reestruturación parcelaria. Estará delimitado exteriormente polo perímetro de reestruturación e, no seu interior, quedarán perfectamente delimitados aqueles terreos que, por constituír áreas de especial protección ou por calquera outra causa que a lei determine, non sexan obxecto do proceso. Desta forma, procurarase que o deseño dos predios de substitución resultantes e, de ser o caso, das infraestruturas asociadas permita un óptimo aproveitamento e ordenación do conxunto do territorio incluído no devandito perímetro de reestruturación.

30. Proxecto de incorporación á actividade agraria: explotación con solicitude rexistrada de axuda para a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria segundo a orde publicada para tal efecto pola consellaría competente na materia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº5, ao apartado 10, de Supresión.

Débase suprimir a seguinte expresión:
"primordialmente con fins de mercado"

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, ao apartado 29 bis), de Adición.

Artigo 4. Adición. Engadir un novo epígrafe co seguinte texto:
"29 bis. Zona agraria: a totalidade do perímetro que establezan as bases definitivas, normalmente definido por elementos naturais ou singulares, incluída a superficie agraria útil, os enclaves forestados ou arborados e os enclaves singulares de valor ambiental ou patrimonial determinado."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, ao apartado 29 ter), de Adición.

Artigo 4. Adición. Engadir un novo epígrafe co seguinte texto:

“29 ter. Zona forestal: a totalidade do perímetro que establezan as bases definitivas, normalmente definido por elementos naturais ou singulares, incluída a superficie de produción forestal, os enclaves agrarios e os enclaves singulares de valor ambiental ou patrimonial determinado.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, ao apartado 29 quater), de Adición.

Artigo 4. Adición. Engadir un novo epígrafe co seguinte texto:
“29 quater. Zona excluída: aqueles elementos singulares, como construcións, dotacións públicas, ríos, lagos, solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable, solo industrial e aqueles perímetros que establezan as bases definitivas por razóns fundadas.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, ao apartado 29 quinquies), de Adición.

Artigo 4. Adición. Engadir un novo epígrafe co seguinte texto:
“29 quinquies. Concentración parcelaria: reorganización da propiedade mediante reagrupamento con modificación do parcelario preexistente, substituíndo as parcelas de achega por predios de substitución, actuando normalmente na zona agraria do perímetro parroquial.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, ao apartado 29 sexies), de Adición.

Artigo 4. Adición. Engadir un novo epígrafe co seguinte texto:
“29 sexties. Poligonación da zona forestal: delimitación de zonas mediante polígonos pechados con vocación forestal, de entidade suficiente para constituír unidades de xestión forestal, sen modificar nin o parcelario nin a titularidade das parcelas de achega respecto dos predios de substitución, actuando normalmente sobre o perímetro parroquial.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, ao apartado 29 septies), de Adición.

Artigo 4. Adición. Engadir un novo epígrafe co seguinte texto:
“29 septies. Reconcentración: reorganización da propiedade en zonas previamente concentradas mediante reagrupamento con modificación do parcelario.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº9, ao apartado 29 octies), de Adición.

Artigo 4. Adición. Engadir un novo epígrafe co seguinte texto:
“29 oct. Polígonos agrarios de concentración: reorganización da propiedade mediante reagrupamento con modificación do parcelario preexistente, substituíndo as parcelas de achega por predios de substitución, actuando sobre polígonos determinados de ámbito local.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, ao apartado 29 novies), de Adición.

Artigo 4. Adición. Engadir un novo epígrafe co seguinte texto:
“29 non. Polígonos agrarios de asociación: reorganización da propiedade mediante o reagrupamento das parcelas de achega nun único ou varios predios de substitución de titularidade societaria e, de ser o caso, nos predios de substitución necesarios para as propiedades non asociadas.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 5. *Ámbito de aplicación da lei*

1. Esta lei será aplicable á totalidade dos terreos incluídos dentro do perímetro de reestruturación, independentemente da súa capacidade e situación produtiva, e calquera que sexa a súa clasificación urbanística, agás os clasificados como urbanos e urbanizables.
2. No caso das permutas voluntarias e no dos procesos especiais, o ámbito de aplicación será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Así mesmo, no caso da declaración de perímetros en estado de abandono, así como na exención de tributos nas transmisións de explotacións agrarias, o ámbito de aplicación será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. No caso de zonas de actuación intensiva, o ámbito de aplicación virá determinado no correspondente decreto; non será necesario que coincida con ningunha das divisións administrativas existentes.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº7, ao apartado 1, de Adición.

Débase engadir ao remate do punto a seguinte expresión:
"e solos de núcleo rural."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, de Adición.

Artigo 5. Adición. Engadir un novo artigo co seguinte texto :

“Artigo 5 bis. Actuacións sobre as estruturas

1. Zona excluída: sobre esta zona non existirá ningunha actuación relacionada co proceso de reforma das estruturas nin reorganización da propiedade, pero deberá terse en conta á hora de planificar as infraestruturas e a súa interconexión coas zonas de intervención.

2. Zona agraria: sobre esta zona realizaranse todos os procesos correspondentes para a elaboración das bases definitivas e posterior proxecto de reforma, que poderá culminar en acordo firme coa conseguinte reorganización da propiedade, mediante reagrupamento dos predios e concentración parcelaria e, se procede, mediante a creación de polígonos de reestruturación asociativa.

3. Zona forestal: sobre esta zona realizaranse todos os procesos correspondentes para a elaboración das bases definitivas e posterior proxecto de reforma, que poderá culminar en acordo firme, co establecemento de polígonos forestais que faciliten a creación de unidades de xestión forestal.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, de Adición.

Artigo 5. Adición. Engadir un novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 5 ter. Actuacións sobre as infraestruturas

1. Zona excluída: poderán realizarse nesta zona obras de infraestruturas que discorran sobre terreos de titularidade pública que permitan a correcta interconexión de viais e servizos públicos e aquelas que se consideren necesarias para o normal desenvolvemento do proceso, sen que exixa modificación do parcelario existente e sempre que exista dispoñibilidade de terreos por parte do titular.

2. Zona agraria: nesta zona realizaranse as obras inherentes ao proceso de reforma das estruturas tales como a rede viaria principal e secundaria que permita o acceso aos predios de substitución ou a correcta xestión dos polígonos agrarios, así como as infraestruturas que se consideren necesarias para o normal desenvolvemento do proceso.

3. Zona forestal: poderán realizarse nesta zona obras de infraestruturas que discorran sobre terreos de titularidade pública que permitan a correcta interconexión de viais e servizos públicos e aquelas que se consideren necesarias para o normal desenvolvemento do proceso, sen que exixa modificación do parcelario existente. No caso de constitución de unidades de xestión forestal no ámbito territorial destas, poderanse realizar as infraestruturas necesarias para a correcta xestión do polígono correspondente.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, de Adición.

Artigo 5. Adición. Engadir un novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 5 quater. Efectos xerais do proceso de reforma das estruturas agrarias

1. Unha vez publicado o decreto da súa aprobación, a reforma das estruturas agrarias será obrigatoria para todas as persoas propietarias e titulares de dereitos reais ou de gozo dos predios rústicos comprendidos dentro do perímetro da concentración, incluíndo os operadores públicos e privados de redes de subministración, infraestruturas e aproveitamentos.

2. O adquirinte, a título oneroso ou lucrativo, de predios afectados quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas de transmitente ou causante que derivasen do procedemento de reforma das estruturas agrarias.

3. As administracións públicas deberán comunicar os plans de actuacións previstas sobre as ditas zonas, co fin de que se atopen debidamente reflectidas no proceso de concentración.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 6. *Iniciativa*

A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá levar a cabo o procedemento sinalado no artigo 7, como paso previo á determinación da idoneidade dunha zona para ser obxecto de calquera das actuacións de mellora da estrutura territorial recollidas no artigo 3, conforme as seguintes iniciativas:

1. No caso de actuacións de reestruturación parcelaria de carácter público, poderán ser sometidas ao procedemento de avaliación sinalado no artigo 7:

a) De oficio, por iniciativa da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

b) Mediante solicitude debidamente motivada do concello ou concellos en que se inclúa a zona para a que se propón a avaliación.

c) Por proposta, cando menos, do 70 % das persoas titulares das explotacións agrarias inscritas nos diferentes rexistros oficiais que recollen as explotacións agrarias de Galicia e con actividade na zona para a cal se propón a avaliación.

2. As actuacións de reestruturación da propiedade de predios con vocación agraria polas persoas particulares serán solicitadas conforme o disposto no artigo 45 desta lei, sempre que cumpran os requisitos sinalados nos artigos 46 ou 47, segundo o caso.

3. A reestruturación da propiedade mediante o sistema de permutas requirirá a iniciativa das persoas titulares dos predios obxecto do proceso.

4. Os procesos especiais a que fai referencia a alínea d) do artigo 3 requirirán iniciativa conforme o establecido no artigo 58 desta lei.

5. Nas zonas de actuación intensiva, a iniciativa será da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, de Supresión.

Artigo 6. Supresión
Suprimir o artigo 6.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado 1.c), de Modificación.

Modificación do artigo 6.1.c)

Onde di: "Por proposta, cando menos, do 70 % das persoas...", debe dicir: "Por proposta, cando menos, do 50 % das persoas..."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº8, ao apartado 1.c) bis), de Adición.

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"d) O 70 % dos propietarios, sempre que presenten proxectos de incorporación á actividade agraria dentro da zona de reestruturación parcelaria."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº9, ao apartado 5, de Adición.

Débese engadir ao remate do punto o seguinte texto:

"ou por parte do 8 % de propietarios de explotacións agrarias, e propietarios de parcelas con compromisos asinados de desenvolver un proxecto agrario coa correspondente incorporación á actividade agraria."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 7. *Avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais*

1. Para o inicio dun proceso de mellora da estrutura territorial agraria nunha zona será necesario acreditar, con carácter previo, que se cumpre algún dos requisitos necesarios para acadar os obxectivos xerais que se establecen no artigo 2 desta lei.

2. A acreditación do cumprimento deses obxectivos xerais levarase a cabo tendo en conta as seguintes circunstancias:

a) A existencia de deficiencias estruturais das explotacións agrarias situadas na zona de actuación que incidan negativamente na súa viabilidade técnico-económica e que poidan ser corrixidas mediante algún dos procesos de mellora da estrutura territorial agraria.

b) A actividade agraria da zona de actuación e a existencia de profesionais agrarios que dedican as súas producións á comercialización.

c) O interese das persoas titulares, especialmente das explotacións agrarias, por levar a cabo o proceso, constatado polas sinaturas que apoien a petición.

d) O dinamismo do territorio e a poboación, que permita a maximización do efecto do procedemento de mellora.

e) A potencialidade agraria da zona, estimada de acordo con criterios obxectivos.

f) A sensibilidade ambiental, atendendo aqueles aspectos que poden condicionar negativamente a viabilidade das actuacións e a existencia dentro do seu perímetro de áreas ambientalmente protexidas ou que, estando fóra deste, se poidan ver afectadas negativamente.

g) A posibilidade de mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución das emisións **de CO2 e do número e intensidade dos incendios forestais.**

h) Outros factores que se consideren adecuados para acreditar o cumprimento dos obxectivos xerais.

3. Establecerase regulamentariamente un procedemento de valoración das zonas solicitadas de acordo cos criterios expostos no punto anterior, para poder avaliar así a súa viabilidade de partida. Especificamente, nese procedemento incluírase unha consulta aberta a todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas que permita coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e as propostas de mellora.

4. Á vista dos resultados do procedemento de valoración, o servizo provincial elaborará un informe razoado de avaliación que será publicado na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

5. No caso dunha actuación de reestruturación parcelaria de carácter público, de se obter unha avaliación positiva, isto é, que supere o valor mínimo sinalado no número 3, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá someter a zona ao procedemento de estudo previo de iniciación sinalado no artigo 9.

6. Nas actuacións de reestruturación de predios de vocación agraria polas persoas particulares, de obterse unha avaliación positiva, isto é, que supere o valor mínimo sinalado no número 3, poderase proceder directamente conforme o disposto no artigo 48.

7. Pola súa propia natureza, os restantes tipos de procesos de reestruturación parcelaria non serán obxecto de avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais, agás a reestruturación das zonas de actuación intensiva, que se fará conforme o disposto no artigo 80 desta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, de Substitución.

Artigo 7. Substitución. Substituír o artigo polo seguinte texto:

“Artigo 7. Prioridades de actuacións:

1. Nas zonas onde o fraccionamento da propiedade rústica e o minifundio agrario constitúan un problema social de carácter estrutural e se estableza a prioridade de actuación para garantir explotacións rendibles e cunha clara finalidade social, de estímulo para manter ou incrementar a súa capacidade produtiva, mediante un plan de desenvolvemento, e producir unha reordenación de cultivos e en xeral do territorio que permita manter unha actividade socioeconómica, poderá levarse a cabo, logo do decreto acordado pola Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de agricultura, a reforma das estruturas agrarias por razón de utilidade pública e interese social, de acordo co establecido nesta lei.

2. Para a declaración destas zonas serán criterios de prioridade aquelas nas que se dea algunha das circunstancias seguintes:

a) As zonas que, pola súa clara vocación agrícola ou gandeira, medida por criterios tales como o número de persoas traballadoras por conta propia no réxime especial agrario ou no réxime especial de autónomos con explotacións agrarias, así como polo número de explotacións prioritarias, a súa situación xeográfica ou potencial humano, faciliten a estabilización dunha poboación agrícola e o seu desenvolvemento socioeconómico.

b) O compromiso de titulares de explotacións, propietarios ou cultivadores aos que pertencen o 50 % da superficie que se vai concentrar de constituír cooperativas, sempre que xustifiquen de modo racional e fundamentado que a concentración facilitará a súa consecución.

c) A existencia de proxectos de obras públicas ou outras de interese xeral, sempre que a través deste procedemento poida facilitarse a súa realización e a distribución máis equitativa dos seus efectos negativos entre as persoas afectadas.

d) Calquera outra razón que, suficientemente motivada e documentada no escrito de petición, demostre o seu carácter preferencial."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº5, ao apartado 2.h) bis), de Adición.

Adición dun novo artigo 7.2.h) bis), que quedará recitado co seguinte contido:

"h bis) Que se trate de zonas que, pola súa potencialidade agrícola, gandeira ou forestal -medida por criterios como o número de traballadores, o número de explotacións, a súa situación xeográfica ou o seu potencial humano-, faciliten a estabilización e o seu desenvolvemento económico."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº6, ao apartado 3, de Modificación.

Modificación do artigo 7.3.

Onde di: "... xurídicas interesadas, que permita coñecer...", debe dicir: "... xurídicas interesadas, así como os colectivos existentes na zona - enténdanse organizacións agrarias, cooperativas, asociacións de veciños-, que permita coñecer..."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº7, ao apartado 5, de Modificación.

Modificación do artigo 7.5.

onde di: "...desenvolvemento rural poderá someter...", debe dicir: "...desenvolvemento rural someterá..."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº8, ao apartado 6, de Modificación.

Modificación do artigo 7.6

Onde di: "... número 3, poderase proceder directamente....",
debe dicir: "... número 3, procederase directamente...."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, de Adición.

Artigo 7. Adición. Novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 7 bis. Finalidade da reforma das estruturas agrarias

1. A reforma das estruturas agrarias terá como finalidade a constitución de explotacións de estrutura e dimensións axeitadas e, se é o caso, a reorganización da propiedade rústica da terra dividida e dispersa. Para estes efectos, realizando as compensacións que resulten precisas, e polos medios que se establecen nesta lei, procuraranse:

a) No caso de concentración parcelaria ou de creación de polígonos agrarios de concentración, reducir o número de predios de substitución e adxudicar un único predio por propietario, agás naqueles supostos debidamente motivados nos que isto non resulte materialmente posible.

b) Dar prioridade de situar os predios de substitución aos titulares que formen parte dunha explotación agraria ou aqueles que formen parte de iniciativas agrarias claramente acreditadas.

c) Darlles aos novos predios acceso ás vías existentes ou á nova rede de vías agropecuarias que se estableza no suposto de que non se poidan empregar as conexións preexistentes.

d) No caso de creación de polígonos agrarios de asociación, concentrar todas as parcelas nun único predio de substitución de titularidade da sociedade, así como o número de predios de substitución necesarios para os propietarios non asociados.

e) No caso de zonas forestais que non sexan obxecto de reparcelación, delimitar polígonos pechados definidos preferentemente por accidentes naturais ou singulares, que permitan a creación de unidades de xestión forestal, mantendo indemne o parcelario preexistente.

2. A tal fin, para levar a adiante a finalidade da concentración, deberase:

a) Adxudicar contiguos, na medida do posible, todos os predios integrados nunha mesma explotación con actividade ou dentro dunha iniciativa claramente acreditada.

b) Producir a inmatriculación rexistral dos predios de substitución resultantes do acordo.

c) Establecer medidas de sustentabilidade, protección e preservación da paisaxe e do medio ambiente.

d) Realizar as obras complementarias necesarias para adecuar o acceso aos novos predios.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, de Adición.

Artigo 7. Adición. Engadir un novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 7 ter. Financiamento

A consellaría competente en materia de agricultura poderá asumir total ou parcialmente os gastos da tramitación e execución do proceso de reforma das estruturas agrarias. No caso de modificación do parcelario por concentración, asumirá os gastos de inmatriculación dos predios resultantes do acordo, así como os que resulten necesarios para a articulación de accesos aos predios de substitución, correspondendo aos titulares destes os restantes.

Igualmente, a consellaría competente en materia de agricultura poderá establecer liñas de axuda encamiñadas a aumentar o tamaño das explotacións agrarias resultantes do proceso de reforma das estruturas agrarias, así como para os labores de acondicionamento dos predios de substitución.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº18, de Adición.

Artigo 7. Adición. Engadir un novo artigo co seguinte texto
“Artigo 7 quater. Revisión do proceso
Cando, como consecuencia dun proceso de agrupación de explotacións ou aumento de dimensión destas, as persoas titulares dunha zona concentrada poidan mellorar substancialmente a estrutura daquela, a consellaría competente en materia de agricultura poderá revisar a concentración.”

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO II

A reestruturación parcelaria de carácter público

CAPÍTULO I

O estudo previo de iniciación e o decreto de reestruturación parcelaria

Artigo 8. *Ámbito de actuación*

1. O proceso de reestruturación parcelaria afectará a totalidade dos terreos a que fai referencia o número 1 do artigo 5 e incluídos dentro do perímetro de reestruturación.

2. Considérase incluída no ámbito do proceso de reestruturación parcelaria de carácter público a execución daquelas infraestruturas rurais que se consideren indispensables para a reestruturación predial ou que, realizadas simultaneamente con esta, contribúan a acadar os obxectivos desta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº19, de Supresión.

Artigo 8. Supresión
Suprimir o artigo 8.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 9. *O estudo previo de iniciación*

1. Superado favorablemente o proceso de avaliación a que fai referencia o artigo 7, o servizo provincial correspondente poderá comezar a elaboración do estudo previo de iniciación da zona de reestruturación, logo do mandato da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

2. O servizo provincial solicitará ao concello ou concellos afectados e ao comité técnico asesor definido no artigo 14, así como a calquera outro organismo ou entidade que xulgue conveniente, informes non vinculantes co fin de coñecer o seu criterio respecto das posibles actuacións na zona.

3. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural dirixirase aos departamentos tanto da Administración central como da autonómica e local que se poidan ver afectados polo proceso para que, nun prazo de tres meses, remitan a información necesaria que poida influír na redacción e contido do estudo previo de iniciación.

Igualmente, requirirá informe daquelas notarías actuantes na zona de reestruturación e dos rexistros públicos cuxa consulta sexa preceptiva conforme a lei.

Transcorrido o dito prazo sen recibir contestación, entenderase que non existen plans, proxectos ou actuacións por parte dos ditos organismos que deban ser tidos en conta para o futuro desenvolvemento da reestruturación parcelaria da zona da que se trate, e aplicarase o disposto no número 3 do artigo 11.

4. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá subscribir convenios de colaboración con aquelas administracións públicas susceptibles de achegar datos cartográficos ou censuais de titulares, parcelas ou explotacións que sexan obxecto do proceso de reestruturación parcelaria, co obxectivo de facilitar os traballos relativos ao proceso, garantindo o debido respecto á protección de datos de carácter persoal.

5. O estudo previo de iniciación estará coordinado na súa redacción polo persoal técnico designado pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e constará, como mínimo, de:

a) Un estudo de caracterización, que recollerá a información dispoñible necesaria para avaliar as posibilidades de mellora estrutural e socioeconómica da zona considerada, así como os datos necesarios para determinar a viabilidade económica e financeira da actuación.

b) Un estudo de determinación do perímetro de reestruturación da zona, que conterá información cartográfica precisa sobre o

seu deslindamento perimetral e a delimitación da zona de reestruturación, incluíndo a delimitación precisa dos elementos de especial protección de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico, forestal, mineiro, ecolóxico, ambiental e calquera outro que a normativa sectorial vixente determine.

c) Unha delimitación, o máis pormenorizada posible, do perímetro do solo de núcleo rural, solo urbano e solo urbanizable dentro do perímetro de reestruturación parcelaria.

d) Unha avaliación das fontes cartográficas existentes e a súa posibilidade de emprego no proceso. No caso de non existir unha fonte adecuada, procederase ao levantamento cartográfico do parcelario.

e) Unha análise das explotacións agrarias e **proxectos agrarios con compromiso asinado**, a súa superficie actual, os réximes de tenza, a posibilidade de expansión, a posibilidade de novas incorporacións á actividade agraria e a mellora na viabilidade das explotacións como resultado do proceso, así como calquera outra que teña interese en relación con elas.

f) A resolución favorable do órgano ambiental respecto da avaliación de impacto ambiental da zona de reestruturación parcelaria. Para iso, procederase previamente segundo o establecido na normativa de avaliación de impacto ambiental.

g) Unha prospección arqueolóxica de carácter extensivo, identificando os bens de interese histórico-cultural, arqueolóxico, etc., que a lexislación determine como obrigatoria.

h) Unha relación de entidades e actores de relevancia para a execución do proceso, así como actuacións, plans ou programas que se deben ter en conta.

i) Calquera outro estudo que se considere relevante ou que a lexislación sectorial determine.

j) Conclusións e avaliación global da viabilidade da zona que se vai reestruturar.

6. O contido do estudo será dado a coñecer á xeneralidade das persoas interesadas no proceso mediante aviso inserido no *Diario Oficial de Galicia* e poderá ser consultado, durante o prazo dun mes, no concello ou concellos afectados, na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e, adicionalmente, por calquera outro medio que se determine regulamentariamente. Durante este prazo poderanse realizar achegas ao estudo, que serán analizadas polo servizo provincial competente e, de ser o caso, incorporadas para a súa redacción final.

7. Naquelas zonas cuxo estudo previo de iniciación indique a non viabilidade da reestruturación parcelaria para ela, poderase

realizar unha valoración de actuacións alternativas para a consecución dos obxectivos desta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, de Substitución.

Artigo 9. Substitución. Substituír o artigo polo seguinte texto:

“Artigo 9. Fases da reforma de estruturas

O procedemento de reforma das estruturas agrarias comprenderá as seguintes fases:

- a) Iniciación
- b) Toma en consideración
- c) Decreto
- d) Bases provisionais
- e) Bases definitivas
- f) Proxecto de concentración
- g) Acordo
- h) Execución do acordo
- i) Acto de reorganización
- j) Entrega de títulos.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación.

Modificación do artigo 9.1.

Onde di: "...artigo 7, poderase comenazar a elaboración...", debe dicir: "... artigo 7, comezarse a elaboración..."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº10, ao apartado 2, de Adición.

Débese engadir despois de "...concellos afectados," a seguinte expresión:
"oficinas agrarias comarcais"

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº11, ao apartado 5.c), de Supresión.

Débese suprimir o apartado c)

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº10, ao apartado 5.e), de Modificación.

Modificación do artigo 9.5.e).

Onde di: "... do proceso, así como calquera...", debe dicir: "... do proceso, un plan de explotación e orientación produtiva de cada explotación resultante, así como calquera..."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 10. *Inicio do proceso*

1. De acadar un resultado positivo o estudo previo de iniciación da zona, por proposta da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural declararase, mediante decreto do Consello da Xunta, a utilidade pública da súa reestruturación parcelaria.

2. O decreto conterá os seguintes pronunciamentos:

a) A declaración de utilidade pública da reestruturación parcelaria da zona de que se trate.

b) A delimitación do perímetro da zona de reestruturación parcelaria segundo se determina no estudo previo de iniciación, sen prexuízo das rectificacións deste que procedan conforme o disposto no artigo 23.

c) A declaración da zona de reestruturación parcelaria como zona de actuación agraria prioritaria, nas condicións establecidas pola normativa en materia de mobilidade de terras.

3. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, publicado o decreto, comunicará este dato **ás notarías actuantes na zona**, ao rexistro da propiedade que corresponda, así como a todos aqueles departamentos das administracións públicas que poidan resultar afectados polo proceso de reestruturación, e ás persoas interesadas en xeral, a través da sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº21, de Substitución.

Artigo 10. Substitución. Substituír polo seguinte texto:

“Artigo 10. Iniciación

O proceso de reforma das estruturas agrarias poderá iniciarse a través dunha das seguintes modalidades: 1. Por instancia dun mínimo do 75 % das persoas propietarias afectadas ou aquelas que, sen representar a dita porcentaxe, sexan titulares dun mínimo do 75 % das superficie que se vai concentrar. Para iniciar o procedemento deberán presentar:

a) Solicitude asinada polas persoas solicitantes, que obrigatoriamente irá encabezada pola transcripción literal do artigo desta lei no que se establecen os efectos do proceso de reforma das estruturas sobre as propiedades.

b) No segundo caso, ademais do anterior, a relación de parcelas e superficies das persoas titulares.

2. De oficio, pola consellaría competente en materia de agricultura nos seguintes supostos:

a) No caso de que a dispersión parcelaria presente especial gravidade.

b) Cando o soliciten os concellos. Deberán achegar informe municipal en relación coa súa conveniencia.

c) Cando resulte necesaria como consecuencia do desenvolvemento de obras públicas que orixinen un fraccionamento da propiedade.

d) Cando por causa da explotación de coutos mineiros sexa necesaria unha importante cesión de terras de utilización agraria, de tal modo que se xulgue que o procedemento de reforma das estruturas agrarias poida compensar os efectos da expropiación e paliar o problema social que poida derivar."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº11, ao apartado 2..c) bis), de Adición.

Adición dun novo apartado 2.c) bis), ao artigo 10, que quedará redactado co seguinte contido:

"c bis) O custo total do proceso, o orzamento que se comprometerá anualmente e o prazo de execución que, en todo caso, non superará os cinco anos."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº22, de Adición.

Artigo 10. Adición. Un novo artigo co seguinte contido:

“Artigo 10 bis. Toma en consideración

Comprobados os datos aos que se refire a solicitude de reforma das estruturas agrarias dunha determinada zona, o servizo provincial correspondente procederá a tramitar o expediente, realizando un estudo de viabilidade do estado actual da zona e dos resultados previsibles como consecuencia das estruturas, que permita determinar a súa funcionalidade. No estudo analizaranse os seguintes elementos:

- a) Grao de división, dispersión e situación xurídica das parcelas, en relación coas explotacións agrarias en actividade na zona.
- b) Descrición dos recursos naturais, con especial referencia ás terras abandonadas ou cun aproveitamento inadecuado.
- c) Relación de áreas de especial importancia polo seu valor xeolóxico, paisaxístico e ambiental, así como a enumeración dos bens de interese cultural, histórico e artístico que poidan resultar afectados pola reforma das estruturas agrarias.
- d) Valoración das posibilidades de establecer unha nova ordenación de explotacións con dimensións suficientes e estruturas axeitadas a través da reforma das estruturas agrarias.
- e) Informe ambiental previo, que será remitido á autoridade ambiental competente.
- f) Determinación do grao de aceptación social das medidas transformadoras previstas.
- g) Avaliación económica e financeira dos investimentos necesarios.
- h) Superficie e características que na zona deban ter as unidades mínimas de explotación.
- i) Descrición das explotacións agrarias, tendo en conta as superficies de cada unha delas nas distintas formas de tenza, as súas orientacións produtivas e o nivel de viabilidade económica, con posterior agrupación e análise do seu conxunto.
- j) Exame detallado das proposicións de regras ou actuacións de iniciativas propostas polos peticionarios de concentración como condicional da súa solicitude.
- k) Aqueloutros que se consideren relevantes como para requirir unha valoración obxectiva á hora de que o Consello da Xunta decida a declaración, mediante decreto, da utilidade pública e

de interese social da concentración da zona, así como a súa urxente execución.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, de Adición.

Artigo 10. Adición. Engadir un novo artigo co seguinte contido:

“Artigo 10 ter. Decreto ou arquivo do proceso

1. Unha vez concluída a fase de toma en consideración, que determinará a procedencia ou non da reforma das estruturas agrarias na zona, o decreto representará o inicio oficial do proceso.

2. No caso de que na fase de toma en consideración se conclúa que o desenvolvemento do proceso de reforma non resulta viable, procederase a declarar o seu arquivamento.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº24, de Adición.

Artigo 10 Adición. Engadir un novo artigo co seguinte contido:

“Artigo 10 quater. Contido do decreto

Cando o Goberno galego considere que existen razóns agronómicas e sociais que xustifican a reforma das estruturas, ditará decreto cos seguintes pronunciamentos:

a) Declaración de utilidade pública e interese social e de urxente execución da reforma das estruturas agrarias da zona da que se trate.

b) Determinación do perímetro da actuación, que normalmente coincidirá co límite parroquial no caso de concentración parcelaria e poligonación de zona forestal. No caso de polígonos agrarios de concentración ou de asociación, os límites serán definidos normalmente por elementos naturais ou singulares.

Publicado o decreto de reforma das estruturas agrarias, o órgano correspondente deberalles comunicar os plans de actuación previstos sobre a zona ao Rexistro da Propiedade que corresponda e a todos os departamentos da Administración autonómica que poidan resultar afectados pola concentración. Durante o prazo de dous meses poderán manifestar calquera incidencia para o efecto de seren reflectidas no expediente.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 11. *Efectos do proceso de reestruturación parcelaria*

1. Declarada de utilidade pública a reestruturación parcelaria dunha zona, esta será obrigatoria para todas as persoas propietarias e titulares de dereitos e situacións xurídicas sobre terreos comprendidos dentro do perímetro de reestruturación, así como para os operadores públicos e privados de redes de subministración, infraestruturas e aproveitamentos.

2. Desde a entrada en vigor do decreto de declaración da utilidade pública da reestruturación parcelaria, todo adquirente a título oneroso ou lucrativo de terreos afectados polo proceso quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas do transmitinte que deriven do devandito proceso.

3. Así mesmo, publicado o decreto de declaración de utilidade pública da reestruturación parcelaria, calquera actuación que leven a cabo outros órganos de calquera outra administración pública deberá adaptar as súas actuacións, agás declaración de prevalencia, á fase do proceso de reestruturación que se estea levando a cabo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº25, de Supresión.

Artigo 11. Supresión
Suprimir o artigo 11.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 12. *Obrigas das persoas titulares*

1. A persoa titular dun dereito de propiedade ou de uso e gozo naquelas zonas en que se realice un proceso de reestruturación parcelaria cualificada de utilidade pública quedará obrigada a:

a) Coidar as parcelas de achega mentres non se produza a toma de posesión dos novos predios de substitución, sen que poida cortar ou derrubar arboredo, suprimir plantacións permanentes ou realizar actos que poidan diminuír o valor da parcela de achega sen a autorización previa do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

b) Impedir o estado de abandono dos predios de substitución atribuídos, mantendo as terras cultivadas conforme a súa capacidade agronómica e o aproveitamento adecuado dos seus recursos, respectando os seus valores medioambientais, facendo fronte, por si mesma ou por cesión a terceira persoa, aos compromisos adquiridos durante un período mínimo de dez anos a partir de que o acordo de reestruturación parcelaria sexa firme ou, na súa falta e polo mesmo período de tempo, incorporar ao Banco de Terras os predios de substitución atribuídos en que non se poida garantir o compromiso.

O incumprimento desta obriga será sancionado conforme o artigo 37.3.f) da vixente Lei de mobilidade de terras.

c) Nos casos sinalados no artigo 21, manter os predios de substitución atribuídos en explotación conforme o determinado para elas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona, durante un período de quince anos desde que o acordo de reestruturación parcelaria sexa firme.

d) Manter indivisos os predios de substitución nas condicións legalmente establecidas, agás nos casos recollidos no artigo 72.

e) Consentir o acceso ás súas terras cando sexa necesario para a correcta execución dos traballos técnicos relacionados coa reestruturación parcelaria e proceder á roza e limpeza de malezas total ou parcial dos terreos, cando sexa necesario para os ditos traballos.

f) Colaborar no proceso coa consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, achegando canta información sexa necesaria para a súa execución.

2. O incumprimento das anteriores obrigas dará lugar á imposición das sancións que se determinan no título X desta lei, coa excepción do sinalado na alínea b), todo iso sen prexuízo de que, no caso do incumprimento dos supostos recollidos nas alíneas b) e c) do punto anterior, o causante

deba aboar os custos da reestruturación segundo se estableza regulamentariamente.

3. As persoas titulares de predios de substitución, unha vez outorgada a toma de posesión provisional ou definitiva, serán responsables dos danos causados nos predios dos estremeiros que non sexan consecuencia do uso normal do inmovible, por incumprimento das obrigas recollidas no número 1 deste artigo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº26, de Supresión.

Artigo 12. Supresión.
Suprimir o apartado 1.c), 1.d), 1.e), 1. f) e o apartado 2.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº27, de Substitución.

Artigo 12. Substitución do título polo seguinte texto:
"Artigo 12. Efectos do proceso de reforma das estruturas agrarias sobre as persoas propietarias afectadas e as súas obrigas"

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº28, ao apartado 1, de Substitución.

Artigo 12. Substitución. Apartado 1. Desde: " A persoa titularquedará obrigada a:" e o parágrafo 1. b), polo seguinte texto:

"1. O decreto de reforma das estruturas agrarias determina non só a utilidade pública, senón tamén a función social da propiedade, co obxectivo de que as terras cultivables non queden abandonadas, polo que, por un período de dez anos desde que o acordo sexa firme, o titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario naquelas zonas onde se realice concentración parcelaria ou reestruturación asociativa está obrigado a:

a) Manter ou conservar por si ou por terceiras persoas a terra cultivada conforme a súa capacidade agronómica e aproveitamento axeitado dos seus recursos, en consonancia cos plans de aproveitamento reflectidos no acordo de reforma.

b) Na súa falta, incorporar os predios de substitución ao Banco de Terras polo mesmo período de tempo, permitindo o seu

arrendamento para usos agrarios consonte o establecido na Lei 6/2011, de 13 de outubro, de mobilidade de terras.

c) Manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ao dobre da indicada como mínima nas bases definitivas, coas excepcións sinaladas nesta lei.

O incumprimento destas obrigas será sancionado consonte o establecido no artigo 37.3.f) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº29, ao apartado 1.a), de Modificación.

Artigo 12. Modificación.
O apartado 1.a) Pasará a ser o punto 2. deste artigo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº12, de Adición.

Adición dun novo artigo 12 bis), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 12 bis. Dereitos dos titulares:

- Seren membros da xunta de titulares.
 - Recibiren información en todo momento do estado de tramitación.
 - Poderen recorrer contra os actos que directamente os afecten."
-

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Órganos competentes en materia de reestruturación parcelaria

Artigo 13. *Órganos competentes en reestruturación parcelaria*

A execución do proceso de reestruturación parcelaria levaraa a cabo a consellaría competente en desenvolvemento rural, a través da dirección xeral que corresponda por razón da materia, que actuará a nivel provincial a través do servizo competente en materia de reestruturación parcelaria, auxiliado por:

- a) O comité técnico asesor de reestruturación parcelaria.
- b) A xunta de titulares.
- c) A xunta local de zona.
- d) O grupo auxiliar de traballo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº30, de Substitución.

Artigo 13. Substitución. Substituír o artigo polo seguinte texto:

“Artigo 13. Órganos competentes

A execución do procedemento de concentración será levada a cabo polos seguintes órganos:

- a) Pola consellaría competente en materia de agricultura, a través da dirección xeral de infraestruturas que corresponda, que actuará en cada provincia polo medio do servizo provincial.
 - b) Pola xunta local de zona coa colaboración do grupo auxiliar de traballo, no caso de concentración parcelaria ou poligonación forestal.
 - c) Pola xunta local de polígono, no caso de polígonos agrarios de concentración ou asociación.”
-

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 14. *O comité técnico asesor de reestruturación parcelaria*

1. O comité técnico asesor de reestruturación parcelaria, órgano de asesoramento de carácter provincial, ten como función principal a coordinación entre as diferentes actuacións de mellora da estrutura territorial agraria levadas a cabo na provincia e entre os diferentes organismos que teñen relación cunha actuación concreta para cada zona de reestruturación parcelaria. O comité emitirá informes non vinculantes naqueles temas especificamente sinalados nesta lei.

2. O comité técnico asesor estará presidido pola persoa titular da delegación territorial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente por razón de localización da zona, ou persoa que a represente, e estará formado, como membros natos, por unha persoa representante por cada un dos departamentos e entidades competentes en materia de:

- a) Desenvolvemento rural.
- b) Xestión do Banco de Terras.
- c) Producción agropecuaria.
- d) Montes.
- e) Conservación da natureza.
- f) Xestión de augas.
- g) Urbanismo.
- h) Patrimonio cultural.
- i) Organizacións profesionais agrarias.

j) Administración local.

Así mesmo, e por razón das súas competencias, será citada ás reunións do comité técnico asesor unha persoa representante de cada un dos seguintes departamentos e entidades:

- a) Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Estradas do Estado.
- c) Xestión da calidade agroalimentaria, denominacións de orixe protexidas e indicacións xeográficas protexidas.
- d) Infraestruturas enerxéticas e minas.
- e) Xerencia territorial do catastro.
- f) Deputación provincial.

g) Calquera outro departamento, organización ambiental, monte veciñal en man común ou asociación en defensa do patrimonio e aqueloutras entidades ou persoas que por razón da materia teñan incidencia na actuación de mellora da estrutura agraria que se leve a cabo.

Exercerá a secretaría unha persoa funcionaria da xefatura territorial da consellaría competente en materia de

desenvolvemento rural da provincia correspondente, coa condición de licenciada en dereito.

3. A forma de designación dos membros deste comité e o seu funcionamento serán determinados regulamentariamente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº31, de Substitución.

Artigo 14. Substitución. Substituír este artigo polo seguinte texto:

“Artigo 14. Xuntas locais de zona

1. As xuntas locais de zona son órganos colexiados coas competencias recollidas nesta lei, e coa seguinte composición:

a) Presidencia: unha persoa representante da consellaría competente en materia de agricultura designada por esta. Terá voto de calidade.

b) Vicepresidencias: unha persoa designada polo Servizo de Estruturas Agrarias e outra polo concello con máis superficie por concentrar nesa zona. Terán voz pero non voto.

c) Secretaría: unha persoa funcionaria pertencente ao corpo superior da Xunta en posesión da licenciatura en dereito. Terá voz e voto.

d) Catro vogais en representación das persoas propietarias elixidas libremente en asemblea convocada para o efecto polo concello. Terán voz e voto

d) Vogais: unha persoa representante de cada un dos seguintes organismos: Rexistro da Propiedade, Notaría, Servizo de Estruturas Agrarias, Asistencia Técnica, Oficina Agraria Comarcal e Consello Agrario Galego. Terán voz pero non voto.

2. A asemblea para a elección de vogais en representación das persoas propietarias será presidida polo alcalde ou alcaldesa do concello logo da realización dos traballos de investigación da propiedade e terá que contar cunha asistencia da metade máis un das persoas propietarias. Resultarán electas as catro máis votadas, quedando como suplentes as catro seguintes en número de votos.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 2.i), de Modificación.

Modificación do artigo 14.2.i), que quedará redactado co seguinte contido:

"i) Un representante de cada unha das organizacións profesionais agrarias que formen parte do Consello Agrario."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 15. *A xunta de titulares*

1. Son membros da xunta de titulares:

a) A totalidade das persoas titulares dun dereito de propiedade ou de uso e gozo de carácter agrario de terras afectadas polo proceso de reestruturación.

b) As persoas titulares de explotacións agrarias con terras afectadas polo proceso de reestruturación.

2. No prazo non superior a un mes a partir do asinamento da acta de inicio dos traballos a que fai referencia o artigo 19, a persoa que exerza a alcaldía do concello, ou, de afectar varios concellos, o de maior superficie incluída na zona, convocará mediante edicto a xunta de titulares.

3. A convocatoria a que se refire o punto anterior levarase a cabo polo menos con quince días de antelación á data da celebración da xunta de titulares. Indicarase o lugar, o día e a hora da reunión e será obxecto de anuncio nos lugares de costume da parroquia ou parroquias, segundo o caso, e no taboleiro de anuncios do concello ou concellos afectados polo proceso.

Así mesmo, a xunta de titulares poderase reunir de forma extraordinaria por solicitude de polo menos o 20 % das persoas integradas na listaxe que se recolle no número 1, seguindo o procedemento do número 3, cando se dean circunstancias excepcionais que fagan necesaria tal convocatoria, ou ben por solicitude da xunta local.

4. Son funcións da xunta de titulares, que exercerá ata o momento da aprobación do acordo de reestruturación parcelaria:

a) Elixir os seus representantes e suplentes na xunta local de zona e no grupo auxiliar de traballo.

b) Propoñer á xunta local de zona a substitución dunha ou varias das persoas que a representan nela, ou no grupo auxiliar de traballo, polas seguintes causas:

1º Por morte da persoa titular.

2º Por enfermidade grave que imposibilite permanentemente a súa asistencia.

3º Por renuncia expresa.

4º Cando deixen de concorrer nelas os requisitos establecidos no punto 1 deste artigo.

5º Por decisión da propia xunta de titulares na convocatoria extraordinaria regulada no número 4, en función de circunstancias excepcionais.

Neste último caso, a decisión deberá ser ratificada pola dirección xeral competente en materia de

desenvolvemento rural, logo do informe do servizo provincial correspondente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº32, de Substitución.

Artigo 15. Substitución. Substituír polo seguinte texto:

“Art. 15. Xuntas locais de polígono de concentración

1. As xuntas locais de polígono de concentración son órganos colexiados coas competencias recollidas nesta lei, e coa seguinte composición:

a) Presidencia, con voto de calidade: unha persoa representante da consellaría competente en materia de agricultura designada por esta.

b) Secretaría, con voz e voto: unha persoa funcionaria da mesma consellaría.

c) Vogais con voz e voto: catro representantes das persoas propietarias, elixidas libremente en asemblea convocada para o efecto polo concello.

d) Vogais con voz pero sen voto: unha persoa representante de cada un dos seguintes organismos: Rexistro da Propiedade, Notaría, Servizo de Estruturas Agrarias, Asistencia Técnica, Oficina Agraria Comarcal e Consello Agrario Galego.

2. A asemblea para a elección de vogais en representación das persoas propietarias será presidida polo alcalde ou alcaldesa do concello logo da realización dos traballos de investigación da propiedade e terá que contar cunha asistencia da metade máis un das persoas propietarias. Resultarán electas as catro máis votadas, quedando como suplentes as catro seguintes en número de votos.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 16. *A xunta local*

1. A xunta local de zona é un órgano colexiado formado por:

a) Presidencia, con voto de calidade: a persoa que exerza a xefatura do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

b) Secretaría: una persoa funcionaria da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural coa condición de licenciada en dereito, designada pola persoa titular da delegación territorial que corresponda, que actuará con voz pero sen voto.

c) **Asesoría:** unha persoa do equipo técnico agronómico da empresa contratada para a realización material dos traballos de reestruturación parcelaria, que **actuará, de ser o caso, como asesora con voz pero sen voto.**

d) Vogalías:

1º. A persoa que exerza a alcaldía do concello ou concellos en que se sitúa a zona de reestruturación, ou quen esta designe.

2º. Catro persoas representantes da xunta de titulares, elixidas conforme se estableza regulamentariamente.

3º. A persoa técnica do servizo provincial encargado da zona, designada pola persoa que exerza a xefatura do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

4º. A persoa técnica da oficina agraria comarcal correspondente á zona, designada pola persoa titular da xefatura territorial.

5º. A persoa que exerza a xefatura do servizo provincial competente en materia de montes ou persoa en quen delegue.

6º. Unha persoa representante da entidade xestora do Banco de Terras.

No caso de que a zona de reestruturación abranca máis dun concello, formarán parte da xunta local as persoas representantes de todos os concellos afectados e as vogalías incrementaranse no número correspondente.

2. As funcións da xunta local son:

a) Colaborar co servizo provincial competente na materia en todo aquilo para o que sexa requirida, cooperando nos traballos técnicos e en cantas cuestións de orde práctica contribúan ao mellor coñecemento e concreción das situacións de feito na zona en que se vai actuar, e especificamente no estudo das propostas de exclusións, reservas e modificacións do perímetro.

b) Emitir informe sobre as bases de reestruturación parcelaria e o acordo de reestruturación parcelaria.

c) Substituír calquera das persoas que exerzan as vogalías representantes da xunta de titulares por calquera das causas recollidas na alínea b) do número 5 do artigo 15.

d) Emitir, por propia iniciativa, informes sobre cuestións relacionadas coa reestruturación parcelaria ante o servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

3. A xunta local constituirase nun prazo non superior a un mes, contado a partir do día seguinte ao da elección das persoas representantes da xunta de titulares e quedará disolta, xunto con esta, unha vez aprobado o acordo de reestruturación parcelaria.

4. O funcionamento da xunta local determinarase regulamentariamente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº33, de Substitución.

Artigo 16. Substitución. Substituír polo seguinte texto:

Artigo 16. Xuntas locais de polígono de asociación

1. As xuntas locais de polígono de asociación son órganos colexiados coas competencias recollidas nesta lei, e coa seguinte composición:

a) Presidencia, con voto de calidade: unha persoa representante da consellaría competente en materia de agricultura designado por esta.

b) Secretaría, con voz e voto: unha persoa funcionaria da mesma consellaría.

c) Vogais con voz e voto: tres persoas representantes da sociedade designados por ela e unha persoa representante de titulares non asociados, elixidas libremente en asemblea convocada para o efecto polo concello.

d) Vogais con voz pero sen voto: unha persoa representante de cada un dos seguintes organismos: Rexistro da Propiedade, Notaría, Servizo de Estruturas Agrarias, Asistencia Técnica, Oficina Agraria Comarcal e Consello Agrario Galego.

2. A asemblea para a elección de vogal en representación das persoas non asociadas será presidida polo alcalde ou alcaldesa do concello logo da realización dos traballos de investigación da propiedade e terá que contar cunha asistencia da metade máis unha das persoas propietarias afectadas. Resultarán electas as catro máis votadas, quedando como suplente a seguinte en número de votos."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº15, ao apartado 1.c), de Supresión.

Débese suprimir a seguinte expresión:
"...da empresa contratada"

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº16, ao apartado 1.d), de Adición.

Débese engadir o seguinte subapartado:
"7º. Representante das organizacións profesionais agrarias."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº34, de Adición.

Artigo 16. Adición. Engadir un novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 16 bis. Constitución e disolución da xunta local

A xunta local, mediante convocatoria da súa presidencia, constituirase logo da aprobación das bases provisionais e disolverase unha vez que se declare a firmeza do acordo de concentración.

Para a elección dos representantes dos propietarios, agás os designados pola asociación, se é o caso, a convocatoria realizarase polo menos con quince días de antelación á data de celebración, sinalando o lugar, día e hora no que se celebrará a asemblea, e será publicada nun diario dos de maior tirada da provincia e nos lugares de costume da parroquia e do concello. Se non se alcanza a maioría na primeira asemblea, convocarase outra coa mesma antelación que a primeira, e resultará válida a elección das persoas representantes dos propietarios na xunta local cando sexan votados pola maioría das asistentes.

A xunta local quedará validamente constituída na primeira reunión ordinaria dela, coa asistencia, cando menos, da metade máis unha das persoas que a constitúen.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº35, de Adición.

Artigo 16. Adición.

Engadir un novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 16 ter. Organización das xuntas locais

1. No caso de vacante dalgún dos cargos públicos, ocupará provisionalmente o posto na xunta local a persoa que asuma legalmente as súas funcións e, no seu día, a persoa designada ou elixida novamente para o cargo.

2. Se a zona de actuación está comprendida por máis dun termo municipal, constituirase a xunta local no concello afectado na maior extensión.

3. A xunta local terá o seu domicilio específico no concello, aínda que, para os efectos de celebración de reunións de traballo, publicacións de anuncios e informacións, poderá empregarse un local habilitado na zona para mellor servizo ás persoas afectadas. Igualmente, determinarase polo menos un local por concello para atención ao público todos os días hábiles nos que estean vixentes fases de exposición pública ou de trámites de alegacións. Os escritos de alegacións poderán presentarse nos lugares previstos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº36, de Adición.

Artigo 16. Adición.

Engadir o seguinte apartado:

“Artigo 16 quater. Competencias das xuntas locais

1. Correspóndelle á xunta local:

a) Colaborar na preparación das bases provisionais e definitivas.

b) Aprobar as bases provisionais e definitivas.

c) Procurar o cumprimento dos prazos.

d) Emitir informe sobre o proxecto de infraestruturas, así como sobre os recursos de alzada interpostos contra as bases definitivas e o acordo de reforma das estruturas agrarias.

e) Emitir informe, por propia iniciativa, sobre as cuestións relacionadas co proceso de reforma das estruturas agrarias a calquera das unidades ou órganos competentes en materia de agricultura e ser oída nas consultas que a esta se lle formulen.

2. A xunta local, en todo caso e sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, colaborará co órgano

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 17. *O grupo auxiliar de traballo*

1. O grupo auxiliar de traballo é un órgano formado polas persoas titulares de dereitos de propiedade ou de uso **e gozo de carácter agrario residentes dentro da parroquia ou parroquias onde radique a zona de reestruturación**, que ten como función asesorar e colaborar coa xunta local e co equipo técnico actuante no proceso, especialmente nos traballos de clasificación de terras.

2. É competencia do conxunto das persoas representantes da xunta de titulares na xunta local e do grupo auxiliar de traballo colaborar co equipo técnico do servizo provincial encargado da zona e, de ser o caso, coa empresa contratada, para a fixación das clases de terra, a determinación das parcelas tipo, os coeficientes de compensación e o estudo das reclamacións de clasificación na fase de enquisa das bases, se é o caso.

3. O grupo auxiliar de traballo estará constituído por un mínimo de catro persoas e un máximo do 3 % das persoas integradas na listaxe total sinalada no número 2 do artigo 15, tendo en conta que, no caso de ser este inferior ao mínimo, se nomearán sempre catro membros, e os seus suplentes en igual número.

Os seus membros, titulares e suplentes, será elixidos pola xunta de titulares na mesma asemblea convocada para a elección das persoas representantes das persoas titulares na xunta local de zona, procurando que nela estean representadas todas as entidades de poboación incluídas dentro do perímetro de reestruturación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº17, ao apartado 1, de Adición.

Débase engadir despois de: "...reestruturación," o seguinte texto:

"ou con procedementos de incorporación á actividade agraria iniciados con predios dentro do perímetro de reestruturación"

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III

O procedemento de reestruturación parcelaria

Artigo 18. *Fases e actuacións complementarias da reestruturación parcelaria*

1. O proceso de reestruturación parcelaria comprenderá as seguintes fases:

- a) Bases de reestruturación parcelaria.
- b) Acordo de reestruturación parcelaria.
- c) Acta de reorganización da propiedade.

2. No procedemento de reestruturación parcelaria inclúense as seguintes actuacións complementarias e necesarias para o seu desenvolvemento:

- a) A preparación dos planos parcelarios cartográficos.
- b) A elaboración do documento ambiental previo e do estudo de impacto ambiental, se é o caso.
- c) A elaboración do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.
- d) A elaboración do plan de obras.
- e) A implantación dos predios de substitución.
- f) A inmatriculación rexistral destes.

3. Así mesmo, forman parte do procedemento de reestruturación parcelaria o conxunto das actuacións sobre as infraestruturas sinaladas no número 2 do artigo 8, e que se desenvolven no título VI.

4. Determinaranse regulamentariamente os procedementos técnicos de execución das diferentes operacións que forman parte das devanditas actuacións.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº37, de Supresión.

Artigo 18. Supresión.
Eliminar o artigo 18.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 19. *Bases de reestruturación parcelaria*

1. A acta de inicio dos traballos, documento que determina a data de comezo da execución das bases de reestruturación parcelaria, será asinada pola persoa titular da xefatura do servizo provincial competente na materia, a persoa que exerza a dirección dos traballos, nomeado por aquela, e, se é o caso, unha persoa representante da empresa contratada para a execución dos traballos. Esta acta será comunicada ás persoas titulares das alcaldías do concello ou concellos afectados e publicada na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

2. Para a realización dos traballos que forman parte das bases de reestruturación parcelaria farase necesario proceder á execución das operacións de definición do parcelario, investigación da propiedade e clasificación de terras e á redacción do correspondente Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, **tal e como se recollen no artigo 4 desta lei.**

3. Recollidos, como consecuencia das operacións indicadas no punto anterior, todos os datos necesarios para a redacción das bases, o servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria poderá proceder a inserir os avisos de exposición e enquisa pública a que fai referencia o artigo 42.1, determinando que, durante o período dun mes, se fará entrega ás persoas titulares de dereitos de propiedade ou de uso e gozo de carácter agrario, ou ás súas representantes que así o soliciten, do correspondente documento resumo en que se relacionan os datos que as afecten e cuxo contido será determinado regulamentariamente.

4. Durante o prazo establecido no punto anterior, as persoas afectadas pola reestruturación parcelaria poderán formular, por escrito, as alegacións que consideren oportunas, presentando os documentos en que as fundamenten.

5. As alegacións presentadas, se for o caso, como resultado da enquisa serán obxecto de estudo de forma individual polo servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria, que introducirá, na documentación integrante das bases, aquelas que motivadamente se consideren e arquivará as desestimadas ou as presentadas fóra do prazo establecido.

6. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá, de ser o caso, ordenar a repetición das actuacións de exposición e enquisa recollidas no número 3 deste artigo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº38, de Supresión.

Artigo 19.Supresion.
Eliminar o artigo 19.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 20. *O Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria*

1. Para cada zona de reestruturación parcelaria redactarase e aprobarase, previamente á aprobación das bases, un Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, de acordo co definido no artigo 4.

2. Neste plan serán tidos en conta os instrumentos de ordenación urbanística e as Directrices de ordenación do territorio de Galicia, así como as limitacións legais que eventualmente poidan afectar os diferentes cultivos e aproveitamentos en áreas específicas. Así mesmo, poderase ter en conta calquera iniciativa que incida na mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático.

3. O Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria será sometido ao informe do comité técnico asesor e a un procedemento de exposición pública na forma sinalada no número 1 do artigo 42, por un período dun mes, durante o cal se poderán presentar alegacións a el, que serán estudadas e resoltas polo servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

4. Unha vez finalizado ese proceso e, se é o caso, incorporadas a este as modificacións pertinentes, o plan será aprobado pola dirección xeral competente, logo da solicitude do servizo provincial, e pasará a ter carácter vinculante para todos aqueles aspectos relativos á ordenación de usos agrarios.

5. O plan aprobado será comunicado ao concello ou concellos afectados (...).

6. Aprobado o plan, calquera cambio nos usos das terras afectadas por este deberá ser resolto pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do informe do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

7. Unha vez aprobado e durante a súa vixencia, cando as circunstancias así o demanden, o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria poderá ser modificado mediante un procedemento que se determinará regulamentariamente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº39, de Supresión.

Artigo 20.Supresion.

Eliminar o artigo 20.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 21. *Integración no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria*

1. Durante a elaboración dos documentos que compoñen as bases de reestruturación parcelaria, abrirase un prazo para a inscrición provisional das explotacións agrarias, as agrupacións de titulares, as iniciativas singulares e as iniciativas de aproveitamento en común interesadas en integrarse no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

2. As condicións para a integración no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria das inscricións sinaladas no punto anterior serán as seguintes:

a) A incorporación voluntaria, debidamente acreditada, de todos os partícipes e o compromiso de integrar no plan a totalidade das súas parcelas de achega, con excepción, se é o caso, da casa de labor e os seus terreos circundantes e daquelas parcelas que, por circunstancias especiais debidamente xustificadas, o servizo provincial competente así o autorice.

O conxunto de terreos achegados debe ser suficiente para acadar o tamaño mínimo determinado no plan para a orientación prioritaria proposta. No caso de non acadar ese tamaño mínimo, poderase complementar co compromiso de incremento deste.

b) O cultivo ou aproveitamento a que se van dedicar as terras debe formar parte das orientacións prioritarias sinaladas no plan.

c) O compromiso de manter o conxunto das terras en explotación conforme o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, durante un período mínimo de quince anos desde que o acordo de reestruturación sexa firme, ou, no caso de cesamento de actividade, en arrendamento coas mesmas condicións polo prazo que reste ata completar o citado período mínimo. No caso de aproveitamentos forestais, o prazo mínimo será de vinte e cinco anos ou o prazo establecido no plan de ordenación **aprobado pola autoridade forestal**.

3. A inscrición e o compromiso deberán ser confirmados unha vez aprobadas as bases de reestruturación, segundo o sinalado no número 2 do artigo 26, e pasará entón a ter carácter definitivo.

4. Poderán formar parte da petición de integración no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria aqueles solicitantes, persoas físicas ou xurídicas non titulares de bens ou dereitos na zona, sempre e cando se incorporen como

socios de figuras asociativas de que formen parte titulares e se cumpran os restantes requisitos sinalados neste artigo.

5. As agrupacións, explotacións ou iniciativas incorporadas de maneira activa ao plan terán prioridade na localización dos predios de substitución en áreas de ordenación preferente, de ser o caso, e os criterios de atribución serán os de mellorar a súa estrutura territorial para incrementar a súa competitividade en termos técnicos, económicos e sociais. Así mesmo, gozarán dos beneficios sinalados no artigo 31.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº40, de Supresión.

Artigo 21.Supresion.
Eliminar o artigo 21.

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº18, ao apartado 2.c), de Supresión.

Débase suprimir o seguinte texto:

"No caso de aproveitamentos forestais, o prazo mínimo será de vinte e cinco anos ou o prazo establecido no plan de ordenación forestal."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 22. *Contido das bases de reestruturación parcelaria*

A documentación que forma parte das bases de reestruturación parcelaria estará constituída por:

1. Un conxunto de planos parcelarios, que conterán:
 - a) A delimitación do perímetro e da zona de reestruturación modificados, se é o caso, segundo o disposto nos artigos 23 e 24.
 - b) A localización e cartografado da rede hidrográfica, construcións, muros, valados, ribazos e, en xeral, calquera outro elemento do terreo que, polo seu interese no procedemento, deba ser fielmente reflectido na cartografía.
 - c) A rede de infraestruturas existentes.
 - d) A delimitación da totalidade das parcelas de achega.
 - e) A delimitación das liñas divisorias entre as diferentes clases de terras obtidas no procedemento de clasificación.
 - f) De ser o caso, a delimitación das áreas con circunstancias especiais atendendo os seus valores extraagrarios, especialmente o perímetro do solo de núcleo rural, solo urbano e urbanizable.
 - g) A delimitación de cultivos con dereitos de plantación, de ser o caso.
 - h) Un plano de aproveitamento de augas, con expresión de mananciais e canles sobre os que opere o aproveitamento e dos seus respectivos coeficientes.
 - i) Un plano cos montes veciñais en man común, os montes de utilidade pública e os montes de xestión pública.
 - j) Unha relación de parcelas de achega sobre as cales se concedese calquera subvención que exixa un compromiso de mantemento no tempo.
2. Unha relación de datos persoais das persoas titulares e, se for o caso, dos seus representantes legais.
3. Unha relación das parcelas de achega coas súas características de superficie, perímetro e clasificación por clases de terra, así como das situacións xurídicas que afecten a propiedade, a posesión ou o aproveitamento destas.
4. Unha relación das diferentes clases de terra existentes na zona, das parcelas tipo elixidas, dos seus respectivos coeficientes de compensación e, se é o caso, dos factores de corrección aplicados.
5. A declaración de dominio das parcelas de achega a favor de quen as posúa en concepto de dono e a relación individualizada de cada unha delas, coa súa superficie total e por clases de terra.

6. Unha relación individualizada por parcela de achega dos gravames, arrendamentos e demais titularidades e situacións xurídicas que afecten a propiedade, posesión ou gozo determinadas no proceso de investigación.

7. De ser o caso, unha relación de dereitos de plantación de viñedos ou outros cultivos, individualizada por parcelas de achega e agrupada por titulares, unha relación de parcelas de achega excluídas segundo o establecido no artigo 24 e a modificación do perímetro de reestruturación segundo o establecido no artigo 23.

8. Unha relación de explotacións agrarias incluídas na zona de reestruturación, en que consten os nomes das persoas titulares e a relación de parcelas de achega, referindo superficies, titularidade individual e modos de tenza.

9. Unha relación de agrupacións de titulares, na que consten os seus nomes e a relación de parcelas de achega, referindo superficies, titularidade individual e modos de tenza.

10. Unha relación das solicitudes de inscrición no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria segundo o sinalado no artigo 21, debidamente asinadas pola totalidade de titulares ou os seus representantes legais. A estas solicitudes achegárase o compromiso provisional de mantemento da iniciativa por un período mínimo de quince anos a partir de que o acordo sexa firme.

11. Unha relación dos montes veciñais en man común clasificados coa súa delimitación, así como dos que estean en trámite de clasificación, incluídos total ou parcialmente na zona de reestruturación, e os montes de utilidade pública e os de xestión pública.

12. Unha relación de bens e dereitos das administracións afectadas polo proceso, indicando a súa natureza dominical.

13. Unha relación das parcelas de achega reservadas que, por razón de melloras excepcionais, polo seu valor extraagrario ou por algunha outra circunstancia motivada, non teñan equivalente compensatorio sen prexuízo para a persoa titular. Estas parcelas non serán excluídas das bases, pero serán adxudicadas ás mesmas persoas titulares que as achegaron, aínda que estarán suxeitas, en todo caso, ás deducións sinaladas no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, ás recollidas no artigo 32 desta lei.

13 bis. De ser o caso, unha relación de parcelas de achega excluídas segundo o establecido no artigo 24 e a modificación do perímetro de reestruturación segundo o establecido no artigo 23.

14. Un estudo de impacto e integración paisaxística que conteña o catálogo de elementos estruturais e funcionais, naturais ou artificiais, para conservar durante o proceso, co fin

de manter, na medida do posible, as características paisaxísticas máis relevantes e valiosas.

15. Unha relación de compromisos asinados para novos proxectos agrarios no perímetro de reestruturación parcelaria.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº41, de Substitución.

Artigo 22. Substitución. Substituír o texto do artigo 22 polo seguinte texto:

“Artigo 22. Contido das bases provisionais

Os traballos precisos para preparar os documentos que permitan establecer as bases provisionais son os seguintes:

1. Planimetría

Realizarase un levantamento topográfico de precisión suficiente, que, xunto con soporte Sixpac e ortofotogrametría, reflectirá:

a) Delimitación do perímetro provisional de actuación e das zonas agrarias, forestais, urbanas, industriais e demais que poidan ser obxecto de inclusión ou exclusión do proceso.

b) Localización e perimetración de áreas de especial importancia polo seu valor xeolóxico, paisaxístico e ambiental e áreas sometidas a algunha figura de protección, así como os bens de interese cultural, histórico e/ou artístico que poidan resultar afectados pola reforma das estruturas agrarias

c) Localización e cartografado de lagoas, ríos, regatos, canles de rega, pozos, fontes, mananciais e, en xeral, calquera outro elemento que deba ser reflectido fielmente na planimetría.

d) Rede de infraestruturas existentes e interconexión cos sistemas xerais, mesmo nas zonas excluídas.

2. Investigación da propiedade e calificación de terras

Tomando como base a cartografía e planimetría catastral, que poderá ser apoiada polo Sixpac e polo Sitegal, realizarase a investigación da propiedade, que consistirá na declaración de dominio das parcelas a favor de quen as posúe en concepto de dono e determinación da superficie pertencente a cada un deles e da clasificación que lle corresponda á citada superficie.

Esta fase de investigación incluírá:

a) Clasificación de terras e fixación previa, con carácter xeral, dos respectivos coeficientes que teñan que servir de base para levar a cabo as compensacións que resulten necesarias.

b) Relación de gravames, dereitos de plantacións de viñas e outros cultivos leñosos, censos, arrendamentos e demais titularidades e situacións xurídicas que afecten propiedades, a

posesión ou o aproveitamento que quedasen determinadas no período de investigación.

c) Cota de participación de cada titular dentro do perímetro que se delimite en cada poligonación na zona forestal ou nos polígonos agrarios de asociación.

d) Aproveitamento de augas con concesión administrativa.

e) Relación de explotacións agrarias na que se constan os nomes dos titulares e as terras usadas en explotacións, referindo superficies, nomes dos propietarios e modos de tenza.

f) Relación e delimitación dos montes veciñais en man común clasificados, así como dos pendentes de clasificación, que existan na zona.

g) Relación de áreas, contornos ou elementos que hai que preservar ou conservar polo seu valor singular.

3. Propostas de actuación

O documento de bases provisionais incluírá unha previsión das actuacións que se van desenvolver durante o proceso de reforma das estruturas, no que deberán constar:

a) Proposta da zonas agrarias e zonas forestais de concentración ou poligonación, perímetro de reconcentración, polígonos agrarios de concentración ou polígonos agrarios de asociación, segundo o caso e proposición de parcelas por excluír.

b) Delimitación dos usos do solo e de aproveitamento de cultivos de partida, onde se determine a superficie agraria útil (SAU), a superficie forestal (SF) e a superficie de transición (ST) entre ambas, se houber.

c) Proposta de plan de ordenación de cultivos con delimitación e determinación dos usos do solo e determinación da unidade mínima de cultivo para a zona.

d) Proposta de trazas de nova rede viaria e outras infraestruturas que poidan ser de interese.

e) Estudo de impacto ambiental e proposta de medidas correctoras.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº42, de Adición.

Artigo 22. Adición. Novo artigo co seguinte contido:

“Artigo 22 bis. Protección, preservación e conservación

As bases provisionais conterán a relación de masas forestais autóctonas cuxa conservación se propoña, así como dos elementos, lugares ou contornos de especial interese histórico, arquitectónico, paisaxístico ou de calquera outra área, dentro da zona de actuación, que por razóns de interese xeral se xulgue conveniente protexer, preservar ou conservar.

Desta relación daráselles conta ás autoridades ou organismos competentes, para que, no caso de consideralo oportuno, se fagan as cualificacións necesarias ou se adopten as medidas axeitadas para preservalos da súa destrución.

Cando menos, un 3 % do investimento público total das actuacións terán como finalidade a protección, preservación e conservación destes elementos dentro dos límites parroquiais da área de actuación.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 23. *Modificación do perímetro de reestruturación*

1. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá, durante a fase de elaboración das bases, rectificar o perímetro de reestruturación cando sexa necesario, entre outras razóns, por exixencias técnicas, de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico, mineiro ou medioambiental, ou para adaptalo aos límites das unidades xeográficas, administrativas ou naturais, cando estas servisen de base de partida para a delimitación inicial do perímetro, logo do informe do servizo provincial correspondente.
2. A rectificación do perímetro afectará sempre parcelas enteiras, sen que poida existir segregación, aínda que esta sexa legalmente posible, agás coa autorización do seu titular.
3. A rectificación do perímetro será comunicada ás persoas interesadas na forma en que se prevexa regulamentariamente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº43, de Substitución.

Artigo 23. Substitución. Substituír polo seguinte contido:

“Artigo 23. Determinación de usos

O plan de ordenación de cultivos deberá ser compatible co plan xeral de ordenación municipal ou contar, se é o caso, con informe previo preceptivo do concello correspondente.

A determinación e delimitación dos usos do solo será realizada de conformidade co establecido no plan de ordenación de cultivos e será aprobada xunto coas bases definitivas.

Deberá terse en consideración para a redacción do proxecto e reflectirse no ulterior acordo, e determinará, cando menos, a superficie agraria útil e a superficie forestal, nas que o cambio de uso deberá contar coa preceptiva autorización da consellaría competente en materia de agricultura.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 24. *Modificación da zona de reestruturación*

1. A zona de reestruturación pode ser modificada:

a) Por delimitación de novas áreas susceptibles de ser excluídas do proceso a partir da comunicación aos organismos sinalada no número 3 do artigo 9.

b) Por exclusión de parcelas pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do informe do servizo provincial correspondente e oída a xunta local, por concorreren nelas circunstancias que económica e agrariamente así o determinen e cos seguintes condicionantes:

1º. A condición de bens comunais, montes veciñais en man común, montes de utilidade pública ou montes consorciados non será causa de exclusión do proceso de reestruturación parcelaria.

2º. Os bens destinados a un servizo público poderán ser excluídos se as entidades titulares así o solicitan.

c) Por inclusión de parcelas que inicialmente non formaban parte da zona de reestruturación, ben por mor da ampliación do perímetro á que fai referencia o artigo 23 ou ben por variación das causas que motivaban a súa non inclusión inicial.

d) Por segregación dunha zona en dous ou varios sectores, logo do informe favorable da xunta local.

(...) En todos os casos, a modificación da zona de reestruturación deberá ser aprobada pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do informe do servizo provincial.

2. A declaración de parcelas reservadas, por parte da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do informe do servizo provincial correspondente e oída a xunta local, non supoñerá modificación da zona.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº44, de Substitución.

Artigo 24. Substitución. Substituír o artido por este novo contido:

“Artigo 24. Permutas

Durante o desenvolvemento desta fase, poderá darse, por parte da Administración, a posibilidade aos particulares afectados para a realización de permutas por un prazo máximo de seis meses.”



EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº45, de Adición.

Artigo 24. Adición. Novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 24 bis. Bens excluibles:

1. A condición de bens comunais e veciñais en man común non será causa de exclusión do proceso de reforma das estruturas agrarias.
 2. Os bens de dominio público destinados a un servizo público serán excluídos se as entidades titulares así o solicitan.
 3. Excepcionalmente, no caso de que concorran nos predios que se van concentrar circunstancias que económica e agrariamente non acheguen beneficios aos seus propietarios, estes poderán resultar excluídos do proceso, o que tamén se producirá cando a súa singularidade así o aconselle.”
-

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 25. *Montes veciñais en man común*

A cualificación como monte veciñal en man común non impedirá a súa inclusión no proceso de reestruturación parcelaria, que se levará a cabo tendo en conta as seguintes particularidades:

1. As parcelas de monte veciñal en man común, cualificado como tal, con superficies superiores a quince hectáreas serán incluídas no proceso de reestruturación parcelaria para os únicos efectos da regularización do seu perímetro, sen aplicárselles o réxime de deducións establecido nesta lei, agás o relativo, de ser o caso, á dedución consecuencia da documentación de autorización ambiental.

Malia o disposto no parágrafo anterior, a asemblea xeral do monte veciñal en man común poderá solicitar, achegando autorización do órgano competente en materia de montes, a agrupación das parcelas dispersas coas parcelas de superficie superior a quince hectáreas; neste caso, seranlles aplicables, ás primeiras, as normas xerais sobre deducións establecidas nesta lei.

2. Con carácter xeral, ás parcelas dun monte veciñal en man común, cualificado como tal, con superficies inferiores a quince hectáreas seralles aplicable o recollido nesta lei.

3. Aos terreos en trámites de cualificación como montes veciñais en man común, unha vez resolto o correspondente expediente, seranlles aplicables, segundo o caso, os puntos anteriores, sempre e cando a resolución de cualificación se produza con anterioridade á aprobación das bases de reestruturación parcelaria. No caso contrario, aplicaránselles as normas xerais sobre deducións establecidas nesta lei.

4. Aos montes que carezan da cualificación de montes veciñais en man común ou que, tramitada esta, resultase denegada seranlles aplicables as normas xerais sobre deducións establecidas nesta lei.

5. No caso de discrepancias sobre o deslindamento das parcelas de monte veciñal en man común cualificado como tal ou en trámites de cualificación, reflectirase na documentación do proceso de reestruturación parcelaria a determinación que das extremas faga o órgano competente en materia de montes, mediante a solicitude de informe, que deberá ser emitido no prazo dun mes desde a recepción da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se emitise o mencionado informe, continuarase o procedemento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 26. *Aprobación e comunicación das bases de reestruturación parcelaria*

1. Á vista do resultado do procedemento de elaboración das bases de reestruturación parcelaria e da viabilidade da continuación deste, o comité técnico asesor emitirá informe non vinculante dirixido á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, no que recomende a continuación do proceso ou, no caso contrario, a súa suspensión ou o seu arquivamento. Este informe deberá ser emitido con anterioridade dun mínimo dun mes previo á convocatoria da xunta local de zona a que fai referencia o punto seguinte.

2. Logo do informe a que fai referencia o punto anterior e do informe favorable do servizo provincial competente, oída a xunta local, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural acordará aprobar as bases de reestruturación parcelaria ou, no caso contrario, a súa revisión, suspensión temporal ou arquivamento do expediente.

3. Aprobadas as bases de reestruturación parcelaria, o servizo provincial competente procederá á súa exposición pública e á notificación individual do boletín individual de propiedade, que contén o resumo dos datos relativos a cada titular e ás súas achegas, con determinación das súas superficies e clasificacións, todo iso conforme determina o artigo 42 desta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº46, de Substitución.

Artigo 26. Substitución. Substituír o texto polo seguinte:

“Artigo 26. Aprobación e comunicación das bases provisionais

1. Redactadas as bases provisionais, a xunta local procederá á súa aprobación.

2. Para lles dar máxima difusión aos resultados dos traballos, o servizo provincial correspondente fará entrega aos interesados dunha folla resumo en concepto de boletín individual da propiedade na que se relacionen: nome e apelidos do titular, documento nacional de identidade -e, se é o caso, do cónxuxe-, estado civil, natureza xurídica dos bens, situación posesoria, cargas, servidumes e situacións xurídicas detectadas no período de investigación, dereitos concesionais, aproveitamentos preexistentes, número de parcela e polígono e

mais superficie total de cada unha e a que corresponda a cada clase, así como, se é o caso, explotación á que pertenzan.

3. Así mesmo, o servizo provincial dispoñerá a apertura dun período de enquisa pública para que os afectados pola concentración poidan formular as alegacións que consideren oportunas, achegando os documentos nos que fundamenten os seus dereitos, e procederase a publicar mediante edictos insertos no taboleiro de anuncios dos concellos afectados, nos lugares de costume e no *Diario Oficial de Galicia* o desenvolvemento desta fase.

4. De ser preciso, realizarase o procedemento de declaración de impacto ambiental e, en todo caso, serán obxecto de exposición pública o estudo de impacto e as medidas correctoras propostas.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº47, de Adición.

Artigo 26. Adición. Engadir un novo artigo 26.Bis

“Artigo 26 bis. Assignación de valores

1. As terras achegadas ao proceso agruparanse por clases e cultivos, segundo criterios agronómicos, edafolóxicos e produtivos, asignándose a cada clase un valor relativo, para o efecto de levar a cabo as compensacións que resulten precisas.

2. Quedarán fixadas nas bases os coeficientes correctores en función da localización xeográfica das parcelas respecto de zonas que poidan significar incremento ou decremento do valor por razóns extraagrarias (proximidade a núcleos ou polígonos industriais, zonas de expansión, grandes infraestruturas, etc.).

3. A todas as parcelas asignaráselles nas bases provisionais o valor en puntos que resulte da súa clasificación, conforme o punto 1 deste artigo, aplicándolle o coeficiente de localización xeográfica ao que se refire o punto 2.

4. No caso de se considerar necesario, poderán valorarse as árbores, viñedos ou especies arbustivas de especial significación, para levar a cabo as compensacións que resulten.

5. Cando nunha zona de actuación se utilicen distintos tipos de reforma estrutural (concentración, poligonación, reconcentración ou creación de polígonos agrarios), crearanse lotes independentes de achega e de atribucións para cada tipo de actuación.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº48, de Adición.

Artigo 26. Adición. Engadir un novo artigo 26.Ter

“Artigo 26 ter. Monetización

1. Para os efectos de poder fixar indemnizacións, valorar as cotas de participación ou calquera outra cuestión na que sexa útil a cuantificación económica, o valor relativo asignado poderá ser monetarizado.
 2. Por petición da dirección xeral competente en estruturas agrarias, o Banco de Terras de Galicia determinará un importe monetario asociado ao valor relativo do punto que se utilice para a clasificación, así como o criterio de valoración utilizado.
 3. Tanto o valor relativo como o monetario permanecerán invariables durante o proceso, agás circunstancias extraordinarias que aconsellen a súa modificación, autorizada pola xunta local e aprobada pola dirección xeral competente en estruturas agrarias.
 4. No caso de que o valor monetario sexa utilizado para indemnizacións ou calquera transacción, será actualizado conforme as variacións anuais do IPC respecto do momento en que fose fixado. De non haber mutuo acordo, calquera das partes poderá achegar taxación pericial contraditoria e mesmo someterse a ditame do Xurado de Expropiación de Galicia.”
-

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº49, de Adición.

Artigo 26. Adición. Engadir un novo artigo 26.Quater

“Artigo 26 quater. Concesións de augas

As concesións administrativas de augas utilizadas para a rega dos predios ou outros usos singularizaranse claramente nos planos de base, con expresión de mananciais e canles sobre os que opere o aproveitamento concesional, co obxecto da súa identificación.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 27. *Recursos e firmeza das bases de reestruturación parcelaria*

1. No prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da data de recepción da notificación do boletín individual da propiedade, quen teña un dereito subxectivo ou un interese directo, persoal e lexítimo no asunto que o motive poderá interpoñer recurso de alzada contra as bases de reestruturación parcelaria ante a persoa titular da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

2. Constitúen exclusivamente materia de recurso de alzada contra as bases de reestruturación parcelaria as reclamacións en materia de clasificación, superficie ou titularidade das parcelas de achega.

3. As reclamacións relacionadas coa superficie das parcelas achegadas deberán ir acompañadas de medición pericial, asinada por persoa técnica competente, sobre diferenzas de superficie superiores a unha marxe de tolerancia variable entre a medición *in situ* da parcela de achega sobre a que se reclame e a que conste no boletín individual da propiedade.

A marxe de tolerancia, expresada en tanto por cento, a que se refire o parágrafo anterior será en cada caso a que reflicte a seguinte táboa:

Superficie da parcela en m ² (S)	Marxe de tolerancia en %
$S < 500$	$10 \times P / S$
$500 \leq S < 5.000$	$0,02 \times P$
$S \geq 5.000$	$100 \times P / S$

sendo P o perímetro do recinto expresado en metros lineais, e S, a superficie da parcela expresada en metros cadrados. Cando a marxe calculada pola táboa anterior amose un valor superior ao 10 %, adoptarase como marxe de tolerancia un 10 %.

4. Unha vez resoltos os recursos presentados en prazo e as reclamacións de falta de superficie a que fai referencia o punto anterior, a dirección xeral competente en materia de

desenvolvemento rural declarará a firmeza das bases de reestruturación parcelaria, logo da solicitude do servizo provincial competente na materia.

Transcorridos tres meses desde a interposición dun recurso de alzada sen que recaese resolución expresa, este entenderase desestimado por silencio administrativo.

5. Esgotada a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo, que só será admisible polas causas estipuladas no número 2 deste artigo.

6. A resolución do recurso contencioso-administrativo executarase, no posible, de maneira que non implique prexuízo para a reestruturación parcelaria.

7. As lexítimas persoas titulares dos terreos obxecto de reestruturación parcelaria, ou os seus representantes, poderán presentar mediante escrito, dentro dos tres meses seguintes á aprobación das bases de reestruturación parcelaria, as solicitudes que consideren oportunas, sempre que non versen sobre materias propias de recurso de alzada e non afecten terceiras persoas.

O servizo provincial incorporará as modificacións que motivadamente se consideren e arquivará, sen máis trámite, as desestimadas ou presentadas fóra do prazo. Estas actuacións non son susceptibles de recurso.

8. Unha vez declaradas firmes as bases, non se poderán levar a cabo modificacións delas, agás o recoñecemento de titularidade de parcelas sen dono coñecido ou o disposto no artigo 41.3. Estas modificacións serán, en calquera caso, notificadas ás persoas titulares afectadas, e, no caso das parcelas sen dono coñecido, ao Ministerio Fiscal.

Así mesmo, poderán modificarse as bases firmes conforme a ratificación do compromiso de integración no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria que resulte conforme o punto 2.b) do artigo 28.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº50, de Supresión.

Artigo 27. Supresión
Suprimir o artigo 27.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 28. *Actuacións previas ao acordo de reestruturación parcelaria*

1. Os traballos de elaboración do acordo de reestruturación parcelaria poderán ser iniciados, por parte da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, a partir da aprobación das bases de reestruturación parcelaria, agás o deseño do trazado da rede viaria, que se poderá iniciar con anterioridade.

2. Na execución dos traballos técnicos inherentes á elaboración do acordo, tendo como base o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria que se recolle no artigo 20, procederase a:

a) A revisión do dito plan de acordo cos datos obtidos nas bases de reestruturación parcelaria.

b) A ratificación do compromiso de integración no plan por parte das explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común e, de ser o caso, e a modificación dos seus datos, segundo o sinalado no artigo 21, elaborándose unha relación definitiva destas.

c) A determinación, a partir da antedita relación definitiva de agrupacións, explotacións e iniciativas de aproveitamento en común, do número de explotacións e da superficie mínima necesaria para a aplicación do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, tanto nas áreas de ordenación preferente como no resto da zona de reestruturación.

d) A elaboración, pola entidade xestora do Banco de Terras, dun estudo de mobilidade de terras, que determine as superficies susceptibles de seren incorporadas ás explotacións en réxime de arrendamento, así como os seus custos.

(...) O deseño do trazado da rede viaria (...) será sometido a exposición pública durante un período de trinta días naturais, no cal, mediante escrito, se poderán presentar cantas alegacións se coiden oportunas.

As anteditas alegacións serán obxecto de estudo polo servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria, que, motivadamente, introducirá as modificacións que tecnicamente se consideren pertinentes e arquivará as desestimadas ou presentadas fóra do prazo establecido.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº51, de Substitución.

Artigo 28. Substitución. Substituír o contido do artigo 28 polo seguinte:

“Artigo 28. Contido das bases definitivas

O contido das bases definitivas será o mesmo que o das bases provisionais e ademais cos seguintes engadidos:

1. Resolución das alegacións presentadas ás bases provisionais coas modificacións que procedan.
 2. Estudo de impacto ambiental, medidas correctoras propostas e, se é o caso, declaración de impacto ambiental.
 3. Declaración de dominio das parcelas a favor de quen as posúa en concepto de dono, con indicación do seu valor relativo e monetarizado delas, nas zonas de concentración.
 4. Cota de participación de cada titular coa indicación do seu valor relativo e monetarizado do perímetro que se delimite en cada poligonación na zona forestal ou nos polígonos agrarios de asociación.”
-

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº52, de Adición.

Artigo 28. Adición. Engadir un novo artigo 28 co seguinte contido:

“Artigo 28 bis. Compensacións

Cando a escasa contía das achegas dalgúns propietarios non permita que se lles adxudiquen predios de substitución independentes superiores á unidade mínima de cultivo da zona, poderá adxudicárselles predio de substitución en pro indiviso a tales propietarios ou substituírse por unha indemnización en metálico achegada polo Bando de Terras, que adquirirá a titularidade do predio de substitución equivalente, debendo quedar constancia da solución adoptada nas bases definitivas.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 29. *Predios de substitución*

1. O acordo de reestruturación parcelaria reflectirase na documentación cartográfica en que se plasme a distribución da nova rede viaria e os predios de substitución. Estes deberán ser equivalentes en valor, para cada persoa titular, ás parcelas achegadas por esta, unha vez efectuadas as deducións xerais sinaladas no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, as recollidas no artigo 32 desta lei.

2. Para efectos do deseño dos novos predios de substitución, serán consideradas como un único titular cada unha das explotacións, das agrupacións de titulares e das iniciativas agrarias de explotación en común.

As atribucións totais das agrupacións de titulares ou das iniciativas agrarias de explotación en común corresponderanse coa suma das achegas individuais de cada unha das persoas titulares integrantes delas, feitas as deducións legalmente establecidas. Serán determinados xuridicamente e delimitados cartograficamente os predios de substitución que individualmente lle correspondan a cada partícipe e as servidumes prediais e as restantes cargas que, se é o caso, se establezan.

3. Trasladaranse aos predios de substitución respectivos aqueles dereitos de plantación de viñedo ou outros cultivos sobre parcelas achegadas á reestruturación parcelaria recoñecidos conforme a normativa vixente.

4. Para a preparación do acordo de reestruturación parcelaria, as persoas titulares poderán poñer de manifesto, por escrito e de xeito razoado, as súas preferencias sobre a localización dos futuros predios de substitución, durante o prazo sinalado polo servizo provincial e determinado regulamentariamente. En ningún caso estas preferencias terán carácter vinculante nin condicionarán os resultados técnicos do proceso.

5. Localizaranse nas áreas de ordenación preferente, de existiren, os predios de substitución correspondentes ás persoas titulares, explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común que cumpran os requisitos sinalados no artigo 21 desta lei e que ratifiquen o compromiso de integración no plan a que fai referencia o artigo 28.

No caso daquelas orientacións prioritarias que non ocupen áreas de ordenación preferente, o criterio de localización para as ditas explotacións, agrupacións e iniciativas será o de mellora obxectiva da viabilidade da unidade técnico-económica resultante.

6. Nas zonas cualificadas como áreas sen aptitude específica, adoptaranse como criterios non vinculantes para a distribución dos novos predios de substitución a localización das parcelas achegadas e as melloras existentes nelas.

7. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá destinar, para fins de interese xeral, predios de substitución con cargo á masa común ata un máximo do 0,3 % da puntuación total das achegas da zona, por petición debidamente motivada da xunta local, logo do informe favorable do concello ou concellos, do servizo provincial competente e da entidade xestora do Banco de Terras. A persoa titular destes predios de substitución será o concello ou concellos onde se localicen.

8. Por petición motivada do concello ou concellos afectados polo proceso e para destinalos a equipamentos colectivos, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá atribuír, con cargo á masa común, ata un máximo do 0,3 % –deducidos os valores dos bens patrimoniais que o citado concello ou concellos teñan na zona– da puntuación total das achegas, todo isto sen prexuízo do disposto polo artigo 34 respecto do destino da masa común, unha vez declarado firme o acordo de reestruturación parcelaria.

A solicitude será sometida a informe do servizo provincial competente e da entidade xestora do Banco de Terras. A persoa titular de cada predio de substitución será o concello en que se localice o antedito predio.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº53, de Supresión.

Artigo 29. Supresión
Suprimir o artigo 29.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 30. *Enquisa previa ao acordo de reestruturación parcelaria*

1. Unha vez executadas as operacións técnicas de deseño dos novos predios de substitución, o servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria poderá proceder a inserir os avisos de exposición e enquisa pública a que fai referencia o artigo 42.1, determinando que durante o período dun mes se fará entrega ás persoas titulares ou ás súas representantes que así o soliciten do correspondente documento resumo en que se relacionan os predios de substitución que se lles asignarán e os datos que as afecten. O contido dese documento resumo e o procedemento de entrega desenvolveranse regulamentariamente.

2. Durante o prazo establecido no punto anterior, as persoas afectadas pola reestruturación parcelaria poderán formular, por escrito, as alegacións que consideren oportunas, presentando os documentos en que as fundamenten.

3. As alegacións que se formulen no prazo de enquisa serán obxecto de estudo por parte do servizo provincial competente, incorporando á documentación do proceso aquelas que motivadamente se consideren e arquivando, sen máis trámite, as desestimadas ou as presentadas fóra do prazo establecido.

4. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá ordenar, se é o caso, a repetición da exposición e da enquisa sinaladas nos números 1 e 2 deste artigo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº54, de Supresión.

Artigo 30. Supresión
Suprimir o artigo 30.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 31. *Deducións xerais*

1. As achegas das persoas titulares afectadas polo proceso de reestruturación estarán sometidas a unha dedución máxima do 9 % do valor total en puntos, agás nos casos sinalados nos números 2 e 3 deste artigo, co fin de contar coa superficie de terreo necesario para a execución das infraestruturas rurais a que fai referencia o número 2 do artigo 8 desta lei, e para a compensación derivada da execución técnica do proceso.

2. A dedución para infraestruturas rurais será como máximo do 6 % do valor total en puntos e afectará a totalidade das persoas titulares da zona na mesma proporción, agás nos casos de parcelas únicas, que se rexerán polas normas específicas recollidas no seguinte artigo.

Excepcionalmente, logo do estudo razoado do servizo provincial, xunto co informe do comité técnico asesor e oída a xunta local, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá incrementar esa porcentaxe ata nun punto porcentual, que se engadirá ao máximo sinalado no punto anterior.

3. A dedución para axuste técnico, que ten como destino a compensación técnica dos axustes entre achegas e atribucións e a súa eventual corrección, será como máximo do 3 % do valor total en puntos, e afectará de igual forma a totalidade das persoas titulares da zona, agás nos casos de parcelas únicas, que se rexerán polas normas específicas recollidas no seguinte artigo, e no das explotacións, agrupacións e iniciativas sinaladas no artigo 21 desta lei, que terán como máximo unha dedución do 2,5 % do valor total en puntos.

No caso das explotacións, agrupacións e iniciativas sinaladas no artigo 21 desta lei, o eventual remanente da compensación técnica do conxunto das súas achegas poderase constituír total ou parcialmente en predios da masa común especificamente dedicados á localización das infraestruturas e equipamentos comúns necesarios para o conxunto das unidades técnico-económicas integradas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria. A titularidade destes predios da masa común establecerase conforme o disposto no artigo 34 desta lei.

Excepcionalmente, se as medidas de adecuación ambiental ou as que se enfoquen á mitigación dos efectos do cambio climático das actuacións inherentes á reestruturación parcelaria implican a utilización de superficies de terreo de forma que non abonde a dedución legalmente prevista, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, logo do

estudo razoado do servizo provincial competente, xunto co informe do comité técnico asesor e oída a xunta local, poderá incrementar esa dedución ata nun punto porcentual, que se engadirá ao máximo sinalado no número 1.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº55, de Supresión.

Artigo 31. Supresión
Suprimir o artigo 31.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 32. *Deducións en parcelas únicas*

1. Ás parcelas únicas existentes antes da publicación do decreto de reestruturación parcelaria para a zona, ou con posterioridade a ela pero anteriormente á acta de inicio dos traballos, aplicaráselles, respecto das deducións, as seguintes normas:

a) Ás parcelas únicas en que existan construcións destinadas a vivenda, pechadas ou non sobre si, pero con acceso a camiño público, non lles serán aplicables as normas xerais sobre deducións. No caso de que carezan de acceso a camiño público, aplicaráselles o desconto correspondente ás obras de infraestruturas rurais sinalado no artigo 31.2.

b) Ás parcelas únicas nas cales non existan construcións destinadas a vivenda aplicaráselles as seguintes deducións:

1º. Parcelas non pechadas sobre si: aplicaráselles as normas xerais sobre deducións contidas no artigo anterior.

2º. Parcelas pechadas sobre si e con acceso a camiño público: non lles serán aplicables as deducións recollidas no artigo anterior.

3º. Parcelas pechadas sobre si pero sen acceso a camiño público: aplicaráselles a dedución que para infraestruturas rurais se establece no artigo anterior.

c) Para os efectos do recollido neste artigo, considérase que unha parcela está pechada sobre si cando conta con estruturas ou elementos físicos que impidan, de maneira efectiva, o acceso a pé ao seu interior.

d) Para os efectos desta lei, considérase acceso a camiño público aquel que permite a incorporación a toda vía de comunicación adecuada para o tránsito rodado de calquera tipo de vehículo de motor.

2. Ás parcelas reservadas seranlles aplicables todas as deducións establecidas no artigo anterior, agás as correspondentes aos axustes técnicos entre achegas e atribucións.

3. No caso de parcela única e reservada, a redución que se lle aplique será a que corresponda ao suposto con menor dedución.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº56, de Supresión.

Artigo 32. Supresión

Suprimir o artigo 32.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 33. *Contido do acordo de reestruturación parcelaria*

A documentación que forma parte do acordo de reestruturación parcelaria estará constituída por:

- a) A relación de persoas titulares, o número de parcelas achegadas por cada unha delas, o valor total da superficie achegada, a súa distribución por clases de terra e o seu valor total en puntuación.
- b) A relación dos predios de substitución atribuídos a cada titular, numerados conforme a identificación en planos, con expresión dos valores de superficie total, superficie por clases de terra e valor equivalente, indicándose para cada predio de substitución a natureza xurídica dos bens e os gravames e situacións xurídicas derivadas das parcelas de achega, que se axustarán ao reflectido nas bases.
- c) A relación das explotacións agrarias, das agrupacións e das iniciativas agrarias de traballo en común que recolla os predios de substitución atribuídos, a súa superficie total e por clases de terra e a puntuación equivalente, así como as persoas titulares que formen parte delas e os predios de substitución que lles corresponden a cada unha, así como as servidumes prediais e restantes cargas que, se é o caso, deban constar.
- d) A relación de explotacións incluídas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.
- e) Unha colección da documentación cartográfica en que figurará a distribución da nova rede viaria e os predios de substitución.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº57, de Substitución.

Artigo 33. Substitución. Substituír o texto polo seguinte:

“Artigo 33. Aprobación das bases definitivas e réxime de recursos

As bases definitivas, coa inclusión delimitación dos usos do solo realizada de conformidade co establecido no plan de ordenación de cultivos, serán aprobadas pola xunta local.

1. Unha vez aprobadas as bases definitivas pola xunta local, procederase á exposición pública destas, e notificarase individualmente a todos propietarios afectados dos que se coñeza o seu enderezo ou, no caso contrario, publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Na notificación individual faranse constar que as resolucións das alegacións formuladas foron resoltas coa aprobación das bases definitivas, onde figura a solución que se lle deu a cada unha e se xuntará unha folla resumo en concepto de boletín Individual da propiedade co contido sinalado nesta lei.

3. No prazo de trinta días naturais seguintes á notificación ou publicación, poderá interpoñerse recurso de alzada fronte ao acto aprobatorio das bases definitivas, o cal será resolto pola dirección xeral, logo do informe da xunta local."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº20, ao apartado e) bis), de Adición.

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"f) Compromiso de prazos e dotación de recursos necesarios para a execución do acordo de reestruturación parcelaria."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº58, de Adición.

Artigo 33. Adición. Engadir un novo artigo 33.Bis:

“Artigo 33 bis. Unidade mínima de cultivo e firmeza das bases definitivas

1. A dirección xeral correspondente da consellaría competente en materia de agricultura, ao aprobar as bases definitivas, ditará resolución motivada, na que se sinalará a unidade mínima de cultivo para a zona, que será a suficiente para que os labores fundamentais do seu cultivo, utilizando os medios normais e técnicos de produción, poidan levarse a cabo cun rendemento satisfactorio, tendo en conta as características socioeconómicas da agricultura na comarca ou zona, e que en ningún caso será inferior ás unidades mínimas de cultivo establecidas pola Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 23 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

2. Resoltos os recursos ás bases definitivas, correspóndelle á dirección xeral declarar a firmeza delas.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 34. *Masa común*

1. A finalidade dos predios integrantes da masa común será a compensación derivada da estimación das reclamacións de superficie e das resolucións dos recursos.

2. Os predios que conforman a masa común dunha zona, unha vez declarado firme o acordo, permanecerán adscritos á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, durante o prazo dun ano, contado a partir da citada declaración de firmeza.

3. Durante o prazo en que os predios da masa común permanezan adscritos á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, estes estarán destinados á corrección dos erros detectados no procedemento, quedando reflectida a súa adxudicación, de ser o caso, na correspondente acta complementaria á acta de reorganización da propiedade.

4. Transcorrido o prazo indicado nos puntos anteriores, os predios integrantes da masa común que a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia cualifique como de aptos para os seus fins pasarán a ser de titularidade desta, e a dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria autorizará a correspondente acta complementaria que servirá de base para a súa inscrición rexistral a favor da referida entidade xestora.

5. Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, e dentro dun período dun ano, o Banco de Terras de Galicia poñerá os predios á disposición das persoas titulares das explotacións agrarias integradas dentro do Plan especial de predios de especial vocación agraria. Durante este período de tempo, as ditas explotacións gozarán sobre elas dun dereito preferente de arrendamento ou adquisición para a incorporación ás súas explotacións, logo do cal deberán someterse aos criterios de concorrencia que delimite a normativa establecida para a xestión do Banco de Terras de Galicia.

6. A entidade xestora do Banco de Terras constituirá cos predios sinalados no número 4 e con aqueles que xa forman parte do seu patrimonio un fondo para cada zona de reestruturación parcelaria, dotado cos beneficios obtidos da súa xestión, e con destino a melloras estruturais na zona. A forma de xestión dese fondo desenvolverase regulamentariamente.

7. A titularidade do resto dos bens e dos dereitos que constitúen a masa común corresponderá ao concello ou concellos en que se levou a cabo a reestruturación parcelaria. Os beneficios xerados pola xestión ou alleamento deses

predios reverterán en melloras estruturais para cada parroquia afectada pola zona de reestruturación parcelaria, proporcionalmente á superficie achegada por cada unha delas.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº2, de Substitución.

Débase substituír o texto do PUNTO 4 do artigo 34 polo seguinte:

Onde dí “...a favor da referida entidade xestora...” substituírase por “... a favor da parroquia. Mentres non se cumpran as previsións estatutarias de dotar de personalidade xurídica as parroquias, a inscrición rexistral farase a favor do concello correspondente pero como propiedade afectada para uso exclusivo da parroquia.”

O apartado 4 quedaría coa seguinte redacción:

4. Transcorrido o prazo indicado nos puntos anteriores, os predios integrantes da masa común que a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia cualifique como de aptos para os seus fins pasarán a ser de titularidade da parroquia ou parroquias na proporción das terras achegadas, e a dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria autorizará a correspondente acta complementaria que servirá de base para a súa inscrición rexistral a favor da parroquia. Mentres non se cumpran as previsións estatutarias de dotar de personalidade xurídica as parroquias, a inscrición rexistral farase a favor do concello correspondente pero como propiedade afectada para uso exclusivo da parroquia.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 35. *Aprobación e comunicación do acordo de reestruturación parcelaria*

1. Unha vez firmes as bases de reestruturación parcelaria, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural aprobará o acordo de reestruturación parcelaria, logo do informe non vinculante da xunta local de zona.

2. Unha vez aprobado o acordo, o servizo provincial competente procederá á súa exposición pública e notificación individual a cada titular mediante o correspondente boletín individual de predios de substitución, conforme o establecido no artigo 42.2 desta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº59, de Substitución.

Artigo 35. Substitución. Substituír o artigo polo seguinte:

“Artigo 35. Proxecto

A preparación do proxecto de concentración comezará mediante a apertura dun período dunha duración mínima dun mes, no cal os propietarios poden poñer de manifesto as súas preferencias, xustificadamente, sobre a localización dos predios de substitución, que en ningún caso terá carácter vinculante na redacción do proxecto.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº60, de Adición.

Artigo 35. Adición. Engadir un novo artigo 35.Bis

“Artigo 35 bis. Contido do proxecto

1. O proxecto constará dunha memoria na que se describan os datos xerais da zona, delimitación do perímetro de actuación e subperímetros se os houber.
 2. Deberá conter tamén as achegas dos propietarios, a determinación das superficies que se van distribuír e a determinación dos novos lotes de substitución.
 3. A este documento achegaránselle a relación de propietarios, as achegas reais dos propietarios segundo clases de bens e terras, o valor das terras incluídas, os resumos das atribucións do proxecto e a relación de atribucións por propietarios segundo o carácter dos bens, as cargas e as servidumes.
 4. Incluírase o plan de aproveitamento de cultivos e os planos onde se reflicta a antiga e a nova distribución de propiedades xunto co trazado de vías detallado e completo.”
-

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº61, de Adición.

Artigo 35. Adición. Engadir novo artigo

“Artigo 35 ter. Comunicación e alegacións ao proxecto

1. Para darlles máxima difusión aos resultados dos traballos, o servizo provincial correspondente fará entrega aos interesados dunha ficha de atribucións na que se relacionen os predios de substitución que correspondan a este propietario, figurando para cada un deles:

- a) Valor de acordo cos coeficientes establecidos para a clasificación das terras.
- b) Superficie total.
- c) Superficie por clases de terra.
- d) Carácter do ben

.2. Ademais, tamén figurará na ficha o resumo das achegas do propietario, a superficie total, a superficie por clases, o valor total e o valor reducido, consonte co reflectido nas bases definitivas, así como o valor monetarizado.

3. Así mesmo, o servizo provincial dispoñerá a apertura dun período de enquisa pública para que as persoas afectadas pola concentración poidan formular as alegacións que consideren oportunas, achegando a xustificación na que se fundamentan, e procederase a publicar mediante edictos insertos no taboleiro de anuncios dos concellos afectados, nos lugares de costume e no Diario Oficial de Galicia o desenvolvemento desta fase.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº62, de Adición.

Artigo 35. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 35 quater. Deducións

1. As achegas de terras polos participantes nos procesos de reforma das estruturas estarán suxeitas a unha dedución máxima do 12 % do valor en puntos.
 2. O obxecto de tal dedución destinarase a proporcionar os terreos necesarios para o trazado da rede de vías agropecuarias e construción de infraestruturas, así como a constitución das masas comúns da zona.
 3. A finalidade das masas comúns de terras será, como destino prioritario, a corrección de erros manifestos dos que deriven prexuízos para as persoas afectadas polo proceso.
 4. Transcorrido un ano desde que o acordo de concentración sexa firme, os fondos restantes pasarán a incorporarse ao Banco de Terras de Galicia, sen prexuízo da adxudicación de predios integrantes del que se realice por decisión do órgano competente en materia de agricultura, a consecuencia de actas complementarias ou de rectificación da de reorganización da propiedade.”
-

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº63, de Adición.

Artigo 35. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 35 quinquis. Contía e tipo de deducións

1. Nos procesos de concentración parcelaria ou polígonos agrarios de concentración, as deducións serán as seguintes:

a) Adxudicatarios dun único predio de substitución: ata un 6 % do valor en puntos.

b) Adxudicatarios de dous ou máis predios de substitución: ata un 2 % de desconto por cada predio, agás o primeiro.

As masas comúns que se adxudiquen para corrección de erros non serán contabilizadas para estes efectos.

2. Nos procesos de polígonos agrarios de asociación ou de reconcentración, ata un 6 % do valor en puntos.

3. Nos procesos de poligonación da superficie forestal, non se practicarán deducións.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 36. *Recursos contra o acordo de reestruturación parcelaria*

1. No prazo dun mes contado desde o día seguinte á data de recepción da notificación, quen teña un dereito subxectivo ou un interese directo, persoal e lexítimo no asunto que o motive poderá interpoñer recurso de alzada contra o acordo de reestruturación parcelaria ante a persoa titular da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.
2. Constitúen exclusivamente materia de recurso de alzada contra o acordo as reclamacións relativas ao valor, clase de terra e situación dos predios de substitución atribuídos, respecto dos terreos achegados. Expresamente, non serán motivo de recurso de alzada contra o acordo de reestruturación parcelaria os referentes á titularidade e á clasificación das parcelas de achega ou calquera outra materia que constitúa as bases de reestruturación parcelaria.
3. Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso de alzada sen que recaese resolución expresa, este entenderase desestimado por silencio administrativo.
4. Esgotada a vía administrativa, caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, que só será admisible por vicio substancial no procedemento ou por defecto na apreciación do valor dos predios de substitución, e só no caso en que a diferenza entre o valor en puntuación, segundo criterios edafolóxicos e produtivos, das parcelas achegadas pola persoa recorrente e as recibidas no acordo supoña, cando menos, un prexuízo da sexta parte do valor das primeiras, unha vez efectuadas as deducións legalmente establecidas.
5. A resolución do recurso contencioso-administrativo executarase, no posible, de maneira que non implique prexuízo para a reestruturación parcelaria.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº64, de Substitución.

Artigo 36. Substitución. Substituír o artigo polo seguinte:

“Artigo 36. Acordo

O contido do acordo será o mesmo que o do proxecto, ben que neste tamén se teñen que integrar a resolución das alegacións presentadas ao proxecto, coas modificacións que procedan en virtude destas.”



EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº65, de Adición.

Artigo 36. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 36 bis. Comunicación e impugnación do acordo

1. O acordo de reforma das estruturas agrarias será aprobado pola persoa titular da dirección xeral competente na materia, co informe favorable da xunta local.

2. Unha vez aprobado o acordo pola dirección xeral, procederase á exposición pública deste, notificándose individualmente a todos os propietarios afectados dos que se coñeza o seu enderezo ou, no caso contrario, a través de publicación no Diario Oficial de Galicia. Na notificación individual farase constar que as resolucións das alegacións formuladas foron resoltas coa aprobación do acordo, onde figura a solución que se lle deu a cada unha e se xuntará unha ficha de atribucións semellante a do proxecto.

3. No prazo de trinta días naturais seguintes á publicación ou notificación poderá interpoñerse recurso de alzada fronte ao acto aprobatorio do acordo.

O acordo de concentración só poderá ser impugnado en alzada de se infrinxiren as formalidades prescritas para a súa elaboración e publicación ou se non se axusta ás bases definitivas.

A persoa titular da consellaría competente en materia de agricultura resolverá os recursos, dos que previamente se informará á xunta local, sempre que non se decretase a caducidade do procedemento.

4. Esgotada a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, que só será admisible por vicio substancial no procedemento e por eiva na apreciación do valor dos predios, sempre que a diferenza entre o valor das parcelas achegadas polo recorrente e as recibidas despois da concentración supoña, cando menos, prexuízo da sexta parte do valor das primeiras.

5. A parte resolutiva do recurso contencioso-administrativo executarase, no posible, de xeito que non implique prexuízo para a concentración.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº66, de Adición.

Artigo 36. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 36 ter. Viabilidade da continuidade

1. Á vista do número e do contido dos recursos interpostos fronte ao acordo e da superficie afectada por eles, así como dos informes e modificacións propostas, do grao de concentración obtido e da compatibilidade co estudo ou a declaración de impacto ambiental, a dirección xeral procederá a emitir resolución acerca da viabilidade da continuidade do proceso de concentración iniciado, podendo requirir, previamente informe ao servizo provincial, ao concello e á propia xunta local.

2. No caso de que se considere inviable a execución da reforma das estruturas agrarias, procederase a ditar decreto de caducidade do procedemento, o cal será publicado no Diario Oficial de Galicia.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº67, de Adición.

Artigo 36. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 36 quater. Construción de vías e toma de posesión

1. No caso de resolución favorable á continuidade do proceso, levarase a cabo a execución material da rede de vías agropecuarias e demais infraestruturas reflectidas neste.

2. Executada a rede viaria, procederase á marcaxe dos novos predios de substitución e darase a toma de posesión dos novos predios, podendo procederse á compulsión directa en relación con aqueles que se resistan.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 37. *Toma de posesión provisional e reclamacións de superficie*

1. Unha vez transcorrido o prazo para a presentación de recurso de alzada contra o acordo de reestruturación parcelaria, e sempre que o número dos ditos recursos presentados e pendentes de resolución non exceda un 6 % das persoas titulares da zona, a dirección xeral competente en desenvolvemento rural dará a toma de posesión provisional dos novos predios de substitución ás persoas adxudicatarias, logo da implantación destes, sen prexuízo das rectificacións que procedan como consecuencia da estimación dos recursos de alzada ou peticións presentadas.

2. Dentro dos dous meses seguintes á data en que se notifique a posta á disposición dos predios de substitución ás persoas titulares adxudicatarias para que tomen posesión deles, poderase reclamar, xuntando unha medición pericial asinada por persoa técnica competente, sobre diferenzas de superficie superiores a unha marxe de tolerancia variable entre a medición *in situ* do predio de substitución sobre o que se reclame e a que conste no boletín de atribucións dos novos predios.

A marxe de tolerancia, expresada en tanto por cento, a que se refire o parágrafo anterior será en cada caso a que reflicte a seguinte táboa:

Superficie do predio en m² (S)	Marxe de tolerancia en %
$S < 500$	$10 \times P / S$
$500 \leq S < 5.000$	$0,02 \times P$
$S \geq 5.000$	$100 \times P / S$

sendo P o perímetro do recinto expresado en metros lineais, e S, a superficie da parcela expresada en metros cadrados.

Cando a marxe calculada pola táboa anterior amose un valor superior ao 10 %, adoptarase como marxe de tolerancia un 10 %.

3. Se a reclamación é estimada, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá, segundo as circunstancias, rectificar o acordo ou compensar a persoa reclamante con cargo á superficie procedente da masa común, outorgándolle exactamente o valor en puntuación que resulte da resolución.
4. A falta de superficie detectada nun predio de substitución atribuído a un titular non dará lugar a compensación cando exista exceso de superficie no conxunto dos predios de substitución atribuídos a el, e esta sexa suficiente para compensar en valor de puntuación o conxunto das atribucións, todo iso sen prexuízo de que se fagan constar na documentación as superficies reais dos predios de substitución afectados.
5. Cando a falta de superficie a que fai referencia o punto anterior sexa detectada nun predio de substitución clasificado total ou parcialmente como de núcleo rural, a compensación levarase a cabo sobre predios de substitución desa mesma clasificación. No caso de non existiren predios de substitución deste tipo dispoñibles e existir exceso de superficie nos outros predios da mesma persoa propietaria, a compensación farase sobre estes últimos.
6. No caso de que un predio de substitución coincida exactamente na súa delimitación cartográfica cunha parcela achegada pola mesma persoa titular, non se admitirá ningunha reclamación por defecto de superficie nese predio de substitución, ao se entender que a dita reclamación tería que ser presentada e, de ser o caso, resolta durante a fase de bases de reestruturación parcelaria, todo iso sen prexuízo de reflectir na documentación das bases e do acordo a superficie real.
7. O acordo de reestruturación parcelaria poderá executarse, logo do apercibimento persoal por escrito, mediante compulsión directa sobre aquelas persoas que se resistan a permitir a realización das actuacións necesarias para dar a toma de posesión provisional ou definitiva dos predios de substitución, sen prexuízo das sancións que se poidan impoñer de acordo co disposto no título X desta lei.
8. Recibida a notificación da toma de posesión provisional ou definitiva dos predios de substitución, por calquera medio que faga fe, as novas persoas titulares gozarán fronte a terceiros dos medios de defensa legalmente establecidos.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº68, de Substitución.

Artigo 37. Substitución. Substituír o artigo polo seguinte:

“Artigo 37. Defectos de cabida

Dentro dos sesenta días naturais seguintes á data na que os predios de substitución se poñan á disposición dos participantes para que tomen posesión deles, os interesados poderán reclamar, acompañando ditame pericial, sobre diferenzas superiores ao 2 % entre a cabida real dos novos predios e a que conste na ficha de atribucións. Se a reclamación é estimada, a dirección xeral poderá, segundo as circunstancias, rectificar o acordo, compensar o reclamante con cargo á masa común ou, se isto último non é posible, indemnizalo en metálico conforme o valor monetarizado actualizado, de haber mutuo acordo. De non haber acordo, calquera das partes poderá achegar taxación pericial contraditoria e mesmo someterse a ditame do Xurado de Expropiación de Galicia.

Nos casos de poligonación da zona forestal e, en xeral, nos casos en que a parcela de achega e o predio de substitución sexa o mesmo, non procederá reclamación por defecto de cabida nin modificación da cota de participación recoñecida nas bases definitivas firmes.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 38. Firmeza do acordo de reestruturación parcelaria e toma de posesión definitiva

Unha vez resoltos os recursos de alzada interpostos, as reclamacións de superficie e as modificacións a que fai referencia o artigo 41, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural declarará a firmeza do acordo de reestruturación parcelaria e a toma de posesión definitiva, logo da solicitude do servizo provincial competente.

A data da referida firmeza será comunicada ás notarías e ao rexistro da propiedade correspondente por razón do territorio e á Dirección Xeral do Catastro, aos cales se lles remitirá copia da documentación resultante da reestruturación da propiedade.

O acordo de reestruturación parcelaria será comunicado ao concello ou concellos afectados para a incorporación ás súas normas urbanísticas.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº69, de Supresión.

Artigo 38. Supresión.
Suprimir o artigo 38.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 39. *Acta de reorganización da propiedade*

1. A aprobación, pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, da acta de reorganización da propiedade supoñerá o remate do proceso de reestruturación parcelaria.

Na acta de reorganización da propiedade relaciónanse e descríbense os dereitos reais e as situacións xurídicas que se determinaron no período de investigación e os predios de substitución sobre os que se establecen, así como os novos dereitos reais que se constitúan.

2. A acta de reorganización da propiedade será obxecto de protocolización notarial e inmatriculación rexistral por instancia da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

Todo o anterior, sen prexuízo da aprobación, por parte da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, das modificacións da acta de reorganización da propiedade que correspondan como consecuencia da rectificación de erros, execución de sentenzas ou recoñecementos de titularidade que procedan, sendo documento suficiente para a súa inscrición rexistral a acta de rectificación ou complementaria da de reorganización da propiedade, debidamente protocolizada notarialmente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº70, de Substitución.

Artigo 39. Substitución. Substituír o artigo polo seguinte:

“Artigo 39. *Acta de reorganización da propiedade*

1. Resoltas as reclamacións de falta de cabida dos predios de substitución, a dirección xeral correspondente ditará resolución de firmeza de acordo de reforma das estruturas agrarias e autorizará a acta de reorganización da propiedade, na que se relacionarán e describirán, para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, os dereitos reais e as situacións xurídicas que fosen determinados no período de investigación e o predio sobre o que se establezan, así como os novos dereitos reais que se constitúan nos novos predios de substitución.

2. A acta de reorganización da propiedade protocolizaráa o notario que formase parte da xunta local ou o seu substituto, e as copias parciais que expida servirán de título de dominio aos participantes da concentración.”



EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº71, de Adición.

Artigo 39. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 39 bis. Inscricións

1. Corresponde á consellaría competente en materia de agricultura promover a inscrición dos ditos títulos no Rexistro da Propiedade.

2. Unha vez inscritos os títulos de propiedade dos predios de substitución, procederase á súa inmediata entrega aos propietarios. “

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 40. Os solos de núcleo rural no proceso de reestruturación parcelaria

1. A inclusión no proceso de reestruturación parcelaria dun núcleo rural común requirirá a solicitude previa e expresa, por parte do concello afectado, á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

2. No caso de núcleos rurais clasificados urbanisticamente como de carácter histórico-tradicional ou figura análoga, a súa inclusión no proceso de reestruturación parcelaria só se poderá levar a cabo, logo da solicitude do concello correspondente, a través dun plan especial de protección redactado conforme o que a normativa urbanística determine. O devandito plan será elaborado pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e será tramitado polo concello afectado.

3. O conxunto dos solos clasificados como de núcleo rural será considerado como un subperímetro e as operacións técnicas de reestruturación serán desenvolvidas de forma independente do resto da zona, sen que poida existir intercambio de superficies entre un e outra, agás por petición expresa das persoas titulares que soliciten que as súas atribucións se produzan fóra do devandito subperímetro.

4. Os solos obxecto da reestruturación parcelaria manterán inalteradas as súas clasificacións e cualificacións urbanísticas.

5. No caso dos solos cualificados como rústicos poderán establecerse, durante a elaboración das bases, réximes especiais de protección segundo o ditado polo departamento sectorial competente e a normativa vixente do solo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº21, de Supresión.

Débese suprimir o artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 41. *Tramitación da documentación*

1. A presentación da documentación acreditativa da titularidade de parcelas de achega admitirase a trámite antes da aprobación das bases de reestruturación e durante as datas fixadas previamente polo servizo provincial competente, que serán notificadas ás persoas titulares con quince días naturais de antelación mediante avisos inseridos conforme o disposto no artigo 42.1. A fixación dos prazos de tramitación determinarase regulamentariamente.

2. Calquera outra reclamación relativa aos dereitos e demais situacións xurídicas sobre parcelas de achega non quedará prexudicada pola firmeza das bases de reestruturación parcelaria, pero só se poderá facer efectiva pola vía xudicial ordinaria sobre as ditas parcelas ou, no caso de estar aprobado o acordo, **sobre os predios de substitución** adxudicados a quen nas bases apareza como titular das parcelas de achega obxecto da reclamación.

3. Aprobadas as bases e unha vez transcorrido o período a que fai referencia o número 7 do artigo 27, só serán tramitadas solicitudes de cambio de titularidade de parcelas de achega ata o momento da aprobación do acordo e cando ese cambio afecte a totalidade das parcelas achegadas por unha persoa titular e a transmisión se faga integramente a outra, coa excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes, que serán tramitadas en calquera caso. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

No caso de falecemento dun titular e cando exista partición da herdanza, tramitarase o cambio de titularidade ata a firmeza do acordo, sempre e cando esta partición afecte **predios de substitución** íntegros. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

4. Aprobado o acordo de reestruturación parcelaria, só serán tramitadas as modificacións derivadas das reclamacións por falta de superficie, das resolucións de recursos de alzada, dos cambios de titularidade referidos no punto anterior e de recoñecemento de titularidade de parcelas sen dono coñecido.

5. Dentro do prazo de dous meses a partir do día seguinte da data de recepción da notificación de aprobación do acordo, poderanse solicitar permutas e modificacións voluntarias de predios de substitución atribuídos baixo os seguintes condicionantes:

- a) Que o resultado da permuta ou da modificación de estremas non afecte a configuración de terceiros predios de substitución.
- b) As permutas só poderán ser levadas a cabo se os predios de substitución son de similar valor, entendendo por tal diferenzas entre eles inferiores ao 10 % de valor en puntuación.
- c) Unha vez solicitada a permuta ou modificación de estremas polos seus titulares e aprobada nos seus propios termos pola dirección xeral competente, esta será irrevogable e non poderá ser obxecto de reclamación nin recurso ningún.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO IV

Publicacións e comunicacións

Artigo 42. *Comunicacións e avisos ás persoas interesadas*

1. Os avisos inherentes ás actuacións propias do proceso de reestruturación parcelaria serán obxecto de exposición por un período de oito días no taboleiro de anuncios do concello ou concellos afectados e nos lugares de costume da parroquia ou parroquias **en que radique a zona de reestruturación**, segundo o caso, para xeral coñecemento, así como na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

2. A aprobación das bases e do acordo de reestruturación parcelaria será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, por un período de oito días no taboleiro de anuncios do concello ou concellos de que se trate e nos lugares de costume da parroquia ou parroquias en que radique a zona, sen prexuízo da súa notificación individual ás persoas interesadas levada a cabo por calquera medio que deixe evidencia documental da súa realización, preferentemente de modo telemático, así como na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

3. No caso de que, intentada a notificación ao interesado, esta non sexa posible, substituirase por aviso publicado no *Diario Oficial de Galicia* no que se fará constar a vía de acceso á documentación do acto comunicado, así como a indicación do prazo para a interposición do recurso de alzada, que nestes casos comezará a contar a partir do día seguinte da data da publicación do referido aviso.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 43. *Protección de datos de carácter persoal*

1. En todos os casos, o sistema de notificación deberá ser realizado de xeito que respecte a privacidade dos datos, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ou normativa que a substitúa.
2. Nos casos relativos á información achegada polas persoas titulares ou polas súas representantes necesaria para o desenvolvemento do proceso, e especialmente na referida á investigación da propiedade e ao procedemento de petición de novos predios de substitución, os formularios para a presentación de documentación incluírán explicitamente a autorización á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, e ás persoas físicas ou xurídicas ás que esta autorice, para o manexo e publicación dos datos co fin exclusivo de servir de soporte ao procedemento.
3. Regulamentariamente desenvolveranse os protocolos de protección de datos relativos ao manexo e custodia da información por parte das empresas contratadas para a execución dos traballos de concentración, ao compromiso de confidencialidade, aos procedementos de intercambio de información segura entre estas e a Administración e á entrega da totalidade da documentación manexada unha vez finalizado o contrato obxecto de utilización desta.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 44. Xestión electrónica

Regulamentariamente desenvolverase un procedemento de xestión electrónica da totalidade do procedemento de reestruturación parcelaria, polo que as persoas titulares poidan realizar as achegas de documentación acreditativa, comprobar a documentación completa do expediente no que a eles lles atinxa, recibir información sobre o estado do procedemento, recibir as notificacións e presentar alegacións e recursos de alzada na fase correspondente. Este procedemento deberá garantir efectivamente o dereito á privacidade dos datos de carácter persoal.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº72, de Adición.

Artigo 44. Adición. Engadir un novo artigo:

“Artigo 44. Bis. Concentración parcelaria:

1. Nas zonas onde se reformen as estruturas agrarias mediante procesos de concentración parcelaria, deberase:

a) Adxudicarlle a cada propietario, na medida do posible, en couto redondo ou no menor número de predios de substitución, unha superficie coas menores diferenzas en extensión e en clase cos que achegou, deducidas as reducións previstas nesta lei.

b) Adxudicar contiguos, na medida do posible, todos os predios integrados nunha mesma explotación, sexan levados en propiedade, en arrendo, en parzaría ou noutras formas de tenza.

2. Para estes efectos, realizando as compensacións que resulten necesarias, e polos medios que se establecen nesta lei, procurarase:

a) Situar os novos predios de xeito que poidan ser atendidos da mellor maneira desde o lugar onde radique a casa de labor, a vivenda do interesado ou o seu predio máis importante.

b) Darlles ós novos predios acceso directo ás vías de comunicación, para o que se establecerá a rede viaria necesaria.

c) Cumprir as regras ou condicións fundadas en características obxectivas da zona ou en criterios realizados polos solicitantes, formulados como condicionantes da propia solicitude de concentración.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº73, de Adición.

Artigo 44. Adición. Engadir un novo artigo:

“Artigo 44 ter. Criterios de adxudicación

O predio ou predios de substitución que se van atribuír aos propietarios afectados serán os que resulten da aplicación pola orde indicada e debidamente acreditada dos seguintes criterios:

- a) Compromiso de manter o predio en produción pola persoa titular, segundo a súa vocación agraria, por un período non inferior a dez anos desde a firmeza do acordo.
 - b) Compromiso de incorporar o predio ao Banco de Terras por un período non inferior a dez anos desde a firmeza do acordo, permitindo o seu arrendamento para usos agrarios.
 - c) Compromiso de manter o predio en produción por cesión a persoa distinta do titular, segundo a súa vocación agraria, por un período non inferior a dez anos desde a firmeza do acordo.
 - d) Actividade agraria acreditada do titular.
 - e) Distribución das achegas dos propietarios individuais ou da explotación.
 - f) Existencia de melloras de importancia presentes nas achegas.
 - g) Resultado da enquisa de preferencias.”
-

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº74, de Adición.

Artigo 44. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 44 quater. Poligonación da superficie forestal

Nas zonas onde se reformen as estruturas agrarias mediante procesos de poligonación da superficie forestal, unha vez firmes as bases, procederase á delimitación de zonas mediante polígonos pechados de entidade suficiente para constituír unidades de xestión forestal.

Nestes polígonos permanecerá invariable o parcelario e as trazas do viario existente, debendo coincidir a parcela de achega co predio de substitución, a menos que, por permutas realizadas entre particulares ou calquera outro tipo de transacción, se poida producir reagrupamento.

Nestas zonas, durante o proceso, calquera tipo de negocio xurídico que implique reorganización da propiedade con resultado do incremento da superficie media das parcelas, de estar autorizado pola dirección xeral competente en materia de estruturas agrarias, estará exento de tributación polo imposto de transmisións patrimoniais e de actos xurídicos documentados.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº75, de Adición.

Artigo 44. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 44 quinquis. Reconcentración parcelaria

1. Cando, como consecuencia de cambios experimentados nas explotacións agrarias ou na infraestrutura dunha zona xa concentrada, se considere que poden mellorarse substancialmente as estruturas mediante unha nova concentración delas, a consellaría competente en materia de agricultura queda facultada para promovela, logo do informe do concello ou da delegación provincial correspondente, observándose, en canto á solicitude e procedemento, o disposto nesta lei.

2. A zona obxecto de nova concentración poderá comprender dous ou máis zonas ou parroquias xa concentradas, ou parte delas, podendo incluírse, de se xulgar conveniente, sectores ou parcelas anteriormente excluídas.

3. En canto ao proceso de reparcelación e aos criterios de adxudicación, haberá que aterse ao indicado para os casos de concentración parcelaria.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº76, de Adición.

Artigo 44. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 44 sexies. Polígonos agrarios de concentración

Nas zonas onde se reformen as estruturas agrarias mediante procesos de desenvolvemento de polígonos agrarios de concentración, procurarase o reagrupamento das parcelas de achega no menor número posible de predios de substitución.

O servizo provincial correspondente delimitará o perímetro de actuación en función das características agronómicas, topográficas e orográficas, na procura de que os límites queden definidos por elementos naturais ou artificiais singulares, así como a proposta das zonas que se vaian excluír polas causas que razoadamente se indiquen.

En canto ao proceso de reparcelación e aos criterios de adxudicación, haberá que aterse ao indicado para os casos de concentración parcelaria.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº77, de Adición.

Artigo 44. Adición. Engadir novo artigo

“Artigo 44 septies. Polígonos agrarios de asociación

Nas zonas onde se reformen as estruturas agrarias mediante procesos de desenvolvemento de polígonos agrarios de asociación, tentarase a incorporación da maior superficie posible nos predios de substitución de titularidade societaria.

A cota de participación será proporcional ao valor monetarizado da achega fixado nas bases definitivas firmes, e a transacción das cotas ou títulos levará implícita a subrogación en quen as posúa de todo o establecido nos estatutos da sociedade, e nos dereitos, obrigas e responsabilidades dela.

Os propietarios dos predios restantes que non se incorporen á sociedade, cuxa superficie non poderá exceder o 25 % da zona de actuación delimitada, poderán optar por:

a) Incorporarse á sociedade coa cota de participación que lles corresponda, en función da valoración da súa achega, antes da firmeza das bases definitivas.

b) Transmitir a súa propiedade á sociedade, sendo indemnizado polo valor de taxación dos predios que efectúe o Banco de Terras, no caso de mutuo acordo. De non haber acordo, calquera das partes poderá achegar taxación pericial contraditoria e mesmo someterse a ditame do Xurado de Expropiación de Galiza.

c) Acceder a un predio de substitución de valor non inferior ao de achega, na zona que determine o acordo de reforma.

d) O propietario que, en conxunto, non achegue o valor mínimo para que o predio de substitución acade a unidade mínima de cultivo deberá optar indefectiblemente polas opcións a) ou b).”

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO III.

A reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria
polas persoas particulares

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº78, de Modificación.

Modificación da denominación do Título III polo seguinte:
“TÍTULO III. PROCEDIMENTOS ORDINARIOS, ESPECIAIS E
SIMPLIFICADOS”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 45. Iniciativa

1. Para levar a cabo a reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares, estas deberán constituírse nunha agrupación con personalidade xurídica que teña como finalidade a reestruturación parcelaria para a totalidade das súas parcelas incluídas na zona, co compromiso explícito da aceptación da reestruturación tal como se leve a efecto. A constitución efectiva desa agrupación poderá diferirse ata a aprobación do inicio do proceso por parte da consellaría competente na materia, e ata entón abondará co correspondente compromiso asinado por todas as persoas titulares partícipes.

2. As persoas representantes da agrupación solicitaranlle á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural a realización do procedemento de avaliación sinalado no artigo 7 desta lei, para o cal achegarán a documentación que xustifique o cumprimento dos requisitos recollidos no artigo 46.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 46. *Requisitos mínimos*

Para a solicitude de iniciación do proceso, a agrupación deberá definir a delimitación cartográfica do perímetro de reestruturación e as áreas excluídas do proceso. Dentro do perímetro será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) A agrupación deberá estar constituída por un mínimo de tres titulares de predios de vocación agraria.
 - b) A superficie afectada polo proceso será, como mínimo, de tres hectáreas se a totalidade das terras que se van reordenar van ser utilizadas para cultivos de horta, viñedo ou cultivos intensivos, e de vinte hectáreas para todo tipo de orientacións, cun máximo de terras clasificadas como terreo forestal do 25 %.
- Se a porcentaxe de terreo forestal é superior, a superficie mínima será de sesenta hectáreas. De non ser así, deberá segregarse a superficie forestal, que será sometida ao procedemento sinalado no artigo 47, no caso de cumprir cos requisitos mínimos establecidos neste.
- c) Deberase acreditar na solicitude o dominio das terras correspondentes a cada partícipe da agrupación.
 - d) A superficie constituída polos enclaves das persoas titulares alleas á agrupación non poderá superar o 10 % do conxunto das terras incluídas no perímetro.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado d), de Supresión.

Supresión do artigo 46. d).

Debe suprimirse.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 47. *Reestruturación de predios de natureza forestal*

1. As agrupacións con destino ao aproveitamento forestal deberán cumprir, ademais dos requisitos recollidos no artigo anterior, os seguintes:

- a) A superficie mínima será de 15 hectáreas, formada por un máximo de tres unidades de superficie en couto redondo, cada unha delas cun 25 %, como mínimo, da superficie total.
- b) A superficie das parcelas propiedade de terceiros incluídas en cada unidade de superficie que se vaia reestruturar non será superior ao 25 % do total.
- c) A xestión e o aproveitamento en común das parcelas de forma sustentable e viable, concretada nos aproveitamentos forestais.

2. Na realización do procedemento de avaliación da reestruturación de predios de natureza forestal contarase co preceptivo informe da dirección xeral competente en materia de montes, que deberá ser emitido no prazo dun mes desde a recepción da solicitude, co obxecto de constatar que o proxecto de reestruturación se adecúa ao documento de planificación que a dita dirección xeral establece para este tipo de terreos. Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior sen que se emitise o citado informe, deixarase constancia deste aspecto no expediente, e continuarase, sen máis, coa tramitación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº22, de Supresión.

Débese suprimir o artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 48. *Tramitación*

1. Comprobado o cumprimento dos obxectivos xerais conforme o disposto no artigo 7 desta lei, así como os requisitos establecidos nos artigos 46 e 47, o servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural redactará o preceptivo documento ambiental, que será remitido ao órgano competente co fin de que este realice a tramitación establecida na normativa de avaliación ambiental.

Unha vez finalizado o trámite ambiental que lle corresponda e á vista dos resultados, o antedito servizo provincial emitirá informe dirixido á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, no cal analizará a viabilidade da execución do proceso de reestruturación, propoñendo a aceptación ou denegación da solicitude de reestruturación.

Á vista deste, a citada dirección xeral comunicará o resultado do informe ás persoas solicitantes para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á data de recepción da notificación, de ser o caso, aleguen o que consideren oportuno.

2. No caso de que a proposta sexa de aceptación da solicitude de reestruturación e que os peticionarios manifesten a súa vontade de continuidade do proceso, a dirección xeral competente en desenvolvemento rural dirixirase aos órganos das administracións autonómica, central e local que se poidan ver afectados por razón das súas competencias polo proceso, co obxecto de recadar, nun prazo máximo de tres meses, a información necesaria, coñecer a existencia de plans ou actuacións específicas sobre a zona que poidan afectar a delimitación do perímetro ou a execución do procedemento e, en xeral, calquera outra incidencia que deba ser reflectida no expediente.

3. Completados os trámites dos puntos anteriores, por proposta da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, mediante orde da consellaría, autorizarase a execución do proceso de reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.

4. Contra esta orde, as persoas propietarias e titulares de dereitos e situacións xurídicas alleas á agrupación e afectadas polo proceso poderán presentar recurso de alzada ante a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 49. *Efectos do proceso*

1. Unha vez publicada a orde que se sinala no número 3 do artigo 48, a reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares será obrigatoria para todas as persoas titulares afectadas, sexan persoas propietarias ou titulares de dereitos e situacións xurídicas sobre terreos comprendidos dentro do perímetro aprobado; quedarán subrogados en todos os dereitos e obrigas da persoa transmitinte ou causante os adquirentes, a título oneroso ou lucrativo, de terras afectadas polo proceso.

2. O proceso respectará os dereitos das persoas propietarias e titulares de dereitos e situacións xurídicas alleas á agrupación. De non existir aceptación expresa dos lotes de substitución por parte destas persoas, deberase garantir que os predios de substitución resultantes da reordenación manteñan no seu conxunto, cando menos, a mesma superficie e valor que as parcelas achegadas, e na reordenación poderán ser localizadas nas áreas periféricas do perímetro.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 50. Execución dos traballos técnicos

1. O procedemento de execución dos traballos técnicos responderá estritamente ao exposto no título II, en todo o que lle sexa aplicable.
2. A documentación que debe entregar a agrupación será a incluída nos artigos 20, 22 e 29 desta lei, á cal se lle engadirá o borrador da acta de reorganización da propiedade e os proxectos correspondentes ao plan de obras.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 51. Aprobación

1. Unha vez recibida a documentación a que fai referencia o número 2 do artigo anterior, e aceptada expresamente por todos os membros da agrupación, esta será revisada polo servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria, que poderá solicitar da agrupación, por unha única vez, as modificacións da documentación que se consideren pertinentes. Á vista destas, o servizo provincial propoñerá á dirección xeral competente a súa aceptación ou rexeitamento.

2. Unha vez aceptada a referida documentación polo servizo provincial, a dirección xeral competente en desenvolvemento rural, logo do informe do citado servizo, resolverá aprobando ou rexeitando a reestruturación, o que non será susceptible de recurso.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓ:

Artigo 52. *Financiamento*

1. Correspóndelle á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural o aboamento, total ou parcial, dos gastos correspondentes ao proceso de reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.

2. A consellaría poderá establecer un sistema de pagamentos parciais ou anticipos dos devanditos gastos conforme co efectivamente executado, segundo o procedemento que se desenvolverá regulamentariamente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº15, ao apartado 1, de Modificación.

Modificación do artigo 52.1).

Onde di:" Correspóndelle á consellería competente en materia de desenvolvemento rural o aboamento, total ou parcial, dos gastos...", debe dicir:"Correspóndelle á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural o aboamento da totalidade dos gastos...."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº23, ao apartado 2 bis), de Adición.

Débese engadir un punto co seguinte texto:

"3. A consellaría competente en materia de medio rural deberá entregar á xunta local e á xunta de propietarios o compromiso de suficiencia orzamentaria para cumprir os prazos determinados."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 53. *Responsabilidades da agrupación*

1. A agrupación responderá dos danos e perdas ocasionados a terceiros como consecuencia das súas actuacións no procedemento.
2. A agrupación devolverá os pagamentos parciais ou anticipos realizados a ela nos casos seguintes:
 - a) Non facer entrega en tempo e forma dos documentos sinalados no artigo 50.
 - b) Que a documentación sexa rexeitada pola dirección xeral conforme o sinalado no artigo 51.
 - c) Que careza do acordo expreso dos membros da agrupación segundo o sinalado no artigo 51.1.
3. A disolución da agrupación non exime os seus membros das responsabilidades en que aquela incorrese como consecuencia do disposto neste artigo, conforme o sinalado no artigo 95.
4. As obrigas recollidas no artigo 12 desta lei seranlles aplicables aos procesos de reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares. O seu incumprimento dará lugar á imposición das sancións que se determinan no título X desta lei, todo isto sen prexuízo de que, no caso do incumprimento dos supostos recollidos nas alíneas b) e c) do número 2, a persoa causante deba aboar os custos da reestruturación segundo se estableza regulamentariamente.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº24, de Adición.

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 53 bis. Responsabilidades da Xunta de Galicia

Cumprir cos compromisos de dotación de suficientes recursos orzamentarios e humanos para executar os traballos nos prazos establecidos no proceso de reestruturación parcelaria."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 54. Procedemento simplificado

Para todos aqueles casos en que non se acaden os requisitos de superficie mínima establecidos nos artigos 46 e 47, a consellaría responsable en materia de desenvolvemento rural poderá iniciar a execución dun procedemento simplificado de reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares, que se rexerá polas normas contidas neste título, agás que non se levase a cabo o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria nin se executase o plan de obras.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO IV

Reestruturación da propiedade mediante permutas voluntarias

Artigo 55. *Das permutas*

Naqueles terreos non incluídos nos procesos de reestruturación sinalados nos títulos II e III, a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá incentivar a mellora da estrutura territorial agraria mediante permutas voluntarias de predios entre titulares de predios de vocación agraria.

A reestruturación mediante permutas voluntarias levarase a cabo a través do seu correspondente procedemento, distinguindo se se trata de permutas que impliquen ou non modificación na xeometría dos predios resultantes.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 56. *Reestruturación mediante permutas voluntarias sen modificación da xeometría dos predios resultantes*

1. Por petición dun mínimo de dúas persoas titulares, o servizo provincial competente ou a entidade xestora do Banco de Terras, segundo os criterios dispostos no artigo 9.1.e) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, poderá realizar os pertinentes traballos de índole técnica, asesoramento e arbitraje nun procedemento de permutas voluntarias sen modificación xeométrica dos predios resultantes, afectando unha ou varias parcelas por cada unha das persoas peticionarias, que deberán acreditar documentalmente a súa titularidade.

2. Nun principio, as parcelas obxecto de permuta deberán estar situadas na mesma parroquia ou en parroquias estremeiras, pertencen ou non estas ao mesmo concello. De non ser así, polo menos unha das parcelas deberá estremar con outra propiedade dunha das persoas titulares, de maneira que a permuta mellore obxectivamente a estrutura da súa explotación.

3. Cando a diferenza entre o conxunto de superficies achegadas por cada unha das persoas titulares implicadas no procedemento supere o 20 %, deberá contarse co informe da xefatura ou xefaturas territoriais correspondentes que xustifiquen a viabilidade técnico-económica da dita permuta, baixo o prisma da mellora obxectiva da estrutura da explotación.

4. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural establecerá, de ser o caso, liñas de axuda específicas de inmatriculación rexistral dos predios.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº25, ao apartado 4, de Supresión.

Débase suprimir a seguinte expresión:
"..., de ser o caso,"

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº3, ao apartado 4, de Substitución.

Débase substituír o PUNTO 4 do artigo 56 polo seguinte texto:

4. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural establecerá liñas de axuda específicas para cubrir o custo total da inmatriculación rexistral dos predios.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 57. *Reestruturación mediante permutas voluntarias con modificación xeométrica dos predios resultantes*

1. No caso de permutas voluntarias con modificación da xeometría dos predios resultantes, o servizo provincial competente, por petición de, como mínimo, dúas persoas titulares, poderá iniciar o procedemento de reestruturación, nas mesmas condicións que establece o número 1 do artigo anterior.

2. As persoas solicitantes deberán xuntar un anteproxecto de reestruturación das parcelas achegadas, que remitirán ao servizo provincial correspondente, o cal o dirixirá á dirección xeral competente xunto co informe motivado sobre a adecuación do citado anteproxecto aos obxectivos desta lei.

3. Se o anteproxecto se adecúa a estes obxectivos, as persoas solicitantes elaborarán o preceptivo proxecto técnico, para a súa tramitación pola dirección xeral competente, a cal emitirá resolución aprobatoria, se procede.

As permutas acollidas a este procedemento non precisarán de permisos nin licenzas de segregación ou agregación.

4. Se o anteproxecto non resulta conforme cos anteditos obxectivos, será devolto aos solicitantes, que, por unha soa vez, poderán introducir os cambios necesarios para que resulte adecuado. Se a pesar das modificacións introducidas persiste a súa falta de adaptación, a dirección xeral competente emitirá resolución denegatoria. Contra esta caberá interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.

5. Cando a diferenza entre o conxunto de superficies achegadas por cada unha das persoas titulares implicadas no procedemento supere o 20 %, deberase xuntar un estudo de clasificación das terras que xustifique a equivalencia substancial, en menos dun 20 %, entre os valores agronómicos do conxunto das parcelas afectadas de cada titular.

6. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural establecerá, de ser o caso, liñas de axuda específicas para a inmatriculación rexistral dos predios.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº26, ao apartado 6, de Supresión.

Débase suprimir a seguinte expresión:
"..., de ser o caso,"

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº4, ao apartado 6, de Substitución.

Débase substituír o PUNTO 6 do artigo 57 polo seguinte texto:

6. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural establecerá liñas de axuda específicas para cubrir o custo total da inmatriculación rexistral dos predios.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº16, ao apartado 6, de Modificación.

Modificación do artigo 57.6.

Onde di: "... establecerá, de ser o caso, liñas de axuda...", debe dicir: "... establecerá liñas de axuda..."

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO V

Procesos especiais

Artigo 58. *Procesos especiais de reestruturación parcelaria*

1. Poderase promover un proceso especial de reestruturación parcelaria cando, como consecuencia da existencia dun proxecto de execución dunha grande obra pública ou de explotación dun couto mineiro, o dito proceso contribúa a mitigar os efectos prexudiciais dese proxecto sobre a estrutura das explotacións agrarias existentes na zona afectada.

2. A entidade promotora de todo proxecto de execución dunha grande obra pública ou de explotación dun couto mineiro deberá presentar ante a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural a documentación cartográfica que delimite a extensión da área afectada directamente polo dito proxecto, así como a relación das parcelas implicadas, total ou parcialmente, a súa titularidade e as súas respectivas superficies.

3. Para que se leve a cabo a reestruturación parcelaria vinculada a unha grande obra ou explotación de couto mineiro, será necesario contar coa aceptación de polo menos o 70 % das persoas titulares de explotacións agrarias inscritas nos diferentes rexistros oficiais que recollen as explotacións agrarias de Galicia e con actividade na zona afectadas por aquela.

4. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá ordenarlle ao servizo provincial a realización dun estudo de determinación do perímetro obxectivamente afectado de forma directa ou indirecta polo proxecto, de acordo coas extremas naturais, xeográficas ou administrativas do conxunto de terras afectadas pola grande obra ou explotación do couto mineiro.

5. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, á vista da repercusión do proxecto sobre a estrutura das terras agrarias da zona definida no punto anterior, poderá ordenar, a través do servizo provincial de reestruturación parcelaria, a realización do estudo previo de iniciación sinalado no artigo 9 desta lei.

Os gastos producidos pola elaboración do citado estudo, así como os inherentes a todas as actuacións consecuencia del, serán aboados pola entidade promotora do proxecto.

6. As persoas titulares de explotacións agrarias a que fai referencia o número 3 deste artigo poderán escoller entre

percibir unha compensación económica pola superficie utilizada para a construción da infraestrutura ou incluír as súas achegas no proceso de reestruturación parcelaria, isto é, recibir outra superficie equivalente en termos produtivos, coas correspondencias, valores e procedementos que se establezan regulamentariamente.

7. Logo de que se produza o compromiso financeiro por parte do promotor do proxecto de execución, o Consello da Xunta poderá decretar a reestruturación parcelaria especial da zona da que se trate conforme o sinalado no artigo 10 desta lei.

7 bis. No caso de que se promova un proceso especial de reestruturación parcelaria, como consecuencia da existencia dun proxecto de execución dunha grande obra pública ou de explotación dun couto mineiro, non se comezará a execución das obras do dito proxecto ata que non exista un compromiso financeiro por parte do promotor.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº79, de Substitución.

Artigo 58. Substitución. Substituír o artigo polo seguinte:

“Artigo 58. Proxectos de obras públicas

Se a concentración se promove por existiren proxectos de obras públicas e outras de interese xeral, sempre que a través deste procedemento poida facilitarse a súa realización e a distribución máis equitativa dos seus efectos entre os implicados, observaranse as normas do procedemento simplificado, coas seguintes particularidades:

1. A entidade concesionaria da obra, por instancia da consellaría competente en materia de agricultura, determinará, con referencia a un plano, as parcelas ou aquela parte delas que ocupará a obra pública proxectada, con expresión detallada da superficie.

2. Logo do estudo, no cal se terán en conta o trazado e a superficie que vai ocupar a citada obra pública, a consellaría, se procede, realizará a concentración, e aprobará o decreto de reforma das estruturas agrarias, no que se determine o perímetro da zona e se expresen todos os gastos que aquela orixine. A redución para obter os terreos que vai ocupar a obra pública non será superior á quinta parte do perímetro da zona.

3. A superficie total que ocupará a obra pública obterase por redución proporcional das achegas dos participantes. Ademais desta redución, aplicaranse os demais que prevé esta lei.

4. A entidade concesionaria fixará a indemnización das parcelas que se van ocupar polo valor de taxación dos predios que efectúe o Banco de Terras, no caso de mutuo acordo. De non haber acordo, calquera das partes poderá achegar taxación pericial contraditoria e mesmo someterse a ditame do Xurado de Expropiación de Galiza.
5. No proxecto asignarase a cada participante o valor que resulte da súa achega, coas reducións indicadas no punto 3 desde artigo.
6. Unha vez coñecida, na enquisa de bases provisionais e proxectos, a valoración indemnizatoria da entidade concesionaria, os propietarios poderán optar por recibir de inmediato o seu importe en metálico.
Neste caso a superficie das parcelas indemnizadas destinaranse a mitigar a redución proporcional das achegas reseñadas no citado punto 3 deste artigo.
7. A ocupación dos terreos para a execución da obra pública levarase a efecto no acordo; non obstante, a entidade concesionaria poderá ocupalos a partir do momento no que sexan aprobadas as bases provisionais. Neste caso incluíranse nas mesmas os convenios cos afectados dirixidos a obter unha garantía suficiente na execución dos traballos de concentración.
8. As indemnizacións resultantes da valoración da entidade concesionaria distribuíranse entre todos os participantes en proporción á detracción do valor achegado á concentración.
9. A superficie ocupada pola obra pública adxudicarase a nome da administración ou entidade titular dela.”

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº5, ao apartado 1, de Substitución.

Débase substituír o PUNTO 1 do artigo 58 polo seguinte texto:

1. Promoverase un proceso especial de reestruturación parcelaria cando, como consecuencia da existencia dun proxecto de execución dunha grande obra pública ou de explotación dun couto mineiro, o dito proceso contribúa a mitigar os efectos prexudiciais dese proxecto sobre a estrutura das explotacións agrarias existentes na zona afectada.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº6, ao apartado 3, de Substitución.

Débase substituír o PUNTO 3 do artigo 58 polo seguinte texto:

3. A reestruturación parcelaria vinculada a unha grande obra ou explotación de couto mineiro farase se o solicitan polo menos o 50 % das persoas titulares de explotacións agrarias inscritas nos diferentes rexistros oficiais que recollen as explotacións agrarias de Galicia e con actividade na zona afectados directamente por aquela.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº17, ao apartado 3, de Modificación.

Modificación do artigo 58.3.

Onde di: "...aceptación de polo menos o setenta por cento das persoas...", debe dicir: "... aceptación de máis do 50 % das persoas..."

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.

Emenda nº27, ao apartado 6, de Supresión.

Débase suprimir o punto 6.

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº7, ao apartado 7, de Substitución.

Débase substituír o PUNTO 7 do artigo 58 polo seguinte texto:

7. Antes da ocupación dos terreos, o promotor do proxecto de execución prestará o compromiso financeiro que garanta suficientemente o pagamento dos custos da reestruturación parcelaria especial.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº80, de Adición.

Artigo 58. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 58 bis. Coutos mineiros

Se a concentración se promove cando por causas da explotación de coutos mineiros sexa preciso unha importante cesión de terras de utilización agraria, de tal modo que se considere que o procedemento da reforma das estruturas agrarias poida compensar os efectos da expropiación e paliar o problema social que poida derivar, observaranse as normas sinaladas nos artigos anteriores coa seguinte particularidade de que

a entidade concesionaria, por instancia da consellaría competente en materia de agricultura, determinará con referencia a un plano as parcelas que ocupará o coto mineiro con expresión detallada da superficie, nome da seu propietario, valor fixado para efectos de expropiacións e número de explotacións que desaparecerán por causa do citado coto. Tales datos serán obxecto de información pública e, á vista do seu resultado, a consellaría promoverá, se procede, a concentración.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº81, de Adición.

Artigo 58. Adición. Engadir novo artigo

“Artigo 58 ter. Configuración de sectores

Mediante orde da persoa titular da consellaría competente en materia de agricultura, oída a xunta local de zona, e por sobreviren circunstancias excepcionais debidamente xustificadas polo servizo provincial correspondente, poderá dividirse unha zona de concentración en sectores independentes ou excluír unha zona determinada. Neste caso, a execución e a publicación dos distintos trámites do proceso poderán realizarse en cada sector con independencia dos restantes.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº82, de Adición.

Artigo 58. Adición. Engadir novo artigo

“Artigo 58 quater. Procedemento simplificado

1. Decretado o proceso, e sempre que as circunstancias da zona o permitan, poderá ser facultada a dirección xeral competente en estruturas agrarias para que, logo do informe da xunta local, simplifique o procedemento ordinario, refundindo, total ou parcialmente, por unha parte as bases provisionais co proxecto, e, por outra, as bases definitivas co acordo, que, unha vez aprobados polos órganos competentes, serán obxecto dunha única publicación. O proxecto será único e tanto este como as bases provisionais someteranse á mesma enquisa.

2. O procedemento simplificado ao que se refire o número anterior poderá ser aplicado ben en zonas de pequena extensión ou de reducido número de explotacións ou ben en zonas xa concentradas, ou nos supostos especiais previstos nesta lei.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 59. *Procedemento de execución*

Para a execución do proceso especial de reestruturación parcelaria rexerá o disposto no título II desta lei, coas seguintes particularidades:

1. A clasificación das terras realizarase no conxunto da zona afectada pola reestruturación conforme o sinalado no artigo 4, incluíndo as terras afectadas directamente pola obra.

2. A dedución que se aplicará no conxunto da zona será a correspondente a engadir ás sinaladas no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, ás recollidas no artigo 32 desta lei o cómputo do valor de puntuación das terras afectadas directamente pola infraestrutura.

3. Con antelación á execución do acordo de reordenación da propiedade debe coñecerse a valoración indemnizatoria do conxunto das terras que se van expropiar de acordo coa lexislación aplicable. Á vista desta valoración, as persoas titulares das parcelas afectadas directamente poderán optar entre a aceptación desa indemnización en metálico ou a inclusión da valoración das terras no proceso.

O valor en puntuación do conxunto das parcelas para as que se optou á solución indemnizatoria será detraído da dedución sinalada no número 2.

4. No acordo de reestruturación parcelaria asignarase a cada persoa participante o valor que resulte das súas achegas, excluindo aquelas que sexan indemnizadas en metálico, aplicando a dedución global sinalada nos números 2 e 3.

5. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá subscribir acordos coa entidade promotora da obra que faciliten a distribución das indemnizacións conforme o establecido no número 7.

6. A ocupación dos terreos para a execución do proxecto levarase a efecto ao longo do acordo de reestruturación parcelaria. Non obstante, a entidade promotora poderá proceder á súa ocupación a partir do momento en que se remate o proceso de elección sinalado no número 3.

7. As indemnizacións resultantes da valoración da entidade promotora distribuiranse entre todas as persoas participantes en proporción á detracción do valor achegado á reestruturación.

8. A superficie ocupada polo proxecto de grande obra ou couto mineiro adxudicarase a nome da Administración ou entidade titular deste.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº83, de Supresión.

Artigo 59. Supresión.
Suprimir o artigo 59.

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº29, ao apartado 3, de Supresión.

Débesse suprimir o seguinte texto:

"Á vista desta valoración, as persoas titulares das parcelas afectadas directamente poderán optar entre a aceptación desa indemnización en metálico ou a inclusión da valoración das terras no proceso."

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO VI

Obras

Artigo 60. *O plan de obras*

1. Unha vez aprobadas as bases de reestruturación parcelaria, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, por proposta do servizo provincial correspondente, aprobará un plan de obras que reflectirá todas as actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a reestruturación parcelaria.

2. Estarán incluídas no plan, de ser o caso, as seguintes obras:

a) Redes de camiños principais e secundarios, para dotar de acceso, se é o caso, os novos predios de substitución.

b) Accesos aos predios de substitución a partir da rede de camiños, se é o caso.

c) Obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios.

d) Se é o caso:

1º. Medidas correctoras determinadas no correspondente documento ambiental.

2º. Acondicionamento de regadíos xa existentes, construción de novos regadíos que se establezan como necesarios, canalización de augas e defensa de marxes.

3º. Captación e depuración de augas e redes de saneamento.

4º. Cargadoiros de madeira ou biomasa.

5º. Puntos de captación de auga.

6º. Obras inherentes á execución de polígonos agrarios para orientacións prioritarias segundo o sinalado no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

7º. Aproveitamento comunitario de enerxías alternativas e electrificación de núcleos rurais.

8º. Rede de pistas forestais, definidas así segundo a lexislación vixente en materia de montes.

e) En xeral, aquelas obras e melloras que benefician as condicións agrarias e medioambientais da zona ou teñan por obxecto corrixir defectos nas infraestruturas agrarias.

3. As obras a que se fai referencia no punto anterior proxectaranse e executaranse respectando as recomendacións do documento ambiental de que se trate, en especial as relativas aos valores paisaxísticos, medioambientais e do patrimonio cultural das zonas. Así mesmo, o trazado da rede viaria, na medida do posible, adaptarse á existente antes de se iniciar o proceso de reestruturación parcelaria, primando en

todo caso o acondicionamento e a modificación parcial sobre a execución de novos trazados.

4. Desenvolveranse regulamentariamente os procedementos técnicos para a redacción de proxectos e execución de obras de acordo co sinalado neste artigo.

5. A execución das obras a que se refire este artigo non requirirá de licenza municipal.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 61. *Obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios*

1. Durante un período de tres meses, cuxa data de inicio será establecida polo servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural, as persoas titulares interesadas poderán presentar as solicitudes de acondicionamento e mellora da estrutura dos seus predios de substitución, describindo a natureza das actuacións que se van realizar e acreditando adecuadamente a súa necesidade, sen que por iso teñan carácter vinculante para a Administración.

2. As obras de acondicionamento e mellora poderán consistir na eliminación de accidentes naturais ou artificiais que impidan ou dificulten o cultivo acaído dos predios de substitución, o saneamento de terras, a decrúa de montes para o seu destino ao cultivo, as nivelacións e outros traballos de conservación do solo e, en xeral, calquera actuación que mellore a viabilidade do predio para o seu cultivo conforme o establecido no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

3. O servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria, á vista das peticións efectuadas, procederá á súa valoración técnica e á redacción do correspondente documento, no cal se determinen aquelas actuacións que poden ser obxecto de financiamento e a súa cuantificación económica. Este documento será remitido á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, para determinar as actuacións que poden ser obxecto de execución directa, as cales se deberán acoller, de ser o caso, ás correspondentes liñas de axuda sinaladas no artigo 75, e aquelas que non serán obxecto de financiamento público. Contra a dita decisión non caberá presentar ningún recurso.

4. No caso de que dentro da zona de reestruturación parcelaria existan terreos de natureza forestal, solicitarase informe non vinculante á dirección xeral competente en materia de montes, que deberá emitilo no prazo dun mes desde a recepción da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se emitise o mencionado informe, continuarase o procedemento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 62. Ocupación e expropiación

1. A partir da entrada en vigor do decreto polo que se declare de utilidade pública a reestruturación parcelaria de carácter público dunha zona ou da orde da consellaría para a reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares, a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, en calquera momento do procedemento, poderá ocupar, temporal ou definitivamente, os terreos que sexan precisos para dotar os novos predios da adecuada rede de camiños ou para realizar os traballos relacionados coa reestruturación sinalados nos artigos 60 e 61.

2. Cando se trate de terras non incluídas na zona de reestruturación, a ocupación temporal dos devanditos terreos rexerase, en canto ás indemnizacións que se lles deban satisfacer ás persoas titulares afectadas, e agás acordo previo, polos preceptos da lexislación vixente en materia de expropiación forzosa.

3. Cando, para a realización da obra ou mellora, resulte necesaria a expropiación forzosa de terreos non suxeitos a reestruturación, a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá utilizar, para o expresado fin, o procedemento urxente que na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa se estableza, agás acordo previo coas persoas titulares afectadas.

4. Para que a consellaría competente en desenvolvemento rural poida facer uso da facultade expropiatoria que lle atribúe este artigo, será preciso que a necesidade e a urxencia da expropiación sexan expostas e razoadas no plan de obras ou que, se a necesidade xorde con posterioridade á súa aprobación, se obteña da referida consellaría a autorización correspondente.

5. Cando se trate de terreos suxeitos a reestruturación, as persoas titulares non serán indemnizadas en metálico, senón que o valor daqueles se computará en valor de puntuación, sen prexuízo das demais indemnizacións e garantías que se establezan na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 63. Proxectos de obras

1. Os proxectos das obras ás que se refire o artigo 60 axustaranse na súa redacción ao correspondente plan de obras e serán aprobados pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

2. Unha vez aprobados os proxectos de obras, serán comunicados ao concello ou concellos afectados, que os expoñerá ao público durante un período dun mes, ao tempo que se publicarán na sede electrónica da consellaría por ese mesmo prazo. Durante este período, poderanse presentar as alegacións que se consideren oportunas, que, no caso de seren estimadas, serán incorporadas ao referido proxecto, e as restantes archivaranse sen máis trámite.

3. No caso de que dentro da zona de reestruturación parcelaria existan terreos de natureza forestal, solicitarase informe non vinculante á dirección xeral competente en materia de montes, que deberá emitilo no prazo dun mes desde a recepción da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se emitise o mencionado informe, continuarase o procedemento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64. *Entrega e recepción das obras*

1. Mediante resolución da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural acordarase a entrega ao concello ou concellos afectados das obras executadas incluídas dentro do plan de obras e destinadas a un uso ou servizo público. Con este acto entenderase transmitida á entidade local correspondente a súa titularidade. As infraestruturas entregadas estarán afectas a un uso público e polo tanto non lles será aplicable a lexislación en vigor en materia de montes.
2. No prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución de entrega, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, cuxa resolución esgota a vía administrativa.
3. A estimación dos recursos a que se refire o punto anterior determinará, se procede, a entrega parcial das obras ou a execución das reformas precisas a expensas da consellaría. Se os defectos das obras as fan absolutamente inadecuadas para o uso a que se destinan, acordarase, por petición do recorrente, a resolución do compromiso por el asumido, sen prexuízo da exixencia de responsabilidades á empresa adxudicataria das obras.
4. Transcorrido o prazo de presentación de recurso de alzada a que se refire o número 2 deste artigo sen que este se producise, ou interposto e resolto, reputarase realizada a entrega das obras e transmitido o dominio.
5. A entidade receptora das obras estará obrigada ao seu correcto estado de conservación e, durante o prazo de cinco anos a partir da súa entrega, a manter a obra orixinal, independentemente das melloras que sobre ela poida executar.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado 5, de Modificación.

Modificación 5 do artigo 64.

Onde di: "... conservación e, durante o prazo de cinco anos a partir da súa entrega, a manter a obra orixinal, independentemente.....", dedbe dicir: "...conservación e independente ..."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 65. *Convenios*

1. Poderán ser incluídas no plan de obras aquelas que, sendo executadas por outras administracións, teñan previsto o seu financiamento nos seus respectivos orzamentos e afecten os terreos incluídos dentro do perímetro de reestruturación.

2. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá establecer convenios coas deputacións, concellos e organismos do Estado para incluír nos plans de obras aquelas que sexan da súa competencia ou a afecten en canto ao seu financiamento e benefician a zona.

3. Para a execución das obras previstas neste artigo poderá establecerse un plan coordinado entre a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e as entidades que colaboren na súa execución e financiamento. Este plan sinalará no anteproxecto xeral e por sectores as obras, a súa enumeración e a relación das que lle corresponden a cada organismo ou entidade colaboradora, con anotacións axustadas á orde e ao ritmo tanto de redacción de proxectos como da súa execución. Neste suposto a aprobación do plan coordinado correspóndelle á Xunta de Galicia.

4. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá establecer convenios de colaboración coas deputacións, concellos e organismos do Estado para o financiamento e a execución total ou parcial, por parte deles, das obras a que fai referencia o artigo 60.2 nas alíneas a), b), d) e e). Estas obras executaranse conforme os proxectos técnicos a que fai referencia o artigo 63, sendo coordinadas por un técnico do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria nomeado pola persoa titular da xefatura territorial correspondente.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 66. Mantemento e conservación

1. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá establecer convenios coas deputacións, concellos e agrupacións de titulares co obxecto de conseguir unha adecuada conservación das obras de calquera clase incluídas nos seus plans, e neles determinará a forma de prestar o servizo e reembolsar os gastos ocasionados.

2. As persoas que impidan, destrúan, deterioren ou fagan mal uso de calquera obra ou sinalización incluída nos plans de obras e melloras territoriais serán sancionadas, logo da instrución do oportuno expediente, conforme o disposto no título X desta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 67. Control e vixilancia

1. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural exercerá a supervisión sobre todos os aspectos e accións do procedemento.
2. Así mesmo, a xunta local de zona poñerá en coñecemento da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural calquera anomalía que observe para que poida ser inmediatamente corrixida, de ser o caso.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO VII

Efectos e conservación

Artigo 68. Efectos do proceso de mellora da estrutura territorial agraria

1. O inicio dun proceso de mellora da estrutura territorial agraria faculta a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural para levar a cabo todas as actuacións inherentes á execución dos procedementos segundo o sinalado nesta lei e, nomeadamente, a execución daquelas obras e melloras necesarias para o proceso, incluíndo a corta e retirada de arboredo ou calquera outro obstáculo que impida a normal execución da rede de camiños para dotar os predios de substitución do acceso a que se fai referencia no artigo 60 desta lei.

2. Desde o día seguinte ao da publicación do decreto de reestruturación parcelaria de carácter público dunha zona ou da orde da consellaría para a reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares, calquera plantación arbórea ou arbustiva, obra ou mellora requirirá a autorización previa do servizo provincial competente, que ditará resolución motivada. As plantacións, obras ou melloras realizadas sen autorización non serán tidas en conta para efectos de valoración e clasificación das parcelas de achega, ou como criterio de atribución dos novos predios de substitución, sen prexuízo das sancións a que este feito poida dar lugar en aplicación do disposto no título X.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº84, ao apartado 2, de Adición.

Artigo 68. Adición. Engadir in fine:

“2 bis. Os propietarios e cultivadores terán a obrigaón de coidar e cultivar os predios, sen que poidan cortar ou derribar arborado, extraer ou suprimir plantacións ou realizar actos que poidan diminuír o valor da parcela sen a previa autorización do servizo provincial correspondente.

2 ter. Asemade, obriga os membros da xunta local á asistencia ás reunións que se convoquen e faculta a Administración para exixir dos afectados polo proceso os datos que sexan de

interese para este, así como canta información xulgue precisa para a redacción das bases da zona.

2 quáter. Quen infrinxa o anteriormente disposto será sancionado logo da instrución do oportuno expediente de acordo co disposto nesta lei.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 69. Usos do solo de reestruturación parcelaria

Excepcionalmente, logo do informe favorable da xunta local, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá autorizar un cambio no uso dos terreos afectados pola reestruturación parcelaria para fins diferentes dos agrarios, sempre que sexa temporal **e ata que remate o proceso de reestruturación parcelaria.**

En todo caso, constituirase garantía financeira suficiente para asegurar que o devandito uso non comprometa o proceso de reestruturación parcelaria e que, unha vez que cese este, se recupere o uso agrario dos terreos afectados.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 70. Accións civís

1. A inclusión dunha parcela na zona (...) dá lugar, mentres dure o procedemento correspondente, á extinción do retracto de lindeiros, do dereito de permuta forzosa e demais de adquisición que outorguen por lei para evitar os enclavados ou a dispersión parcelaria, agás que a demanda fose interposta antes da inclusión.

2. Non obstante, se algunha parcela comprendida na zona for despois obxecto de exclusión, o prazo para interpoñer a demanda comezará novamente desde o seguinte día en que a persoa titular do dereito ten ou debeu ter coñecemento do acordo de exclusión.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 71. Cuestións xudiciais

As resolucións ditadas no expediente non quedarán en suspenso polas cuestións xudiciais que se promovan entre particulares sobre os dereitos afectados por estas.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº85, de Adición.

Artigo 71. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 71 bis. Transmisións e permutas

1. Co obxecto de facilitar a diminución do número de propietarios da zona, unha vez publicado o decreto de reforma das estruturas agrarias, o servizo provincial correspondente poñerá á disposición das persoas interesadas en incrementar o tamaño da súa explotación unha listaxe elaborada a partir das notificacións feitas por aqueles que queiran vender as súas parcelas, se é o caso.

2. Será potestativo dar efecto no expediente de concentración as transmisións ou modificacións de dereitos que se comuniquen despois de comezada a publicación das bases e ata a firmeza delas, quedando o adquirente subrogado no lugar e posto do anterior, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do procedemento da concentración.

3. Antes de que sexa firme o acordo de concentración, os interesados poderán propoñer permutas de predios de substitución, que serán aceptadas sempre que, a criterio do servizo provincial correspondente, non haxa prexuízo para a concentración, recollendo, en tal caso, a situación resultante na acta de reorganización da propiedade.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº86, de Adición.

Artigo 71. Adición. Engadir un novo artigo

“Artigo 71 ter. Inviabilidade da división

Rematada a concentración, e agás os supostos previstos no artigo seguinte, a división ou segregación dun predio rústico non será válida cando dea lugar a parcelas de extensión inferior á unidade mínima de cultivo establecida conforme o disposto nesta lei e, consecuentemente, non poderá ser obxecto de ningún dos auxilios ou beneficios que a consellaría competente en materia de agricultura poida conceder para a mellora das explotacións.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 72. *División e segregación de predios de substitución*

Rematada a reestruturación, só será válida a división ou segregación de predios de substitución nos seguintes casos:

a) Se é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na lexislación especial de arrendamentos rústicos históricos.

b) Cando se produce por causa de expropiación forzosa.

c) Cando se trate de disposicións a favor de titular de predios de substitución lindeiros, sempre que, como consecuencia da división ou segregación, tanto o predio de substitución que se divide ou segrega como o lindeiro manteñan o tamaño mínimo para que a explotación sexa economicamente viable, o que se xustificará mediante o correspondente informe técnico de quen o autorice. Neste caso, a división ou segregación deberá recibir o informe favorable do servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural.

d) Nos predios de substitución clasificados urbanisticamente, total ou parcialmente, como de núcleo rural, a súa división ou segregación, unha vez rematado o proceso de reestruturación parcelaria, estará suxeita ao disposto no planeamento municipal ou na súa norma urbanística de carácter subsidiario.

e) No caso de que unha parcela estea en parte clasificada como de núcleo rural e en parte como rústica, a súa división ou segregación terá que contar coa autorización do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº31, ao apartado d), de Supresión.

Débese suprimir o apartado d).

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO VIII

Financiamento e axudas públicas

Artigo 73. *Financiamento da reestruturación parcelaria*

A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural asumirá na súa totalidade os gastos da tramitación e execución dos procesos de reestruturación parcelaria de carácter público e os de reestruturación de predios de vocación agraria polas persoas particulares, sen prexuízo do disposto no artigo 65 desta lei ou dos fondos que poidan achegar outras entidades.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 74. Financiamento do plan de obras

As obras coa tipoloxía recollida no número 2 do artigo 60 que estean incluídas no plan de obras da zona serán integramente financiadas pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, sen prexuízo do disposto no artigo 65 desta lei ou dos fondos que poidan achegar outras entidades.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 75. *Financiamento das obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos predios*

As actuacións sinaladas no número 2 do artigo 61 poderanse financiar por algún dos seguintes sistemas:

- a) Na súa totalidade pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.
- b) Mediante o establecemento de liñas de axudas públicas de ata un 70 % das obras de acondicionamento e mellora dos predios das explotacións agrarias solicitadas polas explotacións, agrupacións de titulares e iniciativas de aproveitamento en común integradas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria que cumpran cos requisitos sinalados no artigo 21, e ata un 40 % as do resto das persoas titulares solicitantes.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, de Modificación.

Modificación do artigo 75, que quedará redactado co seguinte contido:

"As actuacións sinaladas no número 2 do artigo 61 serán financiadas pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 76. Axudas a explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común

Aquelas explotacións, agrupacións de titulares e iniciativas de aproveitamento en común integradas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria que cumpran cos requisitos sinalados no artigo 21 terán un trato preferente nas axudas da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 77. Avaliación final de custos do proceso

Rematado o proceso de reestruturación, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural levará a cabo un procedemento de avaliación final dos custos íntegros do proceso, que incluírá non só os custos directos derivados da contratación externa de obras e asistencia técnica, senón os indirectos derivados da súa propia actuación no procedemento. Esta avaliación servirá de base para o cálculo do importe da reparación dos danos recollidos no artigo 93, e será publicada na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO IX

Zonas de actuación intensiva

Artigo 78. Zonas de actuación intensiva

O Consello da Xunta, por proposta do organismo competente en materia de desenvolvemento rural, identificará e declarará as zonas de actuación agraria prioritaria, logo do informe do comité técnico asesor de reestruturación parcelaria regulado no artigo 14 desta lei. Estas serán zonas de actuacións intensivas en función dos seus especiais valores agrarios ou ambientais, onde priorizará as súas actividades, así como instará as restantes entidades con competencias en materia no ámbito rural para executaren plans integrais de xestión de terras e desenvolvemento territorial co contido, alcance e procedemento de elaboración e execución que se estableza no correspondente decreto de declaración.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 79. Ámbito territorial

O perímetro da zona de actuación intensiva será aquel que veña determinado no correspondente decreto, e non será necesario que coincida con ningunha das divisións administrativas existentes.

Non obstante, a determinación do antedito perímetro poderá apoiarse nos límites parroquiais, podendo incluír unha ou varias parroquias, aínda que pertenzan a diferentes concellos ou provincias, dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 80. *Determinación das zonas de actuación intensiva*

A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural **deberá proceder, logo do informe dos comités técnicos asesores de reestruturación parcelaria,** á selección das zonas de actuación intensiva e os seus perímetros, atendendo os seguintes criterios:

- a) As zonas que inclúan terreos en fase de concentración ou reestruturación parcelaria, os que estean xa concentrados ou aqueles que teñan promovida a súa reestruturación.
- b) As zonas no seu día decretadas como zonas de actuación agraria prioritaria (ZAAP), segundo a súa normativa aplicable.
- c) As zonas en que existan deficiencias estruturais que incidan negativamente na súa viabilidade socioeconómica.
- d) As zonas en que se promovan actuacións agrupadas ou simultáneas en varios concellos para a corrección das desigualdades máis significativas co fin de acadar unha distribución territorial equitativa.
- e) As zonas cun alto grao de aceptación por parte da poboación, constatado polas sinaturas que avalan a petición.
- f) As zonas cuxo dinamismo socioeconómico permita a optimización dos efectos do proceso.
- g) As zonas en que a actividade económica principal sexa a agraria.
- h) As zonas con potencialidade agraria estimada segundo criterios obxectivos.
- i) As zonas ambientalmente sensibles, atendendo aqueles aspectos que poden condicionar negativamente a viabilidade das actuacións e a existencia dentro do seu perímetro de terreos ambientalmente protexidos ou que, estando fóra daquel, se poidan ver afectados negativamente.
- j) As zonas en que sexa posible mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución das emisións de CO₂ e dos incendios forestais.

j bis) As zonas nas que se teña solicitado un número significativo de proxectos de incorporación.

- k) Outros factores que sexan determinados regulamentariamente e que se consideren necesarios á hora de avaliar a viabilidade do proceso.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 81. *Plan de actuación integral*

Nas zonas de actuación intensiva desenvolverase un plan de actuación integral que establecerá as accións e asignará os medios tendentes á consecución, como mínimo, dun dos seguintes obxectivos:

- a) A dotación e mellora da infraestrutura viaria, abastecemento e saneamento de auga, xestión de residuos, equipamento e servizos comunitarios, vivenda rural, electrificación rural e telecomunicacións.
- b) A reestruturación parcelaria de carácter público, reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares e reestruturación da propiedade mediante permutas e procesos especiais inherentes aos casos dos proxectos de grandes obras públicas lineais e coutos mineiros.
- c) A ordenación de usos e cultivos, modernización e consolidación de regadíos, construcións gandeiras, mellora da sanidade pecuaria e aproveitamento racional dos recursos forestais con criterios de sustentabilidade.
- d) O impulso das industrias de elaboración, conservación, transformación e comercialización de produtos agrarios.
- e) A protección da caza e pesca e da paisaxe.
- f) A capacitación e promoción da formación profesional e cultural e das actividades deportivas no medio natural, recreativas e de lecer da poboación rural.
- g) O estímulo e fomento das cooperativas e demais modalidades asociativas agrarias.
- h) A diminución do número e da virulencia dos incendios forestais.
- i) A mobilización dos predios con vocación agraria para as explotacións.
- j) Calquera outro que permita o desenvolvemento rural da zona.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 82. *Inicio do procedemento*

1. O procedemento de declaración de actuación intensiva para unha zona poderase iniciar:

a) Por petición, logo do acordo corporativo, do concello ou concellos afectados.

b) De oficio pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, **logo do informe do comité técnico asesor da reestruturación correspondente.**

2. Será competente para o coñecemento e tramitación dos expedientes inherentes ás actuacións intensivas a delegación territorial correspondente. No caso de afectar o ámbito territorial de varias delegacións, a competencia exerceraa aquela que conte cunha maior superficie afectada polo expediente.

3. Recibida a solicitude, a delegación territorial solicitará a información necesaria ao concello ou concellos afectados, así como ás xefaturas territoriais que se considere por razón das actuacións necesarias, que emitirán informe sobre a súa oportunidade.

4. O expediente farase público para efectos de audiencia ás persoas interesadas, no concello ou concellos afectados, así como na sede electrónica da Xunta de Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº33, ao apartado 1.c), de Adición.

Débesse engadir un novo apartado co seguinte texto:

"c) Polo 90 % de titulares de terras con explotacións agrarias ou con compromiso de incorporación á actividade agraria co informe favorable da dirección xeral en materia de desenvolvemento rural."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 83. Decreto

1. O decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, declarará de utilidade pública e interese social a actuación intensiva da zona de que se trate.
2. O decreto conterá, como mínimo, a declaración de utilidade pública e interese social da actuación intensiva da zona, para os efectos de expropiación forzosa, así como o perímetro da zona de actuación.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 84. *O comité de asesoramento*

1. O comité de asesoramento, de carácter provincial, ten como funcións principais:

- a) A coordinación entre as diferentes zonas de actuación intensiva levadas a cabo e entre os diferentes organismos que teñen relación cunha actuación concreta para cada zona.
- b) O asesoramento á delegación territorial para a elaboración do informe sobre a oportunidade de declarar a actuación intensiva a que fai referencia o artigo anterior.

2. O comité de asesoramento estará formado polos seguintes membros:

- a) Presidente: a persoa titular da delegación territorial competente da Xunta de Galicia.
- b) Vogais: as persoas titulares das xefaturas territoriais, ou persoa en que deleguen, das consellarías competentes en materia de desenvolvemento rural, ordenación do territorio e economía, así como unha persoa representante da Fegamp. Así mesmo, e por razón das súas competencias, poderán ser citadas ás reunións do comité de asesoramento, con voz pero sen voto, as persoas representantes dos diversos organismos que se poidan ver afectados.
- c) **Secretaría: será exercida por** unha persoa funcionaria da delegación territorial da provincia correspondente, coa condición de licenciada en dereito.

3. A forma de designación dos membros deste comité e o seu funcionamento serán determinados regulamentariamente.

4. Co fin de facilitar a actuación coordinada para a mellora ou dotación de equipamentos e servizos comunitarios, poderá solicitarse a colaboración de empresas públicas e privadas.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº23, ao apartado 2.b) bis), de Adición.

Adición dun novo artigo 84.2. b) bis, que quedará redactado co seguinte contido:

"b bis) Un representante das organizacións agrarias que formen parte do Consello Agrario."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 85. *A xunta de zona*

1. Para os efectos desta lei, as xuntas de zona teñen como funcións o informe, o asesoramento e a colaboración nas distintas fases e accións da actuación intensiva.

2. A xunta de zona é un órgano colexiado formado por:

a) Presidencia, con voto de calidade: a persoa que exerza a xefatura territorial competente en materia de desenvolvemento rural, ou persoa en que delegue.

b) Secretaría: unha persoa funcionaria da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural, designada pola persoa titular da delegación territorial que corresponda, coa condición de licenciada en dereito, que actuará con voz pero sen voto.

c) Vogalías:

1º. A persoa que exerza a alcaldía ou alcaldías do concello ou concellos afectados pola zona de actuación intensiva, ou persoa en que delegue.

1º bis. As persoas que exerzan as xefaturas territoriais competentes en materia de ordenación do territorio, de industria e de economía, ou persoas en que deleguen.

2º. Catro representantes da veciñanza residente, dos cales polo menos dous serán titulares de explotacións agrarias, elixidos conforme se estableza regulamentariamente.

3º. Unha persoa técnica da oficina ou oficinas agrarias comarcais correspondentes á zona, designada pola persoa titular da xefatura territorial competente en materia de desenvolvemento rural.

4º. Unha persoa técnica do distrito ou distritos forestais correspondentes á zona, designada pola persoa titular da xefatura territorial competente en materia de desenvolvemento rural.

3. A xunta local constituirase nun prazo non superior aos tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación do decreto da zona e quedará disolta unha vez rematadas as funcións inherentes ao plan de actuación intensiva.

4. O funcionamento da xunta da zona determinarase regulamentariamente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº24, ao apartado 2.c) bis), de Adición.

Adición dun novo artigo 85. c) bis, que quedará redactado co seguinte contido:

"c bis) Representantes das organizacións agrarias."

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO X

Réxime sancionador

Artigo 86. *A actuación inspectora*

1. A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural levará a cabo aquelas actuacións de control e de inspección que considere necesarias sobre os predios con vocación agraria situados na zona para garantir o cumprimento do recollido nesta lei.

2. Para estes efectos, o persoal da consellaría que desenvolva estas actuacións ten a condición de axente da autoridade, e os feitos constatados e formalizados por el nas correspondentes actas de inspección e denuncia terán a presunción de certeza, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan achegar as persoas interesadas.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 87. Réxime sancionador

1. Son sancionables as accións e omisións que infrinxan o establecido nesta lei, sen prexuízo das responsabilidades exixibles na vía penal, civil ou doutra orde en que poidan incorrer.
2. As infraccións ao establecido nesta lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 88. Infraccións leves

Son infraccións leves:

1. Dificultar os traballos de investigación e clasificación de terras.
2. Realizar actos que diminúan o valor dunha parcela de achega nun valor inferior ao 10 % dela, unha vez iniciado o proceso.
3. Calquera outra acción ou omisión que supoña incumprimento de calquera dos requisitos establecidos nesta lei que non estea clasificado como falta grave ou moi grave.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 89. *Infraccións graves*

Son infraccións graves:

1. Impedir o acceso ás parcelas de achega ao persoal encargado da realización dos traballos cando sexa necesario para a súa correcta execución e non proceder, cando llo indique ese persoal, á roza e limpeza de maleza total ou parcial dos terreos cando sexa necesario para os traballos de identificación de parcelas de achega.
2. Realizar obras ou melloras nas parcelas de achega sen a correspondente autorización.
3. Destruír obras, cortar ou derribar arboredo, extraer ou suprimir plantacións ou cultivos permanentes e derramar a terra ou, en xeral, realizar actos que diminúan o valor dunha parcela de achega nun valor superior ao 10 % dela, unha vez iniciado o proceso, sen a preceptiva autorización previa.
4. A obstrución ou a negativa a subministrar datos ou a facilitar as funcións de información, vixilancia ou inspección que practique a Administración, así como subministrar a sabendas información inexacta, con omisións, erros ou imprecisións ou documentación falsa.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 90. *Infraccións moi graves*

Son infraccións moi graves:

1. O incumprimento da obriga sinalada no número 1.c) do artigo 12, nos casos sinalados no artigo 21, de manter os predios de substitución atribuídos en explotación conforme o determinado para eles no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona durante o período sinalado no citado punto.
2. Impedir ou obstaculizar a toma de posesión dos novos predios de substitución.
3. Impedir ou obstaculizar a realización das obras sinaladas no título VI.
4. Impedir ou dificultar a sinalización ou a implantación dos novos predios de substitución, así como retirar os sinais ou os marcos cando estean colocados.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº87, ao apartado 4 bis), de Adición.

Artigo 90. Adición. Engadir novos punto ao final:

4 bis. O cambio do uso sen autorización da terra clasificada como superficie agraria e o incumprimento do plan de ordenación de aproveitamento de cultivos.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 91. Sancións

1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas da seguinte forma:

a) Infraccións leves: apercibimento ou multa ata 600 euros.

b) Infraccións graves: multa entre 601 e 1.500 euros.

c) Infraccións moi graves: multa entre 1.501 e 6.000 euros.

2. O apercibimento só procederá no suposto de infraccións leves, sempre e cando a persoa infractora non fose sancionada con anterioridade por calquera infracción das tipificadas nesta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 92. *Graduación das sancións*

1. Para a determinación concreta da sanción que se impoña, de entre as asignadas a cada tipo de infracción, tomaranse en consideración os seguintes criterios:

- a) A existencia de intencionalidade ou simple negligencia.
- b) A reiteración, entendida como a concorrencia de varias irregularidades ou infraccións que se sancionen no mesmo procedemento.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia, por comisión no prazo de dous anos doutra infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme. Este prazo comezará a contar desde que a resolución adquira firmeza na vía administrativa.

2. Malia o recollido no punto anterior, a sanción poderase minorar motivadamente, a xuízo do órgano competente para resolver segundo o tipo de infracción de que se trate, atendendo as circunstancias específicas do caso, entre elas o recoñecemento e a emenda da conduta infractora e a reparación dos danos causados, antes de que se resolva o correspondente expediente sancionador, cando a sanción resulte excesivamente onerosa.

3. Os criterios de graduación recollidos no número 1 non se poderán utilizar para agravar a infracción cando estean contidos na descrición da conduta infractora ou formen parte do propio ilícito administrativo.

4. A proposta de resolución do expediente, no caso de que sexa procedente, e a resolución administrativa que recaia deberán explicitar os criterios de graduación da sanción tidos en conta, de entre os sinalados no número 1 deste artigo. Cando non se considere relevante para estes efectos ningunha das circunstancias enumeradas, a sanción impoñerase na contía mínima prevista para cada tipo de infracción.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 93. Reparación do dano ou indemnización

1. Con independencia da sanción que lles fose imposta, as persoas infractoras deberán repoñer a situación alterada ao seu estado orixinario, así como indemnizar os danos e perdas causados. Estes danos determinaranse segundo criterio técnico debidamente motivado na resolución sancionadora, que establecerá a forma e o prazo en que a reparación se deberá levar a cabo ou, de ser o caso, a imposibilidade da reparación e o conseqüente establecemento da indemnización. En relación cos danos e perdas causados, as persoas afectadas poderán achegar en audiencia e por conta propia informe complementario de peritaxe dos danos.

2. No caso de sanción por infracción moi grave relativa ao establecido no número 1 do artigo 90, tendo en conta a imposibilidade de reposición ao estado orixinario, o infractor estará obrigado á devolución da parte proporcional ao tempo que resta para cumprir a totalidade do compromiso sinalado na alínea c) do artigo 12 dos gastos ocasionados á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural correspondentes á superficie total dos predios de substitución obxecto de infracción, valorados conforme se determina no artigo 77.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 94. Multas coercitivas e execución subsidiaria

1. Se as persoas responsables da infracción non proceden á reparación ou á indemnización na forma e no prazo outorgados na resolución, o órgano que ditou a resolución poderá acordar a imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria.
2. As multas coercitivas serán reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado e o seu importe non poderá ser superior a 1.000 euros.
3. A execución pola Administración da reparación ordenada será por conta do infractor.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 95. *Responsabilidade*

A responsabilidade da infracción recaerá sobre:

1. A persoa física ou xurídica que directamente leve a cabo a actividade infractora, ben sexa a propia persoa titular do dominio ou doutro dereito real de gozo sobre os predios ou unha terceira persoa que actúe por mandato daqueles.

2. De existir, a persoa física ou xurídica que sexa titular dos predios en réxime de arrendamento, parzaría ou calquera outro dereito de uso ou de aproveitamento análogo, agás que no decurso do expediente demostre que as persoas arrendadoras ou cedentes lle impiden o normal desenvolvemento dos dereitos de uso ou aproveitamento dos predios, caso en que a responsabilidade recaerá sobre estas.

3. Os habentes causa das herdanzas indivisas e comunidades hereditarias, as persoas representantes das herdanzas xacentes, as persoas cotitulares das sociedades de gananciais e das comunidades de bens, os membros de sociedades civís e entidades carentes de personalidade xurídica, todas elas titulares de predios rústicos que constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, agás a existencia de calquera tipo de cesión do dereito de uso ou de aproveitamento en favor dunha terceira persoa. De ser o caso, as persoas copartícipes responderán solidariamente das sancións impostas.

(...) Se a persoa xurídica autora dunha infracción establecida nesta lei se extingue antes de ser sancionada, consideraranse autores as persoas físicas que, desde os seus órganos de dirección ou actuando ao seu servizo ou por elas mesmas, determinaron coa súa conduta a comisión da infracción. As persoas socias ou partícipes no capital responderán solidariamente, e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase, do pagamento da sanción ou, se é o caso, do custo da reparación.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 96. Órganos sancionadores competentes

1. O órgano con competencia para incoar o expediente sancionador será a persoa titular da xefatura territorial competente en materia de desenvolvemento rural.

2. Os órganos con competencia para a imposición das sancións previstas nesta lei serán os seguintes:

- a) Para sancionar infraccións de carácter leve, a persoa titular da xefatura territorial correspondente.
- b) Para sancionar infraccións de carácter grave, a persoa titular da dirección xeral competente.
- c) Para sancionar infraccións de carácter moi grave, a persoa titular da consellaría competente.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 97. Duración do procedemento sancionador

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa que poña fin ao procedemento será dun ano, contado desde a data de inicio do procedemento administrativo sancionador.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 98. *Prescripción das infraccións e sancións*

1. As infraccións leves a que se refire esta lei prescribirán no prazo de dous anos, as graves no de tres anos e as moi graves no de catro anos.
2. O prazo da prescripción comezará a correr desde o día en que se cometa a infracción, agás no suposto de infraccións continuadas, en que o prazo de prescripción comezará a contar desde o momento de finalización da actividade, do último acto con que a infracción se consumase ou desde que se eliminou a situación ilícita.
3. Interromperá a prescripción da infracción a iniciación, co coñecemento da persoa presunta responsable, do procedemento sancionador.
4. No caso de concorrencia de infraccións leves, graves e moi graves, ou cando algunha destas infraccións sexa medio necesario para cometer outra, o prazo de prescripción é o establecido para a infracción máis grave das cometidas.
5. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos. Estes prazos comezarán a contarse a partir do día seguinte ao aquel en que adquirise firmeza en vía administrativa a resolución sancionadora.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional primeira. *Da normativa de aplicación supletoria*

De maneira supletoria e para aquelas materias non reguladas expresamente nesta lei e nas súas normas complementarias, aplicarase a normativa estatal vixente en materia de desenvolvemento rural.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional segunda. *Competencia residual*

As competencias en materia de reestruturación parcelaria que por esta lei non estean conferidas a un órgano ou servizo concreto quedaranlle atribuídas á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional terceira. *Protección de datos*

Corresponderalle á consellaría competente en materia de desenvolvemento rural a creación de ficheiros e o tratamento de datos de carácter persoal inherentes aos procesos de reestruturación parcelaria, así como os de concentración parcelaria en curso, que se levará a cabo con sometemento ás normas recollidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ou normativa legal que a substitúa.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria primeira. *Da irretroactividade da norma*
As disposicións que introduce este texto legal aplicaranse aos
procedementos de concentración parcelaria en curso sen
retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en
que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta
adaptación, esta lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria segunda. *Inclusión de terreos non rústicos*

Sempre e cando, no momento da entrada en vigor desta norma, o procedemento non acadase a fase de acordo de concentración parcelaria, poderán ser incluídos aqueles terreos que, por mor da súa clasificación urbanística, non formasen parte del ou, séndoo, fosen excluídos. Nestes terreos levaranse a cabo todas as actuacións non realizadas de cada fase do procedemento ata alcanzar o punto en que se atope o resto do proceso da zona.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria terceira. *Procesos de concentración parcelaria sen actuacións*

Aos procesos de concentración parcelaria decretados con anterioridade á entrada en vigor desta lei nos que non se desenvolvesen actuacións seralles aplicable integramente o contido dela, con excepción do sinalado nos artigos 6, 7, 9 e 10, pasando a ter a consideración de procesos de reestruturación parcelaria de carácter público, ou nos artigos 45, 46 e 47 no caso de reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria cuarta. *Das xuntas locais*

As xuntas locais de concentración parcelaria constituídas con anterioridade á entrada en vigor desta lei manterán inalterada a súa composición, agás nas zonas que non acadasen a fase de bases definitivas. Neste último suposto, incorporaranse, como membros natos pertencentes á xunta local, un técnico designado polo servizo provincial con competencias en materia de montes e unha persoa representante da entidade xestora do Banco de Terras.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria quinta. *Da caducidade dos procesos de concentración parcelaria*

Ao careceren de solución de continuidade, decláranse caducados os expedientes de concentración parcelaria iniciados antes da entrada en vigor desta lei nos que non se levaron a cabo actos administrativos firmes nos últimos quince anos, e que figuran recollidos no anexo desta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº25, ao apartado 1, de Modificación.

Modificación da Disposición transitoria quinta. apartado 1., que quedará redactada co seguinte contido:

"1. Os comités técnicos asesores de reestruturación emitirán un informe sobre os expedientes de concentración parcelaria iniciados antes da entrada en vigor desta lei recollidos no anexo, sobre a conveniencia de seguir a adiante con estes ou decláralos caducados."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*
Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei, e, de forma específica, a Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais, e a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, e as súas modificacións.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras*

Engádesse un novo capítulo III, coa denominación «Dos predios abandonados», no título VI da Lei 6/2001, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, co seguinte contido:

“Artigo 34 bis. *Declaración*

O órgano superior competente en materia de agricultura poderá declarar como perímetros abandonados un conxunto de predios con vocación agraria, contiguos ou non, ou que constitúan ou non cinto redondo, situados en solo rústico, cando se dea algunha das causas seguintes:

- a) Que poidan supoñer risco de incendios forestais, ben pola inaplicación ou ineficacia das medidas contidas nos correspondentes plans de xestión ou de ordenación forestal, ben pola inexistente xestión da biomasa ou ben polas reiteradas negligencias no uso do lume en prácticas de xestión agroforestal ou doutros conflitos que deviñeron na reiteración de incendios nesas zonas, co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas a esas zonas.
- b) Que sexan obxecto de incendios co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas ás zonas queimadas.
- c) Que exista demanda de terra por parte de explotacións agrarias xa existentes nesas zonas ou para novas iniciativas de explotacións agrarias, sempre que se manteña o seu estado de abandono, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei.

Artigo 34 ter. *Procedemento*

1. A incoación do procedemento de declaración de perímetro abandonado farase de oficio ou por instancia de parte pola xefatura territorial competente en materia agraria do ámbito territorial en que estea situado o predio, e, nos casos establecidos nas alíneas a) e b) do artigo anterior, requirirase ademais informe dos servizos técnicos competentes en materia de incendios forestais. No caso de que os predios que forman o perímetro abandonado estean situados en distintas provincias, iniciará o expediente a persoa titular da xefatura territorial da provincia sobre a cal se sitúe a maior superficie de terreo.

2. Os restantes trámites para a declaración de perímetro abandonado serán os establecidos no capítulo II desta lei, coa especialidade de que, nos casos establecidos nas alíneas a) e b) do artigo anterior, o informe previsto no artigo 32.1 desta lei será emitido polos servizos técnicos que correspondan da consellaría competente en materia de montes.

3. Non será obstáculo para a declaración de perímetro abandonado o feito de que algunhas das persoas titulares de

predios incorporados ao dito perímetro opten por algunha das opcións a) ou b) recollidas no artigo 33 desta lei, e continuarase o procedemento para os restantes predios integrantes do perímetro.

4. Seranlles aplicables aos predios incluídos na declaración de perímetro abandonado as consecuencias establecidas no artigo 33 desta lei.

5. Aos predios incluídos dentro do perímetro declarado abandonado seralles aplicable o réxime sancionador establecido nesta lei para os predios declarados abandonados de forma individual.”

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*

Un. Modifícase o número cinco do artigo 7 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado da seguinte maneira:

“Cinco. Redución pola adquisición de explotacións agrarias e de elementos afectos.

1. Nos casos en que na base imponible dunha adquisición *mortis causa* estea incluído o valor dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre esta, practícase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que na data de devindicación o causante ou o seu cónxuxe teñan a condición de persoa agricultora profesional.

b) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa causante.

c) Que a persoa adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

d) Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

2. Cando na base imponible dunha adquisición *mortis causa* estea incluído o valor de elementos dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practícase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa causante.

b) Que na data da devindicación as persoas adquirentes ou os seus cónxuxes teñan a condición de persoa agricultora profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de

rendas e sexan ben titulares dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten.

c) Que a persoa adquirente manteña os elementos adquiridos afectos á explotación agraria durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do citado prazo faleza a persoa adquirente ou transmita os elementos en virtude de pacto sucesorio de acordo co previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

d) Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior as dous anos anteriores á devindicación do imposto.

3. Cando na base imponible dunha adquisición *mortis causa* estea incluído o valor de predios rústicos situados en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando estes predios sexan transmitidos no prazo de seis meses polo adquirente *mortis causa* a quen teña a condición de persoa agricultora profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan ben titulares dunha explotación agraria á cal queden afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria a que queden afectos os elementos que se transmiten. A transmisión poderá realizarse tamén directamente a estas últimas sociedades ou ao Banco de Terras de Galicia, cos mesmos requisitos de prazos sinalados anteriormente. O tempo de afectación dos predios ou dereitos transmitidos non poderá ser inferior a cinco anos.

Para estes efectos, equipárase a transmisión á cesión por calquera título que permita ao cesionario a ampliación da súa explotación agraria. Tamén se terá dereito á redución se os predios están xa cedidos na data de devindicación e se esta cesión se mantén nas condicións sinaladas anteriormente.

Será necesario que a explotación agraria adquirente viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

4. Para os efectos das reducións previstas nos puntos 1, 2 e 3 anteriores, os termos de «explotación agraria», «persoa agricultora profesional», «elementos dunha explotación» e

«titular da explotación» son os definidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.”

Dous. Modifícase o número cinco do artigo 8 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado da seguinte maneira:

“Cinco. Redución pola adquisición de explotacións agrarias e predios rústicos.

Nos casos de transmisións de participacións *inter vivos* dunha explotación agraria ou predios rústicos situados en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, aplicarase unha redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99 % do valor de adquisición, sempre e cando concorran as seguintes condicións:

- a) Que a persoa doadora teña 65 ou máis anos ou estea en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
- b) Que na data da devindicación a persoa doadora teña a condición de agricultora profesional e perdesse tal condición como consecuencia da doazón.
- c) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora.
- d) Que a persoa adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria ou predio rústico e a súa condición de persoa agricultora profesional durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do dito prazo falecese a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio de conformidade co previsto na Lei de dereito civil de Galicia.
- e) Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

Os termos de «explotación agraria», «persoa agricultora profesional», «elementos dunha explotación» e «titular da explotación» son os definidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.”

Tres. Modifícase o número tres do artigo 16 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado da seguinte maneira:

“1. As transmisións en propiedade ou a cesión temporal de terreos integrantes do Banco de Terras de Galicia, a través dos mecanismos previstos nesta lei, gozarán dunha dedución na

cota tributaria do 100 % no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Este beneficio fiscal será incompatible con calquera outro que poida ser aplicable a esas adxudicacións ou ao encargo de mediación.

2. A aplicación do dito beneficio fiscal quedará condicionada ao mantemento, durante un período mínimo de cinco anos, do destino agrario do terreo, agás nos supostos de expropiación para a construción de infraestruturas públicas ou para a edificación de instalacións ou construcións asociadas á explotación agraria.

3. No caso de incumprimento da dita condición, a persoa beneficiaria deberá ingresar o importe do beneficio gozado e os xuros de demora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria, no prazo de trinta días hábiles desde o incumprimento da condición."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº34, ao apartado Un.1 bis), de Adición.

Débese engadir no punto Un. Cinco. 1. un novo apartado co seguinte texto:

"Un. Cinco.1 bis) Que na data de devindicación o causante ou o seu cónxuxe teñan solicitada a incorporación á actividade agraria e que cumpran coas condicións descritas na alínea c)."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº88, de Adición.

Disposición derradeira segunda. Adición.

Engadir unha nova disposición derradeira co seguinte texto:

"Disposición derradeira Segunda. Bis. Modificación da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Engádese un novo artigo na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, co seguinte contido:

Artigo 122 bis. Unidades de xestión forestal

As unidades de xestión forestal teñen por finalidade a xestión conxunta ou a reorganización da propiedade forestal para o efecto de garantir a defensa contra os incendios forestais e facilitar a ordenación dos montes e o seu planeamento preventivo, obrigándose a manter un Instrumento de xestión forestal específico e unha rede de infraestruturas preventivas básicas. "

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº89, de Adición.

Disposición derradeira segunda. Adición . Engadir unha nova disposición:

"Disposición derradeira segunda ter. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia

Un. O capítulo V do título III da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, queda redactado nos seguintes termos:

CAPÍTULO V

Xestión e reorganización preventiva do terreo forestal

Artigo 29. Ordenación preventiva dos terreos forestais

Co obxecto de garantir unha axeitada defensa contra os incendios forestais con base na ordenación dos montes e no seu planeamento preventivo, poderá acometerse, nos termos previstos nesta lei, a xestión conxunta ou reorganización de terreos forestais e dos situados nas zonas de influencia forestal por medio da constitución de unidades de xestión forestal, que serán obxecto de priorización nas accións de fomento forestal.

Artigo 30. Obxecto e finalidades das unidades de xestión forestal

1. As unidades de xestión forestal teñen por finalidade a xestión conxunta ou a reorganización da propiedade forestal para o efecto de garantir a defensa contra os incendios forestais e facilitar a ordenación dos montes e o seu planeamento preventivo, obrigándose a manter un instrumento de xestión forestal específico e unha rede de infraestruturas preventivas básicas.

2. Son obxectivos específicos das unidades de xestión forestal:

c) Promover a xestión sustentable do espazo forestal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Valorizar o uso forestal e facer viables os aproveitamentos forestais mediante a reorganización das propiedades dos membros da unidade de xestión forestal incluídas no seu perímetro.

e) Promover instrumentos prácticos que eviten o abandono das pequenas propiedades forestais.

f) Promover ferramentas que potencien a posibilidade de xestión de pequenas parcelas e que inclúan un planeamento de defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais.

g) Cohesionar territorialmente todo tipo de propiedades forestais integrándoas nunha mesma xestión.

h) Facilitar a aplicación territorial das medidas máis axeitadas para previr os incendios e loitar contra os lumes.

Artigo 30 bis. Inicio do procedemento de constitución de unidades de xestión forestal

1. Calquera número de persoas propietarias que superen o 50 % da superficie das parcelas forestais que formen parte dunha superficie contigua de terreo forestal cunha extensión mínima de quince hectáreas terán a maioría legal necesaria para iniciar os trámites conducentes á constitución dunha unidade de xestión forestal.

2. O procedemento iniciárase por proposta asinada por un número de persoas propietarias que superen o 50 % da superficie forestal que se vai ordenar ou xestionar de maneira conxunta, achegando un informe de investigación da propiedade e dos proxectos de instrumento de xestión forestal específico e de estatutos da unidade de xestión forestal, que exercerá a xestión do monte ordenado. A dita proposta será impulsada por unha comisión de propietarios creada para tal fin e integrada polas persoas asinantes dela.

3. Así mesmo, o procedemento poderá iniciarse de oficio, por medio de decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, nos casos en que a xestión conxunta ou reorganización da propiedade forestal xa estea previamente prevista no plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito, por tratarse de zonas nas que se manifeste a ausencia de infraestruturas preventivas en materia de incendios forestais ou ben polas deficiencias estruturais na zona que non permitan a viabilidade das explotacións forestais e se faga necesaria a ordenación do monte.

4. Recibida a solicitude de creación da unidade de xestión forestal, a dirección xeral competente en materia forestal realizará un estudo de viabilidade que comprenderá a descrición do estado actual da proxectada unidade de xestión forestal e dos resultados previsibles que como consecuencia da súa constitución permitan determinar a viabilidade dela, no que se expresarán os seguintes aspectos:

a) Grao de división, dispersión, propiedades descoñecidas e situación xurídica das parcelas, en relación coas explotacións forestais existentes no ámbito territorial da proxectada unidade de xestión forestal.

b) Descrición dos recursos naturais, incluíndo as parcelas abandonadas ou con aproveitamentos inadecuados.

c) Terreos de especial importancia polos seus valores ambientais, paisaxísticos ou culturais.

d) Valoración das iniciativas ou propostas feitas na solicitude de creación da unidade de xestión forestal.

e. Outros aspectos que se consideren relevantes para ser valorados pola consellaría na toma da decisión sobre a aprobación ou denegación da constitución da unidade de xestión forestal.

Así mesmo, neste trámite comprobarase a adecuación do proxecto de estatutos e do proxecto de instrumento de xestión forestal específico ao previsto nesta lei e, no caso de que a creación da unidade de xestión forestal se proxecte sobre terreos forestais incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais, segundo o previsto na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, será preceptivo o informe da consellaría competente en materia de medio ambiente.

Artigo 30 ter. Aprobación da unidade de xestión forestal

1. A dirección xeral competente en materia forestal publicará o proxecto de aprobación da unidade de xestión forestal no Diario Oficial de Galicia, nun dos diarios de maior difusión da zona afectada e na páxina web da consellaría competente en materia forestal, someténdoo a información pública por un prazo non inferior a vinte días hábiles. Neste trámite, e de xeito simultáneo, procederase á notificación individual ás persoas propietarias ou titulares de dereitos de contido patrimonial na zona de actuación, co fin de que formulen alegacións por un prazo de vinte días hábiles sobre o proxecto de instrumento de xestión forestal específico e de estatutos, rexeitándose calquera outra obxección ou reparo.

2. Á vista das alegacións efectuadas polas persoas propietarias ou titulares de dereitos reais na zona de actuación, ou por calquera persoa no trámite de información pública, a dirección xeral competente ditará proposta de resolución, da que se dará traslado a todos os propietarios ou titulares de dereitos de contido patrimonial na zona de actuación da proxectada unidade de xestión forestal, por un prazo de dez, días para facer as alegacións que se consideren oportunas.

Transcorrido o dito prazo, a consellaría resolverá motivadamente sobre a constitución da unidade de xestión forestal, dos seus estatutos e do instrumento de xestión forestal específico. A resolución aprobatoria e os estatutos inscribíranse no Rexistro das Unidades de Xestión Forestal.

3. A unidade de xestión forestal deberá constituírse no prazo máximo dun mes desde a aprobación definitiva, consonte o previsto no punto anterior.

4. A aprobación da unidade de xestión forestal obriga á xestión conxunta de todos os terreos forestais atinxidos por ela, sempre que o número de persoas propietarias que acrediten a vontade de promovela ou formar parte daquela superen o 50 % da superficie forestal do total dos terreos delimitados dentro da unidade de xestión forestal, consonte o previsto no instrumento

de xestión forestal específico por parte da entidade que se cree para estes efectos, así como a facultade de realización das obras e actuacións necesarias para a ordenación do monte segundo o devandito instrumento. As persoas propietarias de terreos forestais participarán na xestión dos seus montes a través da dita entidade e terán dereito a percibir os rendementos de acordo coa participación proporcional na unidade de xestión forestal.

Ademais, e cando así o acorde a totalidade das persoas propietarias dos terreos forestais atinxidos pola unidade de xestión forestal, a constitución dela poderá levar consigo a reorganización forzosa da superficie forestal a través da regularización das parcelas forestais. Nese caso, o acordo final de regularización das teselas será elevado a público e inscrito no Rexistro da Propiedade.

5. As unidades de xestión forestal poden ser extinguidas polo transcurso do prazo para o que foron creadas e por iniciativa das persoas propietarias.

Tamén será causa de extinción da unidade de xestión forestal a alteración da súa superficie cando a resultante sexa inferior a quince hectáreas, excepto nos supostos en que a diminución de superficie veña motivada por razóns de interese xeral ou por declaración de demanialidade distinta da forestal.

6. Mediante decreto do Consello da Xunta determinaranse o procedemento de tramitación e a aprobación das unidades de xestión forestal, as normas de xestión provisionais durante a constitución delas e dos aproveitamentos nos terreos afectados pola constitución dunha unidade de xestión forestal, así como a estrutura e os contidos dos instrumentos de xestión forestal específicos e o seu procedemento de elaboración e aprobación.

Artigo 30 quáter. Entidade de xestión da unidade de xestión forestal

1. A entidade que xestione a unidade de xestión forestal terá natureza administrativa, con personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos seus fins. Os seus acordos, que serán recorribles ante a persoa titular da consellaría competente en materia forestal, adoptaranse por maioría simple das cotas de participación, agás aqueles que se establezan expresamente nos estatutos por unha maioría cualificada. Nos estatutos poderá preverse que un representante da consellaría competente en materia forestal forme parte do órgano reitor da entidade que xestione a unidade de xestión forestal.

2. O Consello da Xunta, mediante decreto, desenvolverá o disposto neste artigo, e particularmente o relativo ás normas comúns de organización e funcionamento das entidades

xestoras das unidades de xestión forestal, así como aos contidos dos seus estatutos e o seu procedemento de elaboración e aprobación.

Dous . Engádese unha nova alínea i) no punto 1 do artigo 32 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

“ i) A O acceso e permanencia de persoas que desenvolvan ou participen en actividades organizadas por entidades acreditadas, sempre que contén con autorización previa do órgano competente en materia forestal.”

Tres. O punto 2 do artigo 41 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, queda redactado nos seguintes termos:

“2. Nos montes que contén con instrumento de xestión forestal, o aproveitamento de pastos virá regulado nel expresamente e a aprobación daquel implica a autorización para a realización do pastoreo. Nos montes que non contén cun instrumento de xestión forestal que regule os pastos, será necesaria a autorización expresa da consellaría competente en materia forestal para poder realizar o aproveitamento. A dita autorización deberá ser outorgada no prazo de tres meses seguintes á solicitude. Transcorrido ese prazo sen recaer resolución expresa, entenderase estimada a petición.”

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo*
Facúltase o Consello da Xunta para ditar cantas disposicións
de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan precisas.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira cuarta. *Remisións legais*

As remisións ou referencias que nos textos legais en vigor se fan á concentración parcelaria entenderanse feitas á reestruturación parcelaria regulada por esta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor*
Esta lei entrará en vigor aos vinte días seguintes ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos .

O concepto de reforma das estruturas agrarias, que historicamente se recolle na lexislación como un fin en si mesmo e como un conxunto de actuacións independentes do contorno económico e social, serviu para dotar de infraestruturas e, en certa medida, para facilitar a transformación do sector agrario español cara ao que hoxe é. Porén, trátase dun concepto claramente esgotado e que non responde aos modelos de desenvolvemento rural vixentes en Europa, que pasan por concibir o medio rural como un todo no cal, sen dúbida, a actividade agraria debe ocupar un lugar principal, pero non único nin independente. O espazo rural enténdese, desde ese novo enfoque, como un conxunto de actividades relacionadas e equilibradas, no que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa do contorno, da paisaxe e do patrimonio cara a un obxectivo único: a mellora de calidade de vida da poboación no seu medio e, como corolarios, a loita contra o abandono, a mitigación dos efectos do cambio climático, alimentación sa e de calidade, a fixación da poboación no territorio rural e a mellora dos servizos postos á súa disposición.

Noutra orde de cousas, a diferenza de situacións entre o campo galego dos anos 70 do pasado século e a actual resulta case abismal, pasando dunha gran cantidade de poboación dedicada á actividade agraria (...) a unha perda de explotacións e traballo non absorbidas por outras actividades no rural e a unha drástica redución no número de persoas traballadoras e de explotacións, sen dúbida hoxe moito máis produtivas e profesionalizadas, pero que non foron quen de absorber o excedente de terras derivado da substitución da actividade agraria, asistíndose a un proceso de abandono de terras agrarias, moitas delas con enorme potencial produtivo.

A modificación da estrutura territorial é a resultante de todo o anterior, que se manifesta, entre outros trazos, pola mudanza da paisaxe antropoxénica tradicional e polo agravamento de fenómenos negativos como os lumes ou a transmisión de pragas. Galicia atópase pois diante dunha encrucillada, na que cómpre aplicar medidas políticas e lexislativas para combater os desequilibrios resultantes.

No eido da modificación da estrutura das explotacións, os instrumentos cos que ata hoxe se contaba eran, por unha banda, o texto da Lei de reforma e desenvolvemento agrario, do 12 de xaneiro de 1973, que resulta ser en realidade –e tal como se expresa no seu limiar– unha recompilación de todas as normas ata entón vixentes sobre estruturas agrarias, algunhas delas promulgadas en plena posguerra civil. Trátase pois dunha norma claramente preconstitucional e basicamente deseñada para sistemas agrarios moi diferentes do galego, que, nin por espírito nin por contido, non é capaz de responder adecuadamente á realidade política e económica nin aos desafíos do século XXI en Galicia.

Pola outra banda, a asunción estatutaria das competencias plenas en materia de desenvolvemento rural por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, nun intento de adaptación da norma estatal sobre reforma das estruturas agrarias ás especificidades da situación galega, fixo xurdir primeiro a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, e máis tarde a Lei 12/2001, do 10 de setembro, que a modificaba parcialmente.

Aínda sen negar o considerable esforzo de adaptación e os indubidables avances que supuxeron ambas as dúas leis, partíase –tanto no caso galego como na maioría das normas legais das restantes comunidades autónomas– dun instrumento de difícil translación á nosa realidade, polo que o seu alcance como motor de transformación das estruturas agrarias tiña por forza que resultar limitado.

A Comunidade Autónoma de Galicia, consciente da necesidade de implementar instrumentos capaces de garantir o cumprimento do obxectivo de mellora da calidade de vida no medio rural, estase a dotar dun conxunto de normas xurídicas propias, como a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, ou a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que, xunto coa presente lei e con iniciativas futuras, como a normativa sobre o solo, pretenden constituír un corpo xurídico coherente e eficaz cara á contribución do espazo agrario e dos seus sistemas produtivos a ese obxectivo.

Da mesma forma, o Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio en Galicia, establece, no seu artigo 3.3.12, que a Xunta de Galicia e o conxunto de

administracións públicas, no marco das súas competencias, desenvolverán accións destinadas a superar a elevada fragmentación da propiedade, a reducir e reverter o abandono das terras, a mellorar as condicións de desenvolvemento sustentable de actividades agrícolas, gandeiras e forestais e á mitigación e adaptación aos riscos ambientais, en especial aos incendios forestais, e tamén aquelas tendentes á mellora e protección ambiental e paisaxística. Así mesmo, as determinacións 3.3.1, 3.3.8 e 3.3.11 inciden na integración e coordinación territorial destas actuacións, na identificación e actuacións sobre as zonas de actividade agraria preferente e nas actuacións en materia de xestión de terras. Con estes obxectivos trátase de mellorar ou habilitar instrumentos en materia de xestión de terras ou reforma das estruturas que posibiliten a súa agrupación e xestión conxunta, como pode ser o Banco de Terras ou outros baseados no fomento da agrupación ou asociación de persoas propietarias particulares ou dos montes veciñais en man común para a constitución de mancomunidades.

A Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia estrutúrase así nun total de 98 artigos, distribuídos en dez títulos. O título I recolle as disposicións xerais e define as diversas figuras que se tratan no texto legal. O título II está dedicado á regulación dos procesos de reestruturación parcelaria de carácter público, cando o impulso é por parte da Administración. O III, á reestruturación polas persoas particulares, cando o impulso o fai unha agrupación xerada expresamente para levala a cabo. O IV, á reestruturación mediante permutas, cos supostos de cambio ou non na forma das parcelas permutadas. O título V recolle dous casos sobre procesos especiais para obras públicas e coutos de explotación mineira, cuxa execución condiciona a viabilidade das explotacións agrarias. Os títulos VI a VIII conteñen, respectivamente, as disposicións relativas ás obras inherentes aos procesos de reestruturación parcelaria, así como os efectos destes e o réxime de financiamento e axudas públicas. O título IX establece as zonas de actuación intensiva co obxectivo de incrementar a súa sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento rural integral. E o título X, o réxime sancionador.

Como novidades máis salientables deste novo texto legal, cómpre destacar primeiramente o propio concepto de reestruturación parcelaria, que substitúe o xa superado de

concentración parcelaria, que tiña como obxectivo a agregación das achegas de cada persoa propietaria nun único predio, o denominado coto redondo, ou no menor número deles. Pola contra, a reestruturación parcelaria incide no obxectivo de mellora da estrutura territorial das explotacións, estudando para cada suposto as solucións que favorecen a súa rendibilidade e que resultarán, segundo os casos, nun único predio uniforme ou en varios ben diferenciados. Aínda así, os procedementos de reestruturación parcelaria resultan herdeiros do seu correspondente histórico de concentración parcelaria, mantendo o carácter de procedemento administrativo especial.

En segundo lugar, o novo texto introduce esforzos cara á simplificación do procedemento, tanto no que atinxe ás súas fases como no sistema de entrega e tramitación de documentación, sen que se vexan afectadas as garantías legais das persoas titulares, no convencemento de que a excesiva duración do procedemento lles supón un grave prexuízo e un notable incremento dos custos do proceso.

En terceiro lugar, a lei fai unha clara aposta polo apoio ás explotacións e ás agrupacións de carácter agrario, tendo en conta que os procesos de mellora da estrutura territorial supoñen considerables investimentos que só teñen sentido garantindo un retorno adecuado destes, non só en termos económicos e produtivos, senón tamén sociais. Semella claro que a rendibilidade da reestruturación virá dada entón por un incremento do valor da produción e do emprego na zona de actuación. E iso só é posible a través do fomento das iniciativas enfocadas á mellora produtiva das explotacións agrarias e, no caso de que estas non acaden a dimensión suficiente, das iniciativas de agrupación e aproveitamento en común das terras e do traballo. Neste sentido, a lei introduce como obxectivos prioritarios a mellora das condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias galegas, quer respecto das xa existentes, quer co apoio á formación de novas explotacións e agrupacións, ou, na súa falta, a posibilidade de mobilizacións das terras improdutivas.

Un cuarto aspecto das novidades introducidas por este texto legal é, por un lado, a introdución da figura do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, recollido no título II, e que pretende que o resultado da reestruturación supoña non só unha mellora dimensional

das explotacións, senón unha auténtica ordenación dos usos agrarios, de forma que se mellore a súa viabilidade técnica, económica e social. E, por outra banda, e no mesmo título, é importante a inclusión nas actuacións de reestruturación parcelaria dos terreos integrados no perímetro, especialmente os solos de núcleo rural, dado que na gran maioría das parroquias rurais galegas –e na práctica totalidade daquelas con marcada vocación agraria– os solos clasificados como de núcleo rural van manter, a medio e longo prazo, a súa vocación ligada á produción agrícola ou gandeira. A lei propón unhas particularidades no proceso de reestruturación respecto deste tipo de solos, que permiten a súa ordenación sen afectar unha eventual e posterior posta en marcha de procesos de ordenación urbanística.

Como quinto punto novidoso, cómpre facer referencia á introdución de novas formas de participación dos afectados pola reestruturación da propiedade nas súas diversas formas, ao xurdir, vinculada á xunta local da zona e ao grupo auxiliar de traballo, a figura da xunta de titulares, así como novos mecanismos de consulta directa aos afectados nos casos da avaliación de prioridades mediante un procedemento obxectivo de avaliación previa das zonas, o estudo previo de iniciación e o Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

Cómpre destacar, así mesmo, que o presente texto legal fomenta, por unha banda, a coordinación das actuacións públicas por medio da creación da figura do comité técnico asesor de reestruturación parcelaria, encargado da coordinación entre os diferentes órganos administrativos afectados en todos aqueles temas relativos ás actuacións de reestruturación, e a creación do comité de asesoramento nas zonas de actuación intensiva. Por outra banda, establece un control económico dos investimentos a través de mecanismos de estimación previa dos custos do proceso e de avaliación posterior do custo directo e indirecto unha vez finalizado este.

Outra novidade salientable encóntrase na relevancia que se outorga, ao considerarse como prioritaria, á mitigación dos efectos do cambio climático e á protección do contorno e o medio ambiente, que se concreta en figuras como a execución específica de procesos de reestruturación por causas ambientais, a introdución de criterios de conservación da rede actual de camiños e a

reserva de terreos para actuacións relativas á aplicación de medidas de corrección de impactos ambientais.

Ademais, o texto legal fai especial fincapé na mobilización das terras agrarias en manifesto estado de abandono mediante a declaración como perímetros abandonados dun conxunto de predios con vocación agraria, cando poidan supoñer risco de incendios forestais ou que sexan obxecto de lumes co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas ás zonas queimadas, ou cando exista demanda de terra por parte de explotacións agrarias xa existentes nesas zonas ou para novas iniciativas de explotacións agrarias. Isto é especialmente importante nas zonas de concentración parcelaria -e nas futuras de reestruturación- cos predios de substitución en situación de abandono, para seren incorporados ás explotacións e así garantir a utilización do espazo agrario naqueles terreos onde foron investidos importantes orzamentos para facelos máis rendibles.

Así mesmo, e na procura da mellorar as condicións de incorporación á titularidade das explotacións agrarias de Galicia, modifícase o Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, reducindo a tributación pola adquisición *mortis causa* de explotacións agrarias e de elementos afectos, mediante a redución do 99 % do seu valor ou de dereitos de usufruto sobre esta, ou a redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99 % do valor de adquisición, cando esta sexa *inter vivos*, cando concorran determinadas circunstancias dispostas na disposición derradeira segunda desta norma. Tamén as transmisións en propiedade ou a cesión temporal de terreos integrantes do Banco de Terras de Galicia, a través dos mecanismos previstos nesta lei, gozarán dunha dedución na cota tributaria do 100 % no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

En prol da simplificación normativa, expresamente derrógase a Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais, sendo integrado o seu articulado, actualizándoo, ao presente texto legal, e recollendo así o disposto no artigo 3.3.9 do Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.

En suma, a nova lei pretende dar un enfoque novo e eficaz á corrección das deficiencias na estrutura territorial das explotacións galegas, caracterizadas, os máis dos casos, polo seu reducido tamaño e pola súa dispersión, que as incapacita para garantir a súa viabilidade técnica e económica, prestando especial importancia ás explotacións tanto actuais como futuras, ao apoio ás iniciativas que pretendan, a través do traballo en común das terras, o incremento da base territorial das achegas ao proceso e á posta en valor dun concepto importante como é a ordenación dos diferentes cultivos e aproveitamentos agrarios dentro das zonas de actuación, de forma que o proceso de mellora dea como resultado a existencia de explotacións, non só de maior dimensión, senón, sobre todo, máis adaptadas ao potencial produtivo de cada área.

O anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº90, de Substitución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS. Substitución. Substituír o texto polo seguinte:

“O principal obxectivo desta lei é o de mellorar a eficacia do proceso de reforma das estruturas agrarias, sendo as principais novidades que nesta se introducen, con respecto ao réxime establecido na Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria, así como na modificación operada nesta pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, as seguintes:

f) Actuar en zonas con clara vocación agrícola ou gandeira, de xeito que os procesos poidan servir para mellorar as estruturas de produción e redimensionar as parcelas e as explotacións, no camiño de optimizar os seus recursos e garantir a súa viabilidade.

g) Incrementar o compromiso das persoas titulares de parcelas e explotacións, exixindo unha participación de solicitantes ou territorio de actuación superior ao 75 %

h) Establecer a obrigatoriedade de manter os predios de substitución en produción ou, na súa falta, incorporalos ao Banco de Terras.

i) Conseguir uns axeitados índices de reparcelación, reducindo o número de predios de substitución atribuídos a cada

propietario. Para estes efectos, prevese a posibilidade de decretar o arquivamento do expediente antes de que o acordo sexa firme, se non se acada un satisfactorio índice de redución.

j) Racionalizar o custo que o desenvolvemento do procedemento de concentración parcelaria orixina nas arcas públicas.

k) Axilizar a tramitación administrativa e o período de duración do proceso.

l) Realizar un informe de viabilidade da continuidade, que será o que permitirá avaliar a conveniencia da culminación do proceso e materializar os investimentos previstos, en función do grao de aceptación social, obxectivos de reorganización da propiedade obtidos e compatibilidade co estudo ou declaración, se é o caso, de impacto ambiental.

m) Articular outros mecanismos de reforma estrutural distintos dos procedementos clásicos de concentración parcelaria, como os polígonos agrarios de concentración e os polígonos agrarios de asociación.

n) Actuar mediante procesos de reparcelación preferentemente nas zonas agrarias e deixar inalterado o parcelario na zona forestal, nas que o grao de fragmentación fai practicamente inviable a nova reorganización da propiedade, para o que se prevé a poligonación en recintos que poidan facilitar a creación e desenvolvemento de unidades de xestión forestal.

ñ) Deseñar as infraestruturas viarias en función do seu uso agropecuario aproveitando, na medida do posible, o viario preexistente e evitando redes e cuadrículas alleas á tipoloxía tradicional e con vocación, en certos casos, máis orientada a usos habitacionais que agrarios.

Asemade, preténdese dar resposta á gran demanda de peticións de zonas por concentrar, algunha delas con clara vocación de desenvolvemento agrario, que por falta de dispoñibilidades orzamentarias non se poden atender, permitindo que en relación con aquelas zonas decretadas con datas de certa antigüidade, e non iniciadas que resulten claramente inviables, se proceda a declarar a súa caducidade."

-Do G.P. Grupo Mixto.

Emenda nº8, ao apartado 2), de Supresión.

Debe ser suprimido, no PARÁGRAFO 2º da Exposición de Motivos, a expresión *"..., sen dúbida hoxe moito máis produtivas e profesionalizadas, pero..."*

O parágrafo quedará redactado do seguinte xeito:

Noutra orde de cousas, a diferenza de situacións entre o campo galego dos anos 70 do pasado século e a actual resulta case abismal, pasando dunha gran cantidade de poboación dedicada á actividade agraria, en explotacións a maioría delas de escasa entidade, a unha drástica redución no número de persoas traballadoras e de explotacións que non foron quen de absorber o excedente de terras derivado da substitución da actividade agraria, asistíndose a un proceso de abandono — ou, noutros casos, de forestación— de terras agrarias, moitas delas con enorme potencial produtivo.

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº38, ao apartado 2), de Adición.

Débase engadir, no remate do segundo parágrafo, despois de "potencial produtivo." a seguinte expresión:
"O fracaso do modelo produtivo e das políticas impostas e toleradas polas administracións públicas en Galicia levaron á situación actual."

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº10, ao apartado 2), de Adición.

Despois do PARÁGRAFO 2º da Exposición de Motivos deberán ser engadidos tres novos parágrafos co seguinte texto:

A redución do número de explotacións que se produciu pola desaparición sobre todo das de vacún de leite conduciu á situación actual de vacas sen terra e terra sen vacas. Baixo o pretexto da modernización para adaptarse ás cotas do leite impostas no Tratado de adhesión ao Mercado Común, a inmensa maioría das explotacións desapareceron e outras foron empurradas a endebedarse para adquirir cota e a adoptar un modelo de alimentación do baseado na compra e non na produción da terra.

Os efectos da política agrogandeira predominante nos últimos trinta anos arruinaron o rural pero tamén prexudicaron gravemente o comercio das vilas.

Mais o máis grave foi a liquidación do sistema xenuíno de produción de alimentos, eficiente e respectuoso co medio, no canto de promover unha auténtica modernización que debería centrarse en seguir mellorando a produción da terra.

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº39, ao apartado 3), de Supresión.

Débase suprimir, no terceiro parágrafo, a seguinte expresión:
"é a resultante de todo o anterior"

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº40, ao apartado 7), de Adición.

Débase engadir, ao remate do sétimo parágrafo, despois de
"...a ese obxectivo.", o seguinte texto:

"O resultado das políticas de mellora da estrutura territorial agraria virá determinado tamén polos recursos humanos e económicos destinados para tal fin. É imprescindible definir obxectivos orzamentarios mínimos para acadar os obxectivos."

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº9, ao apartado 7)8), de Substitución.

Deben ser substituído os PARÁGRAFOS 7 e 8 da Exposición de motivos de xeito que onde di:

"A Comunidade Autónoma de Galicia, consciente da necesidade de implementar instrumentos capaces de garantir o cumprimento do obxectivo de mellora da calidade de vida no medio rural, estase a dotar dun conxunto de normas xurídicas propias, como a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, ou a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que, xunto con esta lei e con iniciativas futuras, como a normativa sobre xestión de terras, pretenden constituír un corpo xurídico coherente e eficaz cara á contribución do espazo agrario e dos seus sistemas produtivos a ese obxectivo.

Da mesma forma, o Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio en Galicia, establece, no seu artigo 3.3.12, que a Xunta de Galicia e o conxunto de administracións públicas, no marco das súas competencias, desenvolverán accións destinadas a superar a elevada fragmentación da propiedade, a reducir e reverter o abandono das terras, a mellorar as condicións de desenvolvemento sustentable de actividades agrícolas, gandeiras e forestais e á mitigación e adaptación aos riscos ambientais, en especial aos incendios forestais, e tamén aquelas tendentes á mellora e protección ambiental e paisaxística. Así mesmo, as determinacións 3.3.1, 3.3.8 e 3.3.11 inciden na integración e coordinación territorial destas actuacións, na identificación e actuacións sobre as zonas de actividade agraria preferente e nas actuacións en materia de

xestión de terras. Con estes quefaceres trátase de mellorar ou habilitar instrumentos en materia de xestión de terras ou reforma das estruturas que posibiliten a súa agrupación e xestión conxunta, como pode ser o Banco de Terras ou outros baseados no fomento da agrupación ou asociación de persoas propietarias particulares ou dos montes veciñais en man común para a constitución de mancomunidades."

Debe dicir:

A Comunidade Autónoma de Galicia, consciente da necesidade de implementar instrumentos capaces de garantir o cumprimento do obxectivo de mellora da calidade de vida no medio rural e que o agro recupere a función estratéxica de producir alimentos de calidade e suficientes para a cidadanía, propónse elaborar participadamente un plan estratéxico para o rural. A envergadura da tarefa, a transcendencia nacional e o feito de que o resultado vai afectar de xeito determinante as xeracións futuras exige actuar sen demora pero coa máxima prudencia e rigor. É preciso mobilizar toda a intelixencia e o coñecemento científico-técnico das universidades pero completalo co que reside nas labregas e labregos que aínda quedan e coñecen coma ninguén, cuartillo a cuartillo, as potencialidades do solo galego. En definitiva, un plan estratéxico para o rural co máis amplo consenso político e social.

Con todo, na mellora da estrutura das terras agrarias é posible avanzar actualizando e simplificando a anterior lexislación sobre concentración parcelaria, introducindo procesos especiais para obras públicas e coutos de explotación mineira e fixando incentivos fiscais para as permutas.

DITAME DA COMISIÓN:
ANEXO
Relación de expedientes de concentración parcelaria que se declaran caducados

Provincia	Concello	Zona	Data do decreto
A Coruña	Cabana de Bergantiños	Silvarredonda	01/11/2111
A Coruña	Capela, A	Caaveiro	15/06/1964
A Coruña	Capela, A	Cabalar	15/06/1978
A Coruña	Capela, A	A Capela	17/09/1964
A Coruña	Cedeira	Cedeira	30/06/1966
A Coruña	Cerceda	Xesteda - Rodís	10/06/1975
A Coruña	Cerdido	A Barqueira - Os Casás	11/03/1977
A Coruña	Cerdido	Cerdido	09/11/1989
A Coruña	Cesuras	Taboada - Fabás - Paderne	01/11/2111
A Coruña	Coristanco	Cereo	01/12/1977
A Coruña	Coristanco	Seavia	23/02/1989
A Coruña	Coristanco	Verdes	15/06/1978
A Coruña	Melide	Baltar - Grobas	29/12/1979
A Coruña	Melide	Grobas	15/06/1979
A Coruña	Melide	Monte do Castro	13/07/1981
A Coruña	Monfero	Monfero, San Fiz e Santa Xíá	16/11/1995

A Coruña	Ordes	Poulo II	08/04/1999
A Coruña	Ordes	Poulo I	31/10/1963
A Coruña	Ordes	Ordes	19/11/1976
A Coruña	Ortigueira	San Clodio - Ermo	23/08/1975
A Coruña	Ortigueira	Loiba	10/10/1985
A Coruña	Outes	Tarás	12/04/1991
A Coruña	Paderne	Vilamourel II	10/08/1985
A Coruña	Padrón	Padrón	14/08/1965
A Coruña	San Sadurniño	San Sadurniño II	11/03/1977
A Coruña	Santa Comba	Montes de Truebe, privada	01/11/2111
A Coruña	Santa Comba	Freixeiro	17/09/1964
A Coruña	Santiso	Niñodagua - Serantes. Sector I	17/06/1999
A Coruña	Teo	Lampai - Luou	25/06/1999
A Coruña	Teo	Lucí - Rarís	25/06/1999
A Coruña	Teo	Oza - Teo - Baamonde - Vilariño	25/06/1999
A Coruña	Toques	A Capela	15/06/1973
A Coruña	Toques	Mangoeiro - Ordes	17/08/1973
A Coruña	Tordoia	Cabaleiros	22/09/1961
A Coruña	Tordoia	Tordoia	15/06/1962
A Coruña	Val do Dubra	Buxán II	18/03/1993
A Coruña	Valdoviño	Vilaboa	15/06/1971
A Coruña	Vilasantar	Présaras	12/02/1982
A Coruña	Vilasantar	Vilasantar	15/06/1973

Lugo	Begonte	Baldomar	17/07/1974
Lugo	Begonte	Begonte	17/07/1974
Lugo	Begonte	Damil	17/07/1974
Lugo	Begonte	Illán	17/07/1974
Lugo	Begonte	Trobo	17/07/1974
Lugo	Bóveda	Remesar	15/04/1965
Lugo	Bóveda	Vilalpape	13/08/1966
Lugo	Carballedo	Lobagueiras	20/07/1989
Lugo	Corgo, O	Cela	19/08/1967
Lugo	Cospeito	Santa María de Cospeito	29/08/1980
Lugo	Cospeito	Xermar	20/09/1990
Lugo	Guitiriz	Os Vilares	19/08/1967
Lugo	Incio, O	Monte Castro de Arriba	14/04/1988
Lugo	Incio, O	Novelín - Rendar	13/07/1981
Lugo	Lugo	Lamas e Calde	19/08/1967
Lugo	Mondoñedo	Oirán	12/12/1991
Lugo	Mondoñedo	Viloñe	20/07/1989
Lugo	Monforte de Lemos	A Parte	23/07/1966
Lugo	Monforte de Lemos	Bascós	07/09/1963
Lugo	Monforte de Lemos	Distriz	11/07/1990
Lugo	Monforte de	Reigada	14/08/1965

	Lemos		
Lugo	Monforte de Lemos	Ribas Altas	23/07/1966
Lugo	Monforte de Lemos	Sindrán	14/08/1965
Lugo	Monterroso	Vilarfonxe	10/07/1978
Lugo	Navia de Suarna	Cabanela	20/09/1990
Lugo	Pantón	Mañente	23/07/1966
Lugo	Pantón	Vilamelle	06/05/1965
Lugo	Pastoriza, A	Corvelle	13/08/1966
Lugo	Pobra do Brollón, A	Fornelas	19/08/1967
Lugo	Sarria	Arxemil	13/08/1973
Lugo	Sarria	Louseiro	12/02/1982
Lugo	Sarria	Requeixo	19/08/1975
Lugo	Sarria	San Salvador	19/08/1975
Lugo	Sarria	Ortoá	13/08/1973
Lugo	Sarria	Santa Mariña	19/08/1975
Lugo	Sarria	Farbán	19/08/1975
Lugo	Viveiro	Galdo - Landrove	07/05/1976
Ourense	Castro Caldelas	Trabazos - Folgoso - Vimieiro	20/12/1990
Ourense	Entrimo	Galez	21/06/1965
Ourense	Irixo, O	Campo	01/03/1962
Ourense	Irixo, O	Parada de Labiote	29/07/1993

Ourense	Lobios	Grou	29/03/1962
Ourense	Paderne de Allariz	Figueiroá - Mourisco	02/06/1994
Ourense	Peroxa, A	Sandamiro e Areas	privada
Ourense	Petín	Chamabritada	19/10/1981
Ourense	San Xoán de Río	San Xoán de Río	26/05/1988
Pontevedra	Agolada	Bais	02/06/1994
Pontevedra	Cambados	Vilariño - 2º sector	20/09/2001
Pontevedra	Cañiza, A	As Achas	02/06/1994
Pontevedra	Cotobade	Aguasantas- Valongo - Sector I: Aguasantas	17/06/1999
Pontevedra	Cotobade	Aguasantas- Valongo - Sector Valongo	17/06/1999
Pontevedra	Forcarei	Castrelo	14/04/1970
Pontevedra	Lalín	Filgueira	04/06/1986
Pontevedra	Lalín	Monte de Baixo	25/10/1990
Pontevedra	Lalín	Monte de Castro	13/07/1981
Pontevedra	Silleda	Refoxos	16/08/1969
Pontevedra	Valga	Os Vilares	22/06/1990

NON SE PRESENTARON EMENDAS



PLENO DO PARLAMENTO

9 de xuño de 2015

10.00 horas

- 2.2. Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, xustiza e Interior, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas_Nutricionistas de Galicia (doc. núm. 34012, 09/PL-000025).

Publicación ditame da Comisión, BOPG n.º 471, do 01.06.2015

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG n.º 471, do 01.06.20145

Separata núm. 2

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 471

IX lexislatura

1 de xuño de 2015

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia [113696](#)

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia

- G.P. dos Socialistas de Galicia (Doc. núm. 37496) [113700](#)
- G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (Doc. núm. 37502) [113702](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego (Doc. núm. 34793) [113703](#)
- G.P. Mixto (Doc. núm. 37501) [113705](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

- Do G.P. Mixto (doc. núm. 37503) [113706](#)
- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 37508) [113710](#)
- Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 37512) [113712](#)
- Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 37513) [113714](#)
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 37516) [113717](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 28 de maio de 2015, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 34012 (09/PL-000025)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia

BOPG nº 425, do 04.03.2015

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2015

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 28 de maio de 2015, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Exposición de motivos

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencias de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire, no marco da lexislación básica do Estado,

o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e foi asumida polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia ditou, en virtude da devandita competencia, a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 11, a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego.

Ao abeiro desta normativa, as persoas representantes da Asociación Galega de Dietistas e Nutricionistas presentaron solicitude de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

O Real decreto 433/1998, do 20 de marzo, establece o título universitario oficial de diplomado en Nutrición Humana e Dietética e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á súa obtención. Conforme o devandito real decreto, o título terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, e as ensinanzas conducentes á súa obtención deberán proporcionar unha formación adecuada nas bases teóricas e nas técnicas de elaboración dos réximes alimenticios adecuados á nutrición humana.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, en relación coas profesións sanitarias tituladas establece, no artigo 2, que son profesións sanitarias tituladas e reguladas aquelas cuxa formación pregraduada ou especializada se dirixe específica e fundamentalmente a dotar as persoas interesadas dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da atención da saúde e que están organizadas en colexios profesionais oficialmente recoñecidos polos poderes públicos, de acordo co previsto na normativa específica aplicable; e inclúe expresamente entre as profesións sanitarias de nivel diplomado a profesión de dietista-nutricionista, para cuxo exercicio habilita o título de diplomado ou diplomada en Nutrición Humana e Dietética.

A mesma lei, no artigo 7.2.g), sinala como función dos e das dietistas-nutricionistas o desenvolvemento de actividades orientadas á alimentación da persoa ou de grupos de persoas, adecuadas ás súas necesidades fisiolóxicas e, se é o caso, patolóxicas, de acordo cos principios de prevención e saúde pública.

Mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 23 de xaneiro de 2009 polo que se establecen as condicións a que se deberán adecuar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio da profesión regulada de dietista-nutricionista. O dito acordo ten por obxecto, en virtude do disposto no artigo 12.9 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, determinar as condicións a que se deben adecuar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de grao que habiliten para o exercicio da profesión regulada de dietista-nutricionista.

En cumprimento do previsto no ordinal cuarto do devandito acordo, posto en relación coa disposición adicional novena do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, pola Orde CIN/730/2009, do 18 de marzo, establécense os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de dietista-nutricionista.

Considérase que existen razóns de interese público concurrentes na creación deste colexio profesional, determinadas pola profesión obxecto de colexiación como profesión sanitaria regulada e titulada dirixida á cidadanía no seu conxunto, porque promove hábitos de vida saudables e exerce un importante labor nas actividades orientadas á alimentación de persoas e grupos de persoas, adecuadas ás súas necesidades fisiolóxicas e, se é o caso, patolóxicas, de acordo cos principios de prevención e saúde pública.

A creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia constitúe un instrumento de garantía na adecuación do exercicio profesional ás normas e regras que aseguren a protección dos dereitos e intereses das persoas consumidoras e usuarias dos servizos dos seus colexiados e colexiadas, ordenando o exercicio da profesión e o seu control deontolóxico, así como as eventuais responsabilidades en

que poidan incorrer o e as profesionais no desenvolvemento da súa actividade.

Polo exposto, e considerando que existen razóns de interese público que xustifican a necesidade e oportunidade de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, procédese mediante esta lei á creación do dito Colexio.

A lei consta dunha exposición de motivos; cinco artigos, relativos ao obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal, colexiación e fomento do galego; dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

O anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Artigo 1. *Obxecto*

1. Créase o Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia como corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins que lle son propios.

2. O Colexio terá plena capacidade de obrar desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno.

Artigo 2. *Ámbito territorial*

O ámbito de actuación do Colexio é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. *Ámbito persoal*

O Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia agrupa as profesionais e os profesionais que estean en posesión do título universitario oficial de diplomado ou diplomada en Nutrición Humana e Dietética, obtido de conformidade co disposto no Real decreto 433/1998, do 20 de marzo, polo que se establecen o título universitario oficial de diplomado en Nutrición Humana e Dietética, así como o de graduado ou graduada en Nutrición Humana e Dietética e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á súa obtención, ou os títulos que habiliten para o exercicio da profesión de dietista-nutricionista de conformidade co Acordo do Consello de Ministros do 23 de xaneiro de 2009

e coa Orde CIN/730/2009, do 18 de marzo, ou outro título estranxeiro equivalente debidamente homologado pola autoridade competente.

Artigo 4. *Colexiación*

O exercicio da profesión de dietista-nutricionista con domicilio profesional único ou principal na Comunidade Autónoma de Galicia requirirá a incorporación ao Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia cando así o estableza unha lei estatal.

Artigo 4 bis). *Uso do galego nas comunicacións*

O Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións, tanto internas como externas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na regulación de normalización lingüística.

Disposición transitoria primeira. *Comisión xestora*

1. A Asociación Galega de Dietistas-Nutricionistas designará unha comisión xestora que actuará como órgano de goberno provisional do Colexio, coas funcións establecidas na normativa transitoria desta lei.

Na designación das persoas integrantes da comisión xestora procurárase acadar unha composición equilibrada de mulleres e homes.

2. A comisión xestora, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, elaborará e aprobará, con carácter provisional, uns estatutos do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia. Nos citados estatutos deberá regularse a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, na cal terán dereito a participar todas e todos os profesionais que, conforme o disposto na presente lei, poidan adquirir a condición de colexiados ou colexiadas. A convocatoria da asemblea constituínte deberá anunciarse, como mínimo, con vinte días de antelación no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión de Galicia.

3. A comisión xestora elaborará un censo de persoas profesionais que reúnan os requisitos de titulación establecidos

no artigo 3 da presente lei e constituírase en comisión de habilitación para os efectos de resolver as solicitudes de colexiación.

Disposición transitoria segunda. *Asemblea constituínte e estatutos definitivos*

1. A asemblea constituínte, no prazo de seis meses desde a aprobación dos estatutos provisionais, elaborará e aprobará os estatutos definitivos do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia e elixirá os membros dos órganos colexiais.

2. Os estatutos definitivos, logo de seren aprobados pola asemblea, remitiranse á consellería competente en materia de colexios profesionais para os efectos da súa aprobación definitiva, tras a cualificación da súa legalidade, e publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2015

Agustín Baamonde Díaz
Presidente da Comisión

María Soledad Soneira Tajés
Secretaria –en funcións– da Comisión

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia

- 34012 (09/PL-000025)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia

BOPG nº 425, do 04.03.2015

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

- G.P. dos Socialistas de Galicia (Doc. núm. 37496).
- G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (Doc. núm. 37502).
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego (Doc. núm. 34793).
- G.P. Mixto (Doc. núm. 37501)

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as **emendas** presentadas ao **Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galiza** [09/PL-000025 (doc. núm. 34012)], que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2015

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 28/05/2015 12:27:27

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén, para a súa defensa en Pleno**, as emendas número 1, 2, 3 e 5 e votos particulares, presentados ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas – Nutricionistas de Galicia, agás a aprobada (a número 4) e a parte da emenda número 6 que non foi transaccionada (09/PL-000025, doc. núm. 34012).

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2015

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 28/05/2015 12:37:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Mixto**, a través da súa voceira e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (09/PL-000025, doc. núm. 34012), que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión.


Pazo do Parlamento a 29 de maio de 2015

Asdo.: Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 29/05/2015 09:34:53



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas apresentadas ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, doc. núm. 34012 (09/PL-000025) que non foron incorporadas ao Dictame da Comisión.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2015.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 29/05/2015 10:21:28

Texto para Pleno

**PROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE DIETISTAS-
NUTRICIONISTAS DE GALICIA**

Proxecto de lei: BOPG núm. 425 f.1, do 4.03.2015
Emendas: BOPG núm. 455, do 28.04.2015
Informe da Ponencia: BOPG núm. 467, do 25.05.2015
Ditame da Comisión: BOPG núm. 471, do 1.06.2015

DITAME DA COMISIÓN:

Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, de Modificación.

Debe realizarse a corrección da linguaxe sexista do texto.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Créase o Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia como corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia **e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins que lle son propios.**

2. O Colexio terá plena capacidade de obrar desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, ao apartado 2, de Supresión.

Eliminar o punto 2 (que pasa a ser a disposición transitoria primeira).

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, ao apartado 2 bis), de Adición.

Débase engadir un novo punto no artigo 1, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. A súa estrutura interna e funcionamento serán democráticos e nas súas actuacións rexerase pola lexislación básica do Estado, pola Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, pola presente lei, polos seus propios estatutos e polas demais normas internas que aprobe o colexio."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. Ámbito territorial

O ámbito de actuación do Colexio é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 3. Ámbito persoal

O Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia agrupa as profesionais e os profesionais que estean en posesión do título universitario oficial de diplomado ou diplomada en Nutrición Humana e Dietética, obtido de conformidade co disposto no Real decreto 433/1998, do 20 de marzo, polo que se establecen o título universitario oficial de diplomado en Nutrición Humana e Dietética, así como o de graduado ou graduada en Nutrición Humana e Dietética e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á súa obtención, ou os títulos que habiliten para o exercicio da profesión de dietista-nutricionista de conformidade co Acordo do Consello de Ministros do 23 de xaneiro de 2009 e coa Orde CIN/730/2009, do 18 de marzo, ou outro título estranxeiro equivalente debidamente homologado pola autoridade competente.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº1, de Adición.

Débase engadir, ao final, o seguinte texto: "...e que queiran adherirse a el de forma voluntaria."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº2, de Adición.

Débesse engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 3 bis. Igualdade de xénero e composición equilibrada.

1.- Os estatutos do colexio, ou calquera outra norma organizadora de réxime interno, non poderán conter ningunha disposición que supoña discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, ou desigualdade de trato, de oportunidades ou dereitos e deberes entre mulleres e homes colexiados. O principio de igualdade entre mulleres e homes, e a prohibición de calquera forma de discriminación entre eles, serán instrumentos xurídicos a ter en conta na interpretación dos estatutos e demais normas internas de organización que aprobe o colexio.

2.- Terase por non posta calquera disposición e por nulo calquera acordo dos órganos de goberno do colexio que vulnere o establecido no punto anterior ou calquera principio ou disposición contida na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3.- Os estatutos asegurarán a composición o máis paritaria posible nos órganos colexiados de goberno e responsabilidade do colexio, sen que en ningún caso se poida superar por un dos sexos a porcentaxe do 60 %."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 4. *Colexiación*

O exercicio da profesión de dietista-nutricionista con domicilio profesional único ou principal na Comunidade Autónoma de Galicia requirirá a incorporación ao Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia cando así o estableza unha lei estatal.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº4, de Substitución.

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Terá dereito a admisión no Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas quen ostente a titulación requirida e posúa as condicións sinaladas estatutariamente.

O exercicio da profesión de Dietista-Nutricionista na Comunidade Autónoma de Galicia non requirirá da colexiación, salvo que así o dispoña unha lei de rango superior."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, de Substitución.

Substituír o texto do artigo polo seguinte texto:

"A colexiación no Colexio Oficial de Dietista-Nutricionistas de Galicia ten carácter voluntario, sen que en ningún caso poida considerarse a colexiación neste como un requisito ou condición para o exercicio da actividade profesional."

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº1, de Substitución.

Debe ser substituído o texto do artigo 4 polo seguinte:

O exercicio da profesión de dietista-nutricionista non requirirá a incorporación ao Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº3, de Modificación.

Débase modificar o artigo 4, que quedará redactado co seguinte contido:

"A incorporación ao Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia será voluntaria, sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación básica do Estado."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 4 bis). **Uso do galego nas comunicacións**

O Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións, tanto internas como externas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na regulación de normalización lingüística.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, de Adición.

Engadir un novo artigo 4 bis) co seguinte texto:

"O idioma galego deberase usar en todas as comunicacións externas e internas do Colexio, e asegurarse a súa presenza na vida colexial de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galiza."



EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº5, de Adición.

Débase engadir unha disposición adicional única, que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición adicional única. Persoas profesionais vinculadas coa Administración pública

En todo caso, quedan exceptuadas da incorporación ao Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia aquelas persoas profesionais tituladas vinculadas coa Administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral, para o exercicio de funcións puramente administrativas e para a realización de actividades propias da correspondente profesión por conta da Administración á que pertencen, cando o destinatario inmediato daquelas sexa esa administración."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria primeira. *Comisión xestora*

1. A Asociación Galega de Dietistas-Nutricionistas designará unha comisión xestora que actuará como órgano de goberno provisional do Colexio, coas funcións establecidas na normativa transitoria desta lei.

Na designación das persoas integrantes da comisión xestora procurarase acadar unha composición equilibrada de mulleres e homes.

2. A comisión xestora, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, **elaborará e aprobará, con carácter provisional, uns estatutos** do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia. Nos citados estatutos deberá regularse a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, na cal terán dereito a participar **todas e todos** os profesionais que, conforme o disposto na presente lei, poidan adquirir a condición de **colexiados ou colexiadas**. A convocatoria da asemblea constituínte deberá anunciarse, como mínimo, con vinte días de antelación no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión de Galicia.

3. A comisión xestora elaborará un censo de persoas profesionais que reúnan os requisitos de titulación establecidos no artigo 3 da presente lei e constituirase en comisión de habilitación para os efectos de resolver as solicitudes de colexiación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº5, ao apartado 1, de Substitución.

Debe substituírse no punto 1 o texto "...procurarase acadar unha composición equilibrada de mulleres e homes" por "...rexerá o principio de paridade entre mulleres e homes".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, ao apartado 1, de Substitución.

Substituír no segundo parágrafo do punto 1: "procurarase acadar" por "terá que ter".

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, de Adición.

Engadir unha nova disposición transitoria primeira co seguinte texto:

"O Colexo Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galiza terá plena capacidade de obrar desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria segunda. *Asemblea constituínte e estatutos definitivos*

1. A asemblea constituínte, no prazo de seis meses desde a aprobación dos estatutos provisionais, elaborará e aprobará os estatutos definitivos do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia e elixirá os membros dos órganos colexiais.

2. Os estatutos definitivos, logo de seren aprobados pola asemblea, remitiranse á consellería competente en materia de colexios profesionais para os efectos da súa aprobación definitiva, tras a cualificación da súa legalidade, e publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Alternativa Galega de Esquerda.
Emenda nº7, ao apartado 3, de Substitución.

Débese substituír o punto 3 (que sería o 2) polo seguinte:
"2. Os estatutos definitivos, logo de seren aprobados pola Asemblea, remitiranse, xunto coa acta oficial pertinente, á consellería competente en materia de colexios profesionais para os efectos da súa aprobación definitiva, para a cualificación da súa legalidade, inscrición no Rexistro de Colexios Oficiais e publicación no *Diario Oficial de Galicia*."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos .

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencias de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e foi asumida polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia ditou, en virtude da devandita competencia, a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 11, a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego.

Ao abeiro desta normativa, as persoas representantes da Asociación Galega de Dietistas e Nutricionistas presentaron solicitude de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

O Real decreto 433/1998, do 20 de marzo, establece o título universitario oficial de diplomado en Nutrición Humana e Dietética e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á súa obtención. Conforme o devandito real decreto, o título terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, e as ensinanzas conducentes á súa obtención deberán proporcionar unha formación adecuada nas bases teóricas e nas técnicas de elaboración dos réximes alimenticios adecuados á nutrición humana.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, en relación coas profesións sanitarias tituladas establece, no artigo 2, que son profesións sanitarias tituladas e reguladas aquelas cuxa formación pregraduada ou especializada se dirixe específica e fundamentalmente a dotar

as persoas interesadas dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da atención da saúde e que están organizadas en colexios profesionais oficialmente recoñecidos polos poderes públicos, de acordo co previsto na normativa específica aplicable; e inclúe expresamente entre as profesións sanitarias de nivel diplomado a profesión de dietista-nutricionista, para cuxo exercicio habilita o título de diplomado ou diplomada en Nutrición Humana e Dietética.

A mesma lei, no artigo 7.2.g), sinala como función dos e das dietistas-nutricionistas o desenvolvemento de actividades orientadas á alimentación da persoa ou de grupos de persoas, adecuadas ás súas necesidades fisiolóxicas e, se é o caso, patolóxicas, de acordo cos principios de prevención e saúde pública.

Mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 23 de xaneiro de 2009, polo que se establecen as condicións a que se deberán adecuar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio da profesión regulada de dietista-nutricionista. O dito acordo ten por obxecto, en virtude do disposto no artigo 12.9 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, determinar as condicións a que se deben adecuar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de grao que habiliten para o exercicio da profesión regulada de dietista-nutricionista.

En cumprimento do previsto no ordinal cuarto do devandito acordo, posto en relación coa disposición adicional novena do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, pola Orde CIN/730/2009, do 18 de marzo, establécense os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de dietista-nutricionista.

Considérase que existen razóns de interese público concorrentes na creación deste colexio profesional, determinadas pola profesión obxecto de colexiación como profesión sanitaria regulada e titulada dirixida á cidadanía no seu conxunto, porque promove hábitos de vida saudables e exerce un importante labor nas actividades orientadas á alimentación de persoas e grupos de persoas, adecuadas ás súas necesidades fisiolóxicas e, se é o caso, patolóxicas, de acordo cos principios de prevención e saúde pública.

A creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia constitúe un instrumento de garantía na adecuación do exercicio profesional ás normas e regras que aseguren a protección dos dereitos e intereses das persoas consumidoras e usuarias dos servizos dos seus colexiados e colexiadas, ordenando o exercicio da profesión e o seu control deontolóxico, así como as eventuais responsabilidades en que poidan incorrer os e as profesionais no desenvolvemento da súa actividade.

Polo exposto, e considerando que existen razóns de interese público que xustifican a necesidade e oportunidade de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, procédese mediante esta lei á creación do dito Colexio.

A lei consta dunha exposición de motivos; cinco artigos, relativos ao obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal, colexiación e fomento do galego; dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

O anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, de Supresión.

Suprimir no parágrafo 12 : "...razóns de interese público que xustifican".

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº2, de Supresión.

Debe ser eliminado o parágrafo 10 da exposición de motivos, que di:

"Considérase que existen razóns de interese público concorrentes na creación deste colexio profesional, determinadas pola profesión obxecto de colexiación como profesión sanitaria regulada e titulada dirixida á cidadanía no seu conxunto, porque promove hábitos de vida saudables e exerce un importante labor nas actividades orientadas á alimentación de persoas e grupos de persoas, adecuadas ás

súas necesidades fisiolóxicas e/ou patolóxicas, de acordo cos principios de prevención e saúde pública."

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº3, de Supresión.

Debe ser eliminado o parágrafo 11 da exposición de motivos, que di:

"A creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia constitúe un instrumento de garantía na adecuación do exercicio profesional ás normas e regras que aseguren a protección dos dereitos e intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados, ordenando o exercicio da profesión e o seu control deontolóxico, así como as eventuais responsabilidades en que poidan incurrir os profesionais no desenvolvemento da súa actividade."

-Do G.P. Grupo Mixto.
Emenda nº4, de Supresión.

Debe ser suprimido o parágrafo 12 da exposición de motivos, que di:

"Polo exposto, e considerando que existen razóns de interese público que xustifican a necesidade e oportunidade de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, procédese mediante esta lei á creación do dito colexio. "

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, de Substitución.

Emenda de substitución. Preámbulo

Débese substituír, desde o inicio do parágrafo 10 ata "determinadas", polo seguinte texto:

"As razóns para a creación deste colexio profesional veñen..."

